

Programa Electoral


ELECCIÓN PARLAMENTO DE GALICIA 21 DE OUTUBRO DE 2012

Galicia por riba de todo

@feijoo2012



Galicia




PRIMEIRA PARTE: PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DUNHA POLÍTICA ECONÓMICA PARA O CRECEMENTO E A CREACIÓN DE EMPREGO	11
PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DA POLÍTICA ECONÓMICA DA XUNTA.....	13
O Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014, horizonte 2020	14
Aplicación do Plan Estratéxico	15
UNHA GOBERNANZA BASEADA NA AUSTERIDADE, NA EFICACIA E NA COOPERACIÓN	20
XESTIÓN ORZAMENTARIA	22
POLÍTICA FINANCEIRA.....	25
FINANCIAMENTO AUTONÓMICO E POLÍTICA TRIBUTARIA.....	28
Financiamento autonómico	28
Política tributaria	31
Xestión dos Fondos Comunitarios	34
REFORMA ADMINISTRATIVA	36
Transparencia, austeridade e redución do gasto	36
Capital humano: racionalizar estruturas de persoal	37
Administración institucional	38
Simplificación de procedementos administrativos	38
Xeralizar o uso das TIC na administración	39
FUNCIÓN PÚBLICA	43
FOMENTAR A COMPETITIVIDADE	49
Clusters	50
Calidade	51
Innovación	52
Internacionalización	56
APOIO ÁS EMPRESAS E AOS EMPRENDEDORES	59
Apoio ao emprendemento.....	59
Financiamento de proxectos	61
Sostemento do financiamento: rexeneración de empresas	63
APOIAR A CONSOLIDACIÓN DUNHA ENTIDADE FINANCEIRA GALEGA	64
EMPREGO	66
Área de formación e preparación previa	68
Área de experiencia laboral	71
Área de inserción laboral	73
Actuacións transversais	75

SECTORES PRODUTIVOS

MEDIO RURAL	82
AGRICULTURA E GANDERÍA	85
Recoñecemento social da agricultura	86
Valorización económica da produción primaria	86
Vertebración do sector agropecuario	89
Desenvolvemento da industria agraria e agroalimentaria	91
Ordenación e simplificación da Administración agraria	92
FORESTAL	94
Prevención e loita contra os lumes forestais	101
DESENVOLVEMENTO RURAL	103
Mellora das infraestruturas e servizos do rural	106
Facilitar e mellorar as condicións estruturais para o fenómeno sociolóxico coñecido como “volta ao rura”	108
Diversificación e mellora das estruturas de vertebración sociocomunitaria e de fomento laboral e económico	109
MAR	112
PESCA	117
Pesca de gran altura	117
Pesca de altura	118
Pesca de baixura	119
MARISQUEO	122
ACUICULTURA	124
TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN	127
SEGURIDADE ALIMENTARIA E CONTROL	130
DESENVOLVEMENTO MARÍTIMO-PESQUEIRO	132
FORMACIÓN	134
INVESTIGACIÓN	136
DESENVOLVEMENTO PORTUARIO	137
TURISMO, CULTURA E ACTIVIDADES DE LECER.....	139
SECTORES INDUSTRIAIS	140
SECTOR DA CONSTRUCCION NAVAL EN GALICIA	141
ENERXÍA	144
Gas	144
Enerxía eólica	145
MINERÍA E ROCHAS ORNAMENTAIS	148
AUTOMOCIÓN	149
SECTOR TEXTIL	151
COMERCIO	152
ARTESANÍA	158
TURISMO	161
POLÍTICA TURÍSTICA DE DESENVOLVEMENTO SECTORIAL	163
POLÍTICA TURÍSTICA DE ORDENACIÓN	165

POLÍTICA TURÍSTICA DE PRODUTO	168
POLÍTICA TURÍSTICA DE MARKETING	173
IMPULSO DA SOCIEDADE DIXITAL E AS TELECOMUNICACIÓNS	175
AUDIOVISUAL E MEDIOS DE COMUNICACIÓN	184
MEDIO AMBIENTE E TERRITORIO	188
PLANIFICAR O TERRITORIO: CALIDADE DE VIDA E DESENVOLVEMENTO DO POTENCIAL PRODUTIVO	189
Mobilidade	190
Patrimonio natural e paisaxístico	191
Acción urbanística	193
INFRAESTRUTURAS PARA MEDRAR	196
Viarías	196
Localización industrial	197
Calidade ambiental (ciclo da auga e tratamento de residuos)	198
GOBERNANZA E COORDINACION: EFICACIA AO SERVIZO DA CIDADANÍA	199



SEGUNDA PARTE: BENESTAR	
BENESTAR	206
FAMILIA E INFANCIA	209
Plan demográfico	209
Plan de atención á Infancia e adolescencia	210
Rede de atención temperá para nenos con discapacidade	211
Plan Galego contra a pobreza infantil	211
Menores que cumpren medidas xudiciais.....	212
PERSONAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN	213
DEPENDENCIA	214
PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSONAL	216
XUVENTUDE	218
Plan Estratéxico de Xuventude	218
Plan Xuventude 2013	219
Programa galego para a competitividade e a inserción laboral da mocidade	219
Novo modelo de participación xuvenil: Xuventude con iniciativa	220
Creación da Escola Galega de Educación non Formal e Xuventude	220
Aposta pola dinamización xuvenil.....	221
VIVENDA	222
NOVAS MEDIDAS PARA O ACCESO Á VIVENDA DE PROMOCIÓN PÚBLICA PARA OS SECTORES MÁIS DESFAVORECIDOS.	224
NOVAS AXUDAS PARA INCENTIVAR A CONCESIÓN DE FINANCIAMENTO PARA A COMPRA DE VIVENDAS PROTEXIDAS. PROGRAMA DE COBERTURA DE RISCOS.	225
AXUDAS PARA PROMOVER O ARRENDAMENTO CON OPCIÓN DE COMPRA	226
CREACIÓN DO REXISTRO DE PROMOTORES DE VIVENDAS	227
NOVO PLAN DE AXUDAS AO ALUGUER 2013-2016.....	228
CONTINUACIÓN DO PROGRAMA ALUGA: MANTEMENTO DAS AXUDAS A INQUILINOS CON CONTRATOS DE ARRENDAMENTO FORMALIZADOS AO AMPARO DOS PROGRAMAS DE FOMENTO DO ALUGUER.	230
CONSUMO	231
EDUCACIÓN	234
INCREMENTAR A AUTONOMÍA DOS CENTROS DOCENTES	237
INTENSIFICAR O USO EDUCATIVO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN (TIC)	238
Proxecto Abalar	238
MELLORAR A APRENDIZAXE DE LINGUAS ESTRANXEIRAS	239
MELLORAR A FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO	241
EQUIDADE DO SISTEMA. MELLORAR A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	242
FOMENTAR A EMPREGABILIDADE DESDE O SISTEMA EDUCATIVO	243
CENTROS	245
NOVA LEXISLACIÓN	246
COMEDORES ESCOLARES	247
UNIVERSIDADES	248
GRAOS UNIVERSITARIOS	250


ESPECIALIZACIÓN DE CAMPUS	251
OFERTA DE TITULACIÓN ONLINE	252
PROGRAMA DE CAPTACIÓN DE TALENTOS	253
NOVO PLAN DE FINANCIAMENTO	254
ESTRATEGIA GALEGA DE INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA 2013-2017	255
SANIDADE	256
NO ÁMBITO NORMATIVO	258
Lei de garantías de prestacións sanitarias	258
Xestión clínica: desenvolvemento normativo	259
Decreto de OPE dos facultativos de medicina de familia e de persoal de enfermería.	260
Lei para a autorización da Creación da Axencia Galega de Sangue e Tecidos ...	260
Decreto de Estrutura de Xestión Integrada das Unidades Pendentes	261
NO ÁMBITO DA ATENCIÓN AO PACIENTE	263
Plan Galego de Atención a Pacientes con Enfermidades Crónicas	263
Reordenación asistencial	264
Prevención do uso do alcohol en menores e doutras drogodependencias ...	265
Plan Galego contra a Obesidade Infantil	266
Programa Galego de Cribado de cancro de colon	267
Programa de dispensación de fármacos a residencias	267
NO ÁMBITO DOS RECURSOS HUMANOS	268
Plan de Ordenación de Recursos Humanos	268
Desenvolvemento de procesos en Recursos Humanos	268
Deseño e desenvolvemento do Sistema Galego de Avaliación da Excelencia Profesional	268
Implantación do Plan de Apoio ás vítimas de violencia no ámbito laboral sanitario	269
NO ÁMBITO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS	270
Expediente-E	270
Plan Integral de Eficiencia Enerxética (PIEE)	270
Proxecto de tratamento integral dos residuos sanitarios	271
Renovación tecnolóxica en Galicia: licitación alta tecnoloxía	272
Posta en marcha da rede de laboratorios de Galicia	272
Plataforma loxística.....	272
Central de compras.....	272
Potenciación das estruturas de investigación	272
Xestión do coñecemento: Bibliosaúde	273
Creación do repositorio do Sistema Sanitario Público	273
Sistemas e tecnoloxías da información	274
Innovación Aberta.	277
Sistema Multicanle.....	277
Escola Galega de Saúde para Cidadáns	278
Facturación a terceiros	279
NO ÁMBITO DAS INFRAESTRUTURAS	280
Construción do novo Hospital Público de Vigo Álvaro Cunqueiro	280
Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña	280

Novo Hospital Público de Pontevedra	280
Ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. Fase de hospitalización	280
Ampliación do Hospital do Salnés	280
Ampliación Hospital de Burela: Plan Funcional e proxecto de execución.	280
Proxectos H-2050 e Innovasaúde	281
Posta en funcionamento dos centros de saúde de Serantes e As Somozas ...	281
Construción de 15 novos centros de saúde	281
EMIGRACIÓN	282
POLÍTICAS NA EMIGRACIÓN	283
POLÍTICAS DE RETORNO	287
POLÍTICAS DE INMIGRACIÓN	288
DEPORTE	289
SAÚDE E CALIDADE DE VIDA	291
COHESIÓN SOCIAL E DA EDUCACIÓN	292
NO ÁMBITO DA XERACIÓN RIQUEZA	293
O DEPORTE DE COMPETICIÓN	293
IGUALDADE	296
CAMBIO DE VALORES E MODELOS PARA A IGUALDADE	298
APROVEITAMENTO DO TALENTO FEMININO	301
CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE E CALIDADE DE VIDA	303
VIOLENCIA DE XÉNERO	306

TERCEIRA PARTE: AUTOGOBERNO, LINGUA E CULTURA


O AUTOGOBERNO.....	315
AS INSTITUCIÓNS DE AUTOGOBERNO	317
O PARLAMENTO DE GALICIA	319
A XUNTA DE GALICIA	322
INSTITUCIÓNS AUTONÓMICAS	324
OS MEDIOS PÚBLICOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	325
A XUSTIZA	327
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS	329
- <i>Relacións co Estado e con outras comunidades autónomas</i>	329
- <i>Galicia no exterior</i>	330
- <i>Galicia en Europa</i>	330
- <i>Cooperación transfronteriza e interrexional</i>	332
- <i>Delegacións no exterior</i>	332
- <i>Cooperación ao desenvolvemento</i>	333
A ADMINISTRACIÓN LOCAL GALEGA	334
INTERIOR	337
- <i>Seguridade cidadá e policía autonómica</i>	337
- <i>Protección civil e emerxencias</i>	337
- <i>Actividades recreativas e espectáculos públicos</i>	340
LINGUA, CULTURA E PATRIMONIO	341
A LINGUA	342
O valor da lingua como elemento de cohesión social	342
No eido do marco normativo	343
No eido das administracións	343
No eido do ensino	344
No eido da xuventude	345
No eido das tecnoloxías da información e da comunicación	346
No eido da economía, do comercio e a industria	346
No eido dos medios de comunicación	347
No relativo á proxección da lingua cara o exterior	347
A CULTURA GALEGA E O PATRIMONIO	349
- As políticas culturais para a cidadanía	350
- A cultura galega no marco das industrias culturais e creativas	350
- Mecenado, patrocinio e participación social na cultura	351
- Accesibilidade á produción cultural	351
- Internacionalización da cultura galega	351
- Apoio a proxectos culturais singulares	352
- A lectura e o libro	352

- Museos e arquivos	353
- Patrimonio cultural	354
- Industrias culturais	358
- Cidade da Cultura de Galicia	364



PRIMERA PARTE

PLANIFICACIÓN ESTRATÉGICA DUNHA POLÍTICA ECONÓMICA PARA O CRECEMENTO E A CREACIÓN DE EMPREGO



**PLANIFICACIÓN ESTRATÉGICA DUNHA POLÍTICA
ECONÓMICA PARA O CRECEMENTO
E A CREACIÓN DE EMPREGO**

PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DA POLÍTICA ECONÓMICA DA XUNTA

Galicia debe asumir unha nova estratexia de desenvolvemento social e económico, construído sobre unha economía competitiva que garanta a prosperidade e a sustentabilidade das contas públicas.

Un modelo que recollendo os logros conseguidos nas melloras en infraestruturas sociais de transporte, educativas, sanitarias e equipamentos produtivos, se impulse sobre eles para constituírmonos un territorio próspero con capacidade de crecemento intelixente, sostible e solidario.

Agora, ademais continuar avanzando a curto prazo na superación da actual crise financeira e económica, Galicia terá que confrontar nos próximos anos outros importantes desafíos:

- ✓ O cambio Demográfico, que afectará aos mercados laborais, á demanda de servizos sociais e aos desequilibrios territoriais, e que afecta a Galicia de maneira intensa, tanto polo envellecemento da poboación como polo despoboamento das zonas rurais.
- ✓ A Globalización, que someterá aos mercados a unha loita pola competitividade, e require avanzar cara un sistema económico competitivo e innovador, cara unha “economía baseada no coñecemento”.
- ✓ O Cambio Climático, que obrigará á redución da emisión de gases de efecto invernadoiro e á adopción de medidas de adaptación ás variacións climáticas, e a el vencellado o desafío enerxético, que require reducir a dependencia de combustibles fósiles e aumentar o emprego de enerxías renovables, seguras e competitivas.

Os cometidos do sector público autonómico no deseño e camiño na conformación dun sistema de desenvolvemento sustentable e baseado na innovación, no actual contexto de dificultades económicas e sociais, esixen esforzos nun papel máis orientador e regulador, que se desempeñen en condicións de:

- ✓ Austeridade: se os cidadáns se teñen que enfrontar a restricións, o comportamento da Xunta debe ser exemplar.
- ✓ Liderado: ante as dificultades do momento e as incertezas que propicia un cambio de modelo, os cidadáns demandan claridade, estabilidade e seguridade.

- ✓ **Confianza:** a credibilidade das institucións debe ser un elemento orientador e transmisor de confianza.
- ✓ **Estratexia territorial:** o desenvolvemento dos territorios está estreitamente ligado á interacción entre o capital físico, o capital humano e o capital empresarial. A chave do despunte económico non reside en replicar actuacións homoxéneas de modo xeral, senón en determinar qué factores resultan ser os máis produtivos e competitivos no noso territorio, para obter inversión produtiva e para reter ao mellor capital humano.
- ✓ **Cooperación:** o camiño da innovación e a competitividade require de reformas e cambios de conduta que serán admitidas se son compartidas e comprendidas polos cidadáns, como contribuíntes e usuarios. É importante contar coa colaboración dos axentes sociais e económicos, e doutras administracións e institucións, que deberían involucrarse no proceso. Nunha sociedade moderna trátase de compartir e cooperar, non de substituír, valorándose os esforzos mutuos en termos de corresponsabilidade.

O Plan Estratégico Galicia 2010-2014, horizonte 2020

O Plan Estratégico Galicia 2010-2014, horizonte 2020, establecido polo goberno do PPdeG e avaliado polo Parlamento de Galicia, **ten como obxectivo facer de Galicia un lugar atractivo para traballar e investir**, sendo quen de xuntar no territorio talento, tecnoloxía e tolerancia para seguir progresando e abordar con éxito os retos da nova situación europea e mundial. O Plan concibe a **construción dun modelo propio de desenvolvemento identificado coa Estratexia Europa 2020 e as 10 Directrices Integradas** que constitúen o referente fundamental para o establecemento e gobernanza dos obxectivos prioritarios e das liñas de actuación da Xunta de Galicia.

- ✓ O eixe 1 do Plan estratéxico 2010-2014, que recolle eidos competenciais tan relevantes como a Sanidade, Educación e Servizos Sociais atende ás liñas esenciais para a produtividade e benestar dos cidadáns como tamaño e cualificación da poboación activa, mellora dos resultados nos sistemas educativos e na formación e inclusión social, igualdade de oportunidades e loita contra a pobreza.
- ✓ A mellora do contorno das actividades de empresas e consumidores, modernización industrial, loita contra o desemprego estrutural, desenvólvense no Plan Estratégico no eixe prioritario 2:

“Dinamización económica, crecemento e emprego”, aumentando a internacionalización da economía, o fomento das infraestruturas e do espírito emprendedor, e reforzando os sectores produtivos e as oportunidades dos cidadáns.

- ✓ A investigación, desenvolvemento e innovación, e a economía dixital, encontran correspondencia no eixe 3 do Plan (Economía do Coñecemento: I+D+i e Sociedade da Información).
- ✓ O eixe 4 do Plan galego inclúe a estratexia de equilibrio territorial, respecto medioambiental e obxectivos de eficiencia enerxética e potenciación das enerxías renovables, centrándose na utilización eficiente dos recursos e redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.
- ✓ O eixe 5 do Plan Estratégico “Administración austeras, eficiente e ao servizo do cidadán”, recolle efectos transversais coas directrices de estabilidade e representa ademais un compromiso de reforma da administración autonómica cara a unha administración máis eficiente, xestionada por obxectivos.

✓ Os esforzos encamiñarémolos a [eliminar os atrancos que limitan o crecemento, abordando tamén a necesidade de participar do desenvolvemento dunha política enerxética común e dunha política industrial realista e adiantada](#), tomando coma fontes de referencia as iniciativas e directrices integradas da Unión Europea para as políticas económicas e de emprego, que constituirán a base para as actuacións a realizar nos Estados Membros e, en consecuencia, tamén en Galicia porque a coherencia no establecemento de propostas e nas actuacións proporciona un valioso efecto multiplicador.

[Aplicación do Plan Estratégico: Concentración dos esforzos nas prioridades que conducen ao crecemento e ao emprego](#)

O Plan Estratégico 2010-2014, horizonte 2020, continuará a recoller a totalidade das actuacións da Xunta, sendo [soporte do proceso de definición e execución das prioridades da política económica da Xunta](#), en tódalas súas fases:

- Definición de estratexia.
- Fixación de obxectivos mediante indicadores estratéxicos.
- Actualización nas prioridades de actuacións e medidas.
- Mellora da ferramenta para dirección por resultados
- Avaliación de resultados e de impacto mediante indicadores de realización.
- Revisión de obxectivos e implementación de melloras na xestión.
- Coordinación cos programas de fondos comunitarios, programas sectoriais e coas outras AA.PP.

Cara a vindeira lexislatura, a **contribución do Plan estratéxico** para mellorar a calidade das políticas públicas da Xunta centrarase:

- Na concentración dos esforzos nas prioridades que conducen ao crecemento e ao emprego.
- En avanzar no desenvolvemento da xestión cara a resultados e na cultura da avaliación constante da eficiencia e eficacia do gasto público.
- Nun modelo de gobernanza baseado na austeridade, na eficacia, e na colaboración e a cooperación entre todos os axentes públicos e privados involucrados no compromiso polo desenvolvemento.

Nunha situación de grande limitación de dispoñibilidade de recursos financeiros e crise económica, as actuacións e políticas orientaranse, cunha marcada prioridade, atendendo ás liñas de actuación que teñen un claro futuro no noso sistema produtivo e á vez son xeradoras de emprego no curto e, sobre todo, no medio prazo.

Os avances aínda en época de grandes dificultades son o resultado de ter disposto dun planeamento estratéxico por obxectivos e resultados, que permite avaliar e no seu caso mellorar as políticas públicas para conseguir un gasto máis eficaz e que contribúa ao crecemento.

Trátase, en suma, de priorizar as políticas transversais, de alcance xeral, complementadas con actuacións sectoriais específicas.

Ao longo deste programa faise referencia expresa a cada unha delas, tanto ás transversais como ás sectoriais, pero convén enunciar,

dentro delas, cales son as que o PPdeG considera **prioritarias** aínda que sexa con carácter meramente indicativo e previa ao seu posterior desenvolvemento nos correspondentes apartados deste programa:

Fomento do emprego: Desenvolveranse programas de actuacións a medio prazo para favorecer unha **recuperación xeradora de emprego, potenciando, en particular, a formación e axudas á creación de empresas nos sectores estratéxicos da economía galega**. Farase un uso concentrado do Fondo Social Europeo nas actuacións de educación, mellora das capacitacións dos cidadáns, apoios á creación de empresas e busca de emprego, e inclusión social.

Saúde e benestar: Para afrontar os retos derivados do cambio demográfico, **empregar a innovación e a aplicación dos cambios tecnolóxicos**, desenvolvendo a biomedicina na liña iniciada nos proxectos “Innova Saúde” e “Hospital 2050”.

Energía renovable, segura, limpa e eficiente: Galicia presenta oportunidades e vantaxes en practicamente todas as fontes de enerxía renovable en marcha, como a eólica, bioenerxía, solar, térmica, mariña. **Debe priorizarse o avance na investigación e desenvolvemento de enerxías renovables**, á vez que a súa aplicación na produción e no establecemento de **“redes intelixentes” que aumenten o rendemento e eficiencia da produción e distribución de enerxía**. A política enerxética debe ser enfocada cara á **eficiencia enerxética e o aumento de renovables**, substituindo parte das importacións de combustibles, e aumentando a competitividade pola diminución de custos.

Investigación, desenvolvemento e innovación: Dado que un dos retos máis relevantes é o da competitividade, deben priorizarse recursos en incrementar os **incentivos ao investimento en innovación nas empresas**, para o que aumentaremos a colaboración entre os axentes públicos e privados, empregando, entre outros os recursos comunitarios dos fondos FEDER. O aumento da capacidade investigadora de Galicia debe centrarse na **procura da excelencia en materia de I + D e cambio tecnolóxico** nos sectores nos que demostramos fortaleza e ás que coinciden co interese europeo no marco das iniciativas de programación conxunta.

Transporte eficiente, intelixente, integrado e ecolóxico: Conseguir que Galicia ocupe unha praza na primeira liña nas actividade innovadoras e industriais dirixidas á **diminución do consumo enerxético**, especialmente do consumo da enerxía provinte de combustibles fósiles. **O sector naval participará na fabricación da próxima xeneración de medios de transporte marítimo**, e o sector automobilístico do transporte terrestre, a través de desenvolver e aplicar novas tecnoloxías, equipos e sistemas.

Loita contra o cambio climático, e aumento da eficiencia no emprego de recursos e materias primas: Centrar esforzos na “ecoinnovación”, na investigación, desenvolvemento de tecnoloxías sobre auga, o seu uso nos medios rural, industrial, urbano e costeiro, con especial incidencia na preservación dos ecosistemas dos ríos, as rías e o mar. Fomentar a participación das industrias na “ecoinnovación”, establecendo plans sectoriais e individuais de actuación, facilitando acceso ao coñecemento das tecnoloxías aplicadas e ao financiamento dos cambios de procesos industriais.

Sociedade da Información e Axenda Dixital: Progresar na “Sociedade do Coñecemento”, completando e **explotando os avances acadados na conectividade e emprego das TIC**. Fomento da **economía dixital**, que rexistra uns crecementos anuais do 12%. Harmonización e emprego da **firma electrónica e interoperatividade das identificacións electrónicas e medidas para incrementar o comercio electrónico**. Extensión das **redes de banda larga de alta velocidade**. Actuacións para establecer normas e sistemas harmonizadas en materia de pagos electrónicos, contratación electrónica, facturas electrónicas e seguridade en internet.

Formación: Mellora do sistema educativo, **incorporación das novas tecnoloxías e potenciación da ensinanza plurilingue**. Pulo ao aprendizaxe permanente, á formación profesional adaptada ás demandas dos mercados laborais, ensino cara a calidade das cualificacións tanto universitarias como de FP. Optimizar os programas do FSE neste sentido.

Bioeconomía: Establecer obxectivos e liñas de acción para os sectores de **agricultura sostible, a investigación mariña e marítima, a seguridade alimentaria**, etc. Aproveitar e colaborar coa UE e o Espazo Atlántico nas actuacións sobre pesca, acuicultura e biotecnoloxía mariña. **Protección do medio ambiente mariño**, adaptación ao cambio climático e a prevención de riscos. A **producción agrícola sostible de alimentos saudables** deben introducirse no sistema produtivo galego, co conseguinte beneficio para a industria agroalimentaria, o aumento da cadea de valor, e a preservación da natureza. Obter aplicación para a industria dun **medio natural coidado e contemplado como reserva de especies con potencial para un futuro uso alimentario, sanitario, enerxético**.

Innovación nos sectores tradicionais: Non só representan unha grande parte da produción de Galicia, senón que teñen vital importancia para o futuro dos equilibrios territoriais, demográficos e medio ambientais. Galicia presenta certas **vantaxes comparativas que cómpre poñer en valor e integralas dentro da economía “verde”**, desenvolvendo o seu potencial innovador e aproveitando as achegas comunitarias do FEADER e o FEMP. Elaboración dun

novo Plan de Desenvolvemento Rural para o período 2014-2020. Reforzo dos plans iniciados para Acuicultura, Pesca Sostible, Rías e Baixura, co obxectivo de acadar desenvolvemento integral das zonas costeiras na potencialidade tamén: turismo, gastronomía, etc. Crear un **marco favorable de condicións para un urbanismo sostible**, que facilite certa recuperación do sector construción e orientación ao aforro enerxético, rehabilitación de vivendas e edificios, etc.

Acceso ao financiamento da innovación, da internacionalización e das iniciativas empresariais: Establecer liñas de crédito, préstamos participativos, avais e fondos de capital-risco para **financiamento de emprendedores e iniciativas empresariais**: microcréditos para os que comezan un negocio, fondos de capital-risco para PEMEs, préstamos aos emprendedores, acceso das PEMEs á innovación e internacionalización, acceso a préstamos brandos, a créditos parcialmente avalados, a figuras participativas en capital, axudas ao sector de industrias creativas e culturais, etc. Reforzo da **internacionalización da economía galega** aproveitando a complementariedade cos plans de comercio exterior do Estado.

UNHA GOBERNANZA BASEADA NA AUSTERIDADE, NA EFICACIA E NA COOPERACIÓN

Fortalecer e fomentar os principios de boa gobernanza é importante para apoiar os axustes estruturais necesarios para saír da crise. Reducir as cargas regulamentarias e administrativas e fomentar uns niveis elevados de transparencia, integridade e responsabilidade da administración pública tamén contribúe a incrementar a produtividade e a reforzar a competitividade.

A este respecto, o obxectivo é reducir a carga administrativa para os cidadáns e as empresas e aumentar a transparencia, integridade e calidade da administración pública, así como a súa eficiencia na prestación de servizos públicos en todos os sectores.

A actual crise supón un axuste no nivel de ingresos, de forma que a medio prazo non se recuperarán os ingresos anteriores. Por isto é preciso reformar e vertebrar tódalas administracións públicas para axustar a súa actividade ás posibilidades de ingreso de cada unha, e ao mesmo tempo manter o nivel de prestación dos servizos públicos autonómicos básicos.

Respecto ás administracións públicas débese ofrecer un modelo que vertebre os diferentes niveis de administración en Galicia, fomentando o exercicio de competencias propias, o financiamento pleno e a corresponsabilidade fiscal.

(*) O PPdeG comprométese a impulsar un **pacto pola sustentabilidade do sector público galego** no que, baixo a coordinación da Xunta, se substanciarán estas cuestións cunha visión a longo prazo.

Para elo, entre outras medidas e actuacións destacadas propoñémonos:

(*) **Investir na capacidade institucional e a eficiencia das administracións e os servizos públicos** co fin de introducir reformas e melloras na regulamentación e na xestión

(*) **Garantir a transparencia, integridade e responsabilidade na administración pública e no gasto de fondos públicos**

(*) Desenvolver e aplicar **estratexias e políticas de recursos humanos axeitadas ás necesidades reais** para a prestación dos servizos públicos.

(*) Aumentar as capacidades dos **axentes competentes en materia de emprego, educación, sanidade e políticas sociais**.

(*) Reforzara **capacidade dos interlocutores sociais e as organizacións non gobernamentais** a fin de axudarlles a contribuír máis eficazmente no emprego, a educación e as políticas sociais;

(*) Desenvolver **pactos territoriais e sectoriais no emprego, a inclusión social, a saúde e a educación** a todos os niveis territoriais.

(*) Poñer en marcha accións para o **aumento da eficiencia das administracións públicas** como parte da reforma da administración pública e do sector público, cunha estratexia integrada que trate as disfuncións institucionais existentes na conxunto da administración autonómica.

XESTIÓN ORZAMENTARIA

O primeiro obxectivo, tras os importantes avances dados na anterior legislatura, consistirá en **pechar o modelo de gobernanza fiscal autonómica**.

(*) Elaborando unha **nova lei de réxime financeiro** que se adapte á lei orgánica de estabilidade orzamentaria cuxos dous eixos principais son a estabilidade orzamentaria e o cumprimento de obxectivos.

(*) Esta norma **simplificará a xestión financeira para axilizala e orientala cara ao cumprimento de obxectivos e a execución do orzamento**. Nun escenario de disciplina orzamentaria, no que os recursos son máis escasos do que viñamos experimentando, xa non se trata de gastar máis ou menos, senón de **gastar mellor**, encontrando formas intelixentes, eficaces, que dan o tránsito dunha dirección por obxectivos a unha dirección orientada por resultados, onde a medición do impacto das actuacións e das políticas públicas de gasto se poida medir e avaliar mediante indicadores estratéxicos, incrementando un emprego eficiente dos recursos públicos.

(*) Avanzaremos na **avaliación das políticas**, para permitírmonos **aplicar os recursos públicos con eficacia, racionalizar o gasto e identificar cales son as seguintes accións prioritarias**, especialmente importante nun contexto de crise económica e financeira.

(*) Aproveitaremos os **nexos entre a Contabilidade e o Plan Estratéxico de Galicia**, coa finalidade de definir o modelo de obtención e tratamento de información, avanzando no perfeccionamento da ferramenta que se desprega a partires de cinco eixes de actuación, 16 obxectivos estratéxicos, 120 medidas e máis de 500 actuacións concretas de gasto público, cada quen cos seus respectivos indicadores de resultado e impacto. Deste xeito **cada euro dos orzamentos da Xunta ten un obxectivo, asígnaselle a un responsable, e mídese en termos de resultado**.

(*) Baixo o punto de vista da eficacia da execución, en canto ao perfeccionamento das ferramentas e procedementos, a Xunta continuará potenciando o **Plan Estratéxico como instrumento da política económica en todas as súas fases**.

(*) **Reforzase o control**, que debe facer máis fincapé no control de **custes e financeiro** superando o actual control limitado de legalidade. Neste sentido proporemos a **incorporación de normas que fagan efectiva a coordinación co Consello de Contas e a auditoría única**.

(*) **Trasporemos a normativa básica en materia de transparencia**, garantindo a transparencia no ámbito presupostario-fiscal. Cada galego saberá quen gasta os seus cartos e a onde vai cada euro gastado non só pola comunidade autónoma, tamén polas universidades e corporacións locais. As páxinas web de cada consellería e ente público son un medio ideal para acadalo.

(*) Igualmente débese **avanzar na transparencia no cumprimento dos seus obxectivos polas diferentes institucións públicas**.

(*) Elaboraranse uns **escenarios financeiros a medio prazo** de ingreso e de gasto que indicarán como poden evolucionar financeiramente as distintas **políticas de gasto nos tres anos seguintes**.

(*) Desenvolverase un sistema de **seguimento mensual da execución de gastos e ingresos** que mostrará o resultado presupostario da comunidade autónoma mes a mes. Os cidadáns poderán seguir a situación das finanzas públicas e o alcance das regras de estabilidade presupostaria.

(*) Continuarase coa **política de austeridade en gastos** que aínda poden axustarse sen afectar á calidade do servizo público. Para iso articularanse **planes de amplo impacto e a medio prazo**, en materias como as seguintes:

- Plan plurianual para **reducir o gasto en alugueres da Xunta de Galicia a cero**.
- Plan plurianual para **incrementar a recadación executiva nun 25%**.
- Plan plurianual para **asumir a auditoría de contas de todos os entes dependentes da comunidade autónoma**.
- Plan plurianual para **reducir os gastos de funcionamento das consellerías nun 10% e dedicalo a gasto social**.
- Plan de **xestión centralizada da tesourería e a débeda de todos os entes que integran o sector público autonómico**.

(*) Avanzando un paso máis nas medidas de aforro xa adoptadas na pasada lexislatura o PPdeG abordará, na próxima lexislatura, un **Plan de Contratación Pública dos Servizos e das Subministracións Comúns no ámbito da Comunidade Autónoma e dos entes que integran o sector público autonómico**, de cara a favorecer unha maior eficiencia e control do

gasto. Así, ao proceso de axuste iniciado na pasada lexislatura, engadirase este novo esforzo de eficiencia e de capacidade organizativa que, lonxe de requirir un investimento engadido, vai supoñer unha **maior redución do gasto interno** que permitirá liberar un importante volume de recursos públicos que se traducirá nun remanente para seguir apoiando e sostendo os servizos públicos esenciais que reciben os cidadáns.

Para a posta en marcha do Plan de Contratación Pública dos Servizos e Subministracións comúns poranse en marcha as seguintes medidas:

Creación dunha **Comisión Interdepartamental** que realice un estudo sobre as necesidades de contratación centralizada dos servizos e das subministracións que sexan de características esencialmente homoxéneas e de utilización común para o conxunto da Administración da Comunidade Autónoma.

Os **servizos e as subministracións suxeitos ao referido estudo** serán como mínimo os seguintes: Seguridade; Limpeza; Mantemento; Postais e telegráficos; Mensaxería e paquetería; Mantemento e reparación de vehículos; Axencia de viaxes; e subministracións de mobiliario de oficina e complementario, fotocopiadoras, combustible, enerxía eléctrica e gas.

Aprobarase unha **normativa para regular as medidas a adoptar para a racionalización técnica da contratación pública de servizos e subministracións** no ámbito da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e dos entes integrantes do sector público autonómico, de acordo con criterios de obxectividade e transparencia.

POLÍTICA FINANCEIRA

Dentro das competencias da Comunidade Autónoma resulta preciso acadar unhas **finanzas públicas solventes, predicibles e eficientes**. Esta filosofía financeira acádase ó través dunha serie de obxectivos:

- ✓ **Minimizar o custe financeiro** que soporten os cidadáns supón un obxectivo que mellora o custe de oportunidade para **dedicar eses fondos a outro tipo de políticas activas de gasto e a mellorar a súa posición financeira**.
- ✓ **Manter unha política de pagos áxil**, cumprindo os compromisos de pago en tempo e forma amósase como unha das **mellores políticas económicas de axuda á empresa** que se pode desenvolver nestes tempos.
- ✓ **Trasladar os dous puntos anteriores ás nosas corporacións locais resulta imprescindible**, polo que resulta preciso **incrementar a colaboración e coordinación con elas**, poñendo á súa disposición todo o asesoramento preciso para unha optimización da súa actuación financeira.
- ✓ **Culminar a implantación da tramitación electrónica dos procedementos administrativos** para facilitar ás empresas e particulares unha maior eficiencia e comodidade no trato coa administración.
- ✓ **Potenciar e coordinar a área de supervisión de mutuas, corredores e corredurías de seguros de ámbito galego**.

Para acadar estes obxectivos, na vindeira lexislatura propoñémonos desenvolver as seguintes medidas:

(*) **Optimizar os custes financeiros que soporta a Xunta de Galicia:** Unha axeitada política orzamentaria, sustentada no principio de non gastar o que non se ten, permitiu ó longo desta lexislatura o **mantemento da confianza en Galicia e nas súas finanzas**, xerando unha situación de normalidade no financiamento da Xunta de Galicia, que se traduciu nun mellor acceso ós mercados e un menor custe financeiro respecto a outras CC.AA. en peor situación económica. Se tivéramos que ter pagado os tipos de xuro doutras CC.AA. o custe financeiro anual da Xunta teríase visto incrementado en 187,5 millóns de de euros anuais. Ao longo dos próximos anos continuarase cunha actuación neste senso, afondando nesta optimización de custe financeiro.

(*) Adicionalmente, unha vez utilizada parcialmente a capacidade de endebedamento da CC.AA., motivado pola excepcional situación económica vivida, unida á necesidade de pago das liquidacións negativas de 2008 e 2009, gastadas en exceso polo anterior goberno bipartito, marcámonos o propósito de **manter unha credibilidade pública baseada na transparencia, eficiencia, sostibilidade, austeridade e solvencia das nosas finanzas.**

(*) Posta en funcionamento operativo do **Portal do Investidor**, como unha referencia web trilingüe onde os investidores e interesados en xeral poidan ter **concentradas e accesibles as principais referencias económico-financeiras da economía galega e das finanzas públicas galegas.**

(*) Acadar unha **redución paulatina e constante dos ratios de débeda autonómica**, adiantando a 2016 o obxectivo legal de cumprimento imposto pola lei de estabilidade para o ano 2020.

(*) **Resulta básico que as nosas empresas non sufran retraso nos seus cobros por parte das administracións públicas.** Unha das mellores medidas de política económica que podemos desenvolver dende a Xunta de Galicia é pagar en tempo e forma ós nosos provedores. Na anterior lexislatura púxose en marcha o **Sistema Electrónico de Facturación**, que permite ós provedores a tramitación electrónica das súas facturas, facilitando procedementos e aforrando tempo e desprazamentos. Esta ferramenta permitiunos tamén unha total información sobre os tempos medios de pagamento e sobre os tempos de tramitación por departamentos, información que anteriormente non se coñecía, sendo **Galicia unha das tres CC.AA. con mellores tempos medios de pago.** O obxectivo e continuar afondando na mellora dos tempos medios de tramitación e de pagamento, marcándose como obxectivo **rematar a próxima lexislatura cun tempo medio de pago a provedores inferior a 20 días**, é dicir, un 50% menos que o previsto legalmente para os próximos exercicios.

(*) Conscientes dos escasos medios humanos e materiais existentes en moitos dos nosos concellos, preténdese traballar dun xeito coordinado con eles en materia financeira e orzamentaria. Para acadar a **máxima colaboración coas corporacións locais galegas para mellorar e optimizar as súas actuacións financeiras e orzamentarias** poñerase en marcha unha **base de datos que permita a xeración de información individual e comparativa para optimizar as decisións económico-financeiras.**

(*) Porase en marcha un **programa formativo e coordinador para persoal das Corporacións Locais galegas** que permita unha axeitada actualización normativa e unha coordinación administrativa no campo da tutela financeira encomendada á Xunta de Galicia.

(*) A Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia ten, entre outras, as funcións de recepción e custodia dos avais que empresas e particulares teñen que presentar ante a Administración. Unha parte maioritaria destes avais preséntase para poder concorrer a procesos de licitación pública, polo que resulta de maior interés poder facilitar esta función administrativa e minimizar os custos económicos e de desprazamento que isto conleva. Para isto **implantarase un sistema electrónico de presentación de avais**, de xeito que desde calquera oficina das entidades financeiras colaboradoras da Xunta, se poida realizar unha presentación telemática, evitando a necesidade de ter que realizar unha presentación in situ, nas dependencias da Caixa Xeral.

(*) O sector asegurador, como un dos tres piares do sistema financeiro español, resulta de especial importancia para manter unha economía dinámica, eficiente e competitiva. A Xunta de Galicia debe ter a máxima eficiencia na supervisión destas entidades como xeito de garantir un sector financeiro galego solvente, eficiente e competitivo. Para iso, hai que **afondar na coordinación e cooperación co Ministerio de Economía e Competitividade clarexando e delimitando competencias para evitar duplicidades**.

(*) Tamén propoñémonos **avanzar na coordinación cos Colexios e organizacións profesionais de cara a establecer sistemas de formación continua dos profesionais do sector**.

(*) **Simplificaremos as obrigas de achega de documentación estatística** evolucionando cara a total tramitación electrónica.

(*) Elaboraremos anualmente o **Libro do Sector Asegurador en Galicia**, como ferramenta descritiva e analítica para recoller as posibles melloras a implantar ou xestionar.

FINANCIAMENTO AUTONÓMICO E POLÍTICA TRIBUTARIA

Os recursos da Comunidade Autónoma dependen fundamentalmente do sistema de financiamento autonómico, pero tamén da política tributaria que se desenvolve desde a Xunta e da xestión dos fondos europeos.

Financiamento Autonómico

Ao longo da próxima legislatura vaise abordar a [revisión do sistema de financiamento](#), como recolle expresamente a Lei 22/2009, de 18 de decembro, por la que se regula o sistema de financiamento das CC.AA. de réxime común na súa Disposición transitoria terceira.

Esta revisión encárgaselle a un órgano especializado (o Comité Técnico Permanente de Avaliación), creado no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira, co obxectivo de valorar os distintos aspectos estruturais do Sistema de Financiamento, con carácter quinquenal, para informar sobre as posibles modificacións que se poidan someter á consideración do Consello de Política Fiscal e Financeira, en aras dunha mellor coordinación financeira, garantindo a autonomía e suficiencia das Comunidades e o equilibrio e sustentabilidade do sistema.

Desde o PPdeG a revisión do modelo de financiamento é un asunto clave por canto del dependerá en gran medida a calidade e cantidade de servizos públicos ós que van poder acceder os cidadáns galegos.

Neste sentido, o PPdeG impulsou a aprobación no Parlamento de Galicia en sesión celebrada o 10 de xuño do 2009, por unanimidade dos grupos parlamentarios nel representados, dunha moción na que se instaba á Xunta de Galicia para que no proceso de negociación do financiamento das Comunidades Autónomas se defendesen os tres principios básicos seguintes:

- a) O de suficiencia, de maneira que se garanta a cobertura de todos os servizos transferidos ás Comunidades, cuantificando de maneira adecuada as necesidades de gasto e identificando e ponderando correctamente os elementos que inciden no custo de prestación destes servizos.
- b) O principio de igualdade, de maneira que a calidade dos servizos sexa homoxénea en todo o territorio español e para todos os cidadáns residan onde residan.

c) O de autonomía financeira e corresponsabilidade fiscal, de maneira que se incrementen as competencias normativas e xestoras da Comunidade Autónoma sobre os tributos cedidos e compartidos.

OPPdeGaolongodetodooprocesodesenvolvidoparaoestablecemento do actual sistema de financiamento, defendeu a aplicación destes principios e, en todas as oportunidades de que dispuxo, formulou as observacións e expuxo as alegacións necesarias para a súa consecución, sen que estas tivesen a receptividade que merecían por parte do goberno socialista. Por iso, a Xunta abstívose na sesión do Consello de Política Fiscal e Financeira de 15 de xullo que aprobou o modelo, xa que eses principios non se recollían adecuadamente no modelo de financiamento.

En consecuencia, o PPdeG comprométese a:

- Defender que as necesidades de financiamento das Comunidades Autónomas débense determinar atendendo a criterios técnicos, que resulten do establecemento dunha metodoloxía sólida e consistente na que estean ausentes fórmulas que poidan dar lugar a medicións arbitrarias das necesidades ou á presenza de criterios de oportunidade política.
- Neste sentido, continuarase impulsando no seo dos grupos de traballo do Consello de Política Fiscal e Financeira a correcta cuantificación das necesidades de gasto de cada comunidade.
- A adecuada estimación destas necesidades debe pasar polo seguimento, competencia a competencia, dos custos asociados e dos factores diferenciais que en cada territorio repercuten sobre o custo medio de cada servizo. Por tanto, desde Galicia, entendemos que resulta absolutamente necesaria a elaboración dun mapa de servizos que permita o coñecemento dos custos efectivos de prestación dos servizos en todas as Comunidades Autónomas e que ofrezca unha completa avaliación e valoración dos elementos estruturais que os integran.
- Por tanto, o PPdeG solicitará que entre as tarefas que aborde o Comité Técnico Permanente de Avaliación se inclúa de forma explícita a elaboración deste mapa de servizos e a súa realización antes do 2013.
- O principio básico para a articulación do novo sistema debe ser a adecuada cobertura das necesidades de gasto de todas as Comunidades Autónomas. Por tanto, deberá garantir a igualdade

plena de todos os cidadáns no acceso a todos os servizos públicos con independencia do seu lugar de residencia, tanto na posición de partida como no curso da súa futura evolución.

- A aplicación dentro do sistema de criterios que poidan estar relacionados co esforzo ou a capacidade fiscal dun territorio ou co establecemento de mecanismos de nivelación parcial, deben estar supeditados á preeminencia do principio anteriormente sinalado. En caso contrario, produciríase unha notoria diminución do compoñente de solidariedade que, ineludiblemente, debe ter o sistema de financiamento, tal e como establece a nosa Constitución.
- Tanto a nosa Constitución como a LOFCA contemplan o principio de lealdade institucional. A aplicación deste principio, recollido na norma básica do noso sistema de financiamento, dá lugar a que medidas adoptadas polo Estado que orixinen unha redución dos ingresos tributarios das comunidades autónomas, ou un incremento dos seus gastos, deban ser obxecto da oportuna valoración e, por tanto, compensarse. Os efectos producidos desde o ano 2002 ata a data non se incorporaron adecuadamente na reforma do modelo.

Dentro dos elementos estruturais do modelo en vigor, hai que facer especial referencia á valoración da dispersión e o envellecemento. O tratamento da variable dispersión é un elemento de carácter esencial que determina uns máis que evidentes custos diferenciais na prestación de todos os servizos públicos: Galicia representa máis do 50% de todas as entidades singulares de poboación de España polo que a valoración da dispersión que resulta determinante e na configuración do actual sistema é claramente insuficiente para os intereses da nosa Comunidade Autónoma.

En relación co envellecemento, Galicia sitúase como a segunda comunidade autónoma cunha poboación máis envellecida, xa que as persoas maiores de 65 anos representan o 22,9% por cento do censo galego, tras Castela-León (23%), sendo a media española un 17,4%, segundo datos correspondentes a xaneiro de 2011 do Instituto Nacional de Estatística. O modelo actual contempla a variable representativa do envellecemento, recollendo para iso sete tramos de poboación. Non obstante, o peso que se lle deu ao gasto sanitario no modelo (un 38%) móstrase claramente insuficiente para Galicia, debido ao grao de envellecemento da comunidade autónoma. Ademais, a efectos de servizos sociais e dependencia, o modelo debería contemplar polo menos dous tramos de poboación maior de 65 anos, que non se recollen no sistema en vigor.

(*) Por todo isto, o PPdeG comprométese a **elaborar un estudo que poña de manifesto as debilidades do actual sistema de financiamento autonómico e os criterios precisos para avanzar cara a un novo sistema de financiamento que dea resposta ás necesidades da nosa comunidade autónoma** xa que o actual non garante a cobertura da prestación dos servizos públicos esenciais en Galicia, ao non valorar xustamente o maior custe na súa prestación pola elevada dispersión da poboación nin o elevado envellecemento da mesma.

Política tributaria

O aumento do gasto público e a caída na recadación fiscal que trouxo a crise económica teñen provocado un incremento do déficit público en todas as administracións.

O feito de que os gastos superen os ingresos públicos supón que haxa que financiar dito desfase mediante a emisión de débeda e as condicións e ao prezo aos que os aforradores e investidores prestan depende da percepción do risco de perder o investimento. Esta percepción está directamente relacionada coa posibilidade de xerar ingresos en contía superior aos gastos que permitan afrontar o pagamento da débeda.

Para evitar esta situación, só hai dous camiños: a redución do gasto público e o incremento da recadación. Esta suba na recadación pódese producir a través de subas de impostos, o que suporía un aumento da presión fiscal sobre todos os cidadáns. Unha suba de impostos no ámbito da nosa Comunidade Autónoma pode resultar dobremente contraproducente, pois ademais de provocar unha contracción maior da actividade empresarial e dos investimentos, e do consumo interno, pode alterar a súa vez a lóxica redistributiva estatal propia dos tributos de maior poder recadatorio.

As reformas no ámbito fiscal deben responder a unha acción de Goberno meditada e reflexionada e non a improvisacións, para evitar a adopción de medidas que supoñan a elevación da presión fiscal que teñan efectos negativos sobre a atracción de capitais e o investimento estranxeiro, cando o lóxico é dar seguridade e confianza aos operadores económicos con medidas coherentes e na mesma dirección e non mediante medidas inconexas, aleatorias e oportunistas, que só xeran desconfianza nun momento como o actual.

As experiencias das Comunidades autónomas con maior presión fiscal autonómica (Cataluña, Andalucía, etc.) tanto na contención do déficit como

na redución do paro non resultan consistentes, desde logo, coa tese de que as subas de impostos a nivel autonómico permiten cubrir o custo dos servizos públicos ou contribuír á xeración de emprego.

As rebaixas impositivas selectivas realizadas na pasada legislatura non tiveron un efecto orzamentario equivalente a aplicar os menores tipos ás bases anteriores ás reformas, xa que as bases aumentaron á súa vez pola vía do desestímulo ao fraude fiscal e o estímulo á actividade económica e o aumento de renda dispoñible para as familias.

Así pois, **as baixadas selectivas de impostos favorecen non só a actividade económica, senón tamén a recadación a medio prazo**, xa que se recuperan os incentivos sobre as decisións que constitúen a base do crecemento económico: traballo, aforro, investimento e asunción de riscos.

- ✓ Por iso, **o PPdeG manterá os beneficios fiscais aprobados no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), no Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados e no Imposto sobre Sucesións e Doazóns (ISD)**, para facilitar a recuperación económica, especialmente os dirixidos a creación de emprego, aos emprendedores, á capitalización das empresas galegas e ao financiamento do crecemento das empresas de gran potencial expansivo establecidas na Comunidade Autónoma de Galicia, fundamentais nun contorno de restrición de acceso ao financiamento alleo tradicional.
- ✓ Adicionalmente, e cos mesmos obxectivos, **analizarase a posibilidade de introducir novos beneficios fiscais nos tributos autonómicos** orientados a reforzar a capacidade da economía galega de xerar oportunidades e emprego.
- ✓ No seu conxunto, e ante a complicada situación financeira na que nos encontramos, consideramos que **a prioridade actual da política económica debe seguir sendo o emprego, a redución do déficit público e o establecemento dun sistema fiscal estable**, previsible e eficiente que introduza, canda sexa posible, incentivos para a creación de postos de traballo na economía produtiva galega.
- ✓ Xunto a isto, **deben adoptarse medidas para incrementar a loita contra a economía somerxida e a fraude fiscal**, que redunden nunha maior recadación tributaria sen aumento da presión fiscal, e que melloren a xestión da Administración tributaria galega reforzando a seguridade xurídica dos contribuíntes.

- ✓ A loita contra a fraude fiscal é unha medida necesaria para paliar e saír canto antes da crise, e é a posta en marcha das medidas e mecanismos necesarios para loitar eficazmente contra a fraude fiscal. Así, antes de subir os impostos, en Galicia optouse por aprobar un **Plan Especial de Comprobación Tributaria**, complementado coa aprobación das medidas de carácter normativo e organizativo necesarias. Este Plan non só supuxo un incremento substancial de recursos, senón que **permitirá acometer con garantías a revisión da estrutura orgánica actual da Administración Tributaria autonómica**, mediante a posta en marcha da xa creada na pasada lexislatura Axencia Tributaria de Galicia.
- ✓ O PPdeG lle encomendará á **Axencia Tributaria de Galicia** a aplicación de todos os tributos propios, así como, por delegación do Estado, dos tributos estatais cedidos, como instrumento ao servizo dos intereses da Comunidade Autónoma de Galicia para a aplicación efectiva dos recursos ao seu cargo.

A **Axencia Tributaria de Galicia** terá como obxectivos:

Incrementar os éxitos na loita contra a fraude e mellorar o rendemento na xestión dos impostos que pagan os cidadáns.

Levar a cabo as actuacións precisas de colaboración e coordinación coa Administración tributaria estatal, a doutras Comunidades Autónomas, e as Facendas locais, contribuíndo á eficacia do sistema tributario español no seu conxunto. Reforzar a colaboración entre a Administración tributaria autonómica e a estatal, para seguir avanzando na loita contra a fraude fiscal.

Incrementar a capacidade de xestión e a especialización, dispoñer dos medios materiais e persoais idóneos, e dun réxime xurídico que se adapte ás singularidades da actividade que debe desenvolver, gozando da conveniente flexibilidade para o exercicio das súas funcións.

A Axencia apoiarase nun **modelo organizativo que parta da fixación duns obxectivos, para a súa posterior avaliación e control**, coa conseguinte esixencia de responsabilidade polos resultados obtidos e o respecto dos dereitos dos cidadáns (Contrato de xestión).

De forma parella ao incremento da autonomía de xestión que supón o modelo de Axencia irán os correspondentes controis sobre esta. Deste modo, xunto ao control interno de eficacia e eficiencia consistente na avaliación de resultados e a responsabilidade dos xestores en caso de incumprimento dos obxectivos, sitúase o

control financeiro e de auditoría pública, así como o control externo exercido polo Consello de Contas.

En definitiva, para cumprir coa súa misión, a Axencia desenvolverá dúas liñas de actuación:

- ✓ A **detección e regularización dos incumprimentos tributarios** mediante actuacións de control (loita contra o fraude fiscal)
- ✓ A **mellora na prestación de servizos de información e asistencia ao contribuínte** para minimizar os custos indirectos asociados ao cumprimento das obrigas tributarias (redución da presión fiscal indirecta), afondando nas liñas de actuación iniciadas, con atención ás posibilidades que ofrecen os avances tecnolóxicos.

Xestión dos Fondos Comunitarios

A partires do marco proposto pola Comisión Europea para a Política de Cohesión no período 2014-2020, Galicia debe **proseguir na consecución dunha maior eficacia na programación e xestión dos fondos europeos para 2014-2020**, en dous aspectos:

- **cuantitativo**, obtendo o máximo de recursos posible, e
- **cualitativo**, alcanzando un grao elevado de proveito e optimización dos resultados:

Para isto, propoñémonos:

- **Recoller as orientacións e propostas do escenario financeiro e os aspectos cualitativos de cambios en regulamentos sobre fondos comunitarios para o período 2014-2020**, e identificar as liñas prioritarias para concentrar a programación de Galicia
- **En coordinación coas actuacións da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, seguir defendendo activamente a posición e os argumentos de Galicia para garantir unha "aterraxe suave" dos Fondos Europeos** ante o novo período, e así poder ser incluídos na "rede de seguridade" proposta pola Comisión para as rexións europeas que abandonan por vez primeira o obxectivo "Converxencia".

- Canto a negociación da política de cohesión 2014-2020 e os plans e programas do Contrato de Asociación os PO dentro do Marco Estratégico Común do Estado, unha vez que o PPdeG xa iniciou nesta legislatura o deseño dun marco de actuacións cofinanciadas ou cofinanciables con fondos, na próxima legislatura realizará as tarefas de **preparación, discusión e definición dos programas operativos nacionais e rexionais**, en colaboración coas autoridades nacionais e locais e coa participación das partes implicadas: cidadáns, traballadores, empresas, universidades, consumidores, organizacións non gobernamentais, etc.
- Por outra parte, coincidindo coa entrada dun novo período orzamentario para a política de cohesión rexional, cómpre formular no ámbito do Estado, unha **revisión dos criterios de distribución do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI)**.
- A situación financeira da Administración do Estado, os compromisos derivados do Pacto de estabilidade e a posta en marcha de normas sobre disciplina orzamentaria, afectarán sen dúbida aos investimentos públicos do Estado, que constitúen a base de cálculo do FCI. Este, á súa vez, representa un instrumento de gran importancia para o noso financiamento. Pese as dificultades financeiras actuais, é necesario **demandar que se reforcen os esquemas de solidariedade e de compensación interterritorial a favor das zonas menos favorecidas**. Para elo, proporemos a **introdución dos conceptos de avellentamento poboacional e despoboamento de zonas rurais nos criterios de reparto e de ponderación das variables**, pois tratase de manter o esquema de solidariedade e compensación que supón o FCI.
- O PPdeG impulsará que o Parlamento de Galicia eleve ao Goberno do Estado unha **proposta para encontrar fórmulas que proporcionen unha maior certeza financeira** (por exemplo, fixando un solo plurianual que permita financiar proxectos a medio prazo).
- Igualmente, procurando a coincidencia de intereses con CC.AA. como Andalucía e Castela A Mancha que tamén verán reducidas as achegas comunitarias a partires de 2013, **demandarase a fixación dunha compensación transitoria a través do FCI**, ao igual que fai a UE con respecto aos fondos estruturais.

REFORMA ADMINISTRATIVA

Na pasada lexislatura, o PPdeG impulsou un **profundo proceso de modernización da administración pública**. Así, e entre outras medidas:

- ✓ Deuse un decidido impulso á **E-Administración** mediante a posta en marcha da sede electrónica.
- ✓ **Racionalizáronse as estruturas administrativas**, coa redución do número de Consellerías e a minoración da estrutura periférica nun 90%, ao pasar de 52 delegados provinciais a 5 delegacións territoriais.
- ✓ Puxéronse en marcha medidas para **reducir á metade a dimensión da administración paralela**, co obxectivo de suprimir máis de 70 organismos dependentes e introducir 500 melloras para incrementar a eficiencia dos que seguen en funcionamento.
- ✓ Avanzouse decididamente na **cooperación interadministrativa**, así como no nivel de transparencia que a administración ofrece á cidadanía.
- ✓ Potenciouse de forma transversal a **implantación e uso das novas tecnoloxías**, para mellorar a atención e resposta que ofrecen os empregados públicos aos cidadáns; como coa posta en marcha do proceso de centralización telefónica para facilitar o acceso dos cidadáns aos servizos públicos, coa conseguinte redución de custos e a aplicación de economías de escala.

O obxectivo de todas estas medidas é **lograr unha estrutura organizativa máis eficaz na prestación dos servizos, máis pegada ás necesidades sociais, máis transparente, flexible e innovadora na súa xestión e centrada na máxima optimización dos recursos** dos que dispón.

Porque unha administración máis áxil, eficiente e aberta resulta fundamental para fortalecer o sistema democrático e lograr unha sociedade con maiores cotas de benestar e calidade de vida.

Nesta liña considérase necesario afondar nos cambios operados, coa introdución de novas medidas nos seguintes eixos de actuación:

Transparencia, austeridade e redución do gasto

Resulta necesario **seguir racionalizando os gastos de funcionamento da**

administración pública, baixo os principios de eficiencia e austeridade, avanzando ao mesmo tempo na configuración dun modelo de Goberno aberto, transparente e plenamente participativo. Para iso, o PPdeG impulsará:

- ✓ A aprobación dun **Plan de Eficacia e Transparencia administrativa**, que contemple o deseño e desenvolvemento de plans e controis internos do gasto público e da calidade e eficiencia da administración.
- ✓ A elaboración dun **Código ético dos representantes políticos e/ou dos xestores políticos das administracións e do sector público autonómico**.
- ✓ **Integrará a avaliación no ciclo da programación, planificación e implantación das políticas públicas como unha práctica habitual** para a mellora continua.

Capital humano: racionalizar estruturas de persoal

Os empregados/as públicos teñen un elevado nivel de preparación e profesionalidade, ademais dun evidente compromiso co servizo público.

O emprego público dunha administración moderna debe estar articulado en base aos principios de **flexibilidade, alta formación, dominio das novas tecnoloxías e perfís profesionais plenamente adaptados ás necesidades actuais**. Co obxectivo de racionalizar, optimizar, redimensionar e axustar as plantillas ao volume de traballo que soportan, superando os desequilibrios existentes entre unidades con cargas de traballo equivalentes o PPdeG propón:

- ✓ Implantar un **Sistema de Información e Análise da Xestión (SIAX) que permita coñecer de forma obxectiva e permanente a carga de traballo que soportan as distintas unidades administrativas**, prestando particular énfase aos postos de carácter horizontal, nomeadamente auxiliares administrativos. Esta medida, ademais de favorecer a eficacia e eficiencia da organización, fomentaría a transparencia desta, xa que permitiría dar conta á sociedade periodicamente da actividade das unidades administrativas e a lexitimar ante ela a actividade dos funcionarios públicos que prestan os seus servizos nestas.
- ✓ **Racionalizar a negociación sindical das Relacións de Postos de Traballo (RPT)**. Proporase a introdución de medidas para

racionalizar e flexibilizar a negociación sindical das Relacións de Postos de Traballo, co fin de acurtar os prazos para a súa aprobación.

Administración instrumental

Co obxectivo de avanzar no proceso de racionalización emprendido na pasada lexislatura polo PPdeG no ámbito da administración instrumental dependente da Xunta de Galicia, proponse:

- ✓ Continuar cos plans de avaliación, co obxectivo de analizar, simplificar e mellorar a estrutura e funcionamento dos entes aínda non avaliados ata alcanzar a totalidade dos existentes. Daráselle un **decidido impulso ao III Plan de Avaliación e Racionalización de Entes Dependentes**.
- ✓ Apostar polo **modelo de axencias públicas nas áreas de impacto económico estratéxico**, en base ás garantías que esta forma xurídica ofrece dende o punto de vista da rendición de contas e o traballo por obxectivos.
- ✓ Consolidar e xeralizar a figura dos **contratos programa ou de xestión nas axencias públicas autonómicas e tamén noutro tipo de organismos do sector público autonómico**. Os contratos programa son instrumentos estratéxicos cara un modelo de excelencia na xestión interna. Introducen mecanismos de medición da eficacia, vinculando a asignación dos recursos ao cumprimento de obxectivos previamente establecidos.

Simplificación de procedementos administrativos

A canle básica de relación dos cidadáns coa Xunta de Galicia son os **1.548 procedementos administrativos emanados das distintas consellerías** a través dos que se solicitan axudas, subvencións, bolsas, autorizacións, permisos, licenzas e efectúan declaracións responsables.

Resulta fundamental racionalizar e simplificar a tramitación dos devanditos procedementos avanzando cara á transaccionalidade completa destes, mediante o valor engadido que achegan as novas tecnoloxías. Neste marco resulta esencial **impulsar os servizos públicos electrónicos**, para xeralizar a realización de xestións e trámites administrativos a través de internet.

Na pasada lexislatura produciuse un avance importante nesta liña a través da regulación do desenvolvemento da Administración Electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes; a creación da sede electrónica da Xunta; ou o procedemento de habilitación de procedementos administrativos e servizos. Tamén a través da implantación de dous aplicativos informáticos específicos (o Sistema Electrónico de Solicitudes, que permite que os cidadáns e as empresas poidan sen necesidade de acudir presencialmente ás oficinas de rexistro, iniciar a través da sede electrónica os procedementos administrativos presentando telematicamente as solicitudes ou instancias e os documentos complementarios que deben de acompañar ás mesmas; e o aplicativo “REDUCE”).

Partindo de todo o exposto, o obxectivo estratéxico para a próxima lexislatura é **afondar na simplificación e racionalización dos procedementos administrativos e a redución de prazos de tramitación**, para o que o PPdeG:

- ✓ Afondarán o **desenvolvemento do portal de interoperabilidade**, para fomentar a reutilización de datos públicos, eliminar requirimentos de documentos e reducir cargas administrativas á cidadanía e empresas.
- ✓ Continuar co plan de **redución de prazos de tramitación** xa iniciado na actual lexislatura no marco do Plan Reduce, ata acadar unha **minoración do tempo de resposta do 60%**.

Xeralizar o uso das Tic na administración

Para o PpdeG, o obxectivo neste eido é **pór a disposición da cidadanía e das empresas de Galicia contidos e servizos públicos dixitais avanzados que respondan ás súas necesidades e expectativas reais e que, á súa vez, permitan o aumento na súa calidade de vida.**

O uso adecuado das TIC por parte da administración, que permitirá transformar as relacións que se establecen entre os gobernos e a cidadanía, pasa por un **cambio no modelo de administración e na forma que se prestan os servizos públicos.**

Os plans que se desenvolverán para a consecución deste obxectivo estratéxico, son os seguintes:

(*) Modernización da administración

Este plan permitirá o **despregamento da Administración electrónica en Galicia**, mediante a adopción dos sistemas necesarios para a

simplificación e a tramitación electrónica dos procedementos, a interoperabilidade dos sistemas e os servizos dixitais horizontais.

Os obxectivos específicos que se pretenden acadar con este plan son:

- **Desenvolvemento do marco normativo** para a posta en marcha efectiva da administración electrónica.
- O **desenvolvemento da sede electrónica** da Administración pública galega.
- A **creación do cartafol único** de cidadán/empresa.
- A **eliminación da petición da documentación que obre en poder da Administración Pública**. Desenvolvemento do nodo de interoperabilidade.
- A **constitución do rexistro único** da administración pública galega, presencial e electrónico.
- **Promoción da presentación electrónica** dos procedementos administrativos da guía de procedementos e servizos
- O **desenvolvemento dos sistemas e servizos electrónicos** para simplificar e mellorar a eficacia dos procedementos de relación coa administración pública de Galicia, tanto na relación cos sectores implicados como para a propia xestión interna. Tendo en conta os características específicas de cada ámbito sectorial: inscrición en rexistros, tramitación de axudas e subvencións, ...
- A **posta en marcha do arquivo documental dixital**. A provisión de sistemas de arquivo e custodia dixital cara a consolidación do arquivo dixital de Galicia.

(*) Impulso da relación telemática co sector empresarial, comercial e industrial

O sector empresarial, comercial e industrial é un dos ámbitos obxectivo para a consolidación da administración electrónica na súa relación coa administración pública, tanto no relativo a tramitación de axudas, a aplicación da directiva de servizos, a consolidación dos rexistros creados no ámbito de competencia da administración pública.

O obxectivo deste programa vai orientado a **simplificación dos procedementos administrativos vinculados a actividade empresarial e industrial para a redución das cargas administrativas na relación coa Xunta de Galicia**, a extensión da sede electrónica cara un modelo de xanela única empresarial que facilite a as empresas a relación coa administración pública.

Os obxectivos específicos que se pretenden acadar con este plan son:

- Simplificar e mellorar a eficacia dos procesos relacionados coa regulación e promoción do comercio interior, co desenvolvemento servizos electrónicos tanto para a relación co sector como cara a xestión interna.
- Desenvolvemento dos sistemas de información para a xestión electrónica das actividades correspondentes aos rexistros industriais, e aos procesos vinculados a regulación e soporte da actividade industrial.
- Desenvolvemento dos sistemas de información para a xestión electrónica das actividades correspondentes ao ámbito do sector turístico.
- Especialización da sede electrónica na relación co sector empresarial e industrial. Constitución da xanela única empresarial.

(*) Impulso da colaboración e acción coordinada entre administracións

Este programa ten como finalidade acadar un conxunto de servizos comúns dixitais de uso xeneralizado polas administracións locais, que acompañen ao desenvolvemento das TIC na administración local e que mediante a eliminación de duplicidades favoreza a eficiencia no consumo de recursos, sistemas e infraestruturas tecnolóxicas:

- Consolidación da canle EidoLocal para a relación coas Entidades Locais.
- Posta en marcha dun catálogo de servizos dixitais compartidos coas Entidades Locais.

(*) Ordenación e impulso da presenza da administración pública en Internet e fomento da transparencia, participación e colaboración coa cidadanía

Reforzo da presenza da administración pública en Internet, mediante a coordinación de iniciativas, mellora da calidade da presenza das institucións, fomento das áreas vinculadas a divulgación da identidade cultural, patrimonial, lingüística e social galega a través de internet, dando a coñecer aspectos máis diferenciais da nosa comunidade, fomento das áreas temáticas de servizos, promoción da accesibilidade, ...

Impulso das actuacións para a promoción transparencia, da reutilización da información do sector público, da apertura en formatos abertos, e para a promoción de xeración de servizos de valor a partir de esa información.

Favorecer a participación cidadán nas decisións da administración pública e crear plataformas de colaboración entre administración e cidadanía.

- Consolidación da presenza nas redes ou canles sociais, tanto a nivel institucional como por temáticas de relevancia.
- Posta en marcha de plataformas de participación cidadá

FUNCIÓN PÚBLICA

A actual situación económica de España e da Comunidade Autónoma de Galicia require continuar realizando unha permanente adaptación das estruturas administrativas, dotándoas dunha maior flexibilidade e maior rapidez de resposta ante as necesidades de persoal.

Ademais, nun contexto dunha importante restrición de recursos públicos **deberán abordarse unha serie de medidas que, dentro das restricións orzamentarias, poidan motivar aos empregados públicos a traballar mellor e aumentar a súa produtividade.** Os importantes sacrificios realizados polos empregados públicos nos últimos tempos deben ser recoñecidos con medidas de flexibilización e estímulo ao rendemento.

Dentro deste conxunto de actuacións o PPdeG impulsará:

- ✓ A aprobación da **Lei do Estatuto Galego do Empregado Público.** O desenvolvemento global do Estatuto Básico permitirá unha xestión de persoal máis moderna e homoxénea, sen a existencia de lagoas normativas e contradicións coa lexislación xeral establecida polo Estado. Constitúe, polo tanto, unha **oportunidade para a modernización do emprego público,** incidindo en tódolos aspectos esenciais do réxime estatutario do empregado público.

Esta norma debe establecer un **marco común para o emprego público de tódalas Administracións e entidades públicas** ás que se estenden as competencias legislativas da Comunidade Autónoma.

O obxectivo último da lei ten que ser a **mellora da calidade dos servizos públicos que prestan as administracións;** evitando que se malgasten os recursos por unha mala xestión das políticas de persoal.

- ✓ **Regulación do persoal directivo:** É necesario establecer o réxime xurídico do persoal directivo profesional, que debe completar a regulación da normativa básica nesta materia; configurando unha verdadeira carreira directiva profesional, aberta, nas Administracións Públicas Territoriais, ao persoal funcionario de carreira e ao persoal laboral fixo, e nas demais entidades públicas, tamén ás persoas que non teñen a condición de empregados públicos. Débese garantir o acceso e a permanencia nesa carreira de conformidade a criterios obxectivos, así como a posibilidade de promocionar dentro dela.

- ✓ **Aprobación dos regulamentos de desenvolvemento do Estatuto Galego do Emprego Público.** A aprobación do Estatuto Galego implica a necesidade de adaptar os decretos de desenvolvemento da lei actual que datan con carácter xeral do ano 1991, para actualizala aos múltiples cambios legislativos realizados, a aplicación das novas tecnoloxías no funcionamento da Administración, a necesaria adaptación do réxime disciplinario dos empregados públicos para reforzar as garantías do principio de legalidade.
- ✓ **Modificación dos procesos de selección de persoal,** en especial, unificando a selección do persoal temporal da Administración e dos entes instrumentais. Débese proceder á aprobación dunha nova normativa en materia de selección de persoal, aumentando as garantías de confidencialidade e seguridade na realización das probas selectivas. Ademais na selección do persoal temporal haberá de aprobarse un novo decreto de listas que permita una selección do persoal máis adecuada ás necesidades da Administración e que incremente as garantías dos participantes nas listas.
- ✓ **Conformar o expediente electrónico dos empregados públicos e a tramitación electrónica dos procesos de selección:** Nos últimos anos avanzouse na aplicación das novas tecnoloxías na xestión dos recursos humanos da administración autonómica. Agora cómpre completar a informatización nesta materia, establecendo con carácter xeral a tramitación online das cuestións que afectan ao persoal. Ha de completarse a informatización do expediente de persoal, o que facilitaría a realización de concursos de traslados con maior axilidade e realizar tódalas xestións en materia de persoal cun menor custe en espazo e tempo para camiñar cara o “concurso permanente”.
- ✓ **Establecemento dos concursos de traslados abreviados.** A actual situación económica, así como a rapidez dos cambios que se producen nas estruturas administrativas, provocan a necesidade de ter persoal en unidades novas ou de diminuír persoal en unidades nas que diminúe moito a súa carga de traballo. Estes movementos de persoal si se realizan con rapidez e entre o persoal existente con carácter de voluntariedade, supoñen un importante aforro e ademais permite utilizar a experiencia deste persoal. Para isto, é necesario axilizar a realización de concursos de traslados non con carácter xeral, senón dirixidos a aquelas unidades nas que é necesario persoal.
- ✓ **A planificación das posibles ofertas de emprego con carácter xeral para toda a Comunidade Autónoma.** A oferta de emprego

é o instrumento por medio do cal a administración se dota de empregados públicos. As reformas realizadas nos últimos anos na administración instrumental e a vocación da normativa básica deberían levar á aprobación dunha única oferta de emprego para toda a Comunidade Autónoma na que se ofertasen aqueles postos imprescindibles e aqueles nos que sexa necesario diminuír a temporalidade. A oferta de emprego ha de conter un cronograma do desenvolvemento do proceso selectivo.

- ✓ É necesario acentuar o **control sobre a execución das asistencias técnicas, contratos de servizos, consultarías e encomendas de xestión**, xa que unha mala utilización dos mesmos orixina uns importantes custes á Administración e ademais pode ocasionar un aumento do persoal indefinido da Administración por medio das sentencias xudiciais cos efectos perniciosos que isto implica.

A Orde de 8 de xullo de 2009 crea a Comisión para o control e coordinación das asistencias técnicas, contratos de servizos, consultarías e encomendas de xestión. Hai que **potenciar e establecer uns medios de control inmediato do número deste tipo de instrumentos xurídicos para poder saber en calquera momento cal é a situación** e, neste contexto económico, dedicar tódolos medios propios da Administración á realización de aqueles traballos que se podan asumir polos empregados públicos sen necesidade de acudir a estas formas de contratación externas. **Só se realizarán este tipo de contratos cando non sexa posible a realización dos mesmos polos medios propios da Administración.**

- ✓ **Adaptación á nova ordenación dos estudos universitarios.** O PPdeG regulará e adaptará os grupos de clasificación profesional e as titulacións requiridas para o acceso e adaptalos plenamente á nova ordenación dos estudos universitarios e da ensinanza en xeral.
- ✓ **Desenvolvemento da carreira profesional.** Ha de avanzarse no desenvolvemento do Estatuto Básico e debe irse regulando e desenvolvendo a carreira profesional, **introducindo a carreira horizontal do persoal funcionario de carreira**, coa finalidade de permitir a progresión profesional deste sen obrigarlle a cambiar de posto de traballo.
- ✓ **Desenvolvemento da avaliación do desempeño.** O sistema de avaliación do desempeño consiste na **avaliación individualizada de cada empregado e non global das unidades administrativas** e levarase

a cabo mediante criterios e procedementos de carácter obxectivo. Impulsarase a avaliación do desempeño cunha periodicidade predeterminada e terase en conta para aqueles empregados públicos que desexen progresar na súa carreira profesional, os que ocupen postos de traballo obtidos por concurso e os que desexen manter os complementos retributivos que estivesen ligados a esta avaliación.

Ademais disto, as Administracións Públicas establecerán unha **planificación da avaliación periódica das súas unidades administrativas** que mida e valore o rendemento e o logro de resultados por parte daquelas e do persoal destinado nas mesmas.

- ✓ **Desenvolvemento e aplicación de medidas tendentes a facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.** A propia situación económica actual e a situación demográfica de Galicia propician que a Administración deba ser exemplo nos temas de conciliación da vida familiar e laboral, para isto impulsaranse, entre outras, as seguintes medidas:

- A aprobación dun **Plan de igualdade na Administración Pública.**

- O establecemento do **horario flexible** que permita conciliar os horarios de traballo na Administración cos horarios escolares.

- O **avance no teletraballo**, así como a implantación das novas tecnoloxías na Administración autonómica debería levar consigo o estender a práctica do teletraballo naqueles postos de traballo nos que sexa posible; isto leva sempre un aforro de medios propios e pode motivar ós empregados públicos que desexen manter esta modalidade conseguida, si é obxecto dunha avaliación periódica constante.

- ✓ **Desenvolver as funcións do Consello Asesor para a integración da discapacidade na Función Pública de Galicia.** A Administración Autonómica debe ser especialmente sensible á integración dos discapacitados na Administración Autonómica, para isto debe traballarse na elaboración do **decreto de acceso dos discapacitados á Administración e na elaboración das relacións de postos de traballo** que teñan en conta as adaptacións necesarias de postos para que poidan ser desempeñados por discapacitados.

- ✓ **Finalización da reordenación da Administración instrumental e establecemento dunha regulación homoxénea do persoal**

dos mesmos. A entrada en vigor da LOFAXGA supuxo un cambio radical no control dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia. Agora, **adaptaremos toda a normativa dos entes e estableceremos unha regulación homoxénea do persoal dos mesmos.** Aprobaranse todas as relacións de postos de traballo dos entes instrumentais que se adaptarán ás novas necesidades de persoal.

- ✓ **Realización do proceso de funcionarización do persoal laboral da Administración Autónoma.** A funcionarización do persoal laboral fixo representa unha importante vantaxe, ademais de para os empregados públicos, para a Administración porque pode supor un **relevante aforro no conxunto do persoal funcionarizado e un maior grao de eficiencia na xestión dos recursos públicos.**

En materia de formación, o PPdeG quere reforzar a tripla función da **EGAP** para dar un mellor servizo aos funcionarios públicos, ás Administracións e á cidadanía galega:

achegando coñecemento mediante a docencia e as publicacións,

xerando coñecemento mediante a investigación,

estendendo coñecemento mediante a divulgación colaborativa a través da EGAP 2.0.

Para iso, a EGAP:

- ✓ Avanzará na **formación dos empregados públicos en competencias dixitais e na súa acreditación.**
- ✓ Atenderá as demandas de formación derivadas das **necesidades detectadas na propia organización e tamén se adaptará ás expectativas** e necesidades expresadas polos propios empregados públicos.
- ✓ Incrementará a **formación en materia lingüística**, tanto da linguaxe administrativa galega como en linguas estranxeiras.
- ✓ Aproveitará ao máximo as posibilidades que ofrece a **tele-formación ou formación on line.**

- ✓ Potenciará unha formación dos empregados públicos baseada nos **principios éticos e de conduta establecidos no EBEP**, con traballo e rigor académico, esforzo persoal, audacia para a innovación e coñecemento global da sociedade galega.
- ✓ Para facilitar a promoción interna, a Escola prestará especial atención á **formación dos empregados públicos que aspiren á promoción interna**.
- ✓ Para facilitar a **igualdade de oportunidades**, a Escola avanzará na elaboración de temarios da Xunta de Galicia e das Administracións Locais que o soliciten, ofrecéndoos de forma gratuíta a través da súa páxina web.
- ✓ Creará un equipo de traballo coa Dirección Xeral de Función Pública para **adaptar permanentemente, tanto os coñecementos esixidos aos opositores para acceder ao emprego público como as probas necesarias para a súa demostración**, de tal maneira que non se esixan coñecementos innecesarios e non se obvien outros determinantes dos concretos postos de traballo aos que opten os opositores.

FOMENTAR A COMPETITIVIDADE

Galicia necesita incrementar a súa competitividade para garantir o seu futuro no marco do proceso de globalización. As pequenas e medianas empresas, que representan a maior parte da nosa estrutura empresarial, especialmente en termos de emprego, poden e deben xogar un importante papel como motores da competitividade da nosa comunidade autónoma. O PPdeG considera que desde a administración hai que apoiar este proceso.

Porque o principal papel que o sector público pode realizar para a mellora da competitividade é impulsar que as pequenas e medianas empresas (PEMES) participen nos mercados globais e contribuir a dotalas das infraestruturas públicas que lles facilitan o acceso a eses mercados, co obxectivo de que esa participación fomente o desenvolvemento sostido desas empresas, para crear postos de traballo estables en Galicia.

No PPdeG cremos que **as economías desenvolvidas non deben centrar as melloras da competitividade vía prezos (restrinxindo salarios e marxes de beneficio) senón mellorando a produtividade, e con elo permitindo crecer aos salarios e ás retribucións empresariais.**

O obxectivo é **mellorar a nosa competitividade estrutural**, ou sexa, incrementar e mellorar a nosa participación na economía global, cun crecemento sostido dos ingresos, e para iso é fundamental apoiar a mellora competitiva das PEME no mercado global.

Buscamos unha **mellora da competitividade baseada no progreso competitivo**, ou sexa, a fabricación de mellores produtos, a fabricación de forma máis eficiente, ou actividades que requiren maiores destrezas. Isto permitiranos considerar a vantaxe comparativa “dinámica”, ou o que é o mesmo, a vantaxe adquirida a través de esforzos intencionados das empresas, e en sectores distintos aos que gozan de vantaxe comparativa estática. O progreso competitivo relaciónase unicamente coa innovación que se utiliza para aumentar o valor engadido.

Para lograr isto, as empresas poden recorrer a varios métodos, como penetrar nichos de mercado con maior valor unitario, entrar en novos sectores, ou emprender novas funcións produtivas ou de servizos. Dentro deste contexto, a innovación non se define unicamente como o descubrimento dun produto ou proceso que é novo; inclúe tamén de accións de melloras evolutivas e marxinais de produtos e procesos que son novos para a empresa e que lle permiten manterse ao día coas normas internacionais cambiantes. O anterior implica un desprazamento cara a actividades, produtos e sectores con maior valor agregado e altas barreiras de entrada.

O progreso competitivo funcional é adquirir novas funcións superiores na cadea, tales como, deseñar e comercializar; ou ben, abandonar funcións existentes de baixo valor engadido para concentrarse en actividades de maior valor engadido.

A innovación e a calidade son fundamentais para unha mellora da competitividade das nosas empresas, pero outro factor clave é a cooperación tanto entre empresas, como aquela que poña en contacto a todos os axentes que teñen un papel na procura do progreso competitivo na economía, como son as administracións públicas e os investigadores das Universidades e dos Centros tecnolóxicos.

Dado que a mellora da competitividade é transversal, as medidas concretas de mellora desenvolverémolas nos eixos de clústers, calidade, innovación e internacionalización.

- Clusters.

Nos clústers, a creación de riqueza está por encima da media rexional. As empresas integradas nos clusters tenden a exportar unha maior porcentaxe da súa produción. Dentro do clúster pódense atopar firmas de todos os tamaños, compañías de produtos finais ou servizos, provedores de insumos especializados, compoñentes, maquinaria, e servizos, institucións financeiras, firmas en industrias relacionadas, institucións de educación, centros de investigación, institucións gobernamentais e en xeral, toda organización que inflúa no desempeño do clúster.

Os clústers ofrecen **gran variedade de vantaxes ás organizacións que se localizan dentro delas** como dispoñibilidade de insumos, congregación de man de obra; concentración de coñecemento; acumulación de Capital Social; xeración de incentivos: innovación; complementariedade.

Os clústers representan unha nova forma de abordar a investigación da actividade económica e a formulación de políticas de desenvolvemento. Este novo enfoque, a diferenza do sectorial, captura non só as relacións verticais de tipo provedor-distribuidor, senón que vai máis aló, ao ter en conta relacións horizontais - ben sexan de competencia ou colaboración entre firmas-, apoio financeiro, investigación universitaria ou puntos de encontro, cuxa coordinación e impacto é absolutamente decisivo para a xeración dunha vantaxe competitiva sustentable.

Como consecuencia do anterior, resulta que **as Pemes que participan en concentracións empresariais tenden a innovar máis que as que non se**

alían, debido ás economías externas que se xeran, porque son capaces de superar algúns dos principais obstáculos que afrontan: falta de destrezas especializadas, dificultade de acceso á tecnoloxía, aos mercados ou aos servizos de apoio.

Por todo elo o PPdeG quiere **seguir apoiando o desenvolvemento de clústers** orientados ao fomento de vencellos entre as empresas galegas, e reforzar a posición local dentro das cadeas produtivas, Para elo, e como principais medidas, propoñemos as seguintes medidas:

- ✓ Promover **relacións entre as Universidades e os clústers**.
- ✓ Potenciar as **incubadoras baseadas nas concentracións empresariais** que poderían crear o apoio necesario para a creación de empresas neste sector
- ✓ Establecer **programas de asesoramento, titoría e estudo de viabilidades e sinerxías relacionais** para a creación/ mantemento/ estabilización do clúster.
- ✓ Apoiar a **formación e información** requiridos en función das necesidades de cada clúster e que o mercado non provea de forma adecuada.
- ✓ Apoiar a **cooperación e o funcionamento en rede**: empresas con empresas e empresas cos provedores de investigación.

- Calidade.

Para acadar a competitividade das nosas empresas e a apertura da economía galega existe un factor fundamental: a calidade.

Por iso, o PPdeG ten previsto a posta en marcha de políticas que potencien a calidade dos nosos produtos e servizos, así como das nosas empresas, porque

A calidade referida aos produtos e servizos permite **incrementar a súa diferenciación nos mercados e acadar a competitividade pola vía da excelencia**.

Nas empresas, a incorporación de controis de calidade nos seus procesos produtivos e de relación permite **incrementar a confianza dos seus potenciais clientes e o seu prestixio** como empresa para operar nos máis modernos e esixentes mercados internacionais.

rendemento a nivel comercial dos produtos galegos e potenciar a presenza da imaxe “Galicia Calidade” en mercados situados fora das nosas fronteiras.

- ✓ Continuar coa **promoción e publicidade da marca** nos diferentes mercados, sempre asociando a idea de Galicia a calidade.
- ✓ **Diversificar o uso** da marca “Galicia Calidade” creando novas aplicacións da marca que permitan o aproveitamento do seu valor en actividades como organizacións non gobernamentais e de carácter social, en comercios ou na hostalaría. Así, propónse a creación do selo Galicia Calidade Social, Galicia Calidade Comercio e Galicia Calidade Hostalaría.

- Innovación

É obxectivo prioritario do PPdeG consolidar definitivamente un **novo modelo de crecemento baseado no coñecemento e na innovación** para crecer de maneira sostible, xerar emprego de calidade e incrementar a aposta e a capacidade competitiva das nosas empresas, competindo con éxito na economía globalizada e altamente competitiva de hoxe en día. Necesitamos reforzar os polos de xeración de coñecemento excelente, valorizar de forma eficiente dito coñecemento a través das empresas e da colaboración cos outros axentes do Sistema Galego de I+D+I, conformando un sistema dinámico.

Para elo, e como principais medidas, o PPdeG propón as seguintes medidas:

- ✓ **Consolidación do papel da Axencia Galega de Innovación** como axente central do Sistema Galego de Innovación. Creada na pasada lexislatura como entidade instrumental do sector público autonómico, a Axencia ten como obxectivo vertebrar as políticas de innovación nas Administracións Públicas galegas, e apoiar e impulsar, mediante a implementación de estratexias e programas de innovación eficientes, o crecemento e a competitividade das empresas galegas. O seu obxectivo é contribuír, desde unha posición de liderado, á transformación do modelo produtivo da economía galega a través da innovación, actuando como un elemento tractor na cohesión do Sistema Galego de Innovación e propiciando un goberno eficiente que facilite unha óptima interacción e complementariedade entre as empresas e as demais entidades que o integran.

No pasado, o PPdG chegou a facer da marca “Galicia Calidade” unha referencia da excelencia dos produtos galegos. Durante a pasada lexislatura, a marca reposicionouse no mercado e amosou unha realidade dunha Galicia dinámica, presente nos mercados internacionais.

- ✓ O PPdG propónse continuar co bo camiño emprendido, resaltando o valor da marca “Galicia Calidade” dentro e fora das nosas fronteiras como sinónimo de confianza, prestixio e calidade.
- ✓ O PPdG porá en marcha un **Plan de fomento da calidade empresarial** que contemple un réxime de axudas dirixido particularmente ás PEMES para favorecer e impulsar a implantación de sistemas de calidade no tecido empresarial galego. Os programas de auditorías e ensaios de Galicia Calidade garanten que os produtos e servizos amparados superaron os controis esixidos, para o que é preciso que contén coas materias primas de máis alta calidade, demostrando que as empresas galegas que levan a enseña crean produtos e servizos altamente competitivos baixo a máxima da mellora continua.
- ✓ O PPdG considera prioritario, ademais, que a implantación dos sistemas de calidade nas empresas galegas inclúan, entre outras variables que reforcen a tradicional boa imaxe dos produtos orixinarios das empresas galegas, os seguintes aspectos:

- Confianza nos produtos e servizos: garantía de salubridade e de protección dos consumidores.
- Utilización de insumos e procesos produtivos respectuosos co medio ambiente
- Garantías de que a empresa practica a “responsabilidade social”; e moi particularmente, no atinxente ás políticas de igualdade.

En relación á marca “Galicia Calidade”, o PPdG considera esencial, unha vez recuperado o posicionamento da marca, **potenciar os resultados da súa imaxe para todos os produtos, servizos e empresas galegas.**

Para isto, propoñémonos:

- ✓ **Ampliar o seu ámbito** a novas actividades e produtos.
- ✓ Crear unha **rede de franquías** da marca para incrementar o

- ✓ **Implementación de Contratos Programa para a consolidación de Centros de Coñecemento:** É estratéxico reforzar o papel tractor dos Centros de Coñecemento do Sistema Galego de I+D+I, impulsando a interacción entre os seus axentes dirixida á valorización do coñecemento. Así, **instrumentaranse Contratos Programa cos centros de xeradores de coñecemento recoñecidos dentro do Sistema Rexional de I+D+i** para impulsar as actuacións co maior capacidade de dinamización e obtencións de obxectivos que beneficien os intereses de Galicia. O seu seguimento a través de indicadores permitirá potenciar o seu desenvolvemento en base a resultados. O financiamento xestionarase sempre sobre unha base de eficacia e de obtención de resultados, así como aliñado cos principais obxectivos da Estratexia Galega, estando en consecuencia sempre vinculado ó cumprimento do conxunto de compromisos e indicadores considerados de carácter estratéxico para o desenvolvemento do Sistema Galego de I+D+i, ligados fundamentalmente a la investigación colaborativa con empresas, en particular PEMEs.
- ✓ **Estímulo á creación de empresas innovadoras de base tecnolóxica (EBTs):** Desenvolveranse programas de apoio á creación de empresas con capacidade para xerar valor a partir do coñecemento en ámbitos científicos e tecnolóxicos específicos e dotados de coñecemento experto en mercados específicos e no deseño de modelos de negocio. Esta actuación articularase mediante un programa de **Bonos de Valorización do Coñecemento** dirixidos a financiar os servizos de consultoría necesarios para a definición de Plans de Negocio orientados á creación de EBTs derivadas de resultados de investigacións científicas e tecnolóxicas realizadas por axentes do Sistema Galego de I+D+i.
- ✓ **Internacionalización da innovación:** Perseguirase dar un salto cualitativo na participación das empresas e dos demais axentes galegos nos fondos de Programas Europeos, reducindo as barreiras que aínda atopan as PEMEs á hora de financiarse nos Programas Marco da CE. Desta forma, o obxectivo é lograr un retorno acorde co orzamento comunitario nos próximos anos e co peso específico de Galicia no conxunto de España. Nesta liña:
 - Estimularase a **homologación de axentes intermedios** para a presentación de proxectos e incentivarase a estes axentes homologados en base aos resultados conseguidos na presentación de proxectos,

- Porase en marcha un **Programa de Bonos Tecnológicos Internacionais** para estimular a preparación de propostas.
 - Para conseguir unha óptima articulación, aplicaranse **estrictos criterios de solvencia técnica e capacidade de impacto**.
 - Potenciarase a **coordinación cos organismos nacionais** que desenvolvan actividades de apoio complementarias.
- ✓ **Impulso da integración dos axentes galegos cos centros de coñecemento excelentes:** No contexto actual, as dinámicas de innovación débense concibir de maneira globalizada, polo que **impulsaranse as iniciativas tanto públicas como privadas que fomenten a participación en redes e a potenciación das conexións con comunidades de coñecemento en innovación** para xerar sinerxías e valorización, multiplicando sinerxías para o desenvolvemento do territorio galego.
- ✓ **Apoio á consolidación das capacidades das PEMEs para planificar e xestionar estratexias baseadas na innovación:** Impulsaranse maiores niveis de excelencia nos procesos de planificación estratéxica da innovación empresarial das PEMEs galegas. Para este fin:
- Instrumentaranse **servizos de consultoría especializada** para prestar apoio ó crecemento orgánico das empresas, potenciando procesos de toma de decisións de calidade por parte das empresas.
 - Poranse en marcha **programas específicos** sobre unha base anual. Así, facilitarase que as empresas podan crecer de forma sostible sobre a base da valorización do coñecemento, da innovación y da internacionalización, e potenciando as súas capacidades financeiras e de xestión.
 - Prestarase **formación, coaching e estableceranse dinámicas colaborativas de innovación aberta**.
- ✓ **Impulsar a innovación por compra sofisticada (demanda temperá):** Profundizarase no uso da compra sofisticada por parte da administración para potenciar proxectos de innovación estratéxicos presentados por empresas galegas, actuando como unha panca de apoio á innovación desenvolvida

fundamentalmente polas administracións públicas e en especial pola Xunta de Galicia. Para iso, **desenvolveranse os procesos e mecanismos de compra favorecedores da innovación en empresas galegas que se axusten plenamente ás normas de contratación pública**, en liña co anticipado pola Axenda Dixital de Galicia (2014.gal) relativo ao sector TIC.

- ✓ **Impulsarase a excelencia e as capacidades de valorización dos grupos de investigación máis competitivos:** Poranse en marcha medidas de apoio para a **consolidación de grupos de investigación galegos de potencial internacional que actúen como panca na produción científica de excelencia**, orientándose a un enfoque industrial de acordo coas necesidades e as potencialidades estratéxicas e socioeconómicas de Galicia. Potenciarase a capacidade destes grupos para a **xeración de patentes e o potencial de alumear spin-offs empresariais**, así como para o peche de contratos con empresas e a transferencia de resultados da investigación científica.

- Internacionalización

Outro dos eixes estratéxicos para que nosa economía poida medrar con taxas sostibles nun contexto de forte crise e caída da demanda interna é desenvolver medidas que busquen o aumento da internacionalización das nosas empresas co obxectivo de aumentar a nosas vendas no exterior.

A clave para o éxito da promoción exterior está na formación e no acompañamento, que debe incluír un apoio integral para as PEMES que coordine todos os recursos dispoñibles.

Así, dándolle continuidade ás políticas postas en marcha na pasada lexislatura, o PPdeG

- ✓ Continuará coa participación no **Plan de Iniciación a Promoción Exterior (PIPE)**, un plan especialmente indicado para empresas que non contan con experiencia en materia de internacionalización e que por primeira vez están a despregar estratexias de internacionalización.
- ✓ Coa participación das Cámaras de Comercio, expertas de recoñecido prestixio na actividade de comercio internacional, continuarase co apoio ao **Plan de Fomento das Exportacións de Galicia (FOEXGA)** establecendo sectores e destinos prioritarios, prestando **especial atención aos países BRIC e aos mercados emerxentes** e deseñando

estratexias e programas específicos para sectores estratéxicos da nosa economía.

Ademáis do PIPE e do FOEXGA poñeranse en marcha outras actuacións como:

Formación: Será a base da estratexia a longo prazo, en especial en relación coas PEMES. Potenciarase a [colaboración coas universidades e coas escolas de negocios](#), a través de programas formativos que incidan en diferentes ámbitos, cun curso de posgrao en materia de comercio exterior, dirixido a formación de profesionais que se poden incorporar ás empresas; e coa formación de bolseiros nas oficinas económicas e comerciais das embaixadas

Promoción: As accións de promoción exterior incluírán a [participación en feiras e exposicións, misións comerciais directas e inversas](#), e accións promocionais directas nos mercados de destino.

Nestes últimos anos, a aposta pola internacionalización do PPdeG tivo un bo exemplo na creación da rede **PEXGA, Rede de Plataformas Empresariais no Exterior**, posta en marcha no ano 2010 co obxectivo de reforzar a internacionalización da economía galega apoiando en destino as accións das empresas galegas e captando novas inversións para a comunidade. Dende a rede se asesora e apoia de xeito integral ás empresas galegas no seu proceso de internacionalización para o cal a PEXGA se constitúe unha das pancas de referencia no proceso de internacionalización do tecido empresarial galego.

As novas actuacións que se desenvolverán son as seguintes:

Traballar no proceso de internacionalización dende o momento do nacemento da nova empresa. Trátase de sensibilizar aos emprendedores sobre a importancia da internacionalización que debe ser recollida no modelo de negocio, de interiorizar nas empresas as vantaxes da internacionalización dende a posta en marcha do negocio.

Reforzar a rede PEXGA como a gran plataforma xeral de internacionalización galega. Cada empresa poderá contar cós servizos da plataforma como se dunha consultora de exportación se tratara, se lle facilitará a información e o asesoramento para poder escoller a mellor estratexia de internacionalización e comercialización ou para darse a coñecer ó mundo. A rede se avaliará, buscando a eficiencia e eficacia da mesma e poderá ampliarse si se detectan novos países de interese para as empresas galegas.

Organización de eventos de promoción en España e no estranxeiro: O modelo xornadas de negocios é moi axeitado para que os empresarios galegos poidan buscar

posibles clientes ou provedores tanto en España como no exterior. Os contactos empresa a empresa poden aportar una rede de contactos que está demostrado ser moito mais eficiente que outras fórmulas de cooperación empresarial.

Apoio na elaboración do plan de comercialización: Este plan de comercialización pode incluír a elaboración de folletos e material de promoción axeitado á imaxe que desexe dar a empresa no exterior, tendo en conta as particularidades sociais do país de destino.

APOIO ÁS EMPRESAS E AOS EMPREENDEDORES

Para a saída da crise, necesitamos que as nosas empresas teñan calidade, produtividade e competitividade. Así mesmo, é socialmente moi desexable que aumenten as persoas que queiran emprender un novo negocio ou empresa, novas empresas máis innovadoras, máis produtivas e máis competitivas, que saian ao exterior e compitan con éxito nos mercados.

É necesario avanzar na competitividade, na cooperación competitiva (clusters), na calidade, na innovación e na internacionalización das empresas galegas, pero tamén é fundamental fomentar e apoiar aos emprendedores e a consolidación empresarial.

- Apoio ao emprendemento

En España, e en Galicia, a taxa de potenciais emprendedores entre os mozos é inferior á que hai noutros países con menores taxas de paro.

(*) **O PPdeG comprométese a elaborar a Lei de Fomento do Emprendemento en Galicia**".

O emprendemento é unha fórmula de autoemprego moi importante pero tamén de desenvolvemento persoal.

(*) Por elo, o PPdeG impulsará **campañas e actuacións de motivación entre os mozos e mozas para convencer das oportunidades que se abren tras a creación dunha empresa**; e tratar de reducir o temor ao risco empresarial, o que se pode facer poñendo en valor os casos de éxito de mozos emprendedores galegos que contan a súa experiencia ata chegar á situación actual da súa empresa.

(*) Unha das razóns de éxito ou fracaso á hora de emprender é a capacitación do emprendedor ou equipo de emprendedores para pasar da idea de negocio ao proxecto empresarial. Por iso, é necesario **seguir impulsando actividades formativas entre os mozos con asesoramento e/ou mentorizaxe** que sirvan para avaliar a idea desde

un punto de vista económico e financeiro, elaborar un plan de negocio e deseñar unha estratexia para a procura de financiamento para os proxectos.

(*) **Mellorar a comunicación e coordinación dos recursos existentes en Galicia de apoio ao emprendemento:** En Galicia hai numerosas entidades tanto públicas como privadas que poden axudar aos mozos a emprender unha actividade económica. Non resulta tan necesario crear novas estruturas como crear unha **rede de apoio ao emprendemento novo** e facer un intenso labor de comunicación cara aos mozos para facerlles chegar todos os recursos que hai e que, en moitos casos, non coñecen.

(*) **Promover un cambio de mentalidade na sociedade galega en relación co emprendemento:** As percepcións colectivas sobre o emprendemento son fundamentais para que unha sociedade se poida considerar como emprendedora. Tamén é importante a percepción social e a lexitimidade social do emprendemento como unha opción de vida, así como a disposición individual a asumir riscos sobre o que pode afectar de forma moi negativa o estigma social sobre o fracaso. Os compoñentes de mentalidade son máis importantes para explicar o éxito do emprendemento nunha sociedade que variables como a existencia de financiamento ou unha regulación máis flexible.

Co obxectivo de facilitar o cambio de percepción e o incremento do emprendemento, propóñense como actuacións concretas:

(*) **Impulsar actividades, seminarios, cursos ou talleres de motivación, xeración de ideas e de creación de empresas no sistema educativo non universitario** e seguir implementando as liñas contempladas no **Plan Eduemprende** posto en marcha de forma conxunta pola Xunta de Galicia.

(*) **Universidades:** ampliar as accións que xa se están desenvolvendo para que poidan chegar a máis alumnos. Unha forma de facelo é **incluír o emprendemento como unha competencia transversal nos novos graos**, tal e como se está facendo con competencias como as de información.

(*) **Mozos desempleados:** incluír estas accións no marco dos plans de formación para desempregados.

(*) **Mulleres:** desenvolver accións específicas para mulleres, nos que os casos de éxito estean protagonizados por empresarias, sobre todo naqueles sectores nos que se detecte unha menor presenza feminina como, por exemplo, as TIC.

(*) **Crearase a bolsa ao emprendedor, para proxectos innovadores seleccionados.** Con ela, o emprendedor podería traballar a tempo completo no seu proxecto dentro dun programa deseñado a tal fin que podería ser equivalente a uns estudos de posgrao, e que inclúa asesoramento a través de mentores que coa súa experiencia axuden aos novos emprendedores a pasar do proxecto á empresa.

(*) Organización de **xornadas de comunicación dos servizos de emprendedores e creación da rede de apoio ao emprendemento en Galicia.** Organizaranse xornadas divulgativas que contemplan onde se pode facer un curso de formación para elaborar un plan de empresa, como se pode avaliar unha idea de negocio, etc.

(*) **Difusión de casos de éxito de mozos emprendedores.** Organizar xornadas nas que participen mozos emprendedores galegos para difundir entre a sociedade as vantaxes do emprendemento, non só como fórmula de autoemprego senón como forma de desenvolvemento persoal.

- Financiamento de proxectos

Hai moitos instrumentos de financiamento de proxectos que se poden reforzar ou ampliar, pero é importante unha boa planificación das finanzas á hora de elaborar o proxecto, e coñecer os recursos que hai dispoñibles tanto públicos como privados, en Galicia ou fóra dela.

A comunicación e a formación volven ser fundamentais para que o emprendedor potencial e a empresa, tanto na súa fase de consolidación como a de crecemento, coñezan todas as opcións e apoios que pode ter á hora de iniciar un negocio.

Ademais das importantes medidas que recollerá a **“Lei de Fomento do Emprendemento en Galicia”**, que poden dar resultados a curto prazo, o PPdeG establecerá outro tipo de instrumentos, algúns definidos especificamente para mozos.

(*) Formación en finanzas empresariais: Posta en marcha de **talleres de finanzas para emprendedores** con asesoramento en instrumentos de financiamento e nunha boa planificación das finanzas da empresa, o que podería redundar nunhas menores necesidades de financiamento. Formar tanto aos investidores integrados nas redes de business angels galegas como aos emprendedores nos procesos de avaliación/valoración de proxectos, pacto de socios, formas de saída do capital. Con esta medida poderíase incrementar o número de empresas participadas por business angels.

(*) Xornadas de difusión de instrumentos de financiamento empresarial. Segundo o tipo de perfil, pódense presentar as liñas de IGAPE, XESGalicia, Fondo de capital I2C, ENISA, CDTI, programas europeos, etc. Un obxectivo adicional destas xornadas é **captar novos proxectos susceptibles de ser financiados**.

(*) Novos produtos de financiamento: avanzar no deseño e posta en práctica de **microcréditos para proxectos de mozos emprendedores**.

(*) Creación dun fondo de capital semente: Un fondo de capital risco para inicio de proxectos de emprendedores que **cubra os custos iniciais de creación da empresa ata o momento en que a empresa xere os ingresos necesarios para cubrir os seus custos**. O fondo estableceríase por tramos de investimento, empezando por cantidades pequenas e que se podería combinar con outros programas galegos ou con outros a nivel nacional.

(*) Business angels e capital risco público: Trátase de combinar ambos instrumentos de financiamento de forma que sexa máis sinxelo que un emprendedor que xa conte con investimento privado poida complementala con capital risco público.

- Sostemento do Financiamento: rexeneración de empresas

Un dos problemas básicos dos que adoecen as subvencións é o sostemento das accións. Existen programas de axuda e subvención para emprendedores, creación de novas empresas e financiamento; pero ditas axudas van referenciadas a unha marxe temporal de viabilidade e explotación.

(*) O PPdeG, para evitar estes problemas, creará **novas liñas de axuda para aqueles proxectos que, sendo seleccionados e subvencionados polo seu interese, relevancia e viabilidade, pasen por dificultades puntuais de liquidez que poidan derivar nun concurso de acredores.**

(*) Non podemos obviar que non todas as empresas que atravesan problemas financeiros son, necesariamente, empresas innovadoras. Certo é que, na conxuntura actual, moitas organizacións (basicamente PEMES) atravesan dificultades serias que poden orixinar que moitas delas teñan que pechar, xerando máis desemprego. Nesas condicións, na mesma liña de axudas de sostemento, pódese expor unha **liña xenérica de financiamento para empresas que estean a pasar por dificultades puntuais que poidan colaborar a que a empresa siga en normal funcionamento.**

As medidas concretas que se establecerán neste eixo son:

(*) Seguir traballando no apoio ás empresas a través de **liñas de avais de contía limitada para chegar a un amplo número de empresarios**, que poidan resolver/apoiar as necesidades de financiamento a curto prazo.

(*) Establecemento de **micro-créditos que poidan resolver problemas concretos e inmediatos** de financiamento nas empresas.

APOIAR A CONSOLIDACIÓN DUNHA ENTIDADE FINANCEIRA GALEGA

A fonda transformación experimentada polo sistema financeiro español, que ten a súa causa na deficiente supervisión no período 2005-2008 e os abruptos e pouco consecuentes cambios normativos impulsados polo anterior Goberno socialista en España, provocou, entre outras consecuencias negativas para o sistema financeiro e a economía española, a **desaparición das centenarias caixas de aforros en toda España**.

En Galicia, á deficiente supervisión das caixas de aforros xuntouse unha política expansiva destas fóra de Galicia durante o período 2005-2008; o que provocou unha situación de debilidade das antigas caixas de aforros galegas. **Para evitar a súa disolución e deslocalización mediante proxectos corporativos con entidades foráneas, apoiouse, xuntamente coa meirande parte da sociedade galega, a fusión das antigas caixas de aforros.**

Nestes momentos, desaparecidas as Caixas de Aforros como entidades bancarias, **o obxectivo é consolidar unha entidade financeira galega próxima e identificada coas necesidades das familias e empresas do país.**

(*) Durante os próximos anos imos traballar para tentar **consolidar un proxecto financeiro autónomo e galego, solvente, eficiente e comprometido coas necesidades de financiamento das empresas e familias galegas** e potenciarase e fomentarse o apoio crediticio ás PEMES, emprendedores e familias.

En relación coa entidade herdeira da obra benéfico-social das antigas caixas de aforros, **é urxente aprobar unha norma que marque os pasos a dar no seu futuro máis inmediato.**

(*) **O PPdeG comprométese a que a Lei que a regule será unha das primeiras que presentará para a súa aprobación na próxima lexislatura.**

(*) A mediados da pasada década os fondos dispoñibles pola Obra Benéfico-Social das antigas caixas galegas foi extraordinariamente importante. Máis estes fondos dos que dispuxeron dedicáronse moitas veces a un uso máis suntuario que produtivo, absorbendo o investimento inmobiliario máis dun terzo destes fondos e xerando importantes gastos estruturais e de alta administración. Nestes intres, nun contexto moito máis restritivo, **faise necesaria a maximización da utilidade destes fondos sociais, reducindo e adaptando os custes estruturais e a alta administración.**

A norma disporá que a obra benéfico social priorice:

- Atención á infancia
- Programas de maiores
- Fomento do emprego
- Apoio a colectivos en risco de exclusión
- Apoio a microempresarios

EMPREGO

O emprego é a principal garantía da integración e a participación social, o mellor xeito de garantir o benestar dos cidadáns e o mantemento das políticas sociais e de solidariedade. As decisións económicas públicas, mesmo as que veñen determinadas pola conxuntura a curto prazo, deben incardinarse nunha política económica que teña como obxectivo a creación sostida de emprego de calidade, e deben acompañarse con medidas activas de emprego que axuden na inserción e reinserción profesional das persoas en situación de desemprego e tamén daquelas en risco de perda do seu emprego. Deste xeito, **as políticas activas de emprego representan unha aposta estratéxica na política de benestar e cohesión social**, como complemento das medidas paliativas de protección social directamente relacionadas co desemprego, fundamentalmente as prestacións e subsidios.

A crise económica está tendo unha grave repercusión en termos de emprego. As taxas de paro e o número de persoas inscritas nas oficinas do Servizo Público de Emprego reflicten esta situación. **Aínda que Galicia presenta un diferencial positivo co conxunto do Estado e se observa unha desaceleración no ritmo de crecemento do desemprego, compre tomar medidas e mellorar as xa existentes para reverter totalmente esta tendencia.**

Todas as actuacións da área laboral enmárcanse na estratexia dun **Plan de Mellora da Empregabilidade**, que dea resposta á situación actual de deterioro do mercado laboral debida a profunda crise económica que estamos a padecer.

Ademais, as medidas de apoio á empregabilidade e á adaptabilidade da poboación activa deben contemplar un conxunto suficientemente amplo de actuacións para atender ás diversas situacións da poboación, conforme as súas necesidades. E deben deseñarse coa suficiente flexibilidade para axustarse na súa aplicación práctica ás circunstancias individuais, as circunstancias do entorno, ou cando menos, á situación dos colectivos máis significativos e directamente afectados polo risco de exclusión laboral.

Convencidos de que **unha axeitada política activa de emprego é esencial para garantir a competitividade da nosa economía e o benestar dos galegos e galegas**, establécense como obxectivos estratéxicos deste Plan:

- Facilitar as **condicións para a creación de emprego estable e de calidade**;
- Xerar as condicións para o **desenvolvemento de oportunidades laborais de calidade para todos**, atendendo dun xeito especial aos colectivos

con maiores dificultades, a través do fomento da empregabilidade e adaptabilidade da poboación activa galega;

- Investir na **formación e na cualificación técnica e laboral dos traballadores** como elemento central para a mellora da súa propia empregabilidade e da competitividade das empresas;
- Avanzar na **igualdade de oportunidades laborais** entre os homes e as mulleres;
- **Impulsar a actividade e a cultura emprendedora** en Galicia;
- Coordinar as accións públicas na política activa de emprego, procurando **facer máis eficientes os recursos dispoñibles**, e, particularmente, mellorando e modernizando o Servizo Público de Emprego de Galicia, traballando de xeito coordinado co Consello Autonómico de Emprego e os Comités Territoriais de Emprego.
- Creación dunha **rede pública de axentes de emprego e orientadores laborais**;
- Establecer o **marco xeral de relación coas empresas galegas como entidades colaboradoras nas políticas activas de emprego**, procurando a maior participación na toma de decisións e a maior eficiencia e calidade na prestación e aplicación práctica das mesmas, vinculando as axudas ás empresas a aqueles desempregados que realizaran accións de mellora da empregabilidade no servizo público de emprego.
- Sen esquecer actuacións de carácter transversal como é a **potenciación da Responsabilidade Social Empresarial como factor de mellora da competitividade**, prestar atención ao **novos riscos laborais** e a mellora das condicións de seguridade e saúde laboral, ou facilitar e mellorar as **relacións laborais**

Este **Plan de Mellora da Empregabilidade**, que se presentará no seo do Diálogo Social no que se buscará o consenso, confórmase como un recorrido, **centrado na persoa desempregada** que:

- Debe poder **acceder á formación como ferramenta básica para mellorar a empregabilidade** (Área de formación e preparación previa)

- Poder **acceder, posteriormente, a unha experiencia laboral** (Área de experiencia laboral)
- E **insertarse no mercado laboral**, ben por conta propia, ben por conta allea. (Área de inserción laboral)

Estas tres áreas, complementáanse cunha serie de actuacións de carácter transversal no ámbito da mellora da empregabilidade.

Área de formación e preparación previa

Dentro da situación de profunda crise económica e laboral que estamos a sufrir, é necesario definir un plan de mellora da empregabilidade, que conte cunhas liñas estratéxicas de actuación que permitan loitar de forma decidida contra o desemprego, que incentive a creación de emprego e preste especial atención aos verdadeiros motores da creación de emprego na realidade socioeconómica de Galicia.

Dentro destas liñas estratéxicas, revélase como fundamental a **formación para o emprego**, especialmente con carencias formativas. Esta formación debe responder, para alcanzar unha verdadeira efectividade, ás seguintes premisas: Ser unha formación certificable, dirixida preferentemente aos desempregados, e, por outra banda, que a formación dirixida preferentemente a ocupados se imparta, principalmente, no seo das propias empresas.

Estas esixencias farán da formación a ferramenta que permita mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas e por outra banda, incrementar a produtividade das empresas por ter cadros de persoal mellor cualificados. Partindo disto, e para lograr este obxectivo, a formación para o emprego debe acreditar ás persoas que a cursen poidan desenvolver un traballo de calidade.

A formación para o emprego dirixida a desempregados non debe de ser concibida como algo illado do mercado laboral e por iso han de establecerse as canles que a vinculen directamente coas empresas. **Debe impartirse a formación que se necesite e que posibilite que estas persoas accedan a un contrato**, dándolles a oportunidade de adquirir experiencia laboral e poder ter, en todo caso, a posibilidade dun contrato temporal mediante o establecemento de incentivos para as empresas que contraten ás persoas desempregadas. Para acadar este obxectivo, **é imprescindible contar cunha rede de empresas e entidades colaboradoras e comprometidas directamente con este plan de emprego.**

Polo que respecta á formación para ocupados debe priorizarse a impartición desa formación no seo das propias empresas porque ninguén mellor que elas coñecen as súas necesidades e carencias á hora de preparar ao seu persoal para enfrontarse con éxito aos retos que se lle imponen en aras a mellorar a súa competitividade.

En Galicia, atopámonos cunha situación que afecta a moitos traballadores que ao longo da súa vida estiveron a desenvolver traballos, para os que non contaban coa debida cualificación ou titulación, ben porque, froito do abandono escolar, non conseguiron rematar os seus estudos, ben porque non chegaron a cursar ningunha formación que lles permitirá obter esta acreditación.

Este problema faise especialmente patente en colectivos moi determinados, tales como os de mulleres que levan toda a súa vida adicándose ao coidado de persoas dependentes ou de determinadas profesións vinculadas á industria como por exemplo no eido do sector naval. Estes colectivos atópanse hoxe en serias dificultades ou incluso na imposibilidade de poder seguir a desenvolver as súas actividades se non son quen de obter esta cualificación profesional.

O PPdeG consciente da situación de posible expulsión destas persoas do mercado laboral así como da súa imposibilidade de entrar a formar parte do mesmo, **aposta por poñer todos cantos medios teña ao seu alcance para acadar que estas persoas dispoñan da necesaria cualificación profesional.** Trátase de que a Administración artelle os medios para que poidan demostrar que saben e son capaces, por ter as competencias necesarias, de desenvolver con profesionalidade a súa profesión.

As principais medidas son as que seguen a continuación:

(*) Considérase prioritaria impulsar unha **rede galega de orientadores e axentes de emprego** integrada e pública.

(*) **Impulso da formación certificable e de calidade** mediante a potenciación da formación dirixida preferentemente aos desempregados, constituíndo o **70% da formación para o emprego, fronte ao 30% que se impartiría para a poboación ocupada.**

(*) Potenciación dunha **rede pública de centros de formación para o emprego e de orientación laboral e profesional** (Colaboración con Centros de Formación Profesional).

(*) Potenciación da impartición de **acción formativas no seo das empresas** que colaboren activamente coa Administración.

(*) Potenciación da realización de **accións formativas nos sectores especialmente emerxentes**, tales como as novas tecnoloxías e os empregos verdes.

(*) Impulsar a realización de **programas formativos especialmente dirixidos a colectivos tales como mulleres de xeito que sirvan para loitar contra o desemprego feminino**, afondando en nichos de emprego emerxentes, tales como os vinculados á atención sociosanitaria a persoas dependentes tanto en domicilio como en institucións sociais.

(*) Consolidación de **programas formativos dirixidos a mulleres de alta cualificación**, tales como o programa EXECUTIVA destinados a mellorar as súas habilidades profesionais e capacidades directivas.

(*) Establecemento dun programa entre a Administración e as empresas co obxectivo de **posibilitar a realización de prácticas ás persoas desempregadas que recibiran formación**, que lles permitan un achegamento á realidade do mundo laboral.

(*) **Potenciar e incentivar aquelas entidades formativas e programas que acaden niveis de inserción laboral** dos traballadores e traballadoras formadas na área profesional impartida.

(*) Establecemento de **programas formativos dirixidos aos mozos e mozas menores de trinta anos que abandonan os seus estudos**, que permitan completar a súa formación inicial básica regrada e posibiliten a súa inserción no mercado laboral.

(*) Establecemento de **programas formativos dirixidos a fomentar a cultura emprendedora**, ofertando acción formativas que permitan ás persoas desempregadas explorar esta vía, así como que fagan posible a necesaria interiorización de que para emprender é preciso aprender.

(*) Impulso do **recoñecemento da cualificación profesional adquirida a través da experiencia laboral ou vías non formais de formación e incentivación da contratación por parte das empresas das persoas desempregadas que teñan completado con éxito a súa formación.**

(*) Establecemento de **programas específicos de detección das necesidades de contratación da empresas** en determinados territorios.

(*) **Impulso e consolidación dos procedementos de recoñecemento da cualificación profesional, adquirida a través da experiencia laboral ou vías non formais de formación.** Hai que posibilitar que todas as persoas que están a desenvolver unha profesión, pero non teñen titulación ou acreditación oficial, a poidan adquirir a través de procesos sinxelos e gratuítos, que lles abran as portas ao mercado laboral.

(*) Establecemento dun **sistema eficaz de bolsas ou axudas que posibiliten a conciliación familiar**, de xeito que as persoas que están realizando un curso, poidan ter una axuda para o coidado dos descendentes ou ascendentes ao seu cargo.

Área de experiencia laboral

A experiencia laboral, xunto coa formación é un elemento clave para poder insertarse no mercado laboral, polo que as políticas activas de emprego que teñen como misión a mellora da empregabilidade, deben establecer programas e fórmulas para que aquelas persoas que aínda non tiveron unha experiencia laboral poidan acceder a ese primeiro contrato, para despois poder acceder ao mercado laboral en igualdade de condicións.

Como principais medidas proponse:

(*) Creación dun **registro de entidades colaboradoras coa Administración en temas de emprego** co fin de crear unha bolsa de entidades para prácticas laborais que, a súa vez serán as beneficiarias das axudas á contratación.

(*) Incrementar os **programas de adquisición de experiencia para aqueles desempregados que participaran en accións formativas** impartidas polo servizo Público de Emprego.

(*) Potenciar os **programas mixtos de formación e emprego nos novos nichos de mercado**: economía verde, economía da saúde e economía do coñecemento co fin de que as persoas desempregadas menores de 35 anos reciban unha formación ao mesmo tempo que adquiren experiencia.

(*) Potenciarase a **colaboración con aquelas entidades públicas e privadas que adquiren un compromiso de contratación posterior aos programas de adquisición de experiencia.**

- **PROGRAMA TRABALLA:** Mediante empresas colaboradoras ou con concellos para a posta en marcha de programas de adquisición de experiencia para aqueles xoves que non teñan traballo, sen experiencia laboral, ou que rematando os seus estudos de Formación Profesional ou Carreira Universitaria, non traballaran máis de 1 ano.

- **PROGRAMA MELLORA:** Pór en marcha un programa de incentivos á contratación dos mozos e mozas menores de 30 anos sen cualificación que tras un período de formación subvencionado pola administración obtiveran un certificado de profesionalidade co fin de que adquiren unha experiencia profesional acorde as súas competencias nas entidades colaboradoras da Administración e que estean incluídas no rexistro.

- **PROGRAMA COMBINA:** Pór en marcha un programa de incentivos á contratación para mozos e mozas menores de 30 anos que compatibilicen o seu contrato de traballo coa asistencia a programas formativos encamiñados a obter un certificado de profesionalidade.

- **PROGRAMA CONTRATA:** Pór en marcha un programa de incentivos á contratación das persoas que participando nos programas de formación da administración poidan ter oportunidade de obter unha experiencia laboral en empresas colaboradoras.

(*) **Potenciar xunto coas catro Universidades a creación e desenvolvemento de empresas de base tecnolóxica ou “spin-off”,** como un importante recurso para a creación de emprego de calidade, vinculado ás novas tecnoloxías de investigación, a través dos centros “Empresa- Concepto”. Un programa que persegue a promoción de empresas de base tecnolóxica, dinamizando todo o proceso existente desde a orixe dos resultados de investigación e a xeración da idea de negocio ata a creación dunha empresa de base tecnolóxica ou “spin-off académico”.

Área de inserción laboral

Dende o PPdeG cremos que é necesario facer unha **aposta decidida polo emprendemento** como clave na creación de emprego e crecemento económico, xa que a competitividade das PEMES vese favorecida polo impulso ás políticas de educación e xestión dos recursos humanos que fomenten a cultura de empresa.

En España e en Galicia, a taxa de potenciais emprendedores entre os xóvenes é inferior á media dos países do noso entorno polo que consideramos que o emprendemento debe ser un valor a fomentar na nosa sociedade.

Nestes momentos de crise, que caracteriza o momento económico actual, o emprendemento está a ser un importante mecanismo como fórmula de autoemprego e desenvolvemento persoal para os mozos e mozas menores de 30 anos e tamén para a reincorporación ao mercado de traballo de moitas persoas desempregadas, maiores de 40 anos que aproveitan a súa ampla experiencia profesional para iniciar unha aventura empresarial arriscando diñeiro, esforzo e ilusións.

O **traballo por conta propia constitúe unha valiosa oportunidade para reducir o desemprego**, polo tanto é fundamental que se promova unha mentalidade e unhas actitudes empresariais. O autoemprego **posibilita o desenvolvemento persoal e actúa como dinamizador dos recursos humanos** co fin de xerar un novo tipo de iniciativas económicas que se poden concretar en pequenas e medianas empresas capaces de promover o desenvolvemento local e rexional.

Así mesmo, **a fórmula cooperativa tense revelado como unha fórmula resistente en época de crise**. Así en Galicia, o número de socios de cooperativas e de traballadores das mesmas ten aumentado nos últimos anos fronte ao descenso do número de ocupados noutros sectores.

Así mesmo, considérase igualmente necesario, potenciar a contratación de traballadores e traballadoras galegas na empresa ordinaria, impulsando **incentivos á contratación para aqueles colectivos de máis difícil inserción e para as empresas colaboradoras do Servizo Público de Emprego de Galicia**. As principais medidas son as seguintes:

- (*) **Programa de fomento do autoemprego individual** mediante o inicio dunha actividade económica e consolidalo para aqueles que exercen unha actividade por conta propia, e potenciando o coñecemento do traballo autónomo.

(*) Creación dunha **única oficina de acompañamento ao Emprendedor**.

(*) **Programa Novos Emprendedores**: promover o deseño de proxectos empresariais dentro dun proceso controlado e acompañado por un grupo de asesores especializados.

(*) Programa de **axudas á contratación indefinida dos tres primeiros traballadores contratados por unha persoa autónoma ou emprendedora**.

(*) **Establecer, durante un ano, unha axuda ao pagamento da cotas a Seguridade Social dos novos autónomos**.

(*) **Fomento do emprendemento mediante a potenciación das diferentes fórmulas economía social**: cooperativas, sociedades laborais, etc.

(*) Posta en marcha dun **plan estratéxico do cooperativismo galego para 2013-2017**.

(*) Programa de **internacionalización das empresas cooperativas**.

(*) Formación e creación dunha **rede de axentes intermedios cooperativos** como órgano de interlocución e fomento do cooperativismo.

(*) Creación dun **fondo de capital-risco destinado a emprendedores que desexen formar a súa cooperativa**.

(*) Programa de **incentivos á contratación, dirixido ás empresas colaboradoras do Servizo Público de Emprego que contraten de xeito indefinido aos desempregados participantes nas accións de formación ocupacional**.

(*) Crear **incentivos ás empresas para a contratación a través do teletraballo** co fin de axudar a conciliación da vida familiar e laboral.

(*) Impulsar e potenciar as **oficinas de apoio ao empregador**.

(*) Crearanse programas de **incentivos á contratación para mulleres que previamente obtiveran un certificado de profesionalidade relacionado coas temáticas de asistencia socio-sanitaria**. Establecer un procedemento de formación, cualificación, acreditación e inserción laboral a través de fomento emprego autónomo e cooperativas no eido socio-sanitario.

(*) Crear unha liña de **axudas de apoio ás mulleres que se constitúan como autónomas no ámbito dos servizos sociais**.

(*) Apostar por un **“mercado de traballo inclusivo”**, isto significa que as persoas traballadoras pertencentes aos colectivos vulnerables gozan de prioridade para participar en determinados programas.

(*) Fomentare favorecera **integración laboral das persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%** a través da implementación da axudas para a súa contratación indefinida e temporal pola empresa ordinaria.

(*) Implementar o programa de **“emprego con apoio” co obxecto de facilitar a adaptación social e laboral dos traballadores con discapacidade e con especiais dificultades de inserción laboral** en empresas do mercado ordinario de traballo e en condicións similares ao resto dos traballadores que desempeñan postos equivalentes.

Con esta medida o traballador con discapacidade realiza o seu traballo satisfactoriamente, e a empresa e os seus traballadores coñecen as súas capacidades e posibilidades e establécense relacións de apoio mutuo.

- Actuacións transversais

Todas estas actuacións, complementáanse con actuacións de carácter transversal, así como actuacións destinadas aos colectivos máis desfavorecidos:

No ámbito do **Servizo Público de Emprego de Galicia**:

O Servizo Público de Emprego de Galicia ten que constituirse como a **verdadera ferramenta que posibilite unha intermediación áxil e eficaz**, capaz de ser o vehículo axeitado para que as persoas en situación de desemprego poidan atopar un posto de traballo axeitado ás súas condicións.

Esta premisa ten que conlevar un **cambio de modelo de funcionamento do Servizo Público de Emprego e dos servizos prestados a través do mesmo**, que convirta ás oficinas de emprego, en verdadeiras oficinas de colocación, nas que se presten os mellores servizos tanto a empresarios como a demandantes de emprego:

(*) Realización dunha carteira de servizos ofertados polo **Servizo Público de Emprego de Galicia**, co fin de que os usuarios dispoñan dun amplo abano de servizos, cunha actualización permanente dos mesmos.

(*) Impulsar e potenciar as **oficinas de apoio ao empregador**, como instrumentos útiles para o necesario asesoramento aos empresarios e empregadores á hora de cubrir as súas ofertas de traballo a través do **Servizo Público de Emprego de Galicia**.

(*) Realización de **itinerarios personalizados de inserción aos desempregados** que definan de xeito real as actuacións que o **Servizo Público de Emprego de Galicia** ten que acometer para acadar resultados na súa busca de traballo.

(*) Realización de **traballos de prospección do mercado laboral**, co fin de que dende o **Servizo Público de Emprego de Galicia** se sexa coñecedor das ofertas existentes e das necesidades que teñen as empresas do seu ámbito territorial, para poder estar en condicións de cubrir as ofertas existentes.

(*) Establecemento dun **programa de tutorización permanente** realizado polos técnicos do **Servizo Público de Emprego de Galicia**, cos colectivos especialmente vulnerables e sensibles tales como mozos, mulleres, desempregados de longa duración ou persoas en risco de exclusión social, co obxectivo de realizar un acompañamento permanente na súa procura de emprego.

No ámbito dos **colectivos de máis difícil inserción no mercado laboral**:

(*) Establecemento de **programas e plans específicos dirixidos a colectivos especialmente vulnerables ou a territorios especialmente sensibles**.

(*) Establecemento de **programas específicos de detección das necesidades de contratación da empresas en determinados territorios**, especialmente afectados pola crise de determinados sectores produtivos.

No ámbito da **racionalización de horarios:**

A necesidade duns horarios racionais ten como obxectivos prioritarios conciliar a nosa vida persoal, familiar e laboral; favorecer a igualdade; aumentar a produtividade; diminuír a sinistralidade laboral; mellorar a nosa calidade de vida; en definitiva, dar maior valor ao tempo. E todo isto pasa, por racionalizar os nosos horarios, humanizándoos e facéndoos converxentes cos países de economías máis avanzadas:

(*) Programa de **racionalización de horarios no mundo laboral** na Comunidade Autónoma.

(*) Posta en marcha do programa **“Concilia”** como un plan integral de difusión de medidas tanto para o sector público como para o sector privado en relacións aos horarios e a conciliación.

(*) Programa de **implantación de “Horarios Racionais” nas empresa galegas** como factor para mellorar a produtividade debido ao maior rendemento dos empregados ao conceder máis capacidade de decisión e responsabilidade.

(*) Potenciar a **introdución de cláusulas de racionalización nos convenios colectivos**.

No ámbito das **relacións laborais:**

Hoxe en día é necesario dar resposta á evolución do contexto económico e social con especial atención aos cambios que se están a producir nas relacións laborais. As relacións laborais son un pilar fundamental na distribución do traballo e na creación dun emprego estable e de calidade:

(*) Establecemento da **Comisión Consultiva Autónoma de Convenios Colectivos**, co obxectivo de ofrecer un órgano a empresarios e traballadores para resolver as posibles diferenzas interpretativas e de modificación nos convenios colectivos.

(*) Programa de **control efectivo das condicións de traballo** naqueles sectores con maior incidencia de fraude laboral.

(*) Potenciar **medidas de flexibilización nos convenios colectivos**

(*) Impulso de plans ou programas de recolocación de traballadores procedentes de EREs.

(*) Programa para insertar laboralmente as mulleres que leven un tempo sen traballar por estar ao coidado dos seus fillos ou dun dependente.

(*) Potenciar o traballo dos Centros Especiais de Emprego (CEE).

(*) Potenciar a creación de Empresas de Inserción Laboral (EIL).

No ámbito da **Responsabilidade Social Empresarial:**

Lograr que a sociedade en xeral siga percibindo á **empresa como xeradora de valor** supón un reto constante non só para as propias empresas senón tamén para os poderes públicos e todos os seus grupos de interese e onde as medidas de RSE desempeñan un papel fundamental.

É precisamente nestes momentos de dificultade económica cando as empresas deben manter a responsabilidade social e ambiental, como elemento de diferenciación que achegue valor engadido á sociedade e á competitividade das empresas:

(*) **Impulso da Responsabilidade Social Empresarial no tecido produtivo galego** como factor diferenciador e mellora da produtividade das empresas.

(*) **Establecemento e potenciación do observatorio Galego de Responsabilidade Social Empresarial.**

(*) **Contribuír ao avance da RSE como factor de competitividade empresarial** incluíndo este aspecto nos procedementos de contratación pública e nas convocatorias de subvención e medidas de apoio.

(*) **Promover a igualdade de oportunidades e o acceso ao emprego entre homes e mulleres** en Galicia.

(*) **Apoio ás empresas galegas para que as mesmas poidan**

adherirse a marcas ou estándares recoñecidos oficialmente no ámbito da responsabilidade social empresarial ou corporativa.

No ámbito da **seguridade e saúde laboral:**

A prevención de riscos laborais é tamén un eixo fundamental dentro das políticas de emprego e das relacións laborais, debendo **potenciar o coñecemento e aplicación dos diferentes aspectos que contempla a normativa existente actualmente**, así como fomentar a coordinación entre os diferentes actores implicados nas políticas de prevención: administración, empresas e traballadores:

(*) Posta en marcha do **programa “Inserta”**, destinado a facilitar a **incorporación ao mercado laboral de traballadores con discapacidade como consecuencia dun accidente laboral**.

(*) Establecemento dun **plan de actuacións en materia preventiva para o período 2013-2017** que contemple aquelas actuacións fundamentais no ámbito da seguridade e saúde laboral e que debe ser consensuado con empresarios e representantes dos traballadores.

(*) **Programa de colaboración e asesoramento técnico as empresas galegas**, especialmente ás pequenas e medianas empresas, e autónomos en tódolos ámbitos da prevención de riscos laborais e nas diferentes especialidades.

(*) Creación dunha **escola galega permanente de formación de traballadores no ámbito da seguridade e saúde laboral**.

(*) Creación dun **aula virtual de prevención de riscos laborais**, así como un simulador virtual de riscos.

(*) Programa de **seguimento das enfermidades profesionais**.

(*) Programa para a **integración da prevención da empresa**, mediante a potenciación dos servizos de prevención propios e dos servizos de prevención mancomunados

No ámbito da **coordinación administrativa:**

(*) Impulsar a colaboración institucional entre as distintas administracións (Deputacións, Federación Galega de Municipios e Provincias...) co fin de establecer **programas conxuntos de emprego**.

(*) Establecemento dun **proceso continuado de concertación social cos axentes sociais e económicos** máis representativos de Galicia.



SECTORES PRODUCTIVOS



MEDIO RURAL

Galicia ten a alma no rural. O 84% da súa superficie dispón desa condición. O sector agrario emprega directamente a máis do 5% da poboación activa e está a actuar como elemento refuxio en tempos de crise. A actividade agraria xera máis do 3% do PIB galego e agocha potencialidades capaces de ofrecer novas oportunidades a este país: alimentos sans e de calidade, protección medioambiental, industria de transformación agraria e agroalimentaria, servizos turísticos e sociais. Por todo isto, **o Partido Popular de Galicia defenderá o carácter estratéxico da produción primaria.**

Os anos vindeiros marcarán o futuro do rural. En tempos de crise compre focalizar a escaseza dos recursos en investimentos clave con capacidade de impulsar iniciativas secundarias e de reverter beneficios á sociedade galega no seu conxunto.

É, por tanto, fundamental seguir loitando por impulsar e modernizar o rural, sendo para nos unha meta de gran relevancia, pois na actual situación de cambio tanto económico como social o rural é unha alternativa.

Faise necesario que o rural galego sexa potenciado, tanto no eido produtivo como no social, pois as posibilidades que ofrece son moitas. Polo tanto, ten que converterse en motor xerador de riqueza e emprego, pero sen esquecer seguir evolucionando cos tempos.

A sociedade en xeral está a experimentar un movemento de retorno ao rural e, polo tanto, é preciso adoptar medidas que sigan na liña de equiparar a calidade de vida á das contornas urbanas, e do mesmo xeito facer máis rendible o rural ao seguir afondando na diversificación económica, buscando alternativas, que xunto co sector primario consoliden un marco que permita a fixación de poboación no noso territorio.

Neste senso, queremos aproveitar todo o potencial que o noso rural ten para conformalo como auténtico referente de emprego e xeración económica, máxime nestes momentos de crise. Para iso haberá que conxugar medidas en todos os ámbitos, indo estas desde o normativo ao financeiro, pasando polo formativo ou a promoción económica a través dos mercados para os produtos galegos.

Por iso, e entre outras liñas, **fomentarase o apoio aos investimentos produtivos, xeradores de riqueza e emprego.** Así, pese a unha conxuntura económica moi desfavorable, a industria agroalimentaria está tendo un comportamento sensiblemente mellor que outros sectores industriais.

Este sector, que ofrece un saldo comercial exportacións/importacións positivo, debe de ser un **motor da reactivación económica**, polo que é necesario continuar coas liñas de apoio dende a administración.

En consecuencia, as políticas que agora precisa o sector primario de Galicia deben estar fundamentalmente dirixidas a **integrar as cadeas produtivas para diminuír a diferenza entre os prezos en orixe e os prezos en consumo dos produtos**. Ademais, é necesario incrementar o esforzo na transmisión tanto da capacidade e competitividade da produción de Galicia como da seguridade e calidade dos seus produtos.

As principais liñas estratéxicas de traballo no ámbito rural irán destinadas á promoción de medidas dirixidas a tres ámbitos fundamentais de traballo: Agricultura e gandería, Forestal e Desenvolvemento rural.

AGRICULTURA E GANDERÍA

As principais liñas de traballo estratéxico estarán centradas en:

- **Mellora da estrutura de comercialización**, tanto no lácteo coma no cárnico, atendendo a dúas liñas:

- unha baseada nas **posibilidades de aumento da capacidade negociadora dos produtores e á inclusión xeneralizada de contratos homologados** entre a industria transformadora e comercializadora e os gandeiros e agricultores;

- outra, que pretende **facer máis áxil a cadea comercial da carne** mediante o desenvolvemento de todo o potencial que podan atesourar os sistemas virtuais para os produtores co obxectivo de acurtar as canles comerciais deste eido mediante un eficaz aproveitamento da aposta que o Goberno galego está a facer para levar a internet ao rural.

- **Mellora das estruturas de custes**, de cara a conseguir un aumento das rendas dos titulares das explotacións e do rural en xeral. Atenderase con **prioridade aquelas situacións derivadas da falta de pasto** por diversas circunstancias, coma a seca, ou á **continuidade na achega de axudas para a realización de investimentos de mellora das explotacións** que leven a unha redución estrutural de custes nas mesmas e a unha maior eficiencia no seu funcionamento.

(*) **Mellora da estrutura da propiedade dos terreos das explotacións**, dando continuidade á vía de traballo cara á solución deste problema endémico que permita dotar ao sector agropecuario dunha adecuada vía de competitividade neste ámbito. Por iso, potenciarase e porase en marcha a tramitación da **nova Lei de Mellora da Estrutura Territorial Agraria** e promoverase o desenvolvemento áxil do convenio co Goberno de España para a **disposición polos gandeiros das parcelas de propietario descoñecido**, alén de porfiar na dotación de axeitadas infraestruturas no medio rural, para o que vai dar continuidade aos plans de traballo e investimento neste eido.

(*) Darase continuidade aos traballos realizados en relación á reforma da Política Agraria Común, polo que se defenderá, no marco decisorio español e europeo, o **recoñecemento e tratamento equitativo das particularidades do agro galego**.

Coa referencia da análise do sector agropecuario e a consideración do traballo efectuado nos últimos anos, planéanse **cinco grandes obxectivos xerais**, que se deducen das grandes liñas estratéxicas de mellora da estrutura de comercialización e da de custes e que se reflicten nos cinco eixos programáticos que ordenarán a actuación do PPdeG en materia agropecuaria:

1. *Recoñecemento social da agricultura.*

A importancia estratéxica do sector agrario no desenvolvemento social e económico de Galicia debe ser contemplada e regulada nunha norma de rango legal que ordene as funcións dos agricultores como garantes do abastecemento alimentario da poboación e principais defensores da conservación do noso patrimonio medio ambiental.

A **Lei da Agricultura de Galicia** deberá definir as distintas posibilidades de aproveitamento agrario, incluíndo a agricultura a tempo parcial, definir os dereitos asociados á obriga do mantemento do patrimonio natural e trazar o marco económico e social necesario para o desenvolvemento sostible da agricultura galega.

2. *Valorización económica da produción primaria.*

A defensa da sanidade animal e vexetal é un elemento esencial na produción primaria para garantir a viabilidade das producións e o mantemento das condicións de seguridade alimentaria esixidas polo consumidor. A aplicación de elementos de racionalidade económica na formulación dos programas sanitarios esixirá a complicidade crecente coas asociacións de produtores.

(*) En particular, a adaptación das medidas sanitarias ás condicións propias da gandería galega tomarán corpo no **Decreto de medidas complementarias da sanidade animal**, que deberá abordar, entre outros aspectos, as posibilidades de **desenvolvemento das agrupacións de defensa sanitaria gandeira**. Estas agrupacións están chamadas a ser o eixo vertebrador da sanidade animal en Galicia e como tal serán obxecto dun plan específico de desenvolvemento e concentración.

(*) A **conservación e mellora dos recursos xenéticos agrícolas e gandeiros** constitúe un segundo aspecto a consolidar. Os éxitos dos Programas de conservación de razas autóctonas de Galicia en perigo de extinción, de conservación de castes autóctonas ou do Programa de mellora xenética de frisón animan a continuar coa liña de traballo emprendida, baseada no **protagonismo do produtor e na orientación**

comercial como referente do programa.

En particular, como complemento imprescindible do Programa de mellora xenética de frisón e considerando o seu carácter dinamizador do sector lácteo será necesario **colaborar coas asociacións de gandeiros no mantemento do control leiteiro oficial**.

A raza Rubia Galega será obxecto de atención a través da asociación de criadores, responsables do programa de mellora xenética.

(*) O apoio financeiro aos investimentos para a **mellora da competitividade das explotacións industriais** virá da man do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (PDR). En particular, as medidas de modernización das explotacións, as incorporacións de mozos e o asesoramento ás explotacións ocuparán un papel esencial na programación do novo PDR galego para o período 2014-2020, que primará as iniciativas orientadas á **utilización eficiente dos recursos e evitará a consolidación de duplicidades innecesarias no ámbito do asesoramento ás explotacións**.

(*) As **medidas agroambientais** asumirán un protagonismo especial no novo Programa de Desenvolvemento Rural, en consonancia coa tradición galega de xestión das superficies para pastoreo. A sostibilidade da produción agraria é un requisito integrado de xeito tradicional nos esquemas galegos de produción agropecuaria. A máis abondar, **fomentarse a produción e o mercado da agricultura ecolóxica** en Galicia establecendo fórmulas que inclúan estímulos á produción e a promoción comercial.

(*) De forma complementaria ao desenvolvemento das explotacións industriais, promoverase a **creación de explotacións de pequena dimensión cunha orientación multifuncional**, perfectamente compatibles coa práctica da agricultura a tempo parcial. Para facilitar o seu desenvolvemento, regularanse mediante un decreto as condicións de **venda directa do produtor ao consumidor final** de pequenas cantidades de produtos primarios agrícolas e gandeiros.

(*) Unha das medidas a potenciar estaría na **potenciación da lonxa gandeira virtual**, que vén a servir de medio de transacción comercial para os produtores de gando para carne, e no que se evita non só parte da loxística e movemento de animais, senón que facilita unha concentración de oferta e demanda sempre positiva neste eido.

(*) Nesta mesma orientación entraría a **proposta de creación dunha plataforma pública on-line para a comercialización de produtos agrarios de calidade**, para o que se crearía unha **plataforma virtual de venda de produtos agrarios** nos cales se favorecería que pequenos emprendedores, previamente rexistrados, oferten os seus produtos agrarios de calidade, sempre controlada, sen mediación das cadeas tradicionais, podendo deste xeito controlar todo o proceso produtivo, abaratando custe e mellorando os marxes de beneficios.

(*) As **denominacións de orixe e as indicacións xeográficas** constitúen un elemento fundamental para o mantemento do tecido agroindustrial e, en xeral, para o desenvolvemento rural, e son tamén un elemento importante para a pervivencia das tradicións e das formas de vida do noso agro, o mantemento da biodiversidade e, en definitiva, dunha parte importante da nosa cultura, polo que apostar por elas é tamén unha aposta polo noso e por nós.

Por iso na nova lexislatura haberá que continuar **apostando polos produtos de calidade diferenciada**, apoiando a produción e comercialización dos existentes, ben a través de actuacións directas de divulgación por parte da administración como mediante o apoio ás empresas e aos consellos reguladores. Nunha conxuntura económica moi desfavorable, a Xunta de Galicia priorizará o apoio a estas producións na medida en que son a vangarda da nosa produción alimentaria e a nosa mellor carta de presentación fóra de Galicia.

Por outra parte, na liña de identificación e posta en valor dos nosos produtos alimentarios de calidade, na nova lexislatura prevese aprobar as seguintes **novas indicacións xeográficas**:

- Indicación xeográfica protexida **Pemento de Mougán**
- Indicación xeográfica protexida **Capón de Vilalba**
- Indicación xeográfica protexida **Pan Galego/Pan Gallego**

(*) Ademais, tamén cómpre artellar sistemas de promoción diferencial da **marca Galicia nos alimentos**. Deste xeito, queremos continuar coa colaboración coas industrias e produtores na promoción das marcas **Galega 100% e Horta Galega**, e auspiciaremos a creación dunha nova marca de calidade para amparar os produtos gandeiros

derivados das razas autóctonas, producidos en Galicia en réxime extensivo.

Ademais, nesta liña de axuda a produtos de calidade con efectos positivos no mercado, e tamén no medio ambiente, farase un especial **apoio á produción ecolóxica**.

(*) Proponemos **afondar na formación e apoio á internacionalización das empresas agrarias**, atendendo a que cada vez é mais importante que as empresas poidan abrirse aos mercados externos, internacionalizándose e exportando os seus produtos baixo unha mensaxe de **calidade e seguridade** que identifica aos produtos agroalimentarios de Galicia.

(*) Este apoio á promoción das nosas empresas será **especialmente intenso no sector vitivinícola**, o noso sector agroindustrial máis exportador, aproveitando tamén as axudas que a actual OCM destina á internacionalización fóra do territorio da UE, e de cara a posicionarse nos novos mercados emerxentes.

3. *Vertebración do sector agropecuario.*

Para facer políticas de futuro do sector agrario e alimentario é preciso que a administración conte coa información necesaria para a planificación.

(*) **Elaborarase un decreto regulador do rexistro de empresas alimentarias e agroforestais**. O rexistro terá carácter informativo e non será necesaria resposta, confirmación ou inscrición efectiva nel para que o interesado poida exercer a actividade.

(*) O sector agropecuario galego precisa con urxencia dun **plan estratéxico para o cooperativismo**, capaz de buscar fórmulas de integración que deriven na **creación de grupos sólidos con capacidade real de negociación e de concentración da produción en orixe**.

Neste eido, pretendemos favorecer a **agrupación de cooperativas multisectorais en cooperativas matriz ou de segundo grao**, xa que, hoxe en día, o modelo cooperativo necesita adaptarse aos tempos para competir nun novo marco económico e de mercado.

Débese, polo tanto, evolucionar na fórmula e no funcionamento das cooperativas dando un **salto cualitativo e cuantitativo** das mesmas, e **adequar o número de entidades a**

través da agrupación das mesmas. Estamos a falar de adaptar o sistema cooperativo ao novo contexto de mercado.

A este respecto, a existencia de numerosas cooperativas sectoriais na mesma localidade de Galicia adoita ser habitual. Non é raro comprobar que nunha mesma área existan cooperativas gandeiras, vitivinícolas, forestais, etcétera. Dende o Partido Popular de Galicia pretendemos poñer medidas favorecedoras para que estas entidades se agrupen creando **cooperativas matriz ou de segundo grao**, que si ben non fan que a cooperativa inicial perda a súa condición, si poderán optimizar recursos técnicos e humanos facendo máis eficiente a súa labor.

(*) O PPdeG buscará as fórmulas máis axeitadas para potenciar a **participación do sector produtor nos esquemas de industrialización e distribución**. En todo caso, apoiarse a integración de distintas fases produtivas en iniciativas empresariais conxuntas e a participación de capital social do sector primario en proxectos viables de transformación e comercialización. Trátase, en definitiva, de establecer instrumentos e de poñer en marcha actuacións para **garantir un nivel adecuado aos prezos agrolimentarios en orixe en relación co seu prezo no mercado de consumo**.

(*) O Partido Popular de Galicia subscribe o **compromiso da Xunta de Galicia co sector lácteo**. As bases establecidas no Plan estratéxico para o sector lácteo de 2009 seguen a ser válidas como referencias de futuro. Neste senso, o Goberno galego instará ao español a utilizar a lexislación en materia de transparencia da cadea alimentaria como factor clave na mellora de funcionamento da cadea de valor.

En particular, a **nova lei de transparencia da cadea agroalimentaria** deberá garantir a adopción pola distribución de prácticas contables e de xestión compatibles coa competencia leal no mercado.

Unha das vías que debe fortalecerse, ao abeiro da normativa aprobada recentemente, é o **fomento das relacións contractuais estables entre produtores e transformadores a través de contratos homologados pola administración**. Esta fórmula, que se pretende estender a outros sectores, xerará un trato preferencial para os proxectos presentados por empresas que se subministran maioritariamente con materia prima adquirida baixo contratos deste tipo.

(*) A xestión do risco é un aspecto necesario na viabilidade do sector agropecuario. Neste senso, os **seguros agrarios** seguirán a figurar como ferramenta imprescindible na política agropecuaria de Galicia.

(*) No marco da reforma da PAC defenderemos o **mantemento das axudas ligadas á produción** mailo establecemento de fórmulas de transición paulatina do réxime de axudas actual ao previsto, de maneira que non sexa traumática para as explotacións e lles permita adaptarse aos novos condicionantes das axudas.

Oréxime simplificado previsto para os pequenos agricultores, obrigatorio para o Estado membro pero voluntario para os produtores, reducirá os trámites necesarios para as explotacións de dimensión máis reducida e para as administracións, en zonas cun alto grao de minifundio. Igualmente, defenderase a continuidade e mellora da eficacia das actuais medidas de intervención de mercados.

4. Desenvolvemento da industria agraria e agroalimentaria.

O PPdeG propónse realizar no 2013 un **estudo de necesidades industriais de Galicia en relación coa produción agropecuaria**. Das necesidades identificadas resultarán os obxectivos a integrar no PDR 2014-2020, como elementos de financiamento prioritario.

Os obxectivos figurarán nun **Plan de industrialización do rural galego** que tomará como bases programáticas a xeración de emprego, a vinculación co rural e a innovación tecnolóxica para o desenvolvemento das potencialidades do sector agropecuario, tanto no campo da transformación de produtos como na creación de medios ligados ao proceso produtivo.

(*) O Partido Popular de Galicia promoverá a **viabilidade dos proxectos empresariais ligados á produción agropecuaria** fomentando a integración dos esforzos individuais en unidades de maior dimensión. Arbitraranse **medidas de exención fiscal á integración de proxectos que garantan a creación de emprego**. En particular, fomentarse a integración de proxectos empresariais que aglutinen ás distintas fases de produción en proxectos económicos únicos e viables.

(*) Neste senso, e apoiada na gran reputación que ten o noso pan en toda España, é paradigmático o importante valor estratéxico que pode ter a **ligazón entre a expansión da venta do pan elaborado en Galicia co cultivo de trigo galego**, o que favorecerá a súa expansión. Isto podería pór en valor terreos hoxe incultos e favorecendo a creación de franxas cultivadas que poden servir de cortalumes en zonas onde son frecuentes os incendios forestais.

(*) A promoción do **cultivo de soutos de castaños** de variedades con demanda industrial pode xerar este vínculo de cadea campo-industria. Para tal fin, **fomentaranse as plantacións que permitan a súa mecanización de xeito que a súa explotación sexa rendible**.

5. Ordenación e simplificación da Administración agraria.

Nos últimos anos, a Administración agraria leva feito un esforzo sen precedentes na axilización dos procedementos administrativos e no achegamento ao administrado. A **Oficina Agraria Virtual** é xa unha ferramenta imprescindible na actividade cotiá do sector agrario.

(*) O PPdeG mantén o **compromiso da utilización da internet como sistema básico de relación da Xunta cos agricultores e gandeiros de Galicia**. O sector agrario necesita das TICs, e dar cumprimento a esta necesidade supón tamén equiparar ao conxunto do rural coas zonas urbanas.

(*) **Facilitaremos a formalización de empresas do sector primario mediante a creación da alta express de empresas agrarias**. Este paso pretende evitar a, nalgúns casos, complicada e lenta tramitación que complica que unha empresa poida aproveitar en moitos casos momentos óptimos para o inicio da actividade e se ralentizen a posta en marcha de iniciativas.

Para solucionar este problema propónse a creación da alta express de empresas agrarias, lexislando para que **as empresas deste sector poidan poñerse en marcha en tempos non superiores ás 72 horas**.

No mesmo senso, tamén se deberán facilitar as altas e baixas momentáneas da actividade económica no referente a estas empresas para posibilitar que os emprendedores poidan activar

a alta nos momentos de actividade real e non ter que compensar co aforro os custes derivados dos momentos de inactividade.

(*) O **Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA)** ven de demostrar desde a súa creación como Organismo Autónomo en 1994 a súa capacidade para a xestión eficaz e eficiente dos fondos comunitarios. Entre as súas competencias destaca a xestión das axudas directas a explotacións agrarias e a aplicación das medidas de intervención e regulación de mercados agrarios no marco das Organizacións Comúns de Mercado dos distintos produtos, todas elas financiadas polo FEAGA; das axudas a explotacións agrarias en zonas de montaña e noutras zonas desfavorecidas distintas das de montaña e subvencións ás medidas agroambientais, cofinanciadas polo FEADER.

FORESTAL

As principais liñas de traballo estarán vinculadas e xirarán en torno ao marco normativo fundamental neste eido. Neste senso, a recente aprobación da [primeira Lei de Montes de Galicia](#) representa un fito histórico que servirá de marco e apoio legal ás actuacións do goberno e servirá na vindeira lexislatura para colocar e afianzar ó sector forestal galego no lugar de privilexio que ostenta.

Galicia ocupa, no conxunto do territorio nacional, un lugar esencial no ámbito forestal. É, sen lugar a dúbidas, a maior potencia forestal de España e unha das máis importantes de Europa. A súa superficie forestal arborada representa o 48% da totalidade da Comunidade Autónoma, superando as 1.400.000 hectáreas e cunha alta produción de madeira, próxima ao 45% da produción nacional.

A actuación no eido forestal terá como eixe fundamental o marco da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, establecendo unha xeira de liñas estratéxicas que, de forma estruturada e conexas, irán dirixidas principalmente a [fomentar o incremento das masas forestais como sumidoiro de carbono, contribuíndo deste xeito á loita contra o cambio climático](#).

Ademais, e de xeito tamén preferente, procurarase o [aumento do valor económico dos bosques](#) contribuíndo a reestruturar e desenvolver o potencial físico co obxectivo de mellorar as condicións produtivas da superficie forestal. Ademais, tamén abordaremos de forma decidida a necesaria integración dos segmentos das cadeas de produción da madeira e outros produtos do monte, desenvolvendo medidas de [promoción e afianzamento da certificación e identificación destes produtos forestais de Galicia](#).

Para todo isto, elaborárase e aprobarase o conxunto de normas, instrucións e regulamentos que resulten necesarios para a implementación da Lei de Montes. O alcance desta norma é tan significativo que afecta a dúas terceiras partes do territorio galego e regula a xestión dos recursos forestais como a madeira, a biomasa forestal, os pastos, o mel, os soutos de castaña, os cogomelos entre outros pero tamén o lecer, a paisaxe, o solo ou a cultura forestal, servizos que estanse a desenvolver a cotío nos montes da nosa Comunidade.

Neste senso, faise necesario continuar coa liña de [integración e coordinación dos intereses que se asentan no noso monte](#), afondando de xeito especial na regulación e impulso daquelas actividades que poden dar un dinamismo económico e laboral, como poden ser os cultivos enerxéticos, os aproveitamentos gandeiros ou as producións de froiteiras tradicionais coma a castaña.

Do mesmo xeito, e tendo como referencia a gran lacra que Galicia padece nos seus montes por causa dos **incendios forestais**, pretendemos que a liña estratéxica que atenda a esta circunstancia vaia dirixida a deixar atrás este lastre que minora a economía galega nunha dobre vertente: nas perdas polo lume e nos custes por extinguiilos.

Galicia non pode ser refén dos lumes nos seus montes e, por iso, fundamentándose nun acordo amplo sobre esta vía de acción, propoñemos avanzar en **tres camiños de futuro**:

- o primeiro deles, na **coordinación e apoio entre administracións, especialmente coas municipais**;
- o segundo, na **profesionalización do dispositivo contraincendios**.
- o terceiro, na mellora da **concienciación e disuasión** mediante a aplicación de medidas punitivas firmes e da disposición de medios como a videovixilancia dos nosos montes.

Desenvolvendo a liña estratéxica de apoio á consolidación e potenciación do eido forestal galego, e conforme a necesidade de dar pulo ao desenvolvemento normativo da nova Lei de Montes de Galicia, márcanse **tres eixes de traballo** que terán que ver con:

(*) Avance na planificación forestal en todos os ámbitos territoriais.

- A primeira das accións a desenvolver, atendendo á amplitude do marco territorial sobre o que incide, será a **revisión do Plan Forestal de Galicia, que atinxe a todo o territorio galego**.

O panorama forestal galego cambiou dende a aprobación do Plan Forestal de Galicia no ano 1992. Exemplos deses cambios son o marco lexislativo, a superficie forestal arborada, a estrutura da administración forestal e a poboación do medio rural. Dende a aprobación do Plan Forestal de Galicia efectuáronse dous Inventarios Forestais Nacionais, o último deles, que é o cuarto, ven de publicarse hai escasas datas e ofrece unha visión actualizada do monte galego.

Este feito fai necesaria unha **análise en profundidade do grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no Plan**

Forestal de Galicia e a previsión das variacións na consecución deses obxectivos, así como adaptar o citado plan á situación actual do monte galego.

Un dos principais motivos desta revisión é o encadre da planificación forestal a nivel autonómico segundo a nova lexislación forestal galega que se está a tramitar.

O Plan Forestal de Galicia **terá carácter vinculante en materia forestal**, determinará o marco no que se elaborarán os plans de ordenación dos recursos forestais e será indicativo para a elaboración dos instrumentos de ordenación e xestión forestal e definirá as liñas de actuacións das distintas administracións públicas.

Esta revisión servirá como **instrumento de apoio na toma de decisión** das liñas de actuación nos vindeiros anos na realización dos investimentos públicos, así como das medidas de fomento á produción forestal.

- De forma consecuente, e tamén conexas coa Lei de Montes de Galicia, procederase a mellorar a **definición da planificación a nivel comarcal**. Para tal fin acometeranse os **Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF)**.

Esta figura de ordenación forestal a nivel comarcal foi instituída na lei de montes estatal, e recollida e regulada como ferramenta fundamental na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

A Administración forestal elaborará os plans de ordenación dos recursos forestais como instrumentos de planificación forestal, que afectarán preferentemente a cada distrito forestal, como territorios de condicións xeográficas, socioeconómicas, ecolóxicas, culturais ou paisaxísticas homoxéneas e que terán carácter obrigatorio e executivo nas materias reguladas na lei.

- Por último, **procederase á planificación a nivel de monte**, para o cal se desenvolverán os correspondentes **instrumentos de ordenación ou de xestión forestal**.

A ordenación de montes ten como finalidade a conservación,

a mellora e a protección dos recursos forestais, o seu rendemento sustentable e a máxima obtención global de utilidades. Estes fins deben contribuír ao desenvolvemento rural, á xeración de rendas, á fixación da poboación, á calidade paisaxística e ao mantemento da biodiversidade.

A ordenación de montes supón a organización no tempo e no espazo, tecnicamente xustificada, dos recursos forestais, de todos os aproveitamentos do monte e das especificacións técnicas para a súa xestión sustentable.

Fomentarase técnica e economicamente a ordenación dos montes da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos respectivos instrumentos de ordenación ou de xestión forestal.

En cumprimento do disposto no artigo 78 da Lei de Montes de Galicia, o Consello da Xunta, oído o Consello Forestal de Galicia, aprobará mediante decreto, as Instrucións xerais de ordenación de montes de Galicia.

As Instrucións xerais conterán os principios reitores, criterios e requirimentos que deberán cumprir todos os instrumentos de ordenación e xestión nos montes situados na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco da xestión forestal sostible. Ditas instrucións xerais definirán contidos mínimos dos instrumentos de ordenación e xestión forestal.

(*) Promoción dunha **xestión profesionalizada e organizada do monte** que leve á mellora da eficacia e da eficiencia na súa explotación, que redunde nun aumento do recoñecemento da calidade.

- Para acadar os obxectivos neste eixe de traballo, procederemos á **consolidación da figura e potenciación das sociedades de fomento forestal (SOFOR)**.

Para iso estableceranse liñas de traballo coa Administración Xeral do Estado para desenvolver unha **fiscalidade favorable da figura da Sociedade de Fomento Forestal**, e tratarase con aquela administración a integración das SOFOR como figura establecida na Disposición Adicional 5ª da Lei 43/2003, do 21 de novembro, estatal de montes, que trata sobre sociedades de propietarios forestais.

Tamén se traballará no senso de **incluir no mecenado á figura das SOFOR**, ao abeiro do establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei galega de montes e a Disposición Adicional Novena da Lei 43/2003, do 21 de novembro, estatal de montes.

- **Promoveranse e impulsaranse os contratos temporais de xestión pública dos montes.** Neste senso, actualmente preto de 300.000 hectáreas de montes atópanse baixo contratos de xestión, nomeadamente convenios e consorcios, que pola súa antigüidade e marco normativo non satisfacen as demandas que en materia de xestión forestal sostible a sociedade require.

Por tanto cómpre **regular un novo marco voluntario de relación entre a administración forestal e os propietarios forestais**, co fin de capitalizar uns montes que actualmente necesitan dun primeiro impulso dirixíndoos á posta en valor dos seus recursos forestais dun xeito sostible.

Concertaranse **contratos temporais, de carácter voluntario, para a xestión forestal sustentable** que poderán ser subscritos, entre outros, con propietarios públicos ou privados de montes, comunidades de montes veciñais en man común que carezan de recursos económicos e financeiros suficientes e cuxa sustentabilidade económica, social e ambiental non estea garantida, propietarios de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo que carezan de recursos económicos e financeiros suficientes e cuxa sustentabilidade económica, social e ambiental non estea garantida.

A xestión forestal sustentable dos montes con contrato de xestión pública realizarase a través dun proxecto de ordenación forestal, que estará inscrito no Rexistro Galego de Montes Ordenados. A xestión estará avaliada polo menos por un sistema de certificación forestal recoñecido internacionalmente e validado polas correspondentes entidades de certificación.

Os **consorcios ou convenios de repoboación coa Administración forestal existentes** serán obxecto de:

- a) **Cancelación de oficio nun prazo máximo de tres anos**, contados a partir da entrada en vigor da lei, en determinados casos, como que o monte non presente saldo debedor na data de entrada en vigor desta lei ou en calquera momento dentro do prazo máximo estipulado.

b) **Finalización nun prazo máximo de catro anos**, contados a partir da entrada en vigor da lei de montes de Galicia, prazo en que deberá asinarse un contrato temporal de xestión pública.

- Ligado á mellora da percepción da calidade dos produtos xerados nos montes, atenderase á **consolidación dos procesos de certificación forestal**, para o que cómpreadaptarse ás súas esixencias e compromisos segundo os diferentes tipos de propiedade en Galicia, garantindo un subministro suficiente deste tipo de produtos que abastezan as necesidades dos principais grupos empresariais demandantes.

Do mesmo xeito, promoveremos a **difusión e a implantación dos sistemas de certificación forestal recoñecidos e validados polos mercados nacionais e internacionais**.

Ademais, propugnarase a **utilización dos produtos forestais certificados**, en especial a madeira, e fomentarse o seu uso como elemento estrutural na construción pública.

Ademais, incentivarase a **implantación de sistemas de certificación forestal nos montes privados**, entendendo que aqueles montes que posúan o dito certificado consideraranse superficies forestais de alto valor natural para os efectos previstos en materia de axudas relativas ao desenvolvemento rural.

Os principais beneficiarios dos procesos de certificación forestal serán primeiramente os propietarios e xestores dos montes, polo feito de levar a cabo unha xestión forestal sostible, e como consecuencia poder ofrecer un produto cun selo que así o certifique dotándoo dun maior valor engadido.

Igualmente son beneficiarios directos as empresas de aproveitamentos forestais así como as de primeira e segunda transformación da madeira, as cales están a atoparse barreiras comerciais de venda polo feito de non poderse abastecer dun maior volume de madeira certificada en Galicia.

(*) Consolidación dun **marco de organización da propiedade**, con especial atención á mellora da información e da salvagarda e adecuación á realidade actual dos sistemas comunais de propiedade.

-
- **Posta en funcionamento do Sistema Rexistral Forestal de Galicia**, e que foi creado na Lei de Montes de Galicia como rexistro administrativo de consulta pública.

Neste sistema inscribíranse, como seccións diferenciadas, o conxunto de datos pertencentes aos seguintes rexistros: Catálogo de montes de utilidade pública, de montes veciñais en man común, de montes de xestión pública, de montes protectores, de montes ordenados, de materiais forestais de reprodución, de empresas do sector forestal, de cultivos enerxéticos forestais, público de terreos forestais de pastoreo, de sociedades de fomento forestal, de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo, de asociacións e colexios profesionais forestais e de masas consolidadas de frondosas autóctonas.

Os potenciais beneficiarios deste sistema rexistral son todos os cidadáns que recaden información forestal de Galicia, dando a coñecer o sector forestal de Galicia a persoas e institucións de fóra da Comunidade Autónoma e concretamente os propietarios de montes que se inscriban nalgunha das seccións do Sistema e que por iso reciban algún dos beneficios establecidos na lexislación como serían a mellor protección legal dos seus montes, a posibilidade de acceder a axudas públicas e beneficios fiscais.

- **Revisión e adecuación da lexislación galega en materia de montes veciñais en man común**, fórmula fundamental de propiedade do monte galego xa que as máis de 2.600 comunidades de montes dispoñen a súa propiedade sobre algo menos dun terzo do monte galego, que abrangue máis de dous millóns de hectáreas.

Deste xeito, transcorridos máis de 20 anos da primeira lei galega de montes veciñais en man común e do seu regulamento, os montes veciñais en man común e as súas comunidades propietarias afrontan una elevada diversidade de retos e ameazas que pouco teñen que ver coa realidade existente en 1989. Algúns deles son o elevado despoboamento e envellecemento nas zonas interiores e o contraste coa elevada presión demográfica nas zonas costeiras ou a nova regulación dos reinvestmentos nos montes veciñais en man común.

De aí que, en consonancia coa nova Lei de Montes de Galicia, se faga necesario adecuar a normativa que regula estas estruturas de propiedade e xestión dunha importante fracción do monte galego, revisando as normas existentes e adaptándoas á realidade actual, de forma que se poda avanzar na eficacia e eficiencia da xestión e aproveitar todo o seu potencial.

PREVENCIÓN E LOITA CONTRA OS LUMES FORESTAIS

No relativo á prevención e loita contra os incendios forestais desenvolveranse, como dicíamos, **tres eixes fundamentais**. O primeiro deles, irá destinado á **coordinación e apoio entre administracións, especialmente coas municipais**; o segundo, á **profesionalización do dispositivo contra incendios** e o terceiro á **mellora da concienciación e disuasión** mediante a aplicación de medidas punitivas firmes e da disposición de medios como a videovixancia dos nosos montes.

(*) Coordinación e apoio entre administracións, especialmente coas municipais

- O papel dos concellos na prevención e defensa contra os incendios forestais considerase moi importante para garantir o éxito do dispositivo. Por este motivo, farase un **esfuerzo investidor importante que permitirá renovar as motobombas dun alto número de concellos de Galicia**, para mellorar a súa capacidade de resposta fronte ao lume, e colaborase coas entidades municipais para desenvolver os seus plans contra incendios.

- **Continuarase proporcionando axudas ás comunidades de monte veciñal en man común para a prevención**, mantendo e incrementando os niveis actuais de axudas. A superficie forestal en mans destas comunidades man común é de 600.000 hectáreas. Dende o punto de vista da defensa forestal contra incendios considerase que esta superficie ten un alto valor estratéxico, polo que as comunidades deben xogar un papel importante na prevención.

- **Porase en marcha un plan de promoción de usos/actividades alternativas** nas zonas máis afectadas polos incendios forestais de forma que permita reducir o número de lumes, e realizarase un control máis exhaustivo das axudas que se conceden, e que se incluírán dentro deste plan.

(*) Profesionalización do dispositivo contra incendios

A prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia supón cada ano un importante esforzo orzamentario que permita acadar os obxectivos anuais que a administración establece. Nun momento de crise económica e financeira, é necesario **adecuar os niveis de gasto ás posibilidades orzamentarias**.

Continuarase co proceso de optimización dos recursos dispoñibles e de control rigoroso dos gastos, **potenciando nese esforzo a profesionalización do dispositivo existente.**

(*) Mellora da concienciación e disuasión

Desde o Partido Popular de Galicia consideramos que a defensa contra os incendios forestais debe ser un compromiso non só de todas as administracións públicas (estatal, autonómica e local), senón de toda a sociedade galega. A tal fin, debe tomar conciencia da riqueza do seu medio natural e extremar as precaucións para evitar provocar incendios, ben de forma intencionada ou debido a negligencias (a estatística de incendios amosa que estas causan representan o 80% dos lumes).

Con este obxectivo, desenvolverase un **programa específico de divulgación e concienciación á poboación escolar e á poboación do medio rural** en xeral.

No relativo á disposición de medios, entendemos que a prevención e defensa contra incendios forestais require de **melloras tecnolóxicas** que se vaian implantando paulatinamente no dispositivo.

As principais novidades a poñer en marcha consistirán na **vixilancia automática e na dixitalización da rede de radiocomunicacións**, que contribuirán á mellorar a eficacia do sistema de prevención e defensa contra incendios forestais e a redución dos custos de funcionamento do mesmo.

DESENVOLVEMENTO RURAL

Queremos seguir avanzando, de forma conxega e horizontal, nas liñas estratéxicas que permiten completar esta oportunidade económica e laboral que dá o rural coa achega das condicións de vida que a fagan equiparable a calquera área da nosa comunidade.

O fenómeno de volta ao rural, ligado á crise económica e á resistencia á mesma que as actividades do sector primario están ofrecendo, será un dos fíos condutores que guiarán a actividade para este novo período, facendo fincapé en aspectos coma a formación ou a mellora e dotación de infraestruturas para acoller e canalizar este movemento socioeconómico.

Seguiremos traballando nas políticas que posibiliten unha **mellor xestión e ordenación do territorio rural** e naquelas de **mellora da calidade de vida da poboación que vive no rural** mediante a dotación de infraestruturas fundamentais, como poden ser os camiños de acceso aos núcleos de poboación e ás explotacións, os servizos de telefonía móbil e acceso a internet, etcétera, así como tamén pretendemos dinamizar a vida económica e social no rural mediante a diversificación das estruturas de servizos de vertebración sociocomunitaria.

As grandes liñas estratéxicas terán que ver coa **culminación dunha labor normativa que complete o proceso de estimulación do uso do terreo agrario** e que entronque coa ordenación, en termos produtivos e sociais, do espazo rural.

Para tal fin desenvolveranse dúas medidas fundamentais, que terán que ver cos seguintes **dous obxectivos**:

(*) Atinxir ao asentamento das bases da ordenación territorial do rural galego, en termos produtivos e sociais.

- Debemos levar adiante unha **adaptación na xestión do territorio rural ao cambio climático**, para o que procederemos a unha utilización de instrumentos de xestión de terras para loitar contra os efectos negativos do cambio climático, establecendo unha planificación estratéxica na loita contra o abandono do campo.

Para tal fin, definiranse **estratexias de ordenación que posibiliten o uso multifuncional do territorio**. Deste xeito, facéndoo viable economicamente, **loitarase contra o abandono**, o que posibilitará activar recursos pouco utilizados e protocolos de

prevención contra as adversidades de carácter medioambiental (incendios forestais, inundacións, etcétera).

(*) Actualizar os procedementos para a mellora da estrutura territorial agraria, de cara a superar máis axilmente o minifundismo galego.

- Este eixo de traballo terá como fundamento a promoción dunha **Lei de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia**, que substitúa á Lei de Concentración parcelaria de Galicia de 1985 e a súa posterior modificación do ano 2001, para adaptalas ás necesidades do século XXI.

En adiante, o obxectivo nas zonas nas que se leve a cabo a mellora da estrutura territorial agraria non só será a diminución do número de parcelas, senón tamén **ordenar os usos da terra para mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas** das explotacións galegas.

Esta lei pretende, así mesmo, **facer máis barata a execución da reestruturación parcelaria**, aproveitando os instrumentos de outras administracións públicas (coma o Catastro) e adaptando os camiños a rede viaria existente para facer máis económica eficiente e integral a execución das obras.

Poderase, logo da aprobación desta lei, aplicar a reestruturación parcelaria a todo o territorio independentemente da súa clasificación urbanística, incluíndo os solos de núcleo rural que serán ordenados a través dos instrumentos da **Lei de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia**, quedando inalteradas a súa clasificación e cualificación urbanística.

Neste marco legal estableceranse **tres vías de mellora fundamental do proceso de superación do minifundismo**. Para tal fin:

i.- Darase prioridade á **elección de zonas máis aptas**, tendo en conta toda unha serie de datos de carácter obxectivo e a elaboración dun **Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria** en cada zona de reestruturación parcelaria no que se identifiquen os cultivos e aproveitamentos actuais e futuros, a identificación dos terreos de mellor aptitude para acoller polígonos agrarios e as explotacións agrarias que queiran acollese ao mesmo.

ii.- Axilizarase o **remate dos procesos de reestruturación parcelaria**. Deste xeito elimínanse dúas fases aumentando as garantías dos administrados. Nesta liña, **introduciranse**

instrumentos de e-administración para a comunicación da evolución do proceso de reestruturación parcelaria cos titulares, axilizándoo mediante o uso das novas tecnoloxías.

iii.- Impulsaranse os procesos de reestruturación parcelaria feitos polos particulares en zonas predominantemente agrarias. Estes procesos son moi áxiles e permiten acadar uns resultados óptimos nos procesos de reestruturación parcelaria xa que son os titulares os que o fan sen inxerencias da administración, só coa súa tutela.

Con esta lei búscase a integración da totalidade de actores dentro dun territorio para a planificación de actuacións de ordenación rural, de xeito que se consiga que as decisións sexan, non só da administración para os administrados, canto tamén recoller as inxerencias e ideas que estes teñan para aplicarse nese territorio.

- O segundo gran fío condutor cara ao obxectivo descrito estará radicado na **potenciación das permutas voluntarias como mecanismo de reestruturación parcelaria**, xa que un dos principais problemas á hora de reestruturar unha zona agraria é a fragmentación e a dimensión do parcelario en Galicia.

Neste senso, os diferentes procesos de reestruturación da propiedade son, a veces, excesivamente custosos e prolongados no tempo. Deben establecerse, polo tanto, políticas que promovan as permutas voluntarias entre particulares con modificación da xeometría das parcelas ou sen ela.

Na nova Lei de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia reforzaranse os **beneficios fiscais nos impostos derivados das transmisións patrimoniais e na inmatriculación rexistral das fincas**, así como o procedemento necesario para disfrutar de tales beneficios.

- Promover as condicións para **favorecer o asentamento de poboación no rural e promover a equiparación das súas condicións de vida respecto do espazo urbano** será unha tarefa fundamental para o Partido Popular de Galicia. Para tal fin, desenvolverase un triplo eixo de traballo baseado nas seguintes liñas fundamentais de actuación:

1.- Mellora das infraestruturas e servizos no rural.

Para dar cumprimento a este obxectivo haberá de definirse un sistema de dotacións, equipamentos e infraestruturas co obxectivo de acceder aos servizos básicos nun máximo de 20 minutos.

O PPdeG definirá un sistema de dotacións, equipamentos e infraestruturas que permita a calquera habitante do medio rural galego dispor de todos os servizos básicos e de ocio nun tempo de desprazamento máximo de 20 minutos.

Neste senso, unha das principais ferramentas destinadas a dar forma práctica deste sistema estará centrado no establecemento dun Plan de mellora de “núcleos rurais”, que poida ser aplicado nas zonas integradas dentro das zonas de reestruturación parcelaria: ao mesmo tempo que se reestruturan as súas parcelas, contamos coa dispoñibilidade dos terreos para executar as obras, o que serviría para dotar a ditos núcleos de todas as infraestruturas básicas de dotación de servizos (abastecemento de auga, electrificación dos núcleos, saneamento, camiños de acceso, etcétera).

Mais o auténtico motor que debe levar a plasmar de forma total o sistema proposto debe radicar na activación dos Plans de Infraestruturas do Medio Rural, racionalizando os investimentos en obras de infraestruturas, mediante un Plan Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural, que se desenvolverá de acordo con dous criterios básicos:

a.- O plan contemplará investimentos na totalidade dos concellos de Galicia.

b.- O plan incorporará proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva do medio rural, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e contribuír a fixar poboación.

A distribución dos recursos económicos que se asignará a cada concello estará realizada en base a criterios obxectivos, buscando a equidade e o equilibrio dos investimentos no medio rural galego. Neste senso, resulta evidente que o esforzo económico debe primar con especial incidencia a aquelas zonas máis deprimidas e ter presente o carácter agrícola, gandeiro ou forestal dos distintos concellos.

Ademais, débense ter presentes criterios de reparto que valoren o carácter rural e agrario dos concellos, así como o seu grao de despoboamento e avellentamento, alén de que se deben contemplar así mesmo baremos que teñan en conta a poboación rural, a dispersión de núcleos e entidades de poboación, xunto coa extensión territorial municipal.

A maiores, tamén debe terse en conta a [previsión de desenvolvemento dos denominados Plans de emerxencias](#), xa que debe resultar inescusable mellorar as condicións de vida dos residentes nas áreas rurais que son afectados por emerxencias de todo tipo (riadas, lumes, etcétera) e que inflúen notablemente na calidade de vida da poboación que vive no rural ao modificarse bruscamente as súas condicións.

Para iso é necesario arranxar aqueles servizos básicos que foron afectados por estas emerxencias. Para acadar este obxectivo, elaboraranse unha serie de Plans que permitan axilizar a intervención da Xunta de Galicia para a reparación dos camiños rurais afectados polos desastres naturais.

Por último, e logo de definir e levar adiante medidas de execución dos medios, infraestruturas e medidas deste sistema, procede [inventariar e actualizar permanentemente as infraestruturas e os equipamentos e dotacións da Galicia rural](#), que será un paso importante para dar un novo pulo á racionalización territorial sobre a base da cohesión. Aproveitaremos os novos desenvolvementos tecnolóxicos para levar a cabo estes traballos.

Esta estratexia de mellora tamén ha de contemplar o desenvolvemento do [Plan de mellora de acceso ás explotacións](#), que da cumprimento a un dos obxectivos prioritarios do PPdeG como é o da mellora da estrutura produtiva das explotacións agrarias. En base a el, seguirase fomentando a mellora dos accesos as explotacións agrarias en toda Galicia, contribuíndo á diminución de custos nestas explotacións a través da mellora da súa accesibilidade. Estas actuacións executaranse a través dos Plans de Zona en diferentes comarcas.

Tamén como apoio ás explotacións agrarias e integrado nunha liña de mellora das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento de actividades agrícolas, semella fundamental [continuar cunha liña de avance na eficiencia dos sistemas de regadío](#), para o que se establecerán [dous niveis](#):

i.- un primeiro, destinado á [modernización dos regadíos](#) e que terá como obxectivo prioritario o [aforro de auga e de enerxía](#), aplicando toda unha serie de melloras técnicas que o permitan e incorporando

cantas medidas sexan necesarias para a conservación dos valores naturais das zonas de actuación;

ii.- un segundo nivel, no que se tratará de mellorar, **reparando toda unha serie de levadas tradicionais de rega** moi envellecidas e deterioradas.

2.- Facilitar e mellorar as condicións estruturais para o fenómeno sociolóxico coñecido como “volta ao rural”.

Este fenómeno sociolóxico precisa un enfoque horizontal, xa que a volta da xente con idade de traballar ao campo xerará unha ampla demanda suplementaria en canto á dotación de servizos básicos necesarios para mellorar a calidade de vida ou ter que realizar melloras nos servizos específicos para o desenvolvemento empresarial (internet, etcétera.).

Para atender de forma conveniente este fenómeno, no que se mesturan factores sociais e económicos, deberemos centrar as nosas actuacións nas seguintes medidas:

i.- Estableceranse un **programa de creación de hortas familiares no ámbito periférico das cidades** en colaboración cos concellos, onde estes poñerán a dispoñibilidade dos terreos e a Xunta de Galicia **potenciará as obras de dotacións básicas de traballo agropecuario**, tales como instalacións de rega, accesos, etcétera.

ii.- **Poranse en marcha viveiros de terra (bolsas de terra) específicos para a posta en marcha de iniciativas empresariais relacionadas coa actividade agraria.** A través do Banco de Terras, deberían poñerse a disposición de emprendedores que pretenden iniciarse na actividade agrícola/gandeira/forestal bolsas de terra ociosa que permitan que estas iniciativas poidan desenvolverse.

iii.- A través da Entidade Xestora do Banco de Terras de Galicia, **buscaranse terreos fóra do ámbito da periferia das cidades para a ubicación da xente que queira volver ao rural**, executándose as obras que sexan requiridas para fomentar o seu cultivo e diminuír os custes de implementación.

Estes lotes vincularanse á actividade de xeito que **se posibilitarán formulas de xestión de pago da cesión (renda) do terreo** que permita ao emprendedor iniciar a actividade dun xeito máis beneficioso, establecendo anos de carencia de pago ou implementando liñas de axuda para a preparación da terra cedida.

A xeración que está a provocar este fenómeno de volta ao rural en moitos dos casos non posúe a formación para o desenvolvemento dunha actividade económica relacionada co agro, polo que cómpre crear **programas de formación profesional ou de escolas/obradoiros para a xente que emprende a mencionada “volta ao rural”**.

Orientarase as políticas de investimento de cara a **proxectos levados a cabo pola xente que volta ás areas rurais**, así priorizaranse liñas de axuda a proxectos que deriven deste fenómeno e que con eles cumpran os obxectivos de diversificación da economía.

3.- Diversificación e mellora das estruturas de vertebración sociocomunitaria e de fomento laboral e económico.

Levar adiante o camiño cara a este obxectivo pasa, en boa maneira, por desenvolver **programas de formación á xente do rural**, polo cal estableceranse dúas liñas de actuación: unha delas enfocada á poboación que desenvolve a súa actividade económica e social no rural e outra no ámbito universitario.

i.- Poboación que desenvolve a súa actividade económica e social no rural

Estes programas de formación estarían orientados sobre todo a mozos e mozas cunha concepción realista e positiva da vida no entorno rural e en cuxa formación se incidiría, sobre todo, naqueles cursos educativos nos cales se orientan á vida laboral.

Neste senso, analizaranse as necesidades de formación do medio rural, e **crearase un sistema de formación á carta atendendo ás necesidades de formación** de cada momento.

ii.- No ámbito universitario.

É preciso apoiar ou incluso coordinar a existencia de **mestrados ou cursos de posgrao orientados á preparación técnica** daqueles profesionais que poden facer calquera das actividades que son necesarias para o desenvolvemento rural.

Esta formación incidiría principalmente en aspectos técnicos, de xeito que a experiencia adquirida nos mesmos poida ser de utilidade para o desenvolvemento das actividades levadas a cabo nas áreas rurais de Galicia.

Indo máis alá da propia formación, non debemos esquecer que esta estará destinada a mellorar a calidade de vida dos habitantes do rural, fomentando así a **fixación da poboación e a creación de emprego no medio rural**. Tendo en conta o futuro inmediato, o Partido Popular de Galicia é consciente dos requirimentos dunha sociedade que, como a galega, acadou un determinado nivel de vida e debe loitar non só por mantelo, se non por melloralo.

O PPdeG entende como prioritario nestes momentos tanto a creación do maior emprego posible como do maior valor engadido dos fondos públicos empregados, sen esquecer os servizos básicos e sociais que contribúan a proporcionar a poboación rural uns servizos e posibilidades o máis semellantes posibles ás das áreas urbanas. Deste xeito contribuírase notablemente á fixación da poboación e a consolidar diferentes actividades económicas no rural.

Ante esta situación de crise na que nos atopamos, entendemos conveniente afondar nesta vía e, sen esquecer as medidas ou ámbitos nos que ata o de agora se ven traballando, **acotar e concretar máis as actividades subvencionables**, orientándoas claramente cara a creación e consolidación de emprego, os servizos básicos á poboación, así como aquelas que poidan ter un claro efecto de arrastre sobre o dinamismo económico do rural, optimizando deste xeito as disponibilidades orzamentarias e obtendo o maior rendemento socioeconómico posible das mesmas.

Estes criterios seranlles de aplicación e consolidaranse en medidas potenciadas mediante a **achega de recursos destinados á dinamización das áreas rurais, apoiando proxectos e actuacións tendentes a mellorar a calidade de vida no rural e a diversificación da economía**.

Neste abano de medidas estarían aquelas destinadas a apoiar iniciativas innovadoras de diversificación económica compatibles coa actividade agraria e forestal; accións dirixidas á mellora do patrimonio natural e cultural das áreas rurais; actividades para converter as áreas rurais e costeiras nun referente lúdico, cultural e deportivo; e traballar para potenciar o sector económico do turismo e do ocio rural.

Para acadar estes obxectivos estableceranse mecanismos de **participación e implicación de todas as entidades locais**, que permitan aproveitar a experiencia das organizacións existentes no medio rural e que por si soas contribuíron á implantación de iniciativas singulares.

Estas axudas servirán para poñer en marcha proxectos moi variados e que, ademais, mobilizarán recursos aportados polos propios promotores dos proxectos, contribuíndo a unha considerable dinamización do rural galego. A esta actuación tense que engadir as axudas outorgadas ás iniciativas presentadas a través dos GDR que cobren un espectro similar de proxectos.

Pero definir as políticas de futuro e as necesidades do rural debe ser, alén dunha tarefa práctica, un elemento de base, polo que **daremos apoio á creación dun foro autónomo de discusión sobre as políticas levadas a cabo no medio rural.**

Trátase dun foro independente de discusión de carácter académico e social vinculado ao desenvolvemento rural no cal os diferentes actores e sectores que teñan implicación no mesmo poidan crear opinión e ser un referente a hora de determinar as políticas necesarias para o desenvolvemento económico e social do rural galego.



MAR

De forma análoga ao rural, a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola están a ser un punto de referencia para unha sociedade, a costeira, que ve como en plena crise económica o mar se converte no que sempre foi: un elemento de riqueza e emprego.

Fóra das dificultades para o desenvolvemento da actividade extractiva ou de cultivo, [o mar galego está a resistir ben a crise](#) e mesmo, na cadea que o liga á industria de transformación, se está a ver como se produce un progreso perceptible na competitividade.

Neste senso, a dimensión social e económica que supón o mar para Galicia ten o seu reflexo nas máis de 46.000 persoas que vinculan o seu emprego ao mar e aos seus produtos, xerando na súa actividade máis de 4.700 millóns de euros anuais que achegan a pesca, o marisqueo, a acuicultura e a cadea mar-industria.

Que este puntal de apoio socioeconómico continúe pola senda do crecemento está supeditado, en boa maneira, ao rumbo que a Política Común de Pesca e o seu regulamento financeiro (Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro) marquen, polo que deberemos estar especialmente atentos á definición deste marco de xestión e ordenación.

Neste senso, faise fundamental acadar unha [definición acaída do regulamento que deseñará o marco comercial para os produtos da pesca e da acuicultura](#), xa que a Organización Común dos Mercados será a pauta que nos dea a liña a seguir na gran materia pendente que o mar galego ten, e que non é outra que a venda e valorización axeitada dos seus produtos.

Por outra banda, as adecuacións orzamentarias, provocadas pola crise entre outras causas, fai que sexa necesario acometer a [redefinición das estruturas administrativas e sectoriais do sector marítimo galego](#), fomentando a optimización dos recursos dispoñibles e dirixindo os esforzos de investimento e apoio ao mantemento e incremento dos niveis de emprego e produción das labores extractivas, de cultivo e do complexo mar-industria.

A maiores, a amplitude dos labores relacionados co mar deixaron en Galicia un amplo pouso patrimonial e cultural, alén dun ronsel etnográfico que se converte hoxe en día nun referente e atractivo turístico de primeira orde. Do mesmo xeito, [o desenvolvemento de actividades de ocio e lecer no medio mariño](#) son outro elemento de dinamización e complementación económica a ter en conta, polo que ambos campos de actividade serán obxecto de atención.

As principais liñas estratéxicas de traballo no ámbito marítimo-pesqueiro

e costeiro irán destinada á promoción de medidas dirixidas a sete ámbitos fundamentais de traballo:

- *Pesca*
- *Marisqueo*
- *Acuicultura*
- *Transformación e comercialización*
 - *Seguridade alimentaria*
- *Desenvolvemento marítimo – pesqueiro:*
 - *Salvamento e loita contra a contaminación*
 - *Formación*
- *Desenvolvemento portuario*
- *Turismo, cultura e actividades de lecer*

No que atinxe á **PESCA**, debemos facer unha distinción en función das características das flotas para definir as liñas estratéxicas que debemos seguir no traballo deste novo período. A este respecto, os fundamentos das nosas propostas serán:

➤ **Pesca de gran altura:**

Desenvolveremos unha **defensa dos intereses e investimentos realizados polos armadores galegos en terceiros países**, fomentando tamén, por medio das estruturas comunitarias e do Estado, o acceso a grandes caladoiros. Na mesma liña dirixida ao outorgamento de competitividade a este segmento de actividade, estableceremos **novas orientacións para a cooperación internacional** dirixidas a fomentar o coñecemento do medio e a estruturación da actividade nos países con presenza pesqueira galega, alén de facilitar, cos medios ao alcance, a renovación de flotas.

➤ **Pesca de altura:**

A principal liña de traballo estará destinada a acadar, no marco da nova Política Común de Pesca, unha **estabilidade e adecuación das cotas de pesca** que permitan o desenvolvemento dunha actividade acorde ao potencial existente. Na mesma liña, seguirase fomentando a **compra e acumulación de dereitos de pesca**, seguindo as posibilidades abertas no recoñecemento comunitario aos Dereitos Transferibles de Pesca. Do mesmo xeito, hai que afondar na liña de **renovación de buques e integración de novas tecnoloxías** para consolidar a competitividade destas unidades de flota.

➤ **Pesca de baixura:**

Neste segmento cómpre establecer o reforzo da liña de traballo de **mellora da comercialización dos produtos obtidos**, xa que é necesario realzar

e identificar a súa calidade e valores, para o que se impulsará a obtención dunha **denominación de orixe para os produtos da flota costeira artesanal**. Por outro lado, faise necesario tamén afondar na **profesionalización empresarial** deste eido de actividade, aproveitando para acadar ese fin as posibilidades que abren as novas tecnoloxías.

No relativo ao **MARISQUEO**, a vía fundamental de traballo irá destinada a levar esta actividade cara a unha **transformación progresiva nunha práctica acuícola**, para o que tamén se fai preciso afondar, de xeito análogo ao sinalado para a pesca de baixura, na profesionalización empresarial e na mellora da comercialización dos produtos obtidos.

Sen dúbida, e conforme ao proposto no marco da Política Común de Pesca, a **ACUICULTURA** será un eido de actividade a potenciar, polo que traballaremos por avanzar en todos os seus ámbitos de desenvolvemento. A liña fundamental a seguir para afianzar o relanzamento da acuicultura na nosa comunidade, e que vertebrará todos estes traballos, está contida na **Estratexia Galega da Acuicultura**. A este respecto, cómpre dar continuidade á planificación da acuicultura nos ámbitos marítimos e marítimo-terrestres, alén de culminar o realizado para o litoral, así como dar tramitación a un marco regulador básico para a acuicultura en Galicia, acorde coa realidade e previsións futuras da actividade.

A respecto da actividade de **TRANSFORMACIÓN COMERCIALIZACIÓN** de produtos do mar, desenvolveremos, conforme ao establecido no Plan Estratéxico da Conserva, unha liña de **fomento da concentración empresarial na conserva e tamén no conxelado**, inseríndose nunha vía de mellora da competitividade das empresas que atinxirá a diversos ámbitos. Ao tempo, seguiremos apostando por **afianzar o recoñecemento e valoración dos produtos nos mercados**. Neste senso, faise preciso dispor de medidas que leven a unha **adecuación ás novas demandas dos consumidores**, incorporando para tal fin sistemas de embalaxe e presentación axeitados e desenvolvendo accións de promoción dos produtos conxelados e en conserva, tamén mediante o desenvolvemento de proxectos piloto con outras transformacións ou aplicando as novas tecnoloxías para fomentar estratexias de integración de oferta e demanda dos nosos produtos do mar.

Do mesmo xeito, cómpre seguir mantendo un alto grao de **SEGURIDADE ALIMENTARIA** na achega aos mercados dos nosos produtos, polo que **reforzaremos o control** adecuándonos aos novos requisitos normativos e afondaremos no control

da cadea comercial para velar pola correcta trazabilidade e orixe dos bens postos no mercado.

Mais calquera orientación e ordenación do eido marítimo-pesqueiro e do ámbito comercial do mesmo ha de pasar, en boa maneira, por efectuar un **DESENVOLVEMENTO MARÍTIMO-PESQUEIRO** que potencie a **calidade de vida dos profesionais** do sector.

Este proceso de continua mellora atinxe a varios ámbitos, que van desde a loita contra a contaminación e o salvamento (onde desenvolveremos aínda máis a coordinación de competencias) ata a formación, verdadeiro puntal da profesionalización do sector, e onde traballaremos a prol de obter unha correcta coordinación das ensinanzas marítimo-pesqueiras que permita unha validación nacional e internacional e unha homoxeneización das atribucións para as que faculta estes procesos formativos. Ademais, potenciaremos a investigación mediante a coordinación efectiva dos centros científicos mariños situados en Galicia e a reorientación dos esforzos cara a aspectos eminentemente relacionados coa actividade marítimo-pesqueira.

En canto ao **DESENVOLVEMENTO PORTUARIO**, desde o Partido Popular de Galicia apostamos por avanzar na **conversión dos nosos peiraos en auténticas plataformas de distribución e centros de intercambio de mercancías** entre transportes marítimo, ferroviarios e terrestre, convertendo a nosa fachada atlántica no referente portuario da relación entre América e Europa. Do mesmo xeito, queremos que **os portos sexan a panca que mova a economía das súas áreas de influencia**, para o que promoveremos que o seu funcionamento se adecúe a un modelo máis áxil e que sirvan de lugar de asentamento de iniciativas que xeren dinamismo social e económico.

Por último, non deixaremos de aproveitar todo o potencial que para o **TURISMO** ten o mar, desenvolvendo a súa faceta cultural e etnográfica e potenciando a visión do medio mariño como punto de desenvolvemento de actividades de lecer. Así, fortaleceremos e fomentaremos o **turismo mariñeiro**, desenvolvendo para tal fin unha coordinación efectiva dos recursos culturais relacionados co mar, ao tempo que promoveremos a pesca deportiva, nunha liña de xestión integrada dos recursos mariños, e potenciaremos as actividades deportivas náuticas como fórmula de sostibilidade e complementariedade do aproveitamento do mar de Galicia.

(*) Pesca de gran altura

É preciso manter a posición de liderado da flota galega de grande altura, e para iso é imprescindible o mantemento da flota comunitaria de propiedade galega e a preservación dos intereses pesqueiros galegos en terceiros países.

➤ **Mantemento da flota comunitaria de propiedade galega.**

1.- Con respecto á primeira das liñas de traballo, son precisas actuacións de **mellora da competitividade das flotas comunitarias** para así garantir o mantemento da flota europea pesqueira industrial de grande altura, permitindo o acceso aos segundos rexistros ás flotas que traballan fóra das augas comunitarias, a través dun **cambio das directivas existentes** para que sexa posible unha discriminación fiscal positiva para este sector que fomente a súa permanencia no ámbito comunitario.

2.- Alén disto, fomentárase a **renovación dos buques de pesca industrial de grande altura** co fin de conseguir varios obxectivos: garantir o nivel de influencia da UE nos organismos internacionais, mellorar as condicións de saúde e seguridade laboral da tripulación, a inclusión de novos desenvolvementos tecnolóxicos, especialmente aqueles destinados a incrementar a eficiencia enerxética e a protección do medio ambiente e o desenvolvemento sostible dos recursos pesqueiros.

3.- Por último, deben fomentarse os **investimentos dos armadores galegos nos terceiros países, controladores dos grandes caladoiros**, favorecendo a participación das sociedades de capital de risco nestes investimentos dando o necesario apoio financeiro a estes investimentos.

➤ **Preservación dos intereses pesqueiros galegos en terceiros países**

1.- Para impulsar a segunda liña estratéxica, estableceranse as actuacións conducentes a potenciar o **mantemento dunha flota europea internacional** coma garantía para

a sustentabilidade dos recursos pesqueiros nas augas internacionais, así como se promoverá a aplicación estrita e igualitaria da regulamentación de **loita contra a pesca ilegal**, xa que todos os esforzos de control de pesqueiras realizados polas flotas comunitarias resultan inútiles se a pesca ilegal non axustada a estes controis acaba finalmente distribuíndose e comercializando no propio ámbito comunitario.

2.- No mesmo senso, proporase que as ORPs fixen as decisións sobre **cotas para períodos de tempo máis longos**, xa que os sectores produtivos requiren unha planificación dos investimentos nunha perspectiva temporal superior á anual.

3.- Mais o aspecto fundamental desta liña será o traballo, no marco europeo o estatal, por acadar **novos acordos para a pesca de grande altura en novos países**, e por manter os acordos actuais xa que estes acordos de pesca contribúen a ofrecer garantías xurídicas para esta flota galega e contribúen a facilitar o acceso á materia prima o que condiciona as súas estratexias futuras de desenvolvemento e localización

(*) Pesca de altura

Galicia é hoxe en día un gran centro de contratación e comercialización de pesca de altura, sustentado nunha flota que desenvolve a súa actividade fundamentalmente en augas europeas e do Atlántico Norte.

Cómpre, desde o punto de vista do Partido Popular de Galicia, manter esta posición, para o que se adoptarán medidas encamiñadas, por un lado, ao **afirmado da estrutura comercial** e, por outro, a **consolidar e mellorar as posibilidades de pesca** que esta flota ten.

➤ Afirmado da estrutura comercial

1.- Traballaremos para favorecer as condicións necesarias para que **os portos galegos manteñan a súa condición de grandes centros de descarga e distribución**, que consoliden a tendencia actual a asunción das funcións actualmente levadas a cabo polos mercados centrais das grandes cidades.

2.- Asemade, continuarase co apoio decidido aos proxectos da **iniciativa privada para a creación de empresas comercializadoras do peixe descargado nos portos galegos**, que promocionen de

maneira diferencial estes produtos e os centros galegos de descarga e distribución.

3.- Orientaranse as subvencións públicas cara a proxectos que inclúan a **comercialización por parte das entidades extractoras**, favorecendo a implantación de estratexias de coordinación entre as diferentes iniciativas existentes en Galicia para poder garantir o subministro continuo de produtos aos mercados.

➤ **Consolidar e mellorar as posibilidades de pesca**

1.- Levarase ata as súas últimas consecuencias a proposta de **erradicación do principio de estabilidade relativa na nova Política Común de Pesca**, mesmo acudindo ás instancias xudiciais europeas tendo en conta os efectos moi negativos que dito principio está a exercer sobre as posibilidades de pesca das nosas flotas de altura.

2.- Ligada a esta cuestión, propónse a necesidade de acadar un **novo modelo de acumulación de dereitos de pesca transferibles**, mesmo entre países, insistindo na conveniencia de manter o libre acceso aos dereitos actuais de flotas doutros países; o libre mercado dos dereitos de pesca debería ser promovido pola UE.

Do mesmo xeito, entendemos que **as decisións sobre cotas deberán realizarse para períodos de tempo máis longos** mediante o establecemento de plans de xestión plurianuais, ao tempo que reclamaremos a evolución desde o control de capturas ao control do esforzo pesqueiro.

(*) Pesca de baixura

Galicia ten necesariamente que **potenciar a diferenza competitiva da alta calidade da súa pesca de baixura**, tanto en termos económicos coma sociais, xa que esta é unha das actividades que maior valor engadido xera e máis contribúe a fixar a poboación nas áreas costeiras non urbanas.

Para isto, traballárase en dúas liñas fundamentais, que terán que atinxir, por unha banda, a **mellora da comercialización dos produtos obtidos e a súa conexión cunha actividade sostible** e, por outro, a afondar na **profesionalización empresarial** deste eido de actividade, aproveitando para acadar ese fin as posibilidades que abren as novas tecnoloxías.

Ambas liñas estratéxicas estarán amparadas pola proposta do **recoñecemento diferenciado da pesca da baixura na nova Política Común de Pesca**, o que a bo seguro permitirá consolidar a ampla importancia desta actividade en Galicia. Neste senso, esta diferenciación deberá ter en conta as propias singularidades e circunstancias da flota, de forma que se asegure unha diferenciación en función da súa contribución á sostibilidade dos caladoiros e das zonas costeiras.

Así, promoveremos diante das administracións competentes a **distinción efectiva daquelas flotas nas que o esforzo pesqueiro non vaia ligado á propia capacidade dos barcos**, facendo deste xeito tamén que a seguridade e operatividade non choquen de fronte co mantemento do nivel de esforzo e capacidade pesqueira ou marisqueira.

➤ ***Mellora da comercialización dos produtos e a súa conexión cunha actividade sostible***

1.- Continuarase coa **ordenación e xestión dos recursos nas augas de competencia autonómica** seguindo os principios das organizacións internacionais e da UE. Para elo abordarse a xestión dos recursos pesqueiros de Galicia seguindo o enfoque de ecosistemas para lograr un **equilibrio entre a conservación medio mariño e a actividade extractiva**.

2.- Propiciaranse as condicións para a **convivencia ordenada da actividade das diferentes artes e modalidades de pesca de baixura**, para o que se promoverá, da man do sector e contando coa súa decisión, unha adecuación cara ao futuro da regulación que rexe os *PERMEX*, dotando ao mesmo de valor intrínseco, e a alternancia de artes, facéndoa máis operativa e funcional e regulando de mellor maneira os niveis de esforzo sobre cada especie obxectivo.

3.- Impulsaremos, da man do sector mediante un grupo de traballo e das administracións autonómicas e estatal implicadas, unha **ordenación e xestión dos caladoiros litorais** que redunde na mellora da disposición de cotas de pesca e dunha mellor administración das mesmas. A tal fin, propugnaremos un **novο modelo de articulación das posibilidades de pesca para os diferentes segmentos de flota de baixura e litoral**, avogando pola colaboración entre as flotas que faenan no mesmo caladoiro para a obtención dun beneficio común.

4.- Articularase o **impulso inicial para que as confrarías e organizacións de produtores constitúan empresas comercializadoras**

dos produtos de baixura xa que resulta imprescindible a implicación do sector, no seu conxunto, na extracción, preparación e comercialización dos produtos da pesca de baixura.

5.- Propiciarse que as iniciativas de comercialización desemboquen á **especialización dos portos de baixura galegos en función dos recursos e as condicións de que dispoñan**.

6.- Adoptaranse as medidas necesarias para que **nas grandes cadeas de distribución de alimentación estean presentes os produtos pesqueiros galegos**, identificados como tal e valorizándoos de maneira que poidan competir coas importacións.

➤ ***Afondar na profesionalización empresarial***

1.- Promoveranse as condicións necesarias para que o **sector evolucione** desde a actual organización de produtores de pesca de baixura, maioritariamente microempresas de carácter familiar, cara á concentración ou cooperación en organizacións ou asociacións co volume suficiente para facer rendibles os investimentos tecnolóxicos, promocionais ou en persoal.

2.- Propiciarase unha **maior presenza do sector produtivo na utilización da Plataforma Tecnolóxica da Pesca e nas novas tecnoloxías**, o que permitiría mellorar a xestión da actividade de extracción e posibilidades de comercialización do pescado de baixura a través da rede.

MARISQUEO

O marisqueo galego ten que comezar a apurar os seus pasos no necesario camiño cara á súa **conversión nunha actividade da acuicultura** e para **completar o seu proceso de profesionalización**.

De xeito conxunto, cómpre avanzar na mellor explotación das posibilidades do medio, de forma que esta leve a un incremento das rendas e á xeración de emprego de calidade. Nesta transformación debe manterse a estrutura distributiva que ten esta actividade na actualidade.

(*) Avanzar na mellor explotación das posibilidades do medio

- Faise preciso avanzar na execución e avaliación continua da **recuperación de zonas improdutivas**, para o que se disporán as medidas técnicas e materiais necesarias na liña do semicultivo e cultivo de bivalvos, entendendo que este paso permitirá avanzar na integración ás zonas potenciais de cultivo de áreas costeiras sen produción na actualidade e potencialmente susceptibles de ser dedicadas o marisqueo.
- O progresivo avance cara a conversión do marisqueo nunha actividade de cultivo ou semicultivo ha de estar amparada na **continuidade dos labores de mantemento do substrato e na mellora da capacidade de subministración de semente de moluscos en calidade e cantidade**, para o que se fomentará a planificación do desenvolvemento, de forma coordinada co sector, de **instalacións de xeración de semente**.
- **Loitarase activamente contra o furtivismo**, en colaboración e coordinación cas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, como elemento fundamental para acadar no só un incremento da produtividade dos bancos marisqueiros, senón tamén para mellorar a calidade de vida do sector.

(*) Mantemento da estrutura distributiva.

- Avanzar no **afianzamento e redefinición das estruturas organizativas do sector**, para o que se fai necesario, de acordo co establecido na proposta formulada pola Comisión Europea para a nova Política Común de Pesca, reconducir as súas potencialidades cara a unha

maior gobernanza, fomentando as súas capacidades de xestión das actividades de cultivo, transformándoas progresivamente en procesos de acuicultura en sentido estrito e formulando os mecanismos legais necesarios para administrar de maneira autónoma, eficiente e eficaz os seus intereses económicos e as funcións de mellora comercial dos seus produtos.

➤ Daremos continuidade ao **diálogo co sector** mediante a conformación dun grupo de traballo neste senso, de xeito que sigan a ser quen de dar definición e aplicación práctica do deseño da liña de futuro.

ACUICULTURA

Galicia debe consolidar a produción acuícola actual e potenciar nas súas rías novos sistemas e produtos, a partir da experiencia e coñecemento acumulado nos sistemas tradicionais.

Neste sentido, a **Estratexia Galega da Acuicultura (ESGA)** constitúese como o documento de articulación e organización que rexerá a planificación e xestión da actividade acuícola en Galicia cara ao horizonte de 2030. O seu obxectivo fundamental é o relanzamento da acuicultura, de forma que esta xere emprego e riqueza dunha forma equilibrada co respecto e a integración ambiental.

A ESGA contempla un amplo abano de accións, que comprenden varias áreas de traballo, entre as que se atopa a modificación e complementación do marco normativo para acadar un elevado afianzamento da seguridade xurídica, polo que:

(*) Procederáse á aprobación da **Lei Galega de Acuicultura** para dispor dos instrumentos adecuados para a toma de decisións administrativas e defender a garantía sanitaria das explotacións.

(*) Formularemos unha **reforma da Lei de Confrarías de Pescadores** de Galicia. Para actualizar a normativa e establecer un marco de garantías que axude e afirme a planificación dos aspectos produtivos e organizativos na procura de maior xeración de riqueza e emprego no ámbito marisqueiro.

(*) No marco organizativo, promoveremos unha maior axilidade e coherencia na xestión, definición clara de competencias e potenciación da gobernanza, contemplando para tal fin a creación dun **órgano centralizado de tramitación** para axilizar e priorizar a tramitación de proxectos de instalacións de produción acuícola, e que deberán ser desenvolvidos normativamente, así como o establecemento de **órganos de consulta** de forma que xeren marcos de debate en favor do desenvolvemento da actividade dos cultivos mariños.

En canto á **planificación integral da actividade**, esta debe desenvolverse a través de distintas ferramentas:

(*) **Plan Director de Acuicultura Litoral**: para **coordinar o desenvolvemento acuícola na zona litoral** co modelo territorial proposto nas

Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de Ordenación do Litoral, establecendo as condicións para a implantación destas actividades con criterios de eficiencia, sustentabilidade e calidade ambiental e paisaxística.

(*) **Plan de Ordenación dos cultivos en zona marítima:** para a ordenación integral da zona marítima destinada ao desenvolvemento da acuicultura mediante a delimitación e caracterización das zonas aptas para os cultivos mariños e outras actividades relacionadas cos mesmos, así como a determinación das especies permitidas, compatibles e prohibidas.

(*) **Plan de Ordenación dos cultivos en zona marítimo-terrestre:** para que a actividade marisqueira evolucione nunha faceta máis da acuicultura mediante a realización de labores de cultivo, con participación dos mariscadores en todas as fases de produción. Enténdese que unha maior eficiencia no uso do espazo destinado a este fin conseguiría un aumento da produción e das persoas que se poderían dedicar ao marisqueo.

(*) **Plan Estratégico do Mexillón:** para orientar ao conxunto empresarial mexilloeiro galego cara a un futuro de competitividade e estabilidade, determinando as actuacións a desenvolver nos próximos anos tanto a nivel global como en todos e cada un dos compoñentes da cadea de valor mexilloeira.


(*) Asemade, e dentro da aposta pola calidade, elaboraranse **Guías de boas prácticas** en acuicultura accesibles para todo o público interesado con independencia da súa vinculación co sector.

(*) Do mesmo xeito, en materia de **investigación e innovación**, faise preciso elaborar e desenvolver un **Plan Estratégico da I+D+I**, orientado a conseguir avances nas liñas fundamentais de investigación e desenvolvemento marcadas en aspectos como xenética, nutrición, patoloxías, trazabilidade e seguridade alimentaria e automatización e deseño de instalacións, tanto na produción de moluscos como de peixes.

(*) Nunha liña paralela, mais no **ámbito formativo**, a ESGA aposta pola creación dun grupo de traballo de representantes das entidades encargadas da impartición da formación acuícola para a integración nunha liña formativa todas as materias. Ademais contempla a adecuación dos plans de estudo ás novas necesidades e tendencias do mercado laboral.

(*) No eido da comercialización, esta folla de ruta propón a creación dun **Plan Estratégico da Comercialización dos Produtos da**

Acuicultura que determine as accións prácticas que se deben desenvolver para afianzar a actividade acuícola no mercado de cara a súa viabilidade.



TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN

Que os galegos sabemos pescar, mariscar e criar peixes e marisco está fóra de toda dubida. Mais temos unha asignatura pendente, e esta reside na comercialización axeitada dos produtos do mar. Para tal fin, contaremos neste período co desenvolvemento e aplicación do [novo decreto de comercialización de produtos pesqueiros en orixe ao sector](#), ao que os profesionais dos diversos eidos vinculados á cadea comercial fixeron as súas achegas e consideracións. Este texto ten por obxectivo [desenvolver e mellorar a comercialización en orixe dos produtos pesqueiros para garantir a sustentabilidade dos recursos, a calidade e a seguridade alimentaria](#). Pretende, ademais, mellorar as canles de comercialización e distribución.

Ademais, neste eido desenvolveremos dúas liñas fundamentais que terán que ver, por un lado e conforme ao establecido no Plan Estratéxico da Conserva, cunha liña de [fomento da concentración empresarial na conserva e no conxelado](#), reforzando a competitividade destas empresas, e, por outro, con afianzar o [recoñecemento e valoración dos produtos nos mercados](#).

As empresas de transformación e comercialización deben aproveitar a súa avantaxada posición alcanzada nos mercados nacionais e internacionais para incrementar o valor engadido xerado pola súa actividade en Galicia.

(*) Fomento da concentración empresarial

- Estableceranse actuacións de promoción da concentración empresarial, especialmente na conserva da mando desenvolvemento do [Plan Estratéxico da Conserva](#), como elemento que favorecería a competitividade das empresas galegas do sector, xa que o aumento da dimensión económica e produtiva podería mellorar a súa capacidade de influencia e negociación nun mercado, o da distribución, que se atopa certamente concentrado sobre poucos operadores de gran tamaño.
- Apoiaranse as organizacións do sector para que se anticipen na [reestruturación das empresas](#) de cara a que estas [acaden o tamaño para poder competir con eficiencia](#).
- Promoverase a [especialización empresarial](#) como elemento de apuntalamento da competitividade das empresas galegas neste sector, evitando a competencia entre elas polos grandes clientes.

- Faise necesario avanzar na dotación de **maior competitividade das empresas** do sector transformador e comercializador mediante a incorporación de factores que acheguen esta. Así, apoiarase institucional, financeira e tecnicamente ao sector da transformación cara á **incorporación ás industrias galegas de tarefas con maior valor engadido**, co fin de minimizar os efectos da deslocalización industrial progresiva, especialmente nas tarefas con demandas máis intensivas de traballo manual.
- Propiciarase o **achegamento de todas as empresas aos centros de investigación e tecnoloxía**, tendo en conta que as empresas de transformación requiren dun elevado nivel de investigación tecnolóxica, sustentada e orientada polo propio sector.
- Fomentarase a **realización de investimentos para vincular a Galicia todas as fases do ciclo de explotación** (flota de buques, portos con capacidade conxeladora, persoal cualificado ou novos procesos tecnolóxicos) mediante a creación de contornos favorables (legal, fiscal, laboral) que fomenten a integración vertical das empresas.
- De cara a estruturar conforme a alta competitividade das empresas e da súa produción, propiciarase o desenvolvemento de proxectos para a **diminución dos custos da enerxía necesaria para o funcionamento operativo das empresas de transformación**, ao tempo que se promoverán as actuacións sobre os aspectos ambientais e de xestión de residuos vinculados coa actividade produtiva das mesmas.

(*) Mellora das políticas e situación nos mercados

- Implantaranse os mecanismos necesarios para lograr un **prezo digno dos produtos transformados galegos de xeito sostido** en colaboración cos diversos actores implicados e, especialmente, adoptaranse as medidas necesarias para seguir estratexias de mercado de diferenciación dos produtos transformados galegos, seguindo a premisas de ofertar un produto de máxima calidade.
- Do mesmo xeito, disporanse as medidas necesarias para que **nas grandes cadeas de distribución de alimentación estean presentes os produtos transformados galegos**, identificados como tal e valorizándoos de maneira que poidan competir coas importacións. A tal fin, favorecerase que **as empresas transformadoras potencien a súa imaxe**, tanto nos mercados nacionais coma internacionais, de empresas galegas con produtos do mar.

- Este marco de competitividade ha de ser reforzado coa obtención dun **espazo xusto de concorrencia**, polo que se esixirá nos foros internacionais que os produtos transformados importados procedentes de terceiros países respecten as mesmas esixencias nos eidos social, económico e medioambiental que as empresas da Unión Europea, velando porque estes cumbran, neste teor, os mesmos niveis de control sanitario e de orixe.
- Dentro deste requirimento de igualdade para as empresas galegas, estableceranse as medidas precisas para que a industria transformadora dispoña de **mellores condicións de accesibilidade para as materias primas e quede garantido o seu abastecemento**. Así, promoveremos, da man das estruturas administrativas europeas e españolas, o exercicio de **medidas de control sobre as regulacións restritivas postas en marcha por terceiros países para permitir o acceso ós seus caladoiros e mercados** (por exemplo, porcentaxes mínimas de produtos transformados no propio país) e fomentaremos a **realización de investimentos das nosas empresas en terceiros países como vía de internacionalización**.
- Continuaremos co apoio decidido á mellora da **competitividade dos nosos produtos nos mercados**, apostando por **afianzar o recoñecemento e valoración** que xa teñen. Neste senso, faise preciso dispor de medidas que leven a unha adecuación ás novas demandas dos consumidores, incorporando para tal fin sistemas de embalaxe e presentación axeitados e desenvolvendo accións de promoción dos produtos conxelados e en conserva, tamén mediante o desenvolvemento de proxectos piloto con outras transformacións ou aplicando as novas tecnoloxías para fomentar estratexias de integración de oferta e demanda dos nosos produtos do mar.
- É fundamental afianzar a vía de exportación dos produtos do mar de Galicia, por ser un camiño que se está a mostrar coma unha panca económica para o sector. Para tal fin traballaremos na coordinación da **promoción en eventos comerciais de primeira orde no marco internacional** e desenvolveremos liñas de información que permitan integrar os esforzos daqueles departamentos competentes no redimensionamento comercial no exterior das empresas galegas.

SEGURIDADE ALIMENTARIA E CONTROL

A seguridade alimentaria e o control supoñen dous feitos fundamentais para dar firmeza á calidade coa que os produtos do mar de Galicia se deben achegar ao mercado. Para conseguir tal fin, é preciso desenvolver medidas en varios campos, que van desde o control da trazabilidade da orixe dos produtos ou ao estado hixiénico–sanitario dos peixes e mariscos comercializados.

(*) Procederáse a ampliar e afondar no [control dos puntos de venda de produtos do mar](#) mediante a coordinación dos servizos de inspección sanitaria e dos propios de Gardacostas, para o que se completará a disposición e despregue dos veterinarios incorporados ao Servizo de Inspección Veterinaria.

(*) Completaremos, no marco do control e seguimento das actividades extractivas, a instalación de [puntos dixitais de expedición de documentos](#) e continuaremos coa dotación de [medios de pesaxe e etiquetaxe nos portos pesqueiros](#), de cara a asegurar a axeitada trazabilidade dos produtos do mar e de completar a cadea de control de orixe dos mesmos, facendo máis efectiva a tarefa de loita contra o furtivismo.

A aposta decidida do Partido Popular de Galicia de atacar problema, materializouse coa posta en marcha do [Plan de Loita Contra o Furtivismo](#), mediante o cal se puxo en marcha unha serie de actuacións coordinadas e consensuadas coas confrarías, agrupacións de produtores e consumidores, para acadar unha maior implicación na erradicación do furtivismo.

(*) Continuaremos avanzando no [axuste e mellora do programa de acción contra o furtivismo](#), organizando operativos conxuntos cos gardapescas dependentes das confrarías e estreitando a colaboración coa Unidade da Policía Nacional adscrita á Comunidade Autónoma, para o que tamén se reforzará o grupo de axentes que prestan apoio ás funcións do persoal de Gardacostas.

(*) Daremos forma a unha [planificación coordinada e integrada das actividades de control exercidas polas diferentes administracións con competencias na materia](#), de forma que esta necesaria labor non impida o devir normal das actividades extractivas e comerciais.

(*) Un dos pasos importantes a dar na nova lexislatura constitúeo a [implicación das administracións locais](#), competentes no control da venda

ambulante, para que a través das Policía Local se sumen ao control destas actividades comerciais e se poda avanzar na erradicación da das vías de venda ilegal dos produtos do mar extraídos por furtivos.

Alén das propias actuacións de control nos espazos de venda e da trazabilidade, continuaremos desenvolvendo a outra liña fundamental marcada neste eido, e que ten que ver coa **seguridade alimentaria** no marco do programa de control das zonas de produción de moluscos bivalvos.

Este labor, desenvolvido polo INTECMAR, dará cumprimento á normativa europea e abordará a mellora do programa mediante varias accións, estando entre elas o mantemento e ampliación do alcance de acreditación para os diferentes ensaios realizados sobre organismos mariños, así como a mellora do **sistema de control de biotoxinas** coa inclusión como método oficial do método de referencia da Unión Europea para o control de biotoxinas lipofílicas.

Así mesmo, procurarase un **aumento da capacidade analítica e de control do medio mariño coa mellora do sistema de control de contaminantes químicos**, o que suporá a adquisición de novo equipamento e a posta a punto de metodoloxía para contaminantes emerxentes.

Este factor de traballo, xunto ao avance no sistema de control microbiolóxico mediante a incorporación de técnicas máis rápidas e completas, permitirá afianzar a seguridade alimentaria e manter o sistema dinámico de clasificación microbiolóxica das zonas de produción.

DESENVOLVEMENTO MARÍTIMO–PESQUEIRO

Consolidar unha estrutura viable, sostible e competitiva en termos económicos debe ser, ao entender do PPdeG, tamén referendada por un **reforzo dos aspectos ambientais**, máis alá da propia conservación dos recursos e dos aspectos sociais e laborais.

Neste senso, a ampla experiencia negativa que Galicia acumula en termos de episodios de **contaminación mariña** supoñen un elemento que nos leva a **reforzar as liñas vinculadas á prevención destes sucesos** e á loita contra os efectos que estes puidesen ter sobre o medio mariño.

A maiores, non cabe dúbida de que reforzar o mar como referente laboral pasa en gran medida por **mellorar as condicións de traballo dos profesionais**, o que ten moito que ver coa profesionalización e a mellora da seguridade no mar.

(*) Salvamento e loita contra a contaminación

Logo dun amplo período no que a dotación de medios humanos e materiais marcou a política de salvamento marítimo e loita contra a contaminación en Galicia, cómpre agora dispoñer a **renovación e actualización das liñas básicas de actuación**, especialmente no caso de accidentes marítimos nos que existan episodios de contaminación.

Estas actuacións a desenvolver estarán enmarcadas dentro do **Plan de Continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia (Plan CAMGAL)** xa aprobado, e estruturará a implementación do mesmo e a recompilación de toda a información necesaria para a actualización e futuras revisións.

Deste xeito, a implementación do Plan abarcará distintos aspectos, entre os que cabe destacar o **deseño dunha estrutura de elaboración, revisión e aprobación dos plans locais** non existentes na actualidade e de obrigado cumprimento a partir da aprobación do Plan CAMGAL, así como o desenvolvemento de exercicios que verifiquen a efectividade e validez do Plan.

Do mesmo xeito, promoveranse as **accións de documentación e recompilación de información técnica, científica e operacional relacionada coa contaminación mariña accidental e de utilidade para a xestión de crises**, e procederase ao mantemento do sistema de información xeográfica coa caracterización do litoral galego e coa indicación da súa sensibilidade

medioambiental e produtiva. Ademais, implementaranse os [sistemas de modelado para a predición de derivas](#) e desenvolveranse ferramentas de seguimento e predición do comportamento e evolución dos vertidos.

De forma relacional co desenvolvemento do Plan CAMGAL, seguiranse a prestar especial atención ao traballo naquelas accións de [control e protección dos recursos pesqueiros e marisqueiros](#), así como tamén das destinadas á súa xestión.

Para tal fin seguirase desenvolvendo e mantendo a [rede de Datos Oceanográficos recollidos polo INTECMAR](#), para o que se mellorará e valorizará o establecemento das redes actuais de datos oceanográficos.

Do mesmo xeito, procederase ao [desenvolvemento da Infraestrutura de Datos Espaciais \(IDE\) do INTECMAR e, por ende, de datos mariños de Galicia](#). Neste campo, e atendendo de xeito particular á xestión da produción, será de importancia o desenvolvemento do modelado oceanográfico como asistencia para a resolución de problemas na explotación de recursos marisqueiros e acuícolas, xa que poderá achegar máis información sobre a contaminación microbiolóxica de polígonos de bateas e bancos marisqueiros.

FORMACIÓN

Nas políticas do mar en Galicia, a formación constitúe un indubidable motor de viabilidade e fundamenta a base da súa estrutura socioeconómica. A nosa comunidade autónoma vén afrontando un importante reto formativo neste ámbito produtivo, tanto desde o punto de vista cualitativo como cuantitativo. Así, no terreo da calidade, é preciso **avanzar na profesionalización**, na liña do exemplo paradigmático que representan as mariscadoras galegas, mais desde o punto de vista da cantidade, o número de profesionais e a demanda a atender é ampla en número e tipoloxía, factores que cómpre ter en conta.

(*) Traballarase na **consolidación da ampla estrutura formativa**, que abranguerá tanto os medios técnicos e humanos como as titulacións. Neste senso, o reforzo dos medios técnicos e humanos pasa pola **potenciación, impulso e apoio ao labor que desenvolven as escolas náuticas, o Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGafa) e centros de referencia en formación continua**, coma A Aixola.

(*) No eido das titulacións, **potenciarase tanto a formación regrada (en ámbitos coma o embarque ou o mando) como a formación continua**, para o que se seguirá contemplando a necesidade de **achegar ambas formacións aos portos galegos**, tendo en conta especialmente as dificultades que presenta a dispersión dos profesionais do mar, así como as trabas que supón a compatibilidade coa actividade profesional.

(*) Outra das liñas de actuación en materia de formación será a imprescindible **adecuación á realidade** en aspectos como a **estrutura e contidos formativos, tripulacións mínimas e atribucións e a definición do papel da práctica**. Neste senso, a primeira das tarefas precisará dunha adecuación, de forma conxunta co ministerio competente, das normativas reguladoras deste aspecto, tamén para incluír o valor da experiencia práctica a hora de obter un título de formación marítimo – pesqueiro.

(*) Ao mesmo tempo, cómpre establecer un **marco de atribucións que sexa homoxéneo co espazo europeo**, definindo tamén unha nova normativa de tripulacións mínimas que teña en conta esta formación, as atribucións outorgadas e os avances tecnolóxicos integrados nos buques.

Este impulso á formación é coherente ademais coas directrices da Política Común de Pesca, que concibe esta estratexia como esencial na mellora da calidade de vida a bordo e na procura da homologación e harmonización a nivel europeo.

(*) Por ende, cómpre axeitar tamén os requisitos de seguridade e prevención á verdadeira dimensión dos diferentes segmentos de flota. Así, promoveremos diante das administracións competentes unha **adecuación á práctica das regulacións de seguridade marítima**, con especial fincapé na máis acaída demanda de requisitos sobre aspectos coma a disposición de botiquíns a bordo, a unificación de procesos de revisión dos buques, etcétera.

INVESTIGACIÓN

Sabemos que a aposta pola investigación é fundamental á hora de mellorar a información que axude a avanzar na adecuación da xestión e das decisións á realidade.

(*) Potenciaremos a investigación mediante a [coordinación efectiva dos centros científicos mariños situados en Galicia, con especial fincapé no Campus do Mar](#), e a reorientación dos esforzos cara a aspectos eminentemente relacionados coa actividade marítimo-pesqueira e daremos preferencia a aqueles contidos de aplicación práctica.

(*) Estableceremos un puntal fundamental para levar adiante este labor a través do [Comité Científico Galego da Pesca](#), creado nesta lexislatura e que se desenvolverá en todos os seus contidos e botará a andar en plenitude de inmediato. Este órgano asesor tamén levará a cabo informes e ditames sobre o estado dos recursos obxecto da actividade pesqueira e sobre as medidas de conservación que hai que adoptar, nos aspectos biolóxicos, técnicos e socioeconómicos, así como os relacionados coa súa transformación e comercialización.

(*) Procederemos á [constitución do Comité Técnico de Acuicultura](#), que será posto en marcha de forma paralela ao desenvolvemento da Estratexia Galega da Acuicultura e nacerá baixo a forma xurídica de orde, sendo recollido e adecuado posteriormente no seo da Lei de Acuicultura.

(*) Neste mesmo eido, e considerando a importancia vital que a investigación ten para a acuicultura galega, necesítase desenvolver, ao amparo da Estratexia Galega da Acuicultura, un [Plan Estratéxico da I+D+I da acuicultura](#), enmarcado no seo dunha acción máis ampla que dirixirá os seus obxectivos a impulsar este segmento de traballo no ámbito marítimo-pesqueiro, en conexión, ademais, coa planificación estratéxica dirixida á actividade pesqueira.

DESENVOLVEMENTO PORTUARIO

Desde o Partido Popular de Galicia apostamos por **avanzar na conversión dos nosos peiraos en auténticas plataformas de distribución e centros de intercambio de mercadorías entre transportes marítimo, ferroviario e por estrada, convertendo a nosa fachada atlántica no referente portuario da relación entre América e Europa.**

Do mesmo xeito, queremos que os portos sexan a panca que mova a economía das súas áreas de influencia, para o que promoveremos que o seu funcionamento se adecúe a un modelo máis áxil e que sirvan de lugar de asentamento de iniciativas que xeren dinamismo social e económico.

Para acadar estes obxectivos:

(*) Faise preciso a **ampliación e mellora das infraestruturas marítimas**, na que se favorecerán e priorizarán, neste contexto de crise, aquelas actuacións encamiñadas ao desenvolvemento e potenciación do transporte marítimo de mercadorías coa mellora da seguridade na operativa e da atracción de novo tráfico e desenvolvemento do transporte intermodal. Destexeito pretendemos que exista un **transporte sostible alternativo á estrada** e a potenciación do desenvolvemento das comarcas que favoreza a explotación dos recursos naturais que producen un maior volume de mercadorías.

(*) Pretendemos a **consolidación da capacidade de amarre e operativa dos peiraos pesqueiros e bateiros**, fomentando a mellora da axilidade das accións diarias de carga e descarga de peixes e mariscos e promovendo a **ampliación da capacidade de disposición de instalacións de almacenaxe frigorífico e a complementación e peche da cadea mar-industria** co asentamento de empresas transformadoras e comercializadoras de produtos do mar.

(*) Afianzaremos a **coordinación coas entidades titulares dos portos estatais** para evitar disfuncións operativas ou impositivas.

(*) É preciso desenvolver unha estratexia destinada a **atraer e potenciar a náutica deportiva** mediante a disposición de peiraos axeitados. Para tal fin darase curso ao **Plan de Instalacións de Náutica Recreativa**, no que se recaba a participación de todos os actores portuarios e se integrará, como motor fundamental, a capacidade de promoción privada dos portos deportivos.

(*) Na mesma liña, promoveremos a **mellora e modernización das actividades portuarias**, que estarán destinadas a facilitar as operacións tanto marítimas como terrestres, no incremento da calidade do valor engadido dos produtos, tanto mercadorías como pesca, manipulados nos portos, fomento da acuicultura e a mellora das actividades pesqueiras. Sen dúbida, esta orientación redundará na execución das operacións en condicións de seguridade e máis rendementos levando a un maior desenvolvemento do entorno máis próximo e, en consecuencia, á xeración de máis emprego.

(*) Ambas liñas deberán estar incardinadas nun eixe fundamental de traballo, que ten que ver co **incremento do atractivo do litoral galego e a mellora da calidade medioambiental das instalacións portuarias**. Esta vía permitirá potenciar o uso das actividades turísticas, de lecer e deporte nas zonas onde se sitúan os portos e desa maneira desenvolve a industria auxiliar correspondente. Para tal fin desenvolveremos actuacións para a **implantación nos portos das infraestructuras, equipamentos e procedementos necesarios para unha xestión medio ambiental eficaz**, alén de avanzar na consecución de obxectivos coma unha maior eficiencia nos consumos enerxéticos ou a promoción do subministro eléctrico en base a enerxías renovables.

(*) Fomentaremos unha **maior facilidade de funcionamento operativo dos portos e unha axilización do asentamento empresarial nestes espazos**. Para iso, promoveremos unha ordenación xeral das zonas de servizo dos portos, alén da mellora e modernización dos servizos xerais dos mesmos. Deste xeito, inténtase facilitar o desenvolvemento de distintas actividades portuarias, evitando as interferencias entre as mesmas e, ao mesmo tempo, incrementar a seguridade das instalacións portuarias tanto na lámina de auga como nas superficies portuarias.

(*) Procederemos a promover a **oferta de solo portuario dunha maneira dinámica e atendendo o obxectivo fundamental de convertelos en espazos loxísticos de distribución e intercambio de mercadorías**. Para tal fin, elaboraremos un inventario de terreos portuarios dispoñibles, definindo os usos posibles compatibles coa explotación portuaria e os condicionantes que puideran existir, para posteriormente desenvolver unha campaña de promoción e información pública, co fin de que calquera interesado poida presentar solicitudes.

(*) **Mellora da xestión organizativa do porto e adaptación as novas TIC**, de xeito que se poda incrementar a eficacia e a eficiencia dos portos e do propio sistema portuario, favorecendo unha relación áxil e cómoda dos clientes e usuarios coa administración portuaria e o uso das novas tecnoloxías da comunicación e información.

(*) Promoveremos a creación dun **Catálogo de embarcacións tradicionais**, que se vinculará a unha xeira de beneficios para as mesmas en materia de taxas e instalacións de atraque. Do mesmo xeito, fomentárase o **mantemento do patrimonio mariñeiro** desenvolvendo medidas de estudo e investigación e actividades recreativas e culturais.

(*) Impulsaremos, integrando as necesidades sociais e as disposicións portuarias, o **transporte marítimo nas rías**, facendo del un elemento fundamental a potenciar debido a que supón un modelo de comunicación sostible, eficiente, alternativo e que pode servir de complemento para a importante oferta turística de Galicia.

TURISMO, CULTURA E ACTIVIDADES DE LECER

As liñas fundamentais neste eido de xestión estarán centradas en **fortalecer e fomentar o turismo mariñeiro**, desenvolvendo para tal fin unha coordinación efectiva dos recursos culturais relacionados co mar.

Desde o Partido Popular de Galicia queremos **promover a pesca deportiva** nunha liña de xestión integrada dos recursos mariños e potenciar as actividades deportivas náuticas como fórmula de sostibilidade e complementariedade do aproveitamento do mar de Galicia.

Neste senso, a consecución de obxectivos e fins neste eido deberían estar marcados a medio e longo prazo, mais debemos ir asentando, como se fixo neste período, os chanzos para afianzar este camiño. Esta é a liña que marca Europa e que se integra de forma directa na nova Política Común de Pesca, polo que para Galicia, cunha ampla estrutura social e económica ligada ao mar e cun inxente volume de recursos patrimoniais, etnográficos, paisaxísticos e biolóxicos, non se pode escapar esta oportunidade de complementar a súa actividade económica marítimo-pesqueira.

Neste senso, definiremos un amplo plan que recolla todos os elementos vinculados ao **turismo mariñeiro** e que os poña en valor, facendo de Galicia unha fórmula integrada de oferta neste ámbito. A este respecto, faise perentoria a **extensión de estándares de validación e recoñecemento dos elementos que definirán este tipo de turismo na oferta turística** (hostalería, restauración, etcétera).

Por outra banda, e atinxindo ao desenvolvemento do mar como espazo de ocio e lecer, potenciaremos a integración da **pesca deportiva** nun marco integrado de xestión co resto das actividades extractiva desenvolvidas en Galicia, entendendo que esta xestión debe ser común en canto a que comúns son os recursos mariños sobre os que se actúa. Par tal fin, establecerase un **corpo normativo específico** para esta actividade, velando pola **sostibilidade e a formulación dunha oportunidade económica adicional para as zonas costeiras**.

Por último, cómpre, de forma coordinada coas liñas estratéxicas a desenvolver no eido portuario, incorporar a **náutica deportiva** como elemento dinamizador, facendo desta actividade un **complemento perfecto para as estruturas pesqueiras**, de forma que se podan xerar sinerxías para ambas. Neste senso, desenvolveranse proxectos portuarios que fagan compatibles os usos loxísticos pesqueiros e marisqueiros coa náutica deportiva, promovendo a instalación de servizos comúns que sexan de utilidade para ambas actividades.



SECTORES INDUSTRIAIS

CONSTRUCCIÓN NAVAL

Na pasada lexislatura, o PPdeG fixo importantes esforzos para a preservación do sector naval en Galicia, dada a crise pola que está a atravesar. Como **fitos máis salientables** compre lembrar:

1º. A Xunta de Galicia destinou **máis de 80 millóns de euros na pasada lexislatura en garantías a estaleiros e a industria auxiliar.**

2º. **Grazas aos préstamos directos e os avais da Xunta de Galicia á construción 533 de *Factorías Vulcano, S.A.*, conseguiuase a entrega deste buque ao seu armador. Tamén se avalou a *Construcións Freire* para que puidera cumprir as súas entregas, e grazas aos avais e créditos participativos concedidos a *Factoría Naval de Marín* esta foi quen de entregar as súas.**

3º. **Grazas a que se demandou ante os xulgados do mercantil de Madrid o acordo do Consello de Administración de *PYMAR*, polo que se estableceu a liquidación ordenada do Fondo Patrimonial de Garantía, nestes intres existe no seo de *PYMAR* un novo Fondo de Garantías Navais. Grazas a elo, foi aceptado o convenio concursal de *Factorías Vulcano* evitando a liquidación da empresa.**

4º. **Logrouse un convenio con *Aclunaga* e *Asime* ao efecto de conseguir que a industria auxiliar obtivera o maior número de certificacións acreditativas da excelencia empresarial, co obxecto de garantir a calidade dos seus traballos, con resultados altamente satisfactorios para o sector.**

5º. **Negociouse un convenio entre a Gerencia do Sector Naval, Xunta de Galicia, *Asime* e *Aclunaga*, por importe de 2 millóns de euros, para implantar **circuítos formativos destinados ao traballadores do sector que se atoparan en situación de ERE suspensivo e extintivo.** Asimesmo asinouse outro Convenio entre a Gerencia do Sector Naval e a Xunta de Galicia para o **recoñecemento da experiencia profesional**, e de ser o caso co correspondente complemento formativo, para a obtención de 10 titulacións profesionais navais.**

6º. **Desde que a Comisión Europea iniciou o procedemento de investigación ao sistema *tax lease*, deixándoo en suspenso, desde a Xunta de Galicia se defendeu ante a Administración do Estado e a Unión Europea a defensa da legalidade do *tax lease*, a xustificación da presenza dos principios da boa fe e da confianza lexítima en tódalas operacións**

realizadas con anterioridade ao 1 de xullo de 2011; e **propoñer unha estrutura fiscal alternativa ao *tax lease* suspendido, baseado no réxime xeral de libre amortización autorizado pola Comisión a España para o período 2011-2015.**

Pese a que desde a Comisión Europea, e particularmente desde a Dirección Xeral de Competencia do Comisario Joaquín Almunia, rexeitaronse diversas propostas españolas, **en xuño de 2012, tras o fracaso do camiño sinalado polo propio Comisario, o goberno actual de España en plena coordinación coa Xunta de Galicia informaba á CE dun novo sistema *tax lease*.**

No último día de prazo que tiña a Comisión Europea para resolver decidiu solicitar aclaracións, que foron remitidas con data 10 de agosto. A día de hoxe estamos á **espera dunha inmediata resolución deste asunto**, para que os estaleiros galegos e españois poidan competir en igualdade de condicións cos do resto da Unión Europea.

7º. Despois dun intenso traballo liderado polo Presidente da Xunta, **o Goberno galego asinou o pasado 24 de maio un Acordo de Colaboración para establecer unha alianza estratéxica con Petróleos Mexicanos (PEMEX), primeira empresa de Latinoamérica e cuarta petroleira do mundo.**

Froito desta alianza estratéxica, **PEMEX xa está tramitando a concesión de terreos no Porto Exterior da Coruña en Punta Langosteira para instalar unha base operativa para a loxística de hidrocarburos.** Esta terminal será a primeira que PEMEX constrúe en Europa.

Así mesmo, o pasado 19 de setembro, a través da súa filial PMI Internacional, **asinou senllos contratos co estaleiro privado Barreras e co estaleiro público Navantia para a construción de dous *floteis*.** Estes contratos supoñen un investimento de 290 millóns de euros e permitirá dotar de carga de traballo ás dúas factorías xerando arredor de 3.000 postos de traballo durante 30 meses.

Finalmente, **a petroleira mexicana está a negociar cos estaleiros galegos a contratación de varios remolcadores no marco da renovación da súa flota menor.**

Dando continuidade a liña marcada na pasada lexislatura, **o PPdeG propónse:**

(*) **Intensificar o traballo con PEMEX** para profundizar no alcance o contido da alianza estratéxica asinada na pasada lexislatura, tanto no que se refire a colaboración de Galicia no proceso de renovación da súa flota, como na súa presenza e operativa no Porto de Punta Langosteira.

(*) Continuar a **promover a internacionalización do sector naval galego**, consolidando a súa presenza en outros países, como Brasil ou Uruguay.

(*) Seguir traballando coa SEPI e coa industria auxiliar ferrolán para **impulsar as medidas necesarias co fin de mellorar e facer máis competitivas as instalacións de Navantia-Ferrol no eido das reparacións**.

(*) **Incrementar a nosa presenza en PYMAR** e facer posible un Fondo de Garantías Navais solvente, robusto e que dea fiabilidade a estaleiros, armadores e investidores.

(*) Seguiremos traballando co goberno de España para **implantar canto antes un tax lease competitivo** que outorgue confianza ao sector naval no seu conxunto e permita competir aos nosos astaleiros en igualdade de condicións na Unión Europea.

(*) Promover a **mellora continua na formación dos traballadores e da calidade dos buques construídos en Galicia**. O obxectivo é conseguir o recoñecemento profesional da experiencia nas distintas ramas profesionais navais e que afectará a un mínimo de 3.000 traballadores. Asemade estableceranse circuítos formativos para traballadores que se atopen en EREs suspensivos ou extintivos para un mínimo de 1.500 traballadores.

(*) Creación no seo de XesGalicia dun **Fondo de Reestruturación para a industria auxiliar**, con un importe inicial de 1 millón de euros que terá por finalidade única e exclusiva o **apoio ao cambio das actividades da industria auxiliar do naval a outras actividades económicas de carácter industrial** que acrediten a súa viabilidade técnica e económica e que supoña o mantemento integro do cadro de persoal.

(*) Promover co ICO unha **Liña-Marco de Garantías de Reembolso ICO-Estaleiros**, co obxecto de cubrir a necesidade actual dos estaleiros de acceder a liñas de garantías rápidas e accesibles. Esta liña **permitirá pechar novos contratos de construción e proporcionará un efecto amplificador dos recursos do novo Fondo de Garantías Navais**.

ENERXÍA

Gas

O pulo definitivo do gas natural na nosa Comunidade Autónoma, alentando o desenvolvemento estratéxico da nosa regasificadora e incrementando a súa actividade, será unha das apostas firmes do PPdeG para a vindeira lexislatura, co fin de que en Galicia teñamos un combustible económico, limpo e que permitirá a mellora da competitividade do noso tecido empresarial.

(*) A presenza de Reganosa sitúa a **Galicia como centro loxístico de distribución de enerxía**. Por elo, o PPdeG impulsará a creación do **Centro de Distribución Enerxética do Atlántico (CDEA)**.

(*) Para constituírse no CDEA, aproveitando a súa localización, as súas infraestruturas gasistas e os tráxicos consolidados de carbón e petróleo, **Galicia necesita incluír na planificación enerxética nacional as seguintes melloras de infraestruturas:**

- Tender un **gasoduto de Lugo a Ponferrada** para conectar Galicia coa Meseta.
- Maximizar a **conexión con Portugal a través de Tui** e construír unha estación de compresión de gas natural na fronteira.
- Incrementar en Mugar dos a **capacidade de regasificación e a de almacenamento**.

Esta iniciativa é oportuna, pois:

- mellora o movemento dos fluxos de gas na Península Ibérica limitando as estacións de compresión a súa xusta medida;
- ten **vantaxes estratéxicas**, porque garante o abastecemento do tecido empresarial galego, presente e futuro;

- **ten vantaxes operativas**, porque o abastecemento desde Mugardos, en lugar de facelo desde Huelva, supoñerá a industria galega un aforro de 15 millóns de euros;
- e propiciará á vez unha **redución do risco de deslocalización de empresas e a nosa capacidade de atracción de empresas**, porque a dispoñibilidade de enerxía limpa e a bo prezo opera como imán para os emprendedores industriais.

Enerxía eólica

Tras o establecemento durante a pasada lexislatura:

- ✓ dun marco regulatorio estable, a través de la Ley 8/2009 de 22 de diciembre;
- ✓ a creación do canon eólico, co obxecto de contribuir a preservar o medio ambiente;
- ✓ terse resolvido as solicitudes de outorgamento de autorización administrativa de instalación de parques eólicos para promotores titulares de plans eólicos empresariais, admitindo solicitudes por unha potencia total de 320´83 MW;
- ✓ terse aprobado os anteproxectos de parques eólicos para a asignación de 2.325 MW de potencia en Galicia;
- ✓ e terse autorizado instalacións de parques eólicos por unha potencia total de 423´9 MW, correspondentes a procedementos de asignación de potencia eólica previos á convocatoria do ano 2010,

Na vindeira lexislatura o PPdeG proponse:

- **Acadar no ano 2016 unha potencia eólica en funcionamento en Galicia de 6.500 MW**. Esta actuación levará á consecución dos

grandes obxectivos da política enerxética da Comunidade Autónoma: a **redución da dependencia enerxética do exterior e a instrumentación das medidas axeitadas para combater o cambio climático** conseguindo unha substancial redución da emisión de gases efecto invernadoiro.

- Realizar, a nivel nacional, **propostas de marcos retributivos adecuados para o sector eólico que sexan sostibles economicamente para o sistema eléctrico español**. É necesario deseñar un modelo retributivo que promova a asignación eficiente dos recursos, garantindo a viabilidade futura do sistema eléctrico.
- Aproveitar o coñecemento existente na Comunidade Autónoma para acadar unha **auténtica xeración distribuída** (consistente na xeración de enerxía eléctrica por medio de instalacións de pequena potencia, incentivando o autoconsumo), con especial atención á mini-eólica.
- A aposta polas enerxías renovables do PPdeG estenderase ao **impulso as renovables emerxentes** que non soamente xeran valor no eido enerxético senón tamén no eido industrial.
- Proponemos impulsar o **desenvolvemento tecnolóxico e industrial das enerxías renovables mariñas en Galicia**, unha fonte enerxética limpa, inesgotable e predicible que conta con potencial para acadar en 2050 ata 200 GW instalados en todo o mundo.

Actualmente, as **enerxías renovables emerxentes** atópanse en fase de investigación e desenvolvemento, e descoñécese aínda que tecnoloxías serán as que prevalezan no futuro. Pero, **Galicia debe aproveitar as potencialidades de que dispón para tomar un papel relevante neste novo sector**, entre as que se atopan o potencial enerxético nas nosas costas, a experiencia no entorno mariño e en sectores con certo grao de afinidade coas enerxías renovables emerxentes, como o naval e offshore, o auxiliar do automóbil e o eólico.

É necesario lograr unha relación a longo prazo co sector tecnolóxico e industrial das enerxías renovables emerxentes que maximice o valor creado en Galicia. **Non queremos que Galicia sexa, unicamente, o lugar onde se ubiquen as plantas de aproveitamento da enerxía das ondas, senón que sexa un referente industrial e tecnolóxico neste sector**. Para iso será necesario, en primeiro lugar,

crear e consolidar un tecido empresarial adicado ao deseño e desenvolvemento tecnolóxico dos dispositivos de aproveitamento das enerxías oceánicas e de tódolos seus sistemas auxiliares, incluídos os necesarios para a operación e mantemento, capaz de xerar e manter en Galicia unha grande parte do *know-how* tecnolóxico asociado; e en segundo lugar, complementala co compromiso de implantacións industriais a longo prazo para a fabricación dos equipos comerciais.

Galicia dispón dun **enorme potencial técnico e humano** que poñer ao servizo do desenvolvemento das enerxías renovables emerxentes, que presentan á súa vez un gran potencial de crecemento industrial. Actualmente o sector atópase nun punto de inflexión, a partires do cal se comezarán a identificar os seus actores principais para os próximos anos. Unha **Plataforma Enerxética Mariña Galega** preséntase coma a máis potente ferramenta para establecer en Galicia un dos núcleos principais desta futura revolución tecnolóxica.

MINERÍA E ROCHAS ORNAMENTAIS

Na pasada lexislatura o PPdeG impulsou:

- A regulación das explotacións mineiras.
- A convocatoria dos concursos de dereitos mineiros caducados nas provincias de Ourense e A Coruña , o que non se producía desde había máis de 10 anos, o que permitíu dinamizar o sector, poñer en valor os recursos do subsolo galego e fomentar o emprego e a creación de inversións no sector.
- A creación e constituicións de clústers en diferentes subsectores do sector mineiro (granito, lousa, augas minerais) como forma de vehicular a colaboración de todos os axentes implicados na cadea produtiva de cada un deles en aras da mellora da súa competitividade.
- Convocáronse, por primeira vez, axudas para a renovación de cubertas por lousa (plan pioneiro en España).
- Convocouse, por primeira vez en moitos anos, unha orde de axudas ás entidades sen ánimo de lucro do sector mineiro galego

Como obxectivos para a próxima lexislatura, o PPdeG considera prioritario:

- [Desenvolvemento regulamentario da Lei 3/2008, de ordenación da minería de Galicia](#), que facilite a aplicación desta lei.

Nestes intres estase en condicións de abordar o desenvolvemento desta regulamentación, tras a experiencia adquirida na aplicación da lei desde a súa promulgación.

- [Plan sectorial de actividades extractivas](#): En consoancia co anterior, e ao obxecto de dar cumprimento ao artigo 11 da Lei 3/2008, faise necesario aprobar o plan sectorial das actividades extractivas mineiras, que permita compatibilizar a actividade mineira co resto de actividades económicas, territoriais e urbanísticas.

AUTOMOCIÓN

Na pasada lexislatura, o PPdeG desenvolveu unha estratexia integral baseada en facer fronte ás necesidades reais do sector da automoción, afectado polas dificultades económicas e o descenso de vendas a nivel internacional.

Durante o último ano e e medio impulsáronse **grandes investimentos no sector**, a maioría na comarca de Vigo e relacionados cos novos proxectos encargados á factoría viguesa polo grupo PSA, facilitando o mantemento de máis de 1.600 postos de traballo. Fixemos posible, tamén, que o lanzamento dos novos modelos de furgoneta eléctrica Partner Galicia e Berlingo Galicia, que PSA Peugeot Citroën fabricará integramente en Vigo, sirva para crear emprego en Galicia á vez que se promociona o noso país no mundo coa marca “Galicia”.

O **clúster galego da automoción** (Ceaga) é un exemplo de boas prácticas, incluso a nivel internacional, polo que continuará contando co apoio do PPdeG desde a Xunta para impulsar accións de mellora competitiva e a internacionalización.

Dentro das liñas de acción futura, o PPdeG promoverá, en colaboración co **Cluster da automoción**:

- Apoio a través do Cluster ao **plan estratéxico**
- Apoio aos **investimentos en procesos produtivos**, vencellado ao desenvolvemento de novos modelos na factoría Citroën, a través de subvencións a fondo perdido.
- Apoio á **internacionalización das empresas do sector auxiliar**, naqueles países nos que existan plantas de automoción.
- Apoio á **mellora competitiva para os propios procesos ou para aqueles que poidan ser extrapolables a outros sectores transversais**, para evitar a deslocalización.
- **Apoio ás empresas que quedasen con balances desfavorables**, con liñas de financiamento de soporte para reforzar o financiamento a longo prazo.

-
- Apoio a **servizos de valor engadido para Citroën**, como o Call Center, centros de desenvolvemento de software, etc.

SECTOR TEXTIL

Durante a legislatura que agora remata, o Igape aprobou preto de 700 proxectos empresariais procedentes do sector téxtil-moda e concedeu axudas por importe próximo aos 18 millóns de euros para apoiar uns investimentos que superaron os 21 millóns; tamén se mobilizaron préstamos incentivados por importe de 27,6 millóns de euros. As empresas do téxtil-moda foron moi activas no eido da internacionalización, con 346 proxectos de internacionalización aprobados.

No referente aos grandes investimentos e aos proxectos de emprendemento, o sector téxtil moda encadrouse entre os sectores prioritarios de axuda, incrementando a intensidade de axuda cando o proxecto propónse neste sector.

Dentro das liñas de acción futuras relacionadas co sector téxtil, baseadas no coñecemento das mesmas e nos plans estratéxicos dos dous clusters, **promoveremos medidas** como as seguintes:

- Apoio á **creación, consolidación e internacionalización das empresas con marca potencial**
- Apoio a **proxectos conxuntos de procesos de promoción exterior**, feiras, internacional, etc.
- Apoio aos **procesos de profesionalización da xestión**
- Apoios a **empresas en fase de rexeneración** con instrumentos financeiros adecuados para reforzar balances
- Apoio a **melloras en procesos produtivos de alto valor engadido**.
- **Apoios a través do Clúster** ao plan estratéxico do mesmo
- **Apoios a emprendedores** e ao fomento da cultura emprendedora (pre-emprendedores)
- Apoios a **procesos de concentración empresarial** para gañar tamaño.

COMERCIO

O comercio dinamiza a economía galega, ao tempo que actúa como unha rede capaz de vertebrar o progreso de toda a comunidade. Os comerciantes galegos desenvolven unha actividade que supón o **13% do PIB** da nosa comunidade e xera máis de **110.000 postos de traballo**. En definitiva, os comerciantes galegos melloran a economía cotiá das nosas vilas e cidades.

Por todo isto, durante a pasada legislatura o goberno do PPdG:

- Puxo en marcha unha estratexia de **axuda á dinamización do comercio de Galicia** que se articulou a través dun ambicioso plan: o **Plan Ágora Re-comercia**, dirixido ao comercio local, que estableceu medidas para incentivar o consumo e potenciar a actividade empresarial e comercial.
- A aprobación dunha **nova Lei de Comercio**, tras máis de vintecinco anos de espera, deu resposta ás reiteradas demandas dos comerciantes para actualizar a normativa, adaptala a realidade e vertebrar o sector.

A nova lei potenciou a participación dos comerciantes na adopción de decisións que lles afectan mediante a **creación das mesas locais de comercio e do Consello Galego de Comercio**.

Por primeira vez, unha lei de comercio recolleu a figura dos outlet e das feiras de oportunidades e concedeu un lugar na lexislación aos centros comerciais abertos ao tempo que regularizaba as promocións e as rebaixas. A creación da figura dos inspectores de comercio permitiu garantir o cumprimento do novo texto.

Tras estas actuacións, o PPdG marca novos retos de cara o futuro para a actividade comercial, buscando a súa **evolución e modernización** e, fundamentalmente, a súa **adaptación aos novos hábitos de compra e as novas tecnoloxías** sen perder a esencia do carácter tradicional, de cercanía e calidade que caracteriza ao comercio das nosas vilas e cidades.

Para desenvolver unha estratexia comercial adaptada ás novas necesidades do tecido comercial, o PPdG formula as seguintes propostas:

- Establecer unha **planificación estratéxica global para a revitalización da actividade urbana das nosas vilas e cidades** que teña en conta dende un punto de vista horizontal tanto a actividade comercial, como a turística e cultural, promovendo a recuperación de espazos e a rehabilitación da paisaxe tradicional dos nosos barrios históricos.
- Para acadar a revitalización dos centros urbanos das nosas vilas e cidades, a planificación debe ter en conta aspectos turísticos e de servizos. A actividade turística atópase indisolublemente enlazada a actividade comercial que, cada vez máis, se configura como un complemento turístico xunto coa paisaxe, a cultura, a gastronomía e o lecer. Por isto, **os horarios, as actividades de dinamización e a oferta cultural, turística e comercial deben formar parte dunha estratexia conxunta** que permitan incrementar o potencial de crecemento do sector turístico galego.
- Darase **resposta aos temas relacionados con aquelas actividades de servizos que quedan fora do ámbito comercial e do sector turístico-hosteleiro** (perruquerías, tinturerías, xestorías) para garantir o seu correcto funcionamento.
- Potenciación da actividade das **Mesas Locais de Comercio** como ferramentas para a mellora da actividade comercial e a humanización das nosas vilas e cidades, procurando a revitalización dos nosos centros urbanos e a dinamización da actividade comercial ao tempo que se crea unha canle de participación dos comerciantes na adopción das decisións que lles afecten.
- Tendo en conta a importancia e as múltiples oportunidades que ofrecen as novas tecnoloxías, **potenciarase o comercio electrónico** como actividade complementaria de vendas do pequeno comercio así como a presenza nas redes sociais como sistema de promoción e publicidade e a utilización das TIC na xestión do negocio.
- Programas de formación para impulsar a **mellora da cualificación do capital humano a nivel operativo** que complementen os niveis de formación regrada existentes en materia de comercio así como titulacións relacionadas co emprendemento comercial.

- Potenciación dos **centros comerciais abertos como alternativa de formato comercial** ubicado nos centros históricos das nosas vilas e cidades caracterizado pola proximidade, a variedade comercial, a calidade, a personalización do servizo e a atención ao cliente. Establecemento dunha tipoloxía de centros comerciais abertos que permita a súa diferenciación por volume de poboación atendida e número de comercios asociados.
- Impulso de **fórmulas de xestión estables a longo prazo**, baseadas en partenariados público-privado que redunden nun valioso retorno para o conxunto da sociedade en factores como o emprego, xeración de riqueza, calidade de vida, seguridade, e permitan a transición dos centros comerciais abertos nun novo modelo que podería ser similar ao adoptado noutros países como os BIDs (Distritos de Mellora Comercial) ou outra figura análoga e que garantan a procura da autofinanciamento.
- Creación dunha **rede de mercados e prazas de abastos galegos** cunha marca propia que os diferencie como formato comercial e permita clasificalos en función da súa excelencia.

Os 105 mercados e prazas de abastos existentes en Galicia se configuran como motor do comercio de proximidade. Pero ademais, en moitos casos, os mercados son **auténticos puntos de atracción turística de visitantes** ao acoller como ningún outro lugar o produto galego de calidade do noso mar e da nosa terra, tan procurado pola súa calidade.

O trato ao cliente e a cercanía son outros dos elementos que motivan a súa preferencia por parte de moitos consumidores. O obxectivo é **revitalizar comercialmente estes espazos e propiciar un acercamento por parte da xuventude** tanto como alternativa laboral e como lugar de compra cotiá.

Para acadar este obxectivo se propoñen diferentes medidas:

- **Diversificar os usos dos mercados e incrementar os seus aproveitamentos e horarios.**

- Potenciar a **ocupación dos mercados e prazas de abastos mediante incentivos** como a exención do pago de taxa ou a súa minoración en función da idade e das condicións familiares do solicitante do posto.
- Impulsar a **formación dos praceiros e das praceiras** así como a xerencia profesionalizada dos nosos mercados e prazas de abastos.
- Promover o **acercamento ao mercado por parte de menores** e de mozos e mozas xa que os estudos manifestan que son os que menos acoden aos mercados.
- Fomentaremos unha **marca de calidade** que promova a mellora continua por parte dos establecementos comerciais e permita a súa clasificación en función dos niveis de cumprimento alcanzado.
- Potenciaremos unha **maior adecuación dos produtos financeiros ás necesidades das empresas do sector**, incluíndo a apertura dunha liña de créditos brandos e flexibles específica para o comercio.
- Crearemos a **Xunta Arbitral de Comercio** en colaboración coas Cámaras Oficiais de Comercio como un órgano colexiado no que estarán representados os diferentes sectores implicados e que terá como misión ofrecer as empresas unha vía de solución rápida e eficaz para poñer fin aos posibles conflitos que podan xurdir entre elas no tráfico mercantil.
- Promoción da **comercialización dos produtos galegos** e calquera actividade que permita potenciar a súa distribución e presenza nos mercados.
- Expansión por toda a xeografía galega dunha **Rede de dinamización comercial (REDIC)** para garantir a descentralización, a proximidade da información ao comerciante e a realización de actividades de dinamización comercial que fomenten o consumo e repercutan favorablemente nos consumidores e comerciantes.
- Mantemento dunha **páxina web específica** que recolla toda a información en materia comercial e permita aos comerciantes galegos relacionarse directamente coa administración, realizar

consultas e recibir información relevante para a xestión dos seus respectivos negocios. A presenza nas redes sociais permitirá acercar aínda máis a administración aos comerciantes creando un vehículo de comunicación permanente con todos os administrados.

- Potenciación do **Observatorio Galego de Comercio** como ferramenta de formación, estudio e participación en materia de comercio.
- Configuración dunha **Rede de establecementos de Comercio Rural** cunha marca distintiva propia que garantan o abastecemento do medio rural ao tempo que ofrezan unha alternativa turística ao visitante. Apoio ao comercio rural, favorecendo a **creación de novos negocios** que incrementen a oferta comercial e modernizando e mellorando as instalacións existentes.
- Actuacións en materia de venda ambulante que **melloren a imaxe dos nosos mercados populares e mercadillos ao aire libre** a través da homoxeneización de toldos e un sistema de presentación mellorada dos produtos. Así mesmo, prestarase especial atención a **introdución nos mesmos das TIC's e as novas tecnoloxías**, tanto na xestión do negocio como na actividade de venda, coa potenciación do uso das tpv. Potenciación das centrais de compra na actividade de venda ambulante.
- Creación dun **calendario de mercadillos** que se desenvolvan no ámbito da nosa comunidade autónoma para información dos consumidores que se complementará co calendario de feiras de oportunidades a celebrar polos nosos comerciantes.
- **Aproveitamento dos atractivos turísticos** da nosa comunidade para potenciar a actividade comercial. Especial atención a actividade comercial no Camiño de Santiago e nas cidades e vilas con afluencia de visitantes en determinadas épocas do ano.
- Xeneralización en todo o territorio de Galicia da **simplificación administrativa** para a realización de calquera trámite que implique a posta en marcha, a renovación ou a reforma dunha actividade comercial.

-
- Creación dunha **bolsa de locais baleiros** para potenciar a creación neles de novos negocios e fomentar a súa ocupación.
 - **Reforma da Lei de Cámaras de Comercio e do seu réxime electoral** para mellorar a súa actividade e funcionamento e optimizar os seus resultados de forma que redunden na creación de emprego, mellora da formación e potenciación da actividade económica de Galicia.
 - **Optimización dos recintos feirais e deseño dun calendario de feiras internacionais** a celebrar no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.

ARTESANÍA

A artesanía de Galicia, ligada aos valores do noso territorio, é fundamentalmente unha actividade comercial capaz de xerar beneficios económicos, de crear emprego e de conservar a tradición.

A calidade, a innovación e o deseño son os valores que se conxugan co saber facer dos nosos artesáns, capaces de unir a tradición coa modernidade.

Galicia é a única comunidade autónoma que conta cunha marca propia **“Artesanía de Galicia”**, recoñecida fóra das nosas fronteiras, que se configura como un sinónimo de bo facer e calidade avalado polo prestixio dos nosos produtos.

Durante a pasada lexislatura, o PPdG conseguiu a expansión da devandita marca e a súa configuración como un sinónimo de bo facer e calidade, avalado polo prestixio dos nosos produtos.

Por outra banda, préstouse especial atención ao deseño e fundamentalmente á comercialización, potenciando as diferentes canles de distribución dos nosos artesáns e incentivando a compra dos seus produtos con campañas de promoción caracterizadas polo estilo, o coidado, a elegancia e a incorporación de novas tendencias.

Por iso, o PPdG manifesta a súa vontade de continuar na liña de logros alcanzados a través das seguintes medidas:

- Consolidación e promoción da marca **“Artesanía de Galicia” como imaxe única do sector artesanal galego**. A marca configúrase como garantía de calidade para os consumidores ofrecendo unha imaxe harmónica, coordinada e representativa dos produtos artesanais galegos en todos os mercados.
- Desenvolvemento dunha **campaña de promoción como apoio á comercialización** coa posta en marcha de ferramentas comerciais que permitan comunicar e concienciar ao público obxectivo do valor do produto artesán.

- Potenciación do **incremento do número de establecementos comerciais distribuidores da marca artesanía de Galicia**, que tras finalizar a lexislatura superaban os 120.
- A creación e posta en marcha dunha **franquicia da marca Artesanía de Galicia**, cunha imaxe e un deseño actual e un produto de calidade co fin de potenciar a presenza de novos mercados e a posta en valor do produto artesán e favorecer a súa comercialización.
- Desenvolvemento de **programas de formación especializada dirixida ao sector artesán e ligada a novos procesos de produción e ás novas tecnoloxías** co fin de mellorar a capacidade dos nosos artesáns e a competitividade e diversificación dos nosos produtos.
- Posta en marcha de iniciativas que propicien a **mellora da comercialización dos produtos artesanais**. Apoio á comercialización e internacionalización do noso produto artesán co fin de incentivar e ampliar o seu potencial comercial no campo da artesanía contemporánea, co obxectivo xeral de impulsar o desenvolvemento e a competitividade das pequenas e medianas empresas artesás incentivando a innovación, o deseño e a capacidade de adaptación ao mercado.
- Apoio a **feiras de venda directa e accións de divulgación da artesanía** organizados en diferentes localidades galegas que se configuran como canles de comercialización da artesanía galega e elementos de dinamización da economía e o turismo das vilas e comarcas nas que se celebran.
- **Asistencia a Feiras internacionais de recoñecido prestixio coa caseta institucional da marca Artesanía de Galicia**, potenciándoa como referencia e sinal de calidade, como etiqueta do produto artesán feito en Galicia (Maison & Objet, París; Inhorgenta, Frankfurt; Artigiano in Fera, Milán).
- Elaboración dun **regulamento e calendario das Feiras de Artesanía** na nosa comunidade co fin de evitar o intrusismo e a competencia desleal.

- Mantemento dunha **web Artesanía de Galicia e dun programa de comercio online** que complemente a actividade do pequeno comercio e as feiras locais e contribúa a incrementar as vendas.
- Procura de **sinerxías entre diferentes disciplinas** (arquitectura, deseño, moda..) co fin de contribuír a unha diversificación e a unha aposta pola calidade.
- **Unificación baixo a marca “Artesanía de Galicia” de todas as manifestacións e produtos artesanais** incluíndo o sector agroalimentario artesanal para permitir unha optimización dos resultados e unha imaxe de conxunto que favoreza a súa visualización nos mercados e facilite a súa distribución. Con esta proposta daríase resposta ás demandas do sector artesanal agroalimentario e retomaríase a situación existente como consecuencia do Decreto do ano 1984 e que xeraba consenso dentro do sector artesanal e que foi alterado como consecuencia da modificación operada polo goberno bipartito.



TURISMO

A proposta da política turística do PPdG basease en **dous piares**:

- Dar **continuidade as estratexias** levadas a cabo ata o momento, consolidando as actuacións realizadas nesta lexislatura.
- Innovar con **propostas tácticas que reforcen o turismo como un pilar da economía galega**.

POLÍTICA TURÍSTICA DE DESENVOLVEMENTO SECTORIAL

- **Inspección Turística:**

Por primeira vez desenvolveuse un **Plan de Inspección Turística anual** (grazas a este plan houbo unha mellora na produtividade da inspección turística en máis dun 18%), cun plan especial para a época estival. Aínda que o resultado é positivo, esta medida non necesita continuidade senón mellora, por iso o PPdG se compromete a enriquecer este plan.

O incremento da oferta de establecementos de aloxamento nun 11,93% nesta lexislatura e a actual crise que provoca o incremento de establecementos ilegais, fan que haxa que asegurar a loita contra a competencia desleal e os niveis de calidade cara ao turista.

(*) O PPdG comprométese a **incrementar as medidas para amparar os establecementos rexistrados e que cumpren cos seus impostos**, continuando coa senda de aumentar a produtividade e buscar fórmulas para incrementar o número de inspectores durante as épocas de maior ocupación.

- **Converter os Centros Galegos en Oficinas de Turismo**

(*) Desenvolver o proxecto **Expertos en Galicia**, unha **plataforma de formación on-line para titorizar aos voluntarios dos Centros Galegos**, que sempre se sentiron embaixadores de Galicia, para realizar dito traballo dunha maneira profesional sendo uns auténticos informadores turísticos.

(*) Creación dunha **liña de subvencións aos Centros Galegos para a realización de proxectos innovadores** que desenvolvan persoas que teñan realizado a formación de Expertos en Galicia. Isto será a continuación dunha actuación específica, realizada como experiencia piloto nesta lexislatura a petición dos Centros Galegos no Exterior.

- **Conta Satélite do Turismo**

Nesta lexislatura o Instituto de Estudos Turísticos de Galicia desenvolveu unha mellora tecnolóxica nas operacións estatísticas e ampliou o seu campo de traballo en áreas coma a de congresos, aeroportos e balnearios.

(*) O PPdG creará agora a Conta Satélite de Turismo de Galicia, ferramenta imprescindible para a toma de decisións no sector público e privado.

- **Formación**

O Grao Oficial en Xestión Hoteleira é unha demanda do sector que permite aos graduados dispoñer de coñecementos técnicos e de xestión en Hostelería-Turismo e Restauración.

A proxección internacional do Centro Superior de Hostelería de Galicia, o seu elevado índice de empregabilidade dos titulados, unido á amplitude de saídas profesionais fai que este Centro sexa un referente a nivel mundial.

Nesta lexislatura conseguimos crear os Programas Internacionais cun Título Europeo en Dirección Hoteleira Internacional. Este título, impártese grazas a un acordo de colaboración da Universidade de Brighton, L'École de Savignac e o Centro Superior de Hostelería de Galicia.

(*) A aposta é **dar un paso adiante conseguindo o que demanda o sector e sobre todo, o alumnado: o Grao Oficial en Xestión Hoteleira.**

POLÍTICA TURÍSTICA DE ORDENACIÓN

- *Plan estratéxico Turismo de Galicia*

En setembro do 2012 reuniuse o Consello do Turismo de Galicia dando protagonismo para definir as directrices para a elaboración do **Plan Estratéxico do Turismo de Galicia**, seguindo coa fluída comunicación co sector e o resto de entidades implicadas no mesmo.

O Plan de Acción de Turismo de Galicia 2010-2013 está **desenvolvido nun 81%** e dado que o Turismo é o sector produtivo de maior transversalidade.

(*) É preciso dispoñer dun **Plan Estratéxico que estableza obxectivos, directrices a outros departamentos da Xunta de Galicia**, mais aló do propio que tutela dito sector.

O feito de dar prioridade a Turismo incluíndoo na última remodelación orgánica do Executivo galego no organigrama da Presidencia e xa un espaldarazo ao compromiso con este sector e isto facilitará sen dúbida a execución do Plan Estratéxico.

- *Creación dunha orde de subvencións para Xeodestinos.*

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do Turismo de Galicia recolle os Xeodestinos, que se definen como espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto coa súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular.

(*) Os Xeodestinos son unha fórmula para traballar dende o territorio e dado que os alcaldes abrazaron esta iniciativa hai que **continuar no seu desenvolvemento** e para iso quérese facer máis partícipes aos concellos desta estratexia de traballo conxunta, mediante a aprobación dunha **Orde de subvencións para Xeodestinos**. Na devandita orde **primaranse aos xeodestinos do medio rural** que necesitan dun reequilibrio territorial, apoiando deste modo tamén os Plans Impulsa Lugo e Ourense.

- **Priorización da calidade turística**

Nesta lexislatura realizáronse grandes esforzos para converter a Galicia nun referente turístico de calidade. Para iso dende 2010 **Turgalicia é Delegación Territorial do Instituto de Calidade Turística Española** na nosa Comunidade Autónoma, realízanse convenios coas asociacións empresariais do sector turístico para a difusión e promoción da marca Q de Calidade e creáronse ordes anuais para a renovación ou implantación da marca Q de Calidade Turística antes inexistentes.

Froito deste esforzo, **Galicia foi, por dous anos consecutivos, quen de bater o récord de certificacións anuais e de ser a primeira en moitos subsectores.**

(*) O PPdG quere continuar con estas actuacións de **apoio aos sistemas de calidade mantendo as liñas de subvencións á calidade** e co compromiso de toda a Xunta de Galicia de facer un apostolado da calidade turística e que todos os consumos que se realicen dende a Administración sexan en establecementos certificados.

- **Accesibilidade dos recursos - Sinalización:**

Tras a modificación do **Decreto polo que se regula a Sinalización Turística e a creación do Manual de Sinalización Turística** comezamos coa base dunha adecuada sinalización turística en Galicia, adaptándonos a aprobación da marca Galicia e retomando pictogramas de uso internacional.

O seguinte paso é **implantar a sinalización no territorio**. O primeiro plan de sinalización agora en marcha abarca os límites fronteirizos por un lado e os Bens de Interese Cultural (BIC).

(*) Polo tanto, o compromiso é de ir mais aló coa axuda dos concellos: **podemos a disposición de todos os concellos de Galicia un software para titorizar a sinalización de todos os recursos** dándolle prioridade aos máis relevantes.

(*) Para un destino mais “bonito” esteticamente, propónse realizar anualmente un **concurso entre as diferentes vilas galegas para potenciar nos diferentes concellos o embelecemento das mesmas.**

- **Seguir na liña de traballo na Eurorrexión como Destino (2 países, 1 destino)**

Foi proposta deste executivo aproveitar a singularidade transfronteiriza

como atractivo turístico, tanto para incrementar o turismo de proximidade nun territorio con 6 millóns de habitantes, como, sobre todo, para acuñar unha marca diferencial de cara aos mercados distantes.

Dous países, un Destino está enmarcado dentro do programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal.

(*) É necesario **continuar coa labor desenvolvida da Eurorexión como Destino co obxectivo de mellorar a competitividade da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal** nos seus sectores estratéxicos de actividade para orientala cara un crecemento intelixente, sostible e integrador que posibilite a saída da actual crise económica.

- **Creación da Rede Galega de Oficinas de Turismo:**

A Lei de Turismo de Galicia define a Rede Galega de Oficinas de Turismo.

(*) OPPdG comprométese a **desenvolvela regulamentariamente establecendo os requisitos que deben cumprir as oficinas que integren a Rede Galega de Oficinas de Turismo.**

(*) Crearase unha **liña de subvencións para que se adhiran as oficinas dos concellos nos que non haxa Oficina de Turismo da Xunta Galicia**, homoxeneizando, deste modo, a estética do local, uniformes, publicacións e servizo ao turista.

- **Posta en valor do patrimonio**

Fixéronse investimentos importantes en revalorización do patrimonio susceptible de aproveitamento turístico (dende Castro Baroña ata Monfero, San Pedro de Rocas, Sober, o camiño Real, cruceiro da Santísima Trindade, a ruta da pedra e a auga... ou nestes momentos, As Ermitas e Sargadelos, Lousame e San Andrés de Teixido).

(*) Compre continuar con este compromiso, que crea produto e sobre todo, unha **posta en valor que permita usos turísticos creadores de emprego e a dinamización económica no mundo rural**. O Castelo de Monterrei (maior acrópole galega cedida á Xunta) e de Pambre (icona turística do camiño francés) son os primeiros compromisos para a vindeira lexislatura.

POLÍTICA TURÍSTICA DE PRODUTO

- *Turismo accesible e sostible*

Seguir sendo pioneiros en accesibilidade e sostenibilidade a través das seguintes accións:

(*) Política continuista de **primar as actuacións para a mellora en accesibilidade e na eficiencia enerxética**, nas subvencións destinadas á mellora dos establecementos turísticos.

(*) **Seguir apostando por produtos sostibles coma o Camiño de Santiago, o Termalismo ou o Turismo Ornitológico.**

(*) Os Centros BTT (Centros para bicicletas todo terreo) comezaron nesta lexislatura, sendo o primeiro en O Salnés, e o segundo proximamente en Ferrol, polo que cómpre **completar a Rede Galega de Centros BTT** que temos aínda moi timidamente instaurada, ata un número de 6.

(*) **Vías verdes**: en Galicia existen quilómetros de vías férreas en desuso que se poderían reconverter en itinerarios cicloturistas e sendeiristas, en coordinación coa Fundación dos Ferrocarrís Españois.

- *Especialización do Turismo Litoral*

Galicia conta con **700 praias** e non existe ningunha Comunidade Autónoma que teña especializado os seus areas para nichos de mercado diferentes.

A administración turística actual está traballando no concepto de **praias familiares** establecendo uns criterios para outorgarlle esa clasificación, como por exemplo o de estar enmarcada nun Municipio Turístico, ter vixilancia, contar con servizos especiais e accesibilidade ou outros requisitos valorables (Praia con Q de Calidade, Bandeira Azul, tradición familiar, apta para o baño infantil, etc.).

(*) Dende o PPdG responsabilizámonos de dar continuidade e ampliar o proxecto especializando areas para familias, para persoas con diversidade funcional, para turistas con animais de compañía, para turismo senior, para grupos de mozos, etc. En definitiva, **facер unha**

adaptación de cada praia a cada segmento de mercado máis acorde coas súas características.

- ***Plan de Enogastronomía:***

(*) Execución do Plan de Enogastronomía de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta o 3 de maio do 2012. Este Plan é unha **ferramenta de análise e planificación estratéxica para impulsar o turismo gastronómico e enolóxico** na nosa Comunidade Autónoma. Aposta por mercados internacionais co reclamo gastronómico da man dos departamentos de rural e mar

- ***Continuidade ao Plan de Turismo de Golf de Galicia.***

(*) O PPdeG comprométese a dar continuidade ao Plan de Turismo de Golf de Galicia. O obxectivo principal do Plan de Turismo de Golf de Galicia é **conseguir que o golf se converta nun recurso turístico que potencie a chegada de novos turistas a Galicia**. Ademais, dentro dos seus obxectivos estratéxicos figura a posta en valor da oferta de golf, a súa ordenación, a introdución do recurso de Golf Galicia e a posición do mesmo no mercado turístico.

O plan identifica os mercados obxectivos e define un plan de accións articulado nun período determinado. Nese sentido, as accións deste estruturaránse en catro categorías: as que actúan sobre a comunicación e a imaxe, sobre o produto, sobre a comercialización e sobre a promoción.

- ***AUGA: Turismo Termal e Mariñeiro***

Turespaña acaba de elixir a nosa comunidade para **liderar o grupo de traballo que desenvolverá o Turismo de Saúde (Health Spain) e o Club de Produto Turismo Mariñeiro**, proba dos esforzos realizados polo actual executivo nesta área.

A auga é un recurso que os galegos souberon aproveitar dende tempos inmemoriais. Somos conscientes de que é importante resaltar aquilo que nos fai especial, polo que apostamos por seguir sendo pioneiros en Turismo de Saúde e Benestar e Turismo Mariñeiro, tal como está sendo na actualidade.

A Xunta de Galicia participou activamente no desenvolvemento do

turismo termal e agora terá de seguir nesta liña coa súa **internacionalización**. Unha fase previa que se está realizando de modo piloto é continuar mediando co Ministerio de Sanidade para cumprir os requisitos da directiva europea coa finalidade de que os cidadáns da Unión Europea poidan acudir a Galicia para tratamentos de terapia termal.

(*) Foi o actual executivo o que impulsou o **Clúster Termal AEITEGAL** constituído en abril de 2010 e para conseguir a maior eficacia do mesmo, creárase unha **unidade na Axencia Turismo de Galicia** que teña como misión e función velar polos intereses de todos os sectores implicados e impulsar a internacionalización dos mesmos: balnearios, talasos, empresas envasadoras de augas, comercializadoras.

- **Galicia, liderará a creación dunha nova marca atlántica de cruceiros**

O turismo de cruceiros en Galicia ten unha marxe de crecemento importante, ao contar con grandes portos coas condicións idóneas para albergar cruceiros de diversa índole.

O aumento desta tipoloxía de turismo vense reflectida nas cifras de pasaxeiros, ao ser o 2011 o ano no que se produciu un máximo histórico de 400.000 pasaxeiros.

(*) Neste senso, Galicia quiere **liderar a creación do produto de turismo de cruceiros do Arco Atlántico**, con socios coma o norte peninsular, Francia, Portugal, Irlanda e Reino Unido, cun modelo similar aos Fjordos nórdicos.

(*) Neste clube de produto de cruceiros **se interrelacionarán as administracións turísticas competentes coas autoridades portuarias** coa finalidade de mellorar a competitividade e o posicionamento do destino e de cada unha das zonas onde se enclavan os portos de cruceiros, ensamblando o produto cruceiro cos que lle son propios a cada zona, que no caso galego, serán a enogastronomía e o Camiño de Santiago, principalmente.

- **Plan Ulteira (Interxacobeo-Plan Estratéxico do Camiño)**

Galicia é líder nun concepto global: a peregrinación, como fenómeno humano universal. Dada esta premisa, o PPdeG desenvolverá a medio prazo as accións e contidos necesarios para alcanzar unha serie de obxectivos específicos

baseados no alcance global das rutas xacobeas. O Camiño de Santiago é un feito histórico vivo. As liñas de forza a desenvolver son:

(*) O liderado galego mundial na peregrinación como feito cultural potenciarase con accións de investigación, posta en valor e promoción. **Buscaranse, durante os anos en falta ata o próximo ano santo “razóns” de celebración e visita a Santiago e Galicia e ó redor do mundo Xacobeo** (por exemplo, 2013-14, San Francisco de Asis)

(*) Promoción dos Camiños: racionalización, homoxeneización e claridade. **Reformularase e ordearase a promoción baixo un mesmo paraugas e baixo os mesmos conceptos**, para evitar equívocos nos Camiños, o seu territorio e o seu patrimonio.

(*) **Galicia liderará a posta en valor do Camiño ante as institucións europeas**, cuestión imprescindible para o mantemento da clasificación do Itinerario Cultural Europeo, no que este ano 2012 cumpre 25 anos.

(*) O Camiño de Santiago debe converterse nun **elemento que atraia unha maior participación dos Fondos Feder para o período 2013-2020** nos seguintes ámbitos de actuación:

- Territorialización
- Mellora da paisaxe
- Medioambiental
- Dinamización cultural e turística
- Rehabilitación etnográfica

(*) Incorporación de **dez novos albergues de peregrinos** á Rede Pública de Albergues.

(*) Desenvolvemento do **2º Plan Corrector para a reparación e mellora da actual Rede de Albergues Públicos**.

(*) Establecemento dun **Plan de Actuación Rápido encamiñado a resolver as urxencias do servizo de atención aos peregrinos** e aqueles lugares onde a infraestrutura sexa insuficiente.

(*) **Conversión dos albergues en parte activa da promoción do Turismo de Galicia** para converter ao peregrino en turista en cada municipio polo que transcorra, o que na práctica é converter os albergues en promotores turísticos.

(*) Creación con cada albergue de entrada a Galicia, dunha **rede de espazos propios nos accesos a Galicia e puntos estratéxicos para a promoción interna**, como apoio a visitantes propios do Camiño, promoción de arte popular e artesanía.

(*) Revitalización, dinamización e conciencia de Camiño. **Fomentarse a participación da poboación local**. Desenvolverase a idea do “Dinamizador económico e cultural” e establecerase un marco de relación con diferentes axentes sociais para o desenvolvemento e crecemento do Camiño, como Asociacións de Amigos (informes de estado e necesidades), Universidades (estudantes en prácticas) e Colexios Profesionais.

(*) Optimización de **relacións coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago**, pola relevancia das mesmas na promoción e difusión das rutas e na atención aos peregrinos. Establecerase unha estratexia sostida de relacións e colaboración coas entidades galegas e europeas- en especial coas de nova creación en países nórdicos e en Europa Central e Oriental-, e unha estratexia de expansión en España, en concreto no eixe sur-levante, e en países americanos: USA, Canadá e Brasil.

(*) **Plan de Marketing e Comunicación dirixido aos mercados emerxentes**, con presenza cada vez mais importante nos Camiños de Santiago: Asia, América e Europa do Este. Seguirase actuando nos mercados tradicionais xa consolidados, e con gran potencial de crecemento, que deberán de ser tratados dunha maneira diferenciada nos canais de promoción: campañas e publicacións en lingua propia.

(*) **Xeración de negocio privado** en torno ao Camiño en xeral e dos albergues en particular.

(*) **Exportación do Know-How da Sociedade Pública de Xestión do Plan Xacobeo**, aportando a outros itinerarios culturais a ampla experiencia que a entidade adquiriu durante anos.

POLÍTICA TURÍSTICA DE MARKETING

- *Promo-comercialización: Xeodestinos e Produtos Cabeceira de Marca*

Esta Administración foi a primeira que pasou da promoción á promo-comercialización.

(*) O paso seguinte que estamos iniciando e se deberá reforzar é **realizar toda a promo-comercialización en función dos dous piares: Xeodestinos e Produtos Cabeceira de Marca Galicia en tres mercados:**

- Continuar apostando polo **turismo interno**, realizando como en 2009 e 2012 campañas para os galegos ao seguir existindo marxe de crecemento interno.
- **Mercado internacional:** Nestes momentos estamos conseguindo records históricos do peso internacional tanto do número de viaxeiros coma no gasto dos mesmos. A promoción centrarase en mercados internacionais con **voos directos a Galicia e noutros de longa distancia**, pero con moito potencial para o noso destino, coma Brasil ou Xapón.
- **Mercado de proximidade.** Aproveitando que debido a conxuntura actual o turista non renuncia a viaxar pero si que acude a destinos mais próximos, hai que incidir en destinos coma **Castela e León, Asturias, Cantabria e Portugal**.

(*) Agora grazas ao concepto de xeodestino, o PPdG propón que se afonde na **promoción de proximidade dentro de Galicia entre xeodestinos** (promocións a público final, polo tanto aos cidadáns para que por exemplo dende o Xeodestino Ribeira Sacra acudan ao de Rías Baixas ou que dende o Xeodestino Costa da Morte acudan ao Ribeiro).

o contexto actual e coa necesidade imprescindible de seguir cunha promoción turística continuada da Comunidade Autónoma, é necesario pensar en **estratexias conxuntas co sector privado** utilizando fórmulas de colaboración que sigan proporcionando rasgos de notoriedade ao destino.

(*) Baixo esta filosofía, co programa Embaixadores de Galicia preténdese realizar un **chamamento ás empresas que son abandeiradas en certo modo da marca Galicia ou que estean dispostas a selo**.

- **Promoción cruzada**

(*) Liderar en España a promoción cruzada entre Comunidades Autónomas **realizando actuacións cuns custes máis reducidos ou sen custes** (por exemplo, intercambios entre televisións autonómicas) que as promocións tradicionais.

- **Oficinas de Turismo de Galicia na Península**

(*) Creación de **Oficinas de Turismo a pé de rúa nos principais destinos emisores de turistas da Península Ibérica: Madrid, Barcelona e Lisboa.**

- **Expertos en Galicia**

(*) Creación dunha **formación (on-line) para a comunidade galega no exterior**, casas e centros galegos, axencias de viaxe, prescriptores de opinión en xeral, etc.

Programa Turismo para Todos

(*) Continuidade e ampliación do programa Turismo para Todos.

Iniciativas coma Montaña en Familia (programa para familias numerosas na Estación de Montaña Manzaneda), Outono nas Termas (viaxes de mulleres do rural en épocas de baixa ocupación aos balnearios), Noites saudables (mozos menores de 35 anos en balnearios galegos) foron exitosas e fixeron accesible economicamente o goce do turismo en Galicia para galegos en condicións económicas especiais.

(*) O compromiso de futuro é **deseñar e poñer en marcha accións destinadas a colectivos como mozos, mulleres, terceira idade ou familias, que non teñen fácil acceso ao goce do turismo.**



IMPULSO DA SOCIEDADE DIXITAL E AS TELECOMUNICACIÓNS

A sociedade actual atópase inmersa nun innegable proceso de integración na Sociedade da Información e do Coñecemento. Atopámonos ante unha etapa na que as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) xogan un papel esencial no desenvolvemento económico e social.

Na actual conxuntura económica, o uso das TIC debe ser o instrumento para saír reforzados da crise, grazas ao seu papel transformador das estruturas económicas, sociais e culturais, que incide en case todos os aspectos da sociedade: as comunicacións persoais, o acceso á información, a sanidade, os trámites administrativos, a xestión económica, o deseño industrial e artístico, o ocio, o xeito de percibir a realidade e de pensar, a calidade de vida, a educación, o mercado de traballo, a organización das empresas e institucións e, polo tanto, nos seus métodos e actividades en todos os ámbitos.

Deste xeito, as TIC teñen un papel clave na actual Estratexia Europa 2020 a través da Axenda Dixital Europea, polo seu carácter transversal a todos os sectores e como catalizador da competitividade e produtividade destes.

En Galicia, do mesmo modo, o Plan Estratéxico Galicia 2010-2014, horizonte 2020, establece ao **Sector da Economía do Coñecemento como un dos tres sectores clave para o futuro de Galicia**, polo seu papel para facilitar a integración da Comunidade na Sociedade da Información e do Coñecemento e polos múltiples beneficios en termos de mellora de produtividade e competitividade que pode reportar a súa aplicación ao resto de sectores produtivos presentes en Galicia.

Pódese confirmar que **Galicia conta cos axentes e recursos necesarios para lograr un avance significativo en construír unha Galicia Dixital**. Non obstante, é necesario establecer unha política común que permita agregar e aliñar os esforzos de todos os axentes sociais e económicos implicados no desenvolvemento tecnolóxico e a innovación nunha mesma dirección e lograr así:

- ✓ Mellorar o resultado efectivo das actuacións relacionadas co impulso ao desenvolvemento e crecemento tecnolóxico de Galicia
- ✓ Aproveitar de maneira óptima os recursos e instrumentos cos que conta a Xunta de Galicia.

Os obxectivos estratéxicos que se marca o PPdeG neste eido son os seguintes:

➤ **Cidadás e cidadáns creativos, participativos e emprendedores:**

(*) Fomentar unha **ciudadanía activa e autónoma dixitalmente**, que perda o medo ao fracaso e sexa capaz de facer fronte aos retos que supón a nova economía do coñecemento

(*) **Incrementar a empregabilidade** grazas ao desenvolvemento das capacidades tecnolóxicas que derivan do uso das TIC.

(*) Aposta por crear un país cuxa cidadanía, empresas e institucións sexan capaces de manter unha **presenza rica, dinámica e continua da cultura galega en Internet e nos medios dixitais**, que permitan preservar e divulgar a nosa identidade.

➤ **A modernización e a innovación tecnolóxica no Sector Público**

(*) Lograr unha **transformación da administración**, que no marco da austeridade e da contención de gasto existente, teña unha clara orientación ao cidadán a través de servizos públicos dixitais de calidade.

(*) Aumentar as posibilidades de que **o sector público poida dispoñer de solucións tecnolóxicas máis avanzadas** que lle permitan un mellor cumprimento da súa función.

(*) **Optimizar os recursos financeiros e humanos adicados as novas tecnoloxías no sector público**. Fomentar as alianzas estratéxicas e a cooperación entre todos os axentes implicados, que faciliten o consenso e a unidade, e en definitiva, unha Comunidade dixital construída entre todos.

(*) Inducir ao uso da **compra pública como instrumento de fomento da innovación tecnolóxica nas empresas do sector TIC**.

➤ **A innovación tecnolóxica nos sectores industriais estratéxicos de Galicia**

(*) Garantir unha **incorporación efectiva e continua das novas tecnoloxías nos sectores estratéxicos para Galicia** como elemento para mellorar a súa competitividade e asegurar un crecemento sostible.

(*) **Impulsar o sector TIC galego que actuará como ofertante de tecnoloxía** para cubrir as necesidades do resto de sectores e polo tanto, tamén como beneficiario final para aumentar as súas posibilidades de mercado.

➤ **A construción dun sector da Economía do coñecemento forte e competitivo**

(*) Consolidar un sector TIC competitivo, innovador e xerador de emprego cualificado, **capaz de facer fronte aos retos da nova economía do coñecemento**.

(*) Impulsar un sector TIC **cohesionado e integrador**, que actúe non só como sector estratéxico, senón tamén como motor do resto de sectores estratéxicos de Galicia

➤ **A transferencia tecnolóxica e o apoio ao emprendemento TIC**

(*) Impulsar e fomentar a **xeración de coñecemento tecnolóxico máis aliñado coas necesidades de mercado do sector TIC e dos sectores estratéxicos de Galicia.**

(*) Consolidar un **sistema de apoio integral ao emprendemento TIC galego.**

➤ **O capital humano e a formación**

(*) **Aliñar a formación e especialización tecnolóxica dos profesionais universitarios coas necesidades estratéxicas do sector TIC.**

(*) **Impulsar o coñecemento especializado** dentro do sector TIC.

➤ **Infraestruturas para o sector TIC**

(*) **Dotar ás cidades de solo, espazos e instrumentos para a innovación tecnolóxica**, imprescindible para o impulso do sector tecnolóxico como motor da nova economía do coñecemento.

(*) **Impulsar a consolidación de Parques Tecnolóxicos** en ámbitos e tecnoloxías emerxentes e de futuro.

(*) **Dinamizar a cooperación entre empresas e centros de investigación e coñecemento.**

➤ **Infraestruturas de telecomunicacións**

(*) Impulsar a **incorporación de infraestruturas de telecomunicacións de nova xeración**, tractoras de novos servizos e posibilitadoras dun maior achegamento da cidadanía á sociedade do coñecemento.

(*) Promover a **implementación práctica do Fogar Dixital**, de modo que se acerquen ao fogar un conxunto de servizos a través de infraestrutura e equipamento TIC, contribuíndo á mellora da calidade de vida dos cidadáns e facilitando a sustentabilidade dos servizos públicos.

En función destes obxectivos estratéxicos o PPdeG propón as seguintes medidas específicas:

(*) **Aprobación da Lei para o desenvolvemento dixital de Galicia.**

Aprobación dunha disposición de rango legal que recolla os principios básicos da Xunta de Galicia para o desenvolvemento da Sociedade da Información na Administración e na Sociedade Galega, que tería como beneficiarios ao conxunto da cidadanía, empresas, universidades e o sector tecnolóxico galego.

(*) Aprobación da Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

Esta lei permitirá:

- que as telecomunicacións constitúan un servizo máis para todos os cidadáns, ao igual que a auga ou a luz.
- un despregue ordenado, eficiente e coordinado, evitando duplicidade de iniciativas e polo tanto, optimizando investimentos.
- adaptar as novas vivendas para permitir a chegada dos servizos innovadores (servizos socio-sanitarios, educativos, etc.)

(*) Promover as Redes de Telecomunicacións de alta velocidade.

Iniciativa en liña coas Directrices da UE que establece que en 2020 o 100% da poboación terán acceso a 30 Megas e o 50% a 100 Megas.

Despregue de redes de gran velocidade que permitirán o desenvolvemento de servizos avanzados.

- Despregue de redes fixas NGAs
- Despregue de redes LTE que permitirán o impulso de servizos avanzados en mobilidade.

(*) Posta en funcionamento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia.

Posta en marcha dunha Rede de Emerxencias na Comunidade Autónoma de Galicia co fin de mellorar os servizos dispoñibles para os cidadáns, especialmente nos ámbitos sanitarios, de seguridade e de protección do medio natural da Comunidade galega con fincapé na loita contra os incendios forestais.

(*) Promoción da candidatura dun dominio en internet para a comunidade cultural e lingüística galega: Dominio .gal

Posta en funcionamento do dominio .gal, cuxa candidatura está presentada ante o ICANN. É o dominio de internet que debe correspondernos como comunidade con fortes vencellos lingüísticos, culturais, históricos, sociais...

Este dominio tería como beneficiarios a todas as institucións, empresas ou entidades vencellados á cultura galega e/ou á difusión do noso idioma. Loxicamente tamén serán beneficiarios todos os usuarios de internet que fagan uso destas páxinas web vinculadas á cultura galega.

(*) Plan de Seguridade e Disponibilidade dos Servizos públicos Dixitais

Consolidación do CPDI do Gaiás como infraestrutura básica para garantir o funcionamento dun sector público totalmente dixitalizado, co nivel máis alto de redundancia, dispoñibilidade e seguridade. Obtendo así mesmo os aforros derivados da consolidación de plataformas e da eficiencia enerxética establecida no seu deseño.

(*) Consolidación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia: Integración dos servizos TIC do SERGAS e o CIXTEC

Durante a próxima lexislatura, tal e como se recolle no recentemente aprobado Decreto para a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxicas de Galicia, integraranse na Axencia de Modernización os servizos TIC de Sanidade e do CIXTEC, pasando a xestionar tamén as redes de telecomunicacións destes organismos de forma coordinada coa Rede Corporativa da Xunta de Galicia.

(*) Plataforma Dixital de Integración e Colaboración Administrativa

Aproveitando o investimento da Xunta de Galicia na construción do CPD Integral, esta actuación consistiría en **poñer a disposición dos concellos, deputacións e universidades non só esta infraestrutura,**

senón tamén o equipamento e os servizos electrónicos baseados en computación en nube que garante ofrecer servizos de calidade baixo modelos que permitan garantir a súa sostenibilidade e fomenten a complementariedade das actuacións entre administracións.

(*) Plan de harmonización da Información Dixital

Esta medida terá como obxectivos o uso mais eficiente por parte dos usuarios da información proporcionada a través dos medios dixitais, evitando duplicidades de información, e polo tanto redución de custos. Esta iniciativa está vencellada á creación do Arquivo Dixital das Administracións públicas e á creación do nodo de interoperabilidade autonómico.

(*) Plan de teletraballo e flexibilidade laboral do empregado público

Propoñemos abordar a implantación do teletraballo e a flexibilidade horaria para os funcionarios da Xunta, de xeito que se podan acoller a unha maior flexibilidade laboral nos ámbitos nos que sexa de interese, iniciativa vencellada ao proxecto KRONOS.

Esta forma de organización do traballo aumenta as posibilidades de conciliación laboral coa vida persoal e familiar, sen menoscabo da súa produtividade.

(*) Plataforma Dixital de Participación Cidadá

Poñeremos en marcha a Plataforma Dixital de Participación Cidadá, para proporcionar interacción sen fisuras entre cidadáns, empresas e Administracións, establecendo grupos coherentes de servizos públicos e privados segundo as esixencias dos usuarios.

Ditas plataformas permitirán aos cidadáns asumir unha maior participación e responsabilidade na actividade da Administración.

Desenvolveranse tecnoloxías e sistemas aplicables á “democracia en liña” que faciliten a interacción entre os cidadáns e as administracións, incluído o desenvolvemento de foros virtuais, tales como:

- Audiencias virtuais
- Sondaxes de opinión
- Outros sistemas que faciliten o intercambio de datos entre Administración e interesado.

(*) Plan para a incorporación de servizos tecnolóxicos avanzados na Administración de Xustiza

Desenvolvemento dun **modelo integral de sistemas de información na Administración de Xustiza en Galicia**, adaptado ás necesidades da Comunidade Autónoma, que permita consolidar o expediente xudicial electrónico, garanta a coordinación e interoperabilidade con todas as administracións u organismos involucrados, garanta a cooficialidade lingüística, dea resposta ás demandas dos profesionais e cidadáns, e o faga ademais cunha estrutura flexible e modular que permita unha áxil adaptación a futuras necesidades lexislativas u organizativas.

(*) Plan de fomento da Educación Dixital

Coa finalidade de incentivar o uso das TIC no ámbito educativo, e sacarlle o máximo proveito ao programa Abalar, porase en marcha o Plan para o Fomento da Educación Dixital, que **terá como finalidade equiparar a situación de Galicia a Europa**. En concreto, as medidas irán dirixidas a:

- a) **Cambios no proceso educativo**, pois as TIC favorecen a posibilidade de formación continua a través de entornos de aprendizaxe virtuais, incentivando a aparición de cursos on-line e as comunicacións telemáticas.
- b) **Cambios no obxecto do ensino**, introducindo novos coñecementos dixitais, imprescindibles na sociedade do século XXI.
- c) **Cambios nos métodos pedagóxicos**, que impliquen novos roles tanto do alumnado como do profesorado.
- d) **Cambios nos contidos educativos**, fomentando o uso de contidos dixitais, de forma que estes sexan máis dinámicos, atractivo.
- e) **Cambios na xestión dos centros**, pois as TIC, ademais de favorecer ao alumno e ao profesor, tamén poden axudar a levar a cabo unha xestión mais eficaz.

(*) Dixitalización do Patrimonio Histórico e Cultural

Porase en marcha un **inventario dixital**, co fin de preservar, dar a coñecer

e catalogar o Patrimonio Histórico e Cultural, tanto de carácter tanxible como intanxible, facilitando o seu coñecemento e estudo.

(*) Plataforma Turismo Dixital

Porase en marcha unha nova plataforma en Internet para a promoción do turismo denominada “Turismo dixital en Galicia”, que permitirá:

- A creación de comunidades de turismo dixital.
- A creación dun ambiente de negocio innovador para o turismo dixital, de forma que as empresas e demais axentes que forman parte do sector turístico poidan participar na plataforma.
- Promoción do uso das tecnoloxías no desenvolvemento do turismo.

(*) Plan de Impulso ao Fogar Dixital Sociosanitario

Posta en marcha de actuacións orientadas a promover a implementación práctica do Fogar Dixital, de xeito que se acheguen ao fogar un conxunto de servizos a través de infraestrutura e equipamento TIC, contribuíndo a mellora da calidade de vida dos cidadáns e facilitando á sustentabilidade dos servizos públicos.

(*) Confianza Dixital: Defensa e seguridade do menor

Desenvolvemento regulamentario e posta en marcha de iniciativas que reforcen as garantías e a confianza no uso de internet e os medios electrónicos en xeral, facendo especial fincapé na protección dos menores

(*) Impulso ao software libre

O plan de acción neste ámbito ten por finalidade o acercamento do software libre ao conxunto da sociedade, o impulso dunha oferta de solucións baseadas en software libre e de fontes abertas de calidade así como a implantación efectiva dos estándares abertos. Ademais disto, fortaleceranse os mecanismos de formación, difusión e respecto aos modelos de desenvolvemento do software libre.



AUDIOVISUAL E EMPRESAS DE COMUNICACIÓN

AUDIOVISUAL

As medidas a levar a cabo neste eido, son as seguintes:

(*) **Revisar co consenso do sector o programa de axudas e estímulo á produción**, con especial incidencia na potenciación dun tecido industrial competitivo, primando a creación de postos de traballo e a consolidación de infraestruturas produtivas.

(*) Estimular e **potenciar de xeito singularizado a produción de animación audiovisual**, sector que Galicia lidera no conxunto do Estado, polas súas potencialidades para crear emprego, sobre todo entre os máis xóvenes.

(*) Estimular os **mecanismos económicos e de apoio que permitan as empresas audiovisuais galegas acordos de produción con empresas doutros países**.

(*) Potenciar o actual **Plan de Internacionalización para garantir e posibilitar a presenza do audiovisual galego en mercados e festivais**, e contribuír tanto á difusión dos mesmos como a xeración de recursos económicos que garanten a súa rendibilidade.

(*) **Dotar ao Centro Galego das Artes da Imaxe dos recursos e mecanismos necesarios para continuar na súa política de apoio e recuperación do patrimonio audiovisual galego**, e reforzar a súa condición de Filmoteca de Galicia, descentralizando a súa oferta difusora das artes da imaxe en xeral, e do cinema galego en particular.

(*) **Crear unha Rede Galega de Cinemas**, actualmente en proceso de xestación, que permitirá ubicar pantallas regularizadas e permanentes en cidades e vilas galegas sen acceso a unha pantalla de cinema comercial. Igualmente garantir con esta Rede numerosos puntos de difusión para os filmes galegos paliando así a forte competencia dos filmes alleos, sobre todo os procedentes da industria anglosaxona.

(*) **Asumir os programas da Comunidade Europea tendentes a fomentar a dixitalización das salas de cinema**, en particular naquelas salas de carácter non comercial acollidas á Rede Galega de Cinemas.

(*) **Potenciación de programas específicos como “Audiovisual nas Aulas”** para a formación e a introducción da linguaxe audiovisual nos colexios galegos.

(*) Poñer en marcha **grupos de traballo especializados de cara a introducir nos currículos escolares a materia audiovisual.**

(*) **Coordinar e potenciar o labor das diferentes Facultades universitarias e escolas de cinema de Galicia** para situar no mercado aos novos cadros profesionais que van xurdindo das súas aulas e ao mesmo tempo potenciar os produtos resultantes dos mesmos.

EMPRESAS DE COMUNICACIÓN

A favorable experiencia na **elaboración por consenso da nova Lei de CRTVG** é un bó exemplo a tomar en consideración na próxima lexislatura para outras leis referidas ás políticas de comunicación. Mesmo para o **proxecto de regulación dun marco estable e eficiente de axudas industriais, profesionais, culturais e lingüísticas para os medios de comunicación social.** Isto o consideramos necesario, pero precisa igualmente do consenso institucional, empresarial e profesional e que, ao mesmo tempo, recolla as necesidades de pluralidade e diversidade cultural e lingüística. Esta diversidade cultural e lingüística, os nosos valores democráticos, e a sociedade galega, necesitan preservar o valor do xornalismo, e o futuro das nosas empresas informativas, para continuar na preservación e potenciación dun espazo de comunicación galego e en galego.

A dobre dimensión do valor social e económico da actividade informativa e empresarial, na súa perspectiva de futuro e sostibilidade, é a que nos interesa especialmente como coñecemento e inspiración para orientar as políticas públicas de comunicación, e para tratar de atender con sensibilidade as dificultades que afrontan os distintos medios de comunicación, como consecuencia das mudanzas tecnolóxicas, económicas e de usos sociais que se están a producir nos modelos de negocio das empresas informativas tradicionais.

(*) A elaboración, pois, dun **Plan Estratéxico para o sector da Comunicación** será un dos obxectivos inmediatos, e se realizará nunha liña de **consenso institucional** no que tamén participarán os distintos actores do sector (empresas, Facultades de Comunicación, Colexio de Xornalistas, asociacións profesionais) e na busca dun **marco e futuro estables**, co obxectivo básico xa expresado de potenciar un espazo de comunicación galego e en galego.

(*) Presentaremos tamén no Parlamento, e nos primeiros meses de lexislatura, a xa elaborada **Lei de Publicidade Institucional de Galicia**, que regulará a acción publicitaria das institucións públicas galegas, e na que se pedirá tamén a participación de forzas políticas, Federación Galega de

Municipios, e representantes do sector das axencias de publicidade e dos medios de comunicación.

(*) Desenvolveremos un **Plan de Formación para xornalistas coas Facultades de Comunicación**, que estará orientado, de xeito principal, á reciclaxe dos xornalistas ante os novos retos da renovación tecnolóxica.

(*) Poñeremos en marcha, en colaboración coas empresas informativas e as distintas asociacións profesionais, **políticas de emprego para os xornalistas** para frear o tremendo impacto da crise económica, e establecer tamén **medidas que impidan a precarización e empobrecemento** do capital humano, tanto entre os xornalistas experimentados como nas novas xeracións, e permitan a lealdade permanente os valores do xornalismo, tan imprescindibles nunha sociedade democrática.



MEDIO AMBIENTE E TERRITORIO

PLANIFICAR O TERRITORIO: CALIDADE DE VIDA E DESENVOLVEMENTO DO POTENCIAL PRODUTIVO

A planificación permítemos deseñar o futuro que queremos. Desde o PPdeG entendemos que toda boa acción política se fundamenta nunha planificación previa de carácter integral, máxime no ámbito territorial no que interveñen e interactúan numerosos axentes públicos e privados.

A xestión da modernidade territorial e das dinámicas dos últimos anos teñen dado como resultado un espazo máis complexo. [Faise preciso dotarse de instrumentos de planificación tanto de natureza sectorial, como en diferentes escalas desde os ámbitos supramunicipais aos puramente locais.](#)

Na correcta coordinación dos avances conseguidos durante a pasada lexislatura (Directrices de Ordenación do Territorio, Plan de Ordenación do Litoral, Estratexia Galega da Paisaxe, Plan MOVE, Plan Galego de Residuos, Plan Hidrolóxico...) e na continuación desta liña de planificación susténtase unha parte significativa do desenvolvemento actual e futuro de Galicia.

Unha vez que na pasada lexislatura o Goberno do PPdeG foi quen de aprobar as [Directrices de Ordenación do Territorio \(DOT\)](#) e o [Plan de Ordenación do Litoral \(POL\)](#), cómpre nestes intres continuar a desenvolver unha [nova metodoloxía de planificación de carácter territorial que permita fixar os alicerces para unha ordenación efectiva e sostible que favoreza o desenvolvemento social e económico do territorio.](#)

Neste sentido, prestaremos unha especial atención a aqueles espazos que pola súa singularidade e valor colectivo, como tamén no seu momento foi o ámbito litoral, merezan un tratamento específico. Proponse neste senso a elaboración dos seguintes instrumentos:

(*) [Planeamentos territoriais para os contornos urbanos de Galicia](#), nos que dun xeito integral se fixen os usos do solo, as infraestruturas e equipamentos de carácter estruturante, as redes de transporte e mobilidade, o sistema ambiental e de espazos libres, e todos aqueles elementos que contribúan a unha ordenación coherente das áreas funcionais de carácter urbano que se teñen consolidado a carón das nosas cidades.

(*) [Elaboración dun Plan Territorial Integrado \(PTI\) para as rutas xacobesas](#), comezando polo Camiño Francés, ao tratarse este dun espazo dun enorme valor patrimonial, cultural e económico que merece un exercicio de

planificación común e coordinado que lle dea continuidade aos proxectos xa iniciados, coa súa delimitación ou o impulso da Área de Rehabilitación dos Camiños.

(*) O Partido Popular de Galicia **impulsará as determinacións fixadas nas Directrices de Ordenación do Territorio dun xeito progresivo**, como garante da consecución dun modelo territorial sostible e que favoreza o desenvolvemento das actividades humanas e o crecemento económico.

As Directrices de Ordenación do Territorio fixan tamén a folla de ruta para plans sectoriais de carácter supramunicipal que regulan a implementación espacial daquelas políticas públicas que teñen unha translación directa ao territorio.

Desde o PPdeG propoñemos unha serie de liñas de acción estratéxicas cuxos obxectivos e finalidades estarán rexidos polos principios de racionalidade, eficiencia, coordinación e oportunidade.

(*) MOBILIDADE

No eido do fomento da mobilidade e o desenvolvemento daquelas infraestruturas que a sustentan, desde o PPdeG fórmase a elaboración dunha serie de instrumentos que dun xeito conxunto incidirán na nosa calidade de vida e no potencial de desenvolvemento das actividades produtivas:

- **Plan de seguridade viaria integral, galego e participativo**, no que será criterio básico a **optimización dos recursos económicos** e a aplicación de políticas orientadas ás accións que traten de **garantir a sensibilización, concienciación e respecto por parte dos usuarios das estradas**.
- **Plan de mobilidade alternativa**, que permita o aforro, a optimización de recursos e unha maior eficiencia económica.
- **Plan de aparcadoiros disuasorios**, ligado ao transporte metropolitano e aos diferentes modos de transporte.
- **Elaboración dun Plan Estratéxico do Transporte Aéreo en Galicia**. Consideración do **funcionamento conxunto e coordinado dos tres aeroportos de Galicia**, nos que cabe formular certa **especialización en función das características da demanda potencial que deben atender**.

- Definición dun modelo de **transporte ferroviario interior de Galicia**.
 - 1.- Posta en valor tanto da rede preexistente á do Tren de Alta Velocidade (TAV), como as vías de novas creación.
 - 2.- Promoción da reutilización da infraestrutura actual para loxística e transporte de mercadorías.
 - 3.- Impulso a accións que fomenten a permeabilidade e accesibilidade ás estacións do TAV a través dun modelo ferroviario de proximidade.
- **Plan de variantes urbanas de Galicia**, coa finalidade de mellorar a seguridade viaria daqueles núcleos urbanos cruzados por unha estrada principal e xerar unha mellora da mobilidade na rede secundaria de estradas.
- **Desenvolvemento do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia**, que posibilitará a posta a disposición da actividade produtiva do solo preciso para o desenvolvemento da súa actividade dun xeito racional e planificado.

(*) PATRIMONIO NATURAL E PAISAXÍSTICO

A protección e posta en valor do alto valor natural e paisaxístico é un deber inescusable para unha administración responsable. Supón tamén un potencial económico singular que nos dota de identidade e merece un deseño de usos racional.

A súa implementación inclúe tanto a ordenación daqueles espazos de singular valor e interese, como o despregamento de infraestruturas e equipamentos que contribúen á calidade ambiental e á sustentabilidade dos nosos recursos. Desde o PPdeG enténdense prioritarios para o seu impulso no seguinte período lexislativo:

- **Aprobación da Estratexia Galega do patrimonio natural e a biodiversidade.**

- **Aprobación do Plan Galego de especies invasoras**, a fin de reducir o seu impacto sobre o medio natural galego, á vez que se avanzará na planificación para a conservación de especies autóctonas ameazadas.
- **Ampliación da Rede Natura 2000**, compatibilizando a necesidade do aumento da superficie con actividades ligadas ao aproveitamento sostible do medio.

Esta ampliación acompañarase da posta en marcha do Plan Director da Rede Natura 2000, tramitado na lexislatura rematada en 2012.

- O PPdeG aposta pola **planificación integral dos espazos naturais**. Así, propón:

1.- A ampliación do Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Nacional das Illas Atlánticas e unha nova orientación do seu uso público.

2.- A aprobación e implementación dos plans de acción das Reservas da Biosfera.

3.- A dotación da Rede de Espazos Naturais dos correspondentes Plans de Ordenación dos Recursos Naturais que permitirán organizar dun xeito sostible a conservación dos recursos e valores naturais cos usos do solo e o correcto desenvolvemento das actividades humanas.

4.- Tamén se elaborará o Plan de xestión de humedais de importancia internacional RAMSAR.

- **Plan estratéxico director para a optimización socioeconómica das áreas de influencia dos parques naturais de Galicia.**
- **Plan de Xestión de Residuos Industrias de Galicia.**

Integra o Programa de Prevención de Residuos Industrias de Galicia e o programa de Xestión de Residuos da Construción e de Demolición, co obxecto de compaxinar a xestión dos residuos derivados da actividade empresarial coa calidade dos valores ambientais.

- A fin de mellorar as condicións de vida no rural e de preservar os recursos hídricos aprobarase un **novo Plan Galego de Saneamento** que fixará como obxectivo **incrementar a cobertura deste servizo básico**, mentres se continúa co **desenvolvemento do Plan Auga de abastecemento** xa en marcha.
- Seguir avanzando na **mellora da xestión dos riscos relacionados coa auga**:
 - 1.- **Aprobación dos mapas e zonas de risco de inundación** e plan de xestión destas áreas, que terán unha translación á planificación urbanística, a fin de minorar o seu impacto nos bens e nas actividades humanas.
 - 2.- **Aprobación do Plan de Seca de Galicia-Costa**, cuxa tramitación xa foi iniciada.
- O PPdeG mantén os **principios do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa**, recentemente aprobado, especialmente naqueles aspectos tendentes a non conceder novos encoros nos nosos ríos, nin aumentar os existentes.
- Impulso á **Planificación do saneamento integral das rías**.
- Revisar a **estratexia de adaptación ao cambio climático**, actualizándoa en función das prioridades do actual contexto económico e orzamentario. Fomentaranse actuacións sectoriais en materia de prevención, adaptación e sensibilización.

(*) ACCIÓN URBANÍSTICA

A planificación supramunicipal e sectorial trasládase ao territorio a través da acción urbanística. Toda actividade que se desenvolve no territorio vincúlase ao deseño fixado nos procesos de planeamento urbanístico.


- O PPdeG formula como obxectivo de lexislatura a **elaboración dunha nova Lei do Solo**, **consensuada politicamente e cos axentes máis significativos, que teña vocación de permanencia**, facilite a elaboración e xestión dos planeamentos municipais, achegue seguridade xurídica, simplifique as tramitacións administrativas e posibilite un desenvolvemento harmónico, respectuoso co medio e ao servizo da sociedade.

- O PPdeG impulsará o **desenvolvemento do planeamento urbanístico municipal**, apoiando o deseño de instrumentos de planificación adecuados a cada realidade e dinámica espacial, diferenciando os mesmos en razón da complexidade urbanística de cada concello e das singularidades do mesmo
- Actualización e elaboración conforme aos actuais parámetros de sustentabilidade urbanística dunhas **Normas Complementarias e Subsidiarias de planeamento urbanístico de ámbito provincial**, que permitirán actualizar os estándares urbanísticos daqueles concellos que carecen de planeamento xeral ou contan con instrumentos desfasados que posibilitan actuacións descontextualizadas e desacordes coas actuais demandas sociais e ambientais.
- O rigor e a disciplina urbanística xera un efecto demostrativo básico para o correcto desenvolvemento da planificación urbanística. O PPdeG continuará a impulsar a actividade da **Axencia de Protección da Legalidade Urbanística**.
- O modelo de cidade proposto polo PPdeG aposta, a través dos instrumentos de planificación, por un **espazo urbano máis compacto**, coa finalidade de **reducir o consumo de territorio e frear a especulación e a dispersión territorial**.

Así mesmo, fomentárase a **rexeneración de áreas urbanas** que teñan perdido a súa funcionalidade orixinal e remataranse os baleiros urbanos interiores.
- Planificación dun **único modelo de axudas para as actuacións de rehabilitación**, simplificando ao máximo a súa tramitación e convertendo as axudas nun impulso dinamizador da actividade económica.

Incentivarase a **posta en marcha de novas áreas de rehabilitación integral (ARI)** que complementen as xa existentes e permitan a Galicia manter a súa posición de vangarda na actividade de rehabilitación do espazo construído, tanto no ámbito rural como no urbano.
- A planificación urbanística atopa un apoio de gran transcendencia no desenvolvemento de instrumentos de planificación paisaxística. Logo da posta en valor da Estratexia Galega da Paisaxe, o PPdeG

aposta pola **elaboración de Catálogos e Directrices da Paisaxe** que, xunto coas guías de integración paisaxística, posibilitarán unha **progresiva mellora** dos procesos de intervención humana no territorio.



INFRAESTRUTURAS PARA MEDRAR

As infraestruturas son un pilar fundamental do modelo territorial de Galicia. O seu desenvolvemento ten unha singular repercusión, non só polo seu potencial de creación de emprego e estimulador da demanda interna, senón tamén como un factor clave para a competitividade das actividades económicas que se desenvolven nun espazo concreto.

Neste senso, o acondicionamento do territorio convértese nunha vantaxe comparativa, onde as infraestruturas -tendo como elementos fundamentais a densidade, calidade e funcionalidade- se converten en elemento decisivo.

(*) Viarias

No ámbito das infraestruturas viarias **propóñense como obxectivos:**

- Execución da **autovía do Morrazo**.
- **Remate dos eixos iniciados na pasada lexislatura e que contan con tramos pendentes de apertura** como a Autovía da Costa da Morte, a Autovía Celanova-Ourense, Nabela-Monforte, Tui-A Guarda, a Vía Ártabra, a Vía do Norte ou o acceso ao Porto de Burela.
- Completar a **mellora da rede nos eixes pendentes da súa execución**.
- **Mantemento e conservación das estradas**, coa incorporación de **novas tecnoloxías** que permitan incrementar a calidade do servizo, a seguridade dos cidadáns e a sostenibilidade, incrementándose as partidas orzamentarias dedicadas a conservación.
- Cooperar de xeito leal coa Administración Xeral do Estado para lograr o obxectivo de que **Galicia estea conectada por TAV con Madrid no ano 2018**, e que **o Eixo Atlántico poida entrar en vigor no primeiro semestre do 2014**.
- Impulsar en coordinación co Ministerio de Fomento a **rede de ferroviaria de proximidade**, articulando ferramentas para incrementar o número de usuarios e de servizos.

- **Reorganización das estruturas tarifarias das peaxes das autoestradas galegas.** Relacións de cooperación co Ministerio de Fomento para a **reformulación da AP-9 e a transferencia da AP-53.**
- Desenvolvemento nas áreas de entrada ás principais cidade de **aparcamentos disuasorios**, a fin de reducir a circulación rodada na trama urbana das cidades e favorecer o transporte público.
- Nas áreas urbanas finalizarase a **implantación do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.**

(*) Localización industrial

- Aposta pola **posta en marcha nas estacións en desuso vinculadas á rede tradicional de ferrocarril de plataformas loxísticas** que favorezan a mobilidade de mercadorías e o desenvolvemento da actividade produtiva.
- Para o PPdeG é prioritario a **promoción do solo industrial e de infraestruturas para o desenvolvemento empresarial.** De tal xeito que ningunha iniciativa empresarial xeradora de emprego poida malograrse por falta de localización concreta. Para unha correcta e coherente oferta de solo empresarial poñeranse en funcionamento ferramentas como o **Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial.**
- Adopción de diferentes medidas para facilitar o **acceso dos empresarios e emprendedores ao solo empresarial**, mediante bonificacións no prezo de venda das parcelas, aumento dos prazos para o seu pagamento, etc.
- A fin de promocionar a especialización produtiva do territorio e a complementariedade interempresarial o PPdeG promoverá a **posta en marcha de parques empresariais monográficos** nos que se priorizará a localización dunha determinada actividade produtiva.
- Na procura de facer compatible a actividade produtiva coa calidade ambiental, **continuarase a política adoptada en relación coa situación da empresa ENCE na ría de Pontevedra.**

Logo de acordada a saída ordenada de ELNOSA, na lexislatura rematada en 2012, o PPdeG mantén a súa aposta para que ENCE abandone o seu actual emprazamento, considerando

irrenunciable a continuación da súa actividade no contorno da comarca de Pontevedra. Na busca da mellor solución, contaremos coa opinión da cidadanía.

(*) Calidade ambiental (ciclo da auga e tratamento de residuos)

- Desde o PPdeG **impulsarase toda a rede de infraestruturas e equipamentos contemplado no Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos (RSU)**, coa finalidade de reducir a xeración de residuos, darlle un tratamento efectivo, crear novas plantas de compostaxe e de transferencia (estas últimas con capacidade de 400.000 toneladas/ano), e, en resumo, mellorar o tratamento dos RSU da Comunidade.
- **O PPdeG aposta pola prevención, reciclaxe e reutilización do lixo, o incremento da compostaxe, así como a modificación do Plan de Residuos para permitir a ampliación do Complexo Ambiental de SOGAMA, localizando en Cerceda o incremento da valorización enerxética prevista no propio Plan.** Unha ampliación que optimice o sistema de tratamento, acorde coa normativa da Unión Europea e sostible financeira e ambientalmente.
- A aposta do PPdeG pola compostaxe materializarase na **introdución dunha planta de compostaxe no centro ambiental de Cerceda e a potenciación das plantas de Nostián e do Barbanza.**
- Desde o PPdeG **impulsaranse aquelas infraestruturas de depuración necesarias para dar cumprimento á Directiva de depuración de augas residuais urbanas.** Neste senso remataranse e poñeranse en servizo todas as **estacións depuradoras de augas residuais (EDAR)** en núcleos maiores de 2.000 habitantes. Así como as novas EDAR para as cidades de Ferrol, Vigo, Ribeira e Santiago de Compostela.
- O PPdeG compromete a execución de **novas infraestruturas de abastecemento de acordo co previsto no Plan Auga**, tanto nos grandes sistemas como no espazo rural.

GOBERNANZA E COORDINACIÓN: EFICACIA AO SERVIZO DA CIDADANÍA

Na gobernanza do territorio converxen diferentes niveis administrativos e políticas sectoriais que desenvolven e aplican as súas responsabilidades competenciais.

Unha correcta gobernanza esixe, ademais dunha coordinación de todos os actores que interactúan no territorio, unha **eficaz e constante adecuación ás dinámicas sociais e territoriais**. As súas implicacións maniféstanse nun **aforro de custos de tempo e de esforzos de tramitación**, do que se beneficiarán as iniciativas económicas que se desenvolven no territorio e o conxunto da sociedade.

Desde o PPdeG apóstase pola **implementación de mecanismos de planificación e responsabilidade compartida entre os diferentes ámbitos políticos e administrativos**, na procura dunha implicación colectiva para afrontar os problemas e dar mellores solucións aos cidadáns.

Neste eido faise preciso **adecuar a arquitectura institucional e os marcos normativos ás realidades e dinámicas actuais**, partindo da conxunción dos principios de austeridade e eficacia.

- Desde o PPdeG apóstase polo papel que está chamado a desempeñar o recién creado **Instituto de Estudos do Territorio (IET)**, como órgano de cooperación interadministrativa, fornecedor de información territorial e cartográfica para a planificación e xestión das políticas públicas.

O IET impulsará tamén a elaboración de instrumentos de ordenación territorial e de protección, valoración e xestión da paisaxe.

A **actualización constante dos marcos normativos e regulamentarios** é unha obriga que toda administración responsable debe acometer. Desde o punto de vista territorial propónse:

- Unha parte significativa da gobernanza do noso territorio pasa por dotarnos dunha **nova Lei do Solo** que, partindo da experiencia e coñecemento acumulado, sexa quen de **deseñar un marco máis sinxelo, claro e con vocación de permanencia no tempo**.

- Seguirase a promover un efectivo **Pacto polo Territorio** no que se integren as formacións políticas, a FEGAMP e o conxunto dos entes locais e aqueles axentes significativos con presenza directa no proceso urbanístico. A súa finalidade sería acadar un **marco normativo adecuado ás realidades e necesidades actuais, achegar seguridade xurídica, favorecer a elaboración de planeamentos e fomentar a coordinación interadministrativa.**
- Para o PPdeG é prioritario **solucionar a situación dos núcleos rurais do noso litoral non recoñecidos pola Lei de Costas.** Proponse manter unha liña de permanente coordinación e diálogo ante o Goberno do Estado, a fin de que a modificación na que se está a traballar no ámbito ministerial recolla as singularidades do sistema tradicional de asentamentos da costa galega. Tamén se ofrecerá a **cooperación precisa aos concellos afectados por esta problemática** para desenvolver accións de planificación tendentes á regularización dos núcleos.
- O PP de G impulsará unha nova **Lei do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia**, a fin de fixar un marco actualizado de protección do alto valor ecolóxico do noso territorio.
- Retomarase a proposta da nova **Lei de Caza de Galicia** na que se avanzou durante a lexislatura, á que lle seguirá a aprobación dun regulamento e a revisión da normativa de pesca fluvial.
- Redacción dunha nova **Lei de Mobilidade de Galicia** que fomente a intermodalidade, regule os servizos públicos de transporte de pasaxeiros, impulse o transporte de mercadorías e, no seu conxunto, mellore as condicións de mobilidade da CCAA.
- Impulso para a aprobación da **Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo, coñecida como a “Lei do Taxi”**, que será a primeira norma deste tipo que se desenvolverá en Galicia, incluíndo o correspondente regulamento.
- **Novo regulamento de estradas de Galicia**, adaptado ás peculiaridades da estrutura territorial de Galicia. Prestaráselle **especial atención aos ámbitos metropolitanos e aos rurais de baixa densidade de poboación.**

-
- O PPdeG impulsará a **Lei de Instalacións Aéreas de Galicia**, coa finalidade de regular as plataformas aeroportuarias de titularidade autonómica (aeródromos deportivos, bases de loita contra incendios, etc).

O fomento da coordinación interadministrativa entre os diferentes niveis (central, autonómico e local) favorece unha máis correcta execución dos recursos públicos, reduce duplicidades, conflitos institucionais e xera sinerxías que inciden de xeito directo nos cidadáns e impulsan o desenvolvemento integral do territorio.

Esta liña de coordinación levarase a cabo en aspectos como a organización administrativa e a legalidade urbanística, transporte e mobilidade, xestión do ciclo da auga e, en xeral, naquelas materias nas que concorren varios ámbitos de xestión pública. Tamén desde o PPdeG **fomentarase unha corresponsabilidade cidadá, favorecendo a participación da sociedade civil.**

- Para o PPdeG, será unha prioridade **modificar e reducir os procedementos administrativos existentes para a obtención de licencias de obra e para a tramitación de planeamentos xerais ou de desenvolvemento.** Impulsarase unha **reorganización do marco competencial** no cal participen e teñan presenza de xeito activo os concellos, as deputacións e a Xunta de Galicia.

Trataríase de **reformular a estrutura organizativa dos servizos existentes, non de incrementar persoal ou duplicar organismos,** buscando a optimización dos efectivos e recursos xa existentes.

En definitiva, un novo modelo organizativo no que se comprometa o nivel municipal-provincial e autonómico nun sistema integrado. Deste xeito evitaríanse solapamentos, xeraríanse economías de escala, posibilitaríase unha maior eficacia na resolución administrativa e a redución de tempos coa minoración dos custos vinculados.

Unha mellora no camiño de conseguir que Galicia sexa a CCAA onde é máis rápido implantar unha empresa desde o punto de vista urbanístico.

- O PPdeG propondrá en materia urbanística un reforzamento da liña de cooperación da Administración autonómica cos concellos a fin de **estimular a elaboración dos planeamentos municipais,** cun papel máis activo e de corresponsabilidade.

Neste senso perseguirase a simplificación e redución de informes sectoriais, achegarase información xeográfica ao inicio dos procesos de redaccións dos plans, homoxenizaranse os conceptos e parámetros urbanísticos, desenvolverase un asesoramento constante e reduciranse as dúbidas técnicas e xurídicas resultantes da posible interpretación da normativa existente.

- Reforzamento do papel da **Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU)**, mediante o **incremento da cooperación cos concellos**, a fin de que este instrumento sexa unha ferramenta útil para conseguir un territorio máis e mellor ordenado e respectuoso coa legalidade.
- O PPdeG fomentará os **principios de organización administrativa derivados das “Directrices de servizos” e da lexislación de ámbito estatal no ámbito local** a fin de axilizar a tramitación de expedientes de natureza urbanística e de actividade.
- O PPdeG promoverá a coordinación efectiva co Goberno do Estado en materia aeroportuaria para, a través do **Plan Estratéxico de Transporte Aéreo** que se elaborará nesta lexislatura, conseguir que **os nosos aeroportos se especialicen, compartan esforzos e fomenten unha cooperación intelixente que lle permita incrementar a súa actividade.**

Traballarase neste senso na **creación dun Comité de Coordinación Aeroportuaria de Galicia** en colaboración co Ministerio de Fomento.


- De xeito conxunto cos concellos e as comunidades de usuarios, promoverase a sinatura dun **Pacto Local para a xestión do ciclo urbano da auga.**

Neste fixarase unha **estrutura tarifaria de referencia**, a fin de homoxeneizar as taxas de cobro. Marcaranse uns **mínimos de calidade** das condicións da rede.

Levarase a cabo unha avaliación dos operadores de auga e, en definitiva, fixarase un marco de coordinación para a prestación do servizo entre as administracións e a sociedade civil implicadas.

- A colaboración coas entidades locais en materia do ciclo da auga é

prioritaria para o noso partido. Por tal motivo, **intensifícaranse os traballos coordinados do Plan de Control de Vertidos**, para seguir avanzando na detección e corrección dos puntos de contaminación en todo o territorio.



SEGUNDA PARTE

BENESTAR



BENESTAR

A mellora do benestar de todos os galegos foi un dos principais obxectivos do goberno do PPdeG durante a pasada lexislatura. Por este motivo, o esforzo orzamentario destinado a este ámbito foise incrementando ano tras ano, chegando no 2012 a supoñer 3 de cada 4 euros do investimento realizado pola Xunta de Galicia.

Ao longo da pasada lexislatura, o goberno foi quen de levar adiante medidas para situar a Galicia como unha das comunidades autónomas co prezo de vivenda libre máis barata, ao que se suman máis de 3.000 vivendas de promoción pública entregadas, en construción ou en proceso de licitación.

No ámbito educativo, o PPdeG adaptou o sistema existente aos novos tempos, coa introdución das novas tecnoloxías nos centros de ensino e unha aposta pola calidade educativa en todos os niveis. A pesar da complexa situación económica que vivimos, 7 de cada 10 escolares galegos poden ter en propiedade libros de forma gratuíta ou case gratuíta, ao tempo que se incrementou ata 65.000 o número de prazas en comedores escolares. Tamén se potenciou a aprendizaxe das linguas estranxeiras e as universidades incrementaron o seu peso relativo nos orzamentos da Xunta ata case o 4 por cento.

A boa xestión levada a cabo en materia sanitaria, cunha maior eficiencia a través da implantación de medidas pioneiras como o catálogo priorizado de medicamentos, permitiu desenvolver un ambicioso programa de infraestruturas, co impulso á construción ou mellora de sete infraestruturas hospitalarias (Lugo, Vigo, A Coruña, Pontevedra, Ourense, Salnés e Burela) e a posta en marcha ou mellora de 44 centros de saúde. Estas actuacións viñeron acompañadas da implantación a todos os galegos da receita electrónica, o acceso á historia clínica electrónica ou a redución en máis da metade do tempo de espera para os pacientes máis graves.

Dentro do ámbito das políticas de benestar, a Xunta de Galicia desenvolveu o Plan de Actuación Social, que supuxo o incremento de 3.000 prazas de escolas infantís; 2.700 prazas para persoas maiores en residencias, centros de día e centros de alzhéimer; ou 600 novas prazas en centros de atención para discapacitados. Ademais, máis de 62.000 persoas con dependencia reciben atención por parte da Xunta, o que supón multiplicar por 4 as cifras do anterior Goberno bipartito, logo de que se incrementara o orzamento destinado á dependencia nun 162 por cento.

O PPdeG incrementou un 6 por cento o orzamento do complemento autonómico das pensións non contributivas, das que na actualidade se benefician arredor de 48.000 persoas, ao que se suma a suba do 3,45 por cento do importe destinado a axudas de emerxencia social. Tamén se procedeu ao

incremento do RISGA nun 13 por cento, deixando a partida como crédito ampliable para atender o posible incremento de solicitudes e número de usuarios.

As políticas dirixidas á familia víronse respaldadas coa aprobación da Lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia, á que se sumou o Plan para a dinamización demográfica de Galicia, que incorpora 50 medidas para atallar este problema na nosa comunidade.

Respecto á xuventude, tamén se aprobou unha Lei específica e puxéronse en marcha outras medidas dirixidas a facilitar a incorporación ao mercado de traballo de máis de 150.000 mozos e mozas; o aluguer, compra ou rehabilitación de vivendas por parte de xóvenes; ou a redución dos tipos impositivos que gravan os actos xurídicos documentados e as transmisións patrimoniais.

Así mesmo, as políticas de igualdade iniciáronse coa unificación da estrutura organizativa paralela e enfrontada que presentaba o anterior Goberno bipartito, ao que seguiron accións dirixidas a fomentar a empregabilidade e o emprendemento feminino, a conciliación da vida familiar e laboral ou a loita contra a violencia de xénero.

FAMILIA E INFANCIA

A evolución no modelo da familia, a incorporación da muller ao mercado laboral e, sobre todo, a compatibilización da vida persoal, familiar e laboral fan preciso a creación de centros e servizos públicos de atención á familia e á infancia.

Tras a aprobación na pasada lexislatura da Lei de Apoio á Familia e a elaboración do Plan de Dinamización Demográfica, un dos obxectivos principais do PPdeG será a posta en marcha de iniciativas de estímulo á natalidade, de especial relevancia nesta comunidade posto que é a segunda comunidade do Estado con menor índice de natalidade.

A situación económica actual incide no aumento dos conflitos familiares o que supón un incremento do 4% da demanda dos programas de orientación e mediación familiar dos últimos anos.

Hai cinco obxectivos programáticos fundamentais neste área:

➤ **Desenvolvemento do Plan demográfico**

- Sensibilizar á sociedade galega do problema do **baixo índice de natalidade** que ten Galicia.
- Reformulación de **estímulos fiscais á natalidade**, establecendo un sistema de progresividade en función do número de fillos.
- Potenciar os medios, axudas e servizos que atendan a **familias en situación de risco social ou de especial debilidade**, tanto nas áreas rurais como urbanas.
- Promover o establecemento de **servizos complementarios de apoio ao coidado dos nenos e nenas**.
- Continuar impulsando unha rede de infraestruturas para nenos e nenas de 0 a 3 anos, **coa posta en marcha de máis de 3.500 novas prazas en escolas infantís** tanto coa creación de novas escolas da Rede *Galiña Azul*, como de concertos e da ampliación do sistema de cheque.
- Garantir que as disposicións sobre **prestacións ou beneficios teñan en conta o número de membros das unidades familiares**.

➤ Elaboración do Plan de atención á Infancia e adolescencia

En Galicia existen ao redor de 1.400 menores tutelados pola Administración por terse apreciado que se atopaban en situación de desamparo, así como outros 2.500 menores beneficiarios de programas de prevención ou apoio por atoparse en situación de risco.

Por outra banda, cada ano uns 250 nenos españois ou estranxeiros son integrados en familias galegas a través da adopción.

No 2011, levouse a cabo unha reestruturación dos recursos e programas empregados, fortalecendo aqueles que promoven a permanencia do neno nunha familia e minorando os que implican a atención nun centro residencial.

As medidas concretas que se propoñen son as seguintes:

- Sensibilizar e concienciar á sociedade galega acerca da **responsabilidade compartida no respecto e promoción dos dereitos dos nenos e nenas**, no fomento do bo trato á infancia e na loita contra as situacións de risco e desprotección.
- **Potenciar as actuacións de tipo preventivo e de intervención integral**, de xeito que se acade a efectiva atención e protección dos nenos, nenas e adolescentes no seo das súas propias familias e no seu contorno comunitario.
- Promover a **inserción social e laboral dos mozos e mozas** que sendo menores de idade foron beneficiarios de medidas de protección, evitando a consolidación da situación de dependencia dos servizos sociais.
- Potenciar o **apoiado ás familias con menores en situación de risco**, fomentar o acollemento e a adopción e os programas de inserción sociolaboral para menores en risco.
- Exercicio das accións civís ou penais que resulten procedentes en **defensa dos dereitos da infancia e da adolescencia**.
- Apoiar e fomentar a **colaboración de todos os sectores e, en particular, das corporacións locais e do terceiro sector**, na garantía dos dereitos dos nenos e nenas.
- Amosar unha **especial consideración ás familias monoparentais e**

con persoas con discapacidade, maiores ou dependentes ao seu cargo, na concesión de subvencións ou axudas para a mellora da conciliación laboral e familiar.

- Impulso de medidas de **racionalización de horarios** que permitan mellorar a conciliación.
- Garantir que as disposicións sobre prestacións ou beneficios teñan en conta **o número de membros das unidades familiares**.
- Constituír un **Consello Galego de Política Familiar**: Este Consello integrará aos representantes das asociacións familiares e os axentes sociais, para que en colaboración coa unidade organizativa que asuma as políticas de apoio á familia avalíe urxentemente a situación actual das políticas familiares.

➤ **Reforzo da rede de atención temperá para nenos con discapacidade.**

- Ampliación das **unidades de detección temperá** en coordinación con sanidade.
- Desenvolvemento do **decreto de atención temperá**.

➤ **Plan Galego contra a pobreza infantil, en colaboración con UNICEF.**

UNICEF ven realizando diversas análises e accións de sensibilización sobre a situación dos dereitos dos nenos a nivel estatal e colaborou co Comité dos Dereitos do Neno na recente avaliación sobre a situación destes dereitos en España en setembro de 2010.

A pesar de que a taxa de pobreza infantil en Galicia é menor que noutras comunidades autónomas, as cifras estimadas son preocupantes porque afectan directamente á poboación infantil.

Neste contexto, o PPdeG considera máis necesario que nunca apostar por un modelo social de apoio ás familias e aos nenos e nenas, para garantir o seu benestar e o seu desenvolvemento futuro.

Seguindo a liña de traballo común que comezamos coa sinatura do *Pacto Galego pola Infancia* e no que se sentaron as bases dun compromiso estable das institucións para situar á infancia en primeira liña da axenda política, o Partido Popular de Galicia acordou con UNICEF Galicia incluír no

noso Programa electoral as seguintes propostas:

- Elaboración e posta en marcha dun *Plan Galego contra a Pobreza Infantil*, de acordo coa recomendación do Comité dos Dereitos do Neno de 2010 ao Estado español.
- Avanzar na elaboración dunha *diagnose completa e precisa da situación da pobreza infantil en Galicia*, que permita articular as políticas e medidas adecuadas para afrontar este fenómeno.

➤ **Menores que cumpren medidas xudiciais.**

Entre os anos 2008 e 2011, a poboación galega maior de 14 anos e menor de 18 experimentou un descenso dun 9,04%, mentres que o número de menores afectados por medidas xudiciais neste mesmo período incrementouse nun 31,70%.

Os datos que nos ofrece o primeiro semestre do ano 2012 sinalan que continúa incrementándose o número de medidas executadas e de menores afectados polas mesmas.

Diante desta situación, o PPdeG impulsará as seguintes accións:

- Responsabilizar ós/ás menores que cometeran delitos ou faltas, a través da *aplicación de medidas educativas e socializadoras* que se poidan desenvolver tanto no seu entorno natural como nun centro axeitado ao réxime acordado polo xuíz de menores.
- *Reorganizar o mapa de centros de menores de reeducación*, impulsando novas prazas co fin de poder manter aos menores o máis preto do seu contorno.
- Implantar programas e actuacións, que coordinadas coas doutros departamentos e administracións, favorezan a *diminución da delincuencia xuvenil en Galicia*.

PERSONAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN

Na actualidade estamos a vivir unha situación de crise económica que eleva a porcentaxe da poboación galega en situación de pobreza relativa, derivado do incremento do número de persoas rexistradas como paradas e das que, esgotadas todas as prestacións e subsidios de desemprego, teñen como único recurso a solicitude de prestacións da Renda de Integración Social (RISGA) e axudas de emerxencia de carácter social (AES).

Diante desta situación, o PPdeG comprométese a:

(*) Aprobar a [nova Lei de Inclusión Social de Galicia e o seu desenvolvemento normativo](#), co obxectivo de que sexa unha verdadeira ferramenta de inserción laboral e non un simple subsidio. Con este obxectivo, haberá un continuo seguimento dos casos por técnicos de emprego e de atención social, que traballarán coordinadamente na elaboración dos itinerarios personalizados de inserción de cada persoa beneficiaria da renda de inserción.

(*) Apoio para o [mantemento dunha rede de iniciativa social de centros de inclusión e emerxencia social](#) (albergues, comedores, centros de día, centros de acollida e inclusión, etc).

(*) Implementación de actuacións integradas [nun plan de inclusión e desenvolvemento da comunidade xitana](#), impulsando as accións de acompañamento social ás familias xitanas no seu proceso de integración.

(*) Fomento [de intervencións preventivas e inclusivas con colectivos de alto risco de exclusión social e pobreza severa](#) (sen teito, barrios de risco social, etc) a través de entidades especializadas do terceiro sector de acción social.

DEPENDENCIA

O Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo fixo un importante esforzo nos últimos tres anos para atender a máis de 62.000 dependentes, multiplicando por catro os beneficiarios deste servizo durante o anterior Goberno bipartito e incrementando nun 162 por cento o orzamento destinado á atención á dependencia.

A esta situación, súmase o feito de que a maioría das persoas maiores prefiren permanecer no seu domicilio e recibir os servizos que se lles poidan ofrecer na súa propia casa.

De cara á vindeira lexislatura, pretendemos avanzar neste ámbito coas seguintes accións:

(*) Desenvolvemento [dunha rede de servizos de promoción da autonomía e prevención da dependencia](#) que permita retrasar o maior tempo posible a utilización de recursos.

(*) Ofertar [outros servizos apropiados a persoas afectadas de fortes dependencias](#) que non poidan ser atendidas nos seus propios fogares, e necesiten polo tanto de centros de atención integral.

(*) [Servizos de atención diúrna](#): Estender, seguindo o mapa de infraestruturas sociais, a apertura de centros de día a todas as poboacións de mediano tamaño.

(*) Facilitar o transporte para [mellorar o acceso aos servizos de todas as persoas usuarias e beneficiarias](#).

(*) Crear ao longo da vindeira [lexislatura 2.500 novas prazas de servizos residenciais](#) (dentro do compromiso de dotar de 4.000 novas prazas ata o 2020) sostidas con fondos públicos nas áreas marcadas como prioritarias no mapa de infraestruturas sociais de Galicia.

(*) Avanzar na mellora da xestión e nos tempos de tramitación para dar [unha resposta óptima ao cidadán](#), polo que é necesaria a [implementación de medios tecnolóxicos e telemáticos](#) para optimizar a xestión administrativa e o transvasamento de información.

(*) Potenciación dunha atención integral determinando os servizos máis adecuados á persoa en situación de dependencia dentro do catálogo dunha [nova carteira de servizos](#) de atención á dependencia:

- Implantación da nova carteira de servizos sociais de atención [ás](#)

persoas con dependencia en Galicia.

- Carteira de servizos específicos para **persoas dependentes con Alzheimer**.
- Carteira de servizos específicos **por tipoloxías de discapacidade**: física, parálise cerebral, dano cerebral adquirido, discapacidade intelectual, trastorno do espectro autista e enfermidade mental.

(*) Potenciar os servizos destinados a **apoiar a permanencia das persoas en situación de dependencia no seu fogar** a través de recursos de proximidade.

(*) **Impulsar os servizos fronte ás libranzas de coidador non profesional**, a través da ampliación das horas destinadas a axudas no fogar e redución de prestacións económicas en favor das libranzas por servizo, que incrementarán a súa contía con fondos propios da Comunidade Autónoma.

(*) Impulsar o **desenvolvemento de políticas de avellentamento activo** como forma de prevención de situacións de dependencia, xerando espazos nos que os maiores poidan desenvolver as súas capacidades e favorezan a súa socialización.

(*) Modificación do **servizo de transporte adaptado** co fin de ampliar as súas áreas de influencia e acurtar os tempos de achega do servizo.

(*) Desenvolvemento dunha **tarxeta social unificada** no que estean recollidas todas as prestacións, axudas e información de cada persoa no eido da atención social.

(*) Reforzo da **rede de recursos de atención temperá**.

(*) Impulso aos **programas de formación de coidadores non profesionais** implantados nesta lexislatura.

PROMOCIÓN DA AUTONOMIA PERSOAL

Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, un 10,07% da poboación galega ten unha discapacidade e un 7,47% da poboación galega ten unha discapacidade recoñecida. Un 22% destas persoas conta cunha idade maior ou igual aos 65 anos, sendo significativamente superior a prevalencia da discapacidade a partir dos 65 anos nas mulleres, en concreto un 51,7 %.

As persoas que pertencen a este colectivo precisan de servizos que, constituíndo un apoio, promovan a súa autonomía e lles faciliten o desenvolvemento individual previndo a súa dependencia.

O desenvolvemento do Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia 2010-2013 e do Plan Galego das Persoas Maiores 2010-2013 permitiu promover a atención social e o benestar destes colectivos sociais mediante a financiación de recursos, servizos e o desenvolvemento de programas orientados a favorecer a súa autonomía persoal, a súa integración sociofamiliar e laboral, a permanencia da persoa no seu contorno e o seu benestar físico e psíquico, tanto por medios propios como en colaboración con entidades que prestan atención aos citados colectivos.

De cara á vindeira lexislatura, o PPdeG:

(* Potenciará a aplicación [das novas tecnoloxías nos servizos destinados a apoiar a permanencia dos colectivos máis vulnerables no seu fogar](#).

(* Aprobará e desenvolverá unha [nova Lei de Accesibilidade de Galicia](#), que favoreza a adquisición e o intercambio de axudas técnicas e produtos de apoio, e a eliminación de barreiras.

(* Potenciará o [programa de respiro familiar](#). Este programa permite que as familias das persoas dependentes poidan ter uns días de descanso permanecendo os seus familiares en centros onde se encontran debidamente atendidos en función das súas necesidades.

(* Porá en pleno funcionamento o [Centro galego de Discapacidade \(CEGADI\)](#)

(* Promoverá o desenvolvemento [de programas de atención específicos destinados aos distintos colectivos de persoas con discapacidade](#) en función da tipoloxía desta, a través das distintas federacións en que se agrupan, apoiando o tecido asociativo e federativo destinado á atención das persoas con discapacidade.

(* Desenvolverá un modelo de [apoio ás persoas con déficits de autonomía que residan en ámbitos rurais](#), especialmente se viven soas, ou en fogares onde todos os seus membros presenten estas características.

(* Potenciará os programas de [dinamización e participación das persoas](#)

maiores a través da rede de centros sociocomunitarios e das asociacións.

XUVENTUDE

O Parlamento de Galicia aprobou na pasada legislatura a primeira Lei de Xuventude de Galicia. A Xunta de Galicia foi capaz de cumprir cunha débeda histórica que mantíña a Autonomía galega coa nosa mocidade. Unha Lei que blinda os dereitos e garante as oportunidades para todos os mozos e mozas galegas. O obxectivo da vindeira legislatura será o de desenvolver os apartados que indica esta Lei.

➤ Plan Estratéxico de Xuventude.

A nova Lei de Xuventude garante a transversalidade administrativa das políticas da Xunta dirixidas á mocidade. Esta planificación das políticas de mocidade efectuarase a través da elaboración en cada legislatura dun Plan Estratéxico de Xuventude, que pasará a ter un carácter vinculante xa que se deberá tramitar como acordo do Consello da Xunta de Galicia. Fronte á división e á improvisación de anteriores gobernos, o texto legisla a acción unitaria de goberno e a coordinación dos diferentes departamentos da Administración á hora de poñer en práctica medidas que afecten á xuventude.

O Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia contará con dez eixos básicos vinculados ás directrices europeas en materia de xuventude e que deben ser potenciados a través da coordinación entre todos os axentes implicados.

Estes eixos relaciónanse coa educación, o emprego, a creatividade e espírito emprendedor; a vivenda; a saúde e o deporte; a participación e o asociacionismo; o voluntariado; a información e a formación; a mobilidade e o turismo xuvenil; e a dinamización lingüística.

O novo texto facilita a incorporación de todas as asociacións de mozos ao Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, ao tempo que se promove a creación dos consellos locais co obxectivo de achegar á mocidade o novo modelo de participación e dar máis protagonismo aos concellos. As asociacións xuvenís e máis os consellos locais terán garantido unha representación de, polo menos, o 51% dos votos no Consello Galego.

O Consello de Xuventude de Galicia terá máis competencias ao asumir as funcións do Observatorio Galego de Xuventude, que na actualidade depende directamente da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

➤ Plan Xuventude 2013. Unha Estratexia para a mocidade galega

Trátase dun plan coordinado con todos os departamentos da Xunta, que contén 254 medidas e suporá un investimento superior aos 900 millóns de euros para toda a lexislatura. Unha estratexia que, por primeira vez en moito tempo, foi capaz de transformar os temas de mocidade en Políticas de Xuventude con maiúscula.

Foi un plan consensuado cos propios protagonistas, xa que esta estratexia foi consultada con máis de 300 asociacións xuvenís e con 20.000 mozos.

Esta é a única maneira de traballar con seriedade e rigor: analizar as necesidades, estudar os recursos e poñer a solución axeitada a cada unha das necesidades dos nosos mozos e mozas.

➤ Programa Galego para a Competitividade e a Inserción Laboral da Mocidade

- Terá como obxecto vincular os estudos á empresa e mellorar a competitividade laboral.

Unha das eivas do actual sistema de inserción laboral dos mozos e mozas galegos está na falta de sintonía dos estudos de formación profesional e universitarios con aqueles coñecementos que demandan as empresas. O Programa Galego para a Inserción Laboral da Mocidade trataría de minorar ese distanciamento e así facilitar o emprego entre a mocidade mediante o aumento da competitividade laboral:

- Impulsará a realización de prácticas remuneradas en empresas galegas polos mozos.
- Facilitará a mocidade unha experiencia laboral remunerada de entre 8 e 16 semanas de duración nunha empresa da súa contorna.
- Colaborará con empresas galegas radicadas no exterior para a realización de prácticas profesionais no estranxeiro, así como asinar convenios con empresas estranxeiras para o mesmo fin.
- Facilitar Becas anuais para prácticas profesionais no estranxeiro
- Contará con subprogramas para a promoción da creatividade e do espírito emprendedor, con micro créditos e avais para proxectos

empresariais postos en marcha por mozos/as. O obxectivo final sería a creación de empresas por emprendedores menores de 30 anos.

- Organizará **cursos de especialización técnica para empresas** que o demanden, tanto para empresas galegas como estranxeiras. Con isto, preténdese aproveitar todas as oportunidades laborais, en calquera territorio

➤ **Novo modelo de participación xuvenil: Xuventude con Iniciativa**

Trátase dunha aposta decidida pola participación xuvenil en actividades de interese social que supoñan fomentar accións de experiencia para o emprego.

A responsabilidade de organizar as súas propias actividades libera un proceso de educación non formal de gran utilidade para o futuro e supón estar creando unha verdadeira escola de cidadanía activa.

Contaría con 2 programas:

- **Iniciativas de Participación Xuvenil** : Axudas para que asociacións xuvenís e grupos informais realicen actividades de interese social, deseñadas e executadas por eles mesmos. O obxectivo é financiar ata 200 iniciativas anuais de ata 4.000 euros onde participen directamente 10.000 mozos e mozas
- **Servizo de Voluntariado Xuvenil** : Colaboración en proxectos de voluntariado a través dos cales mozos e mozas de entre 16 e 25 anos poidan adquirir experiencias de utilidade para o emprego, que serían certificadas pola administración grazas á nova Lei Galega de Acción Voluntaria. Permitirá a incorporación anual de 5.000 mozos como voluntarios nos programas das entidade de acción voluntaria e nos concellos

➤ **Creación da Escola Galega de Educación non Formal e Xuventude.**

Esta escola elaborará unha **programación anual de cursos e actividades formativas para que teñan un carácter estratéxico e innovador** . Ademais, contará cunha sección destinada á inserción e capacitación laboral de alumnos

que non finalizasen o ensino obrigatorio.

Os mozos recibirán formación regrada combinada con formación para o emprego e traballos comunitarios. A idea é facilitar o ingreso dos mozos potencialmente excluídos ao mercado laboral mediante o desenvolvemento das habilidades sociais e valores cívicos, facilitando a súa integración plena na comunidade.

Garantirase a adquisición dunha serie de competencias para que estes **mozos sen estudos cheguen a un mínimo e desenvolvan aptitudes laborais e se capaciten**. A sede da escola estaría no Albergue Xuvenil de Gandarío.

➤ **Aposta pola dinamización xuvenil**

Creación dunha **Rede de Dinamización Xuvenil**, catalizadora do talento da nosa xuventude, que poña o acento na animación e a participación como métodos para que os mozos e mozas poidan desenvolver todas as súas capacidades.

O obxectivo é que **participen arredor de 30.000 mozos cada ano** en accións de fomento do emprendemento, a creatividade, o asociacionismo e o voluntariado entre a mocidade galega.



VIVENDA

O obxectivo fundamental do Partido Popular de Galicia seguirá a ser o de facilitar o acceso dos cidadáns a unha vivenda digna, a través de actuacións que fagan máis doado o réxime de alugueiro, a compravenda ou o alugueiro con opción de compra.

Unha das áreas que o PPdeG potenciará de forma notable nos vindeiros catro anos é a referida á política de rehabilitación, na dobre vertente de mellorar as condicións de vida dos residentes nas vivendas rehabilitadas e sacar ao mercado vivendas que antes da rehabilitación non reunían unhas condicións mínimas para o seu uso. Ademais, a través da rehabilitación potenciarase a conservación do patrimonio construído, un uso máis racional do territorio e o incremento dun importante volume de actividade económica, con moita utilización de man de obra que se traduce en creación de emprego.

Na situación actual será prioritario, tamén, intensificar as políticas tendentes a minorar os efectos da crise sobre os propietarios de vivendas que, por causa do desemprego, teñen dificultades para facer fronte ás súas hipotecas. Tamén resulta prioritario atender ás necesidades das familias máis desfavorecidas, adxudicatarias de vivendas de promoción pública, afectadas polo desemprego ou outras circunstancias persoais que os sitúen en risco de exclusión.

Para o cumprimento destes obxectivos, o PPdeG propón desenvolver ao longo da vindeira lexislatura as seguintes medidas:

NOVAS MEDIDAS PARA O ACCESO Á VIVENDA DE PROMOCIÓN PÚBLICA PARA OS SECTORES MÁIS DESFAVORECIDOS

Ademais de continuar coa construción directa de vivendas de promoción pública, crearanse tres novas modalidades de actuacións para facilitar o acceso ás vivendas de promoción pública, conforme ao previsto na nova Lei de Vivenda de Galicia aprobada en xuño de 2012:

- **Vivendas de promoción pública concertadas**, que serán as construídas por promotores privados ou outros promotores públicos alí onde a Xunta de Galicia carece de oferta e o Rexistro de Demandantes acredita a existencia de demanda. O prezo de venda será o módulo de promoción pública.
- **Vivendas de promoción pública de inserción ou asistenciais**, construídas pola Xunta de Galicia en colaboración e con achegas económicas doutras administracións ou organizacións sen fin de lucro. Estas vivendas irán dirixidas a colectivos específicos, como maiores, mulleres maltratadas, realoxos temporais por execucións hipotecarias ou perda de emprego.
- **Vivendas de promoción pública en copropiedade**, nas que se adquire como mínimo o 60% da propiedade, quedando o resto en mans da Xunta de Galicia ou doutra administración pública que adquira a porcentaxe restante. A modalidade supón unha vantaxe para o adxudicatario, que so pagará as cotas mensuais correspondentes á porcentaxe de vivenda que adquire, pero gozando dela na súa totalidade e podendo en calquera momento facerse co 100% da propiedade pagando a porcentaxe que non adquiriu inicialmente.

Para levar a cabo estas medidas, configurarase o **Rexistro de Demandantes** como instrumento de programación e planificación das actuacións en materia de vivenda protexida.

Na mesma liña, **adecuaranse as reservas de solo para vivenda protexida nos plans xerais á demanda real** de vivenda existente e acreditada no Rexistro de Demandantes e os períodos de protección das propias vivendas aos beneficios que reciben as mesmas.

NOVAS AXUDAS PARA INCENTIVAR A CONCESIÓN DE FINANCIAMENTO PARA A COMPRA DE VIVENDAS PROTEXIDAS. PROGRAMA DE COBERTURA DE RISCOS

Propónse modificar a actual liña de axudas para a adquisición de vivendas protexidas mediante a implantación dun [novo programa orientado a favorecer o financiamento por parte das entidades de crédito](#).

Deste xeito, contéplase a creación dunha [liña de axudas de cobertura de riscos de préstamos hipotecarios para vivendas protexidas](#), nos que a Xunta de Galicia achegaría unha parte dos custos das garantías que poidan requirir as entidades de crédito aos adquirentes para facilitar a concesión de créditos hipotecarios, establecéndose así unha cobertura de riscos de falta de pagamento para a adquisición de vivendas protexidas de réxime xeral ou especial.

O obxectivo é incrementar as [facilidades de acceso á vivenda protexida en réxime de propiedade](#).

Na mesma liña de contribuír ás necesidades dos sectores máis desfavorecidos, adoptaranse medidas que posibiliten a [atención a persoas con dificultades de pagamento nas súas vivendas](#), como a dación en pagamento e o aprazamento de pagamento en vivendas de promoción pública.

AXUDAS PARA PROMOVER O ARRENDAMENTO CON OPCIÓN DE COMPRA

Trátase de potenciar esta modalidade de acceso que permite ao inquilino adaptar a decisión de adquisición dunha vivenda ás súas circunstancias persoais ou laborais, axudando, ao mesmo tempo, a eliminar o stock existente de vivendas e minorando as posibles dificultades de financiamento.

Como medida concreta nesta dirección de incentivar a oferta de arrendamentos con opción de compra, propónse a creación dunha nova liña de axudas consistente en aboar o pagamento das tres primeiras mensualidades de renda, cun máximo de 450 euros ao mes, por cada contrato de arrendamento con opción de compra que se asine con unidades familiares de ata 4,5 o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), sempre que teñan unha duración mínima de 5 anos.

Con esta medida, o arrendatario podería acceder máis facilmente a este sistema, xa que nas primeiras mensualidades ten que afrontar unha serie de gastos, entre eles a fianza.

O obxectivo desta medida, da que poderían beneficiarse ata unhas 1.350 vivendas por ano, é facilitar o acceso á vivenda en propiedade cunha fase inicial de alugueiro que permita acomodar o gasto.

CREACIÓN DO REXISTRO DE PROMOTORES DE VIVENDAS

Crearase un rexistro de promotores de vivendas de Galicia e de axentes da edificación, con carácter informativo e como unha **medida de fomento da transparencia do sector**.

A inscrición será necesaria para todos aqueles promotores que queiran desenvolver a súa actividade en Galicia, terá carácter informativo e recollerá os datos básicos sobre a personalidade, solvencia, obras executadas, sancións administrativas ou sentenzas xudiciais de cada empresa do sector.

Esta medida **contribuirá a regular as condicións para a venda e reserva de vivendas, achegando seguridade e confianza aos adquirentes e usuarios, ao mesmo tempo que transparencia dentro do propio sector inmobiliario**.

PLAN DE AXUDAS AO ALUGUER 2013-2016

Propónse implantar unha nova axuda directa ao aluguer que permita o apoio ao maior número posible de familias con dificultades laborais e sociais para facilitar o acceso ou a súa permanencia na vivenda habitual, de xeito que se conforme un mercado de arrendamento de vivendas baleiras máis social e solidario e con prezos máis asequibles para os sectores de poboación máis desfavorecidos.

Neste novo Plan de Axudas ao Aluguer cuadrienal refórzase o seu carácter máis social, a través das seguintes novidades:

- Definición de colectivos de atención preferente, tanto polo menor nivel de ingresos como pola necesidade dun maior apoio social.
- Inclusión como posibles beneficiarios non só daqueles que teñen dificultades para acceder a unha vivenda, senón tamén daqueles que están en risco de perder a que teñen como consecuencia de dificultades para facer fronte a créditos hipotecarios ou ao pagamento das rendas do aluguer. Trátase de axudar a aqueles que vén alterada a súa situación laboral e social por causa sobrevida e allea á vontade da unidade familiar, en particular cando implique carencia de ingresos procedentes de rendas de traballo.

Neste Plan integraranse as axudas a inquilinos dirixidas a persoas afectadas por desafuzamentos da súa vivenda por execucións hipotecarias ou que subscriban contratos de arrendamento en aplicación da dación en pagamento previstas no Real Decreto-lei 6/2012.

No establecemento da contía, así como na definición da axuda, distínguiranse dúas situacións:

- Axudas para unidades familiares ou de convivencia con ingresos de ata 1,5 veces o IPREM ou pertencentes a colectivos que precisen dun maior apoio social.

Concederanse a través dun marco de colaboración institucional cos departamentos sectoriais da administración autonómica (igualdade, servizos sociais...) e con entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro.

A axuda consistirá no financiamento parcial da renda, cun límite máximo por vivenda, a determinar.

-
- Axudas dirixidas a **familias con ingresos entre 1,5 e 2,5 veces o IPREM**. En réxime de concorrencia competitiva sen intervención de entidades colaboradoras.

A axuda consistirá no financiamento parcial da renda, cun límite máximo por vivenda, a determinar segundo os termos que se establezan no Plan estatal de vivenda para o período 2013-2016.

Co obxecto de facer máis accesibles os prezos do aluguer, ademais da axuda económica, **estableceranse límites máximos de renda por metro cadrado útil da vivenda e segundo zona territorial de Galicia**, de forma que o prezo do aluguer do contrato de arrendamento, para que poida ser obxecto de subvención, deberá situarse nos mesmos parámetros que as vivendas de protección autonómica de réxime xeral.

CONTINUACIÓN DO PROGRAMA ALUGA: MANTEMENTO DAS AXUDAS A INQUILINOS CON CONTRATOS DE ARRENDAMENTO FORMALIZADOS AO AMPARO DOS PROGRAMAS DE FOMENTO DO ALUGUER

Propónse manter a vixencia do *Programa Aluga* respecto das vivendas con contrato de arrendamento vixente no momento da implantación do novo Plan de Axudas ao Aluguer, para os efectos de proceder ao [peche paulatino do programa](#), respectando as situacións recoñecidas previamente, sen incorporar novas vivendas nin formalizarse novos contratos ao seu abeiro.

As vivendas causarán baixa no programa no momento da resolución do contrato de arrendamento por calquera causa anterior ou polo cumprimento do prazo de cinco anos de duración.

Da continuidade deste programa beneficiaranse os inquilinos e propietarios das vivendas incorporadas ao *Programa Aluga* con contrato de arrendamento vixente no momento da implantación do novo modelo de medidas de fomento do aluguer.



CONSUMO

O pasado 27 de marzo de 2012 o Parlamento galego aprobou a Lei galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, unha norma que situou a Galicia na vangarda da defensa dos dereitos e intereses económicos do consumidor e permite que os consumidores galegos teñan un elevado nivel de protección.

Esta nova lei supón na práctica que os cidadáns galegos non só coñezan os seus dereitos como consumidores, senón o que é máis importante: que poidan exercelos co conseguinte incremento do benestar de todas as familias galegas.

A política de consumo esixe cada vez máis unha maior implicación dos seus gobernantes para que todos os cidadáns gocen da mesma protección dos seus dereitos como consumidores. Isto esixe contar cunha administración de consumo máis eficaz e áxil para poder dar resposta aos problemas que un mercado global e profundamente cambiante presenta.

En relación coas organizacións de consumidores, o PPdeG recoñécelles o seu gran labor na defensa dos dereitos dos consumidores e garántelles o protagonismo que se merecen. Así mesmo, seguiremos traballando na especialización e profesionalización deste tipo de organizacións.

Por outro lado, a relación das competencias de defensa do consumidor, o funcionamento do mercado e a defensa da competencia deben camiñar da man, de xeito que se fortaleza a eficiencia económica e aumente o benestar dos consumidores e usuarios de bens e servizos.

O Partido Popular de Galicia quere contribuír de maneira activa a **reducir as posibles disfuncións do mercado** e a que **os consumidores galegos poidan aproveitar ao máximo as súas vantaxes e bondades**. Por elo, de cara á vindeira lexislatura plantexa as seguintes actuacións:

(*) Promoverase a **integración dos organismos que exercen as competencias en materia de defensa da competencia e protección do consumidor no Instituto Galego de Competencia e Consumo**.

(*) Potenciarase a **mediación e a arbitraje de consumo** para resolver os conflitos entre consumidores e empresarios

(*) Estableceranse as bases para a **creación da rede de mediación en consumo**

(*) Fomentarase a creación de **delegacións da Xunta Arbitral de Consumo en deputacións e concellos** de certa entidade.

(*) Crearase a **Comisión Galega de Cooperación de Consumo**, como órgano de

coordinación e cooperación entre a administración autonómica e local.

(*) Elaborarase a [Lei de Asociacións de Consumidores de Galicia](#) e levarase a cabo unha [reforma no Consello Galego de Consumidores e Usuarios](#) co fin de asegurar ao máximo a súa independencia e representatividade.

(*) Potenciarase o [Laboratorio de Consumo de Galicia](#) como centro de referencia a nivel nacional e instrumento esencial na detección e erradicación de produtos industriais inseguros para os consumidores no mercado.

(*) Garantirase a plena [implantación da ecoetiqueta](#) en Galicia, de forma que as empresas galegas poidan acreditar ante os consumidores que os seus produtos cumpren con criterios de sustentabilidade ambiental de xeito sinxelo e seguro. Esta certificación contribúe a mellorar a competitividade das nosas empresas e o seu posicionamento nos procesos de contratación pública a nivel galego, español e europeo.

(*) Crearase a [rede de alerta galega de produtos industriais](#) para a detección de produtos non seguros no mercado galego.

(*) Constituirase, en colaboración con hospitais e centros de saúde, un [sistema fiable de recollida de datos de accidentes](#) nos que intervira un produto industrial.

(*) Potenciarase a [Escola Galega de Consumo de Galicia](#) e elaboraranse plans anuais e programas de formación, de maneira especial a través das TIC.

(*) Crearase a [rede de centros de educación para un consumo responsable](#).



EDUCACIÓN

Hai catro anos, o compromiso do Partido Popular de Galicia coa educación foi formar cidadáns conscientes dos seus dereitos e deberes da súa responsabilidade social.

En contraposición cunha xestión do Goberno bipartito caracterizada pola confrontación, desorganización, paralización e mala xestión dos recursos, o Partido Popular de Galicia apostou por unha educación moderna, cun ensino de idiomas público e de calidade, e unha incorporación real das novas tecnoloxías nos centros educativos que prepare aos nosos rapaces para un mundo global.

Ao mesmo tempo, parecíanos imprescindible que Galicia tivese unha educación en liberdade, onde os profesores e as familias foran verdadeiros protagonistas da mellora do sistema educativo baixo un clima de respecto e de convivencia nas aulas.

Loitamos dende o primeiro día cunha das lacras do sistema educativo español: o abandono escolar. Despois de 4 anos de reformas que eran necesarias e novos programas educativos, pasamos dunha taxa dun 26% en 2009 a un 20,8% na actualidade.


A Xunta de Galicia conseguiu que o sistema educativo galego acadase de novo a súa potencialidade como motor da nosa comunidade. Temos un profesorado altamente cualificado e cunha implicación total na aprendizaxe, ao que consideramos como unha necesidade prioritaria darlle esa autoridade e respecto que como profesionais precisaban sabendo que son un exemplo a seguir polo alumnado.

Cunha xestión eficiente dos recursos, temos hoxe unha FP moderna, coordinada, profesional e orientada ao mundo laboral e a situación socioeconómica de Galicia, ao mesmo tempo que unha universidade dinámica, aberta, emprendedora e competitiva.

Dende o Partido Popular de Galicia fíxose un gran esforzo para poder cumprir cos obxectivos e valores marcados, e podemos presumir de que en Galicia temos a día de hoxe unha educación máis moderna, de máis calidade e mellor aproveitada que fai catro anos, defendida dende o primeiro día da lexislatura pola súa capacidade de desenvolvemento económico e social para Galicia. Avalados por diversos estudos recentes, na actualidade temos na nosa terra un dos sistemas educativos máis equitativos, de mellor rendemento e con mellores resultados de España.

Consideramos a educación como un investimento de futuro para Galicia, e Galicia segue precisando un goberno que continúe apostando por un sistema educativo galego de futuro, moderno e de calidade

Para lograrlo, imos incidir nas seguintes liñas de traballo :



INCREMENTAR A AUTONOMÍA DOS CENTROS DOCENTES

O incremento da autonomía dos centros para que as accións de éxito educativo se adapten ao contexto no que se desenvolven vai ser un punto básico no futuro.

- **Contratos-programa:** Esta liña xa se ten iniciado coa convocatoria no curso 2011-12 por primeira vez de contratos-programa que permiten a fixación de accións e indicadores axustados a realidade de cada centro. O propósito é **fortalecer a liña de compromiso do centro cos obxectivos de éxito mediante a sinatura de contratos-programa, pasando do 15% de centros participes actuais alomenos ao 50%.**

INTENSIFICAR O USO EDUCATIVO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN (TIC)

O uso educativo das TIC non depende só do equipamento e do acceso a internet. O uso educativo depende da súa incorporación metodolóxica e de contidos.

Despois do éxito acadado polas diversas accións de introdución e consolidación das TIC no sistema educativo galego, continuaremos cos nosos plans referidos a este obxectivo (Proxecto Abalar, Aulas dixitais, ...) para chegar cada día a máis centros educativos da nosa comunidade.

➤ Proxecto Abalar.

1.- Extensión do proxecto entre o alumnado de 2º ciclo de primaria (agora en 3º ciclo) e 2º ciclo de secundaria (agora en primeiro ciclo), ata chegar ao dobre do alumnado actual. Fomentar o crecemento de contidos dixitais do repositorio Abalar e a súa compartición ata alcanzar en dispoñibilidade para todos os niveis educativos obrigatorios, multiplicando por tres o seu número.

2.- Acreditar alomenos ao 60% do profesorado o seu nivel de competencia dixital xa establecido que lles permita elixir o itinerario formativo axeitado para o seu perfeccionamento.

3.- Posibilitar que alomenos o 30% dos centros Abalar poidan desenvolver ensino con libros dixitais.

MELLORAR A APRENDIZAXE DE LINGUAS ESTRANXEIRAS

➤ Centros Plurilingües:

Fomentaremos a súa extensión progresiva, facilitando a transición de seccións bilingües ata centros plurilingües. O obxectivo é pasar do 15% actual de centros públicos con ensino obrigatorio ata o 50%, con especial atención aos centros rurais.

➤ Seccións bilingües:

Impulsaremos a apertura de seccións dirixidas a aprendizaxe fundamentalmente de segundas linguas estranxeiras distintas do inglés, especialmente en centros rurais. O obxectivo é aumentar un 25% o seu número.

➤ Formación do profesorado:

Intensificaremos os esforzos en formación para que como mínimo o 20% do profesorado teña acadado o nivel B-2 do Marco Europeo de Referencia. Potenciaremos as accións formativas realizadas especificamente nas escolas oficiais de idiomas, ata ofrecer 2.000 prazas anuais e cursos intensivos en Galicia, así como o intercambio con outros países para favorecer a mobilidade de polo menos 500 docentes ao ano.

➤ Formación extraescolar do alumnado:

Potenciaremos a formación en actividades de inmersión ata ofrecer 5.000 prazas anuais, primando a formación intensiva en Galicia con presenza de alumnado doutros países. Potenciaremos as clases de reforzo en inglés nos centros que non dispoñan de sección bilingües ou non sexan plurilingües (sobre todo no rural), de xeito que se beneficie como mínimo ao 50% deste alumnado.

➤ Estender a aprendizaxe de idiomas a todas as comarcas.

Incrementaremos as linguas impartidas nas escolas oficiais de idiomas e mediante novas seccións destas escolar nos institutos de educación secundaria nos que sexa necesario.

➤ Estableceremos unha sistema de formación de idiomas a

distancia para facilitar o acceso ao estudo de linguas estranxeiras de maneira que esta accesibilidade sexa máis doada tanto no medio rural como para as persoas que queiran facelo compatible coa vida laboral.

MELLORAR A FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

➤ Plans de formación en centros

Ademais de favorecer a autonomía dos centros, esta liña iniciada no curso 2012-13 será básica na mellora da formación dos docentes nas liñas estratéxicas do sistema (tecnoloxías da información e a comunicación, idiomas, convivencia e actualización científica). O mellor sistema educativo é o que ten aos mellores profesionais e os forma permanentemente. O noso obxectivo é que **a totalidade dos centros educativos públicos galegos poidan desenvolver plans de formación en centros.**

➤ Formación de equipos directivos

O liderado dos equipos directivos é básico para o éxito do sistema. Proponemos que **o 100% dos equipos directivos reciban anualmente formación** con itinerarios deseñados segundo os seus perfís e experiencia.

➤ Reforzo da formación a distancia:

Por medio do CAFI, deberá reforzarse a formación a distancia e semipresencial. Pretendemos que **o 50% das actividades de formación se certifiquen mediante actividades a distancia.**

➤ Facilitar ferramentas e instrumentos TIC á práctica docente

EQUIDADE DO SISTEMA. MELLORAR A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Fortalecer a integración no sistema do alumnado con necesidades educativas especiais**: de xeito que menos do 0,25% do alumnado se escolarice en centros de educación especial.
- **Programas específicos que axuden a potenciar o talento e o éxito**: Primar programas de reforzo e orientación (mesmo mediante contratos-programa) para lograr que o 10% de alumnado con maior capacidade se sitúe nos niveis superiores de coñecemento e para baixar os niveis de abandono e fracaso ata o 10%.
- Continuaremos desenvolvendo a normativa dentro da **nova Lei de Convivencia e Participación** deseñada e aprobada polo PPdeG opular na anterior lexislatura, coa que por fin rematamos cunha débeda histórica co sistema educativo: **manter un clima de convivencia nas aulas, dignificar ao profesor como profesional e combater o acoso escolar a tódolos niveis, con apoio xurídico.**
- **Potenciar a formación de pais e nais** dentro do sistema educativo mediante a creación dunha “**escola de pais**”.
- **Especial atención á integración de inmigrantes** no sistema educativo mediante plans e actuacións específicos

FOMENTAR A EMPREGABILIDADE DESDE O SISTEMA EDUCATIVO

- **Unificar o sistema de FP galego tomando como referencia a Rede de Centros Integrados de FP**, para ofertar de xeito coordinado Ciclos formativos de grao medio e superior, certificados de profesionalidade, cursos de especialización e programas de cualificación profesional inicial (PCPI), así como daquela formación que se requira polas empresas e traballadores
- **Ampliación da rede de centros integrados de formación profesional**, de tal xeito que cando menos se ofrezca o 50% de toda a oferta de FP.
- Establecer un **sistema de Formación Profesional Dual** para chegar máis a FP á empresa e a mellora da empregabilidade. Estes programas poderán incluír formación profesional de Grao Superior, Grao Medio e programas de cualificación profesional inicial (PCPI).
- **Fomentar o emprendemento desde o sistema educativo**, mediante accións nas diferentes etapas educativas, en colaboración coas empresas e institucións. Establecer unha **rede de viveiros de empresas** en todos os centros integrados de formación profesional e no 50% dos institutos de educación secundaria que impartan FP.
- **Potenciar a orientación educativa e profesional**, de xeito máis eficiente e de acordo ao perfil do alumnado ao que se dirixe.
- **Manter actualizado o catálogo galego de titulacións de FP**, contando con currículos galegos de todos os ciclos formativos e programas de cualificación profesional inicial (PCPI).
- **Establecer o mapa de ensinanzas profesionais**, tendo en conta as necesidades e intereses da sociedade galega:
- **Incrementar a oferta de F.P** en todas as modalidades (incidindo na FP a distancia e de adultos) para atender a demanda crecente na sociedade galega.

-
- **Facilitar o tránsito de alumnado de ciclos superiores á Universidade** mediante convenios coas tres universidades galegas onde a convalidación supoña o máximo número de créditos posibles establecidos na normativa vixente.

CENTROS

- Elaboración e aprobación do **Regulamento Orgánico de Centros** no que se potenciará a autonomía das entidades educativas.
- Promoción dun **novo sistema de selección e formación para o acceso á función pública docente**, de maneira que os mellores profesionais se sintan atraídos polo sistema educativo galego.

NOVA LEXISLACIÓN

- Elaboración dunha **Lei galega da formación e a cualificación permanente**, na que se establecerán os principios e as bases da formación ao longo da vida nas diferentes etapas, niveis, formación profesional, educación formal e non formal, orientación profesional tendo en conta a realidade galega actual.
- **Actualización da Lei de educación e promoción de adultos**, logo de 20 anos de vixencia e co obxectivo de adecuala á realidade actual do ensino galego.

COMEDORES ESCOLARES

- Seguiremos **corrixindo os problemas de xestión** dos comedores escolares herdados do anterior Goberno bipartito, buscando sempre a colaboración coas ANPAS e os concellos.
- O obxectivo será conseguir un **uso eficiente dos recursos económicos e humanos dispoñibles**, de maneira que se poida dar cobertura ao máximo número de alumnado posible sempre que teña necesidade de uso do servizo de comedor.



UNIVERSIDADES

Despois dun período convulso no ámbito universitario no que o anterior Goberno bipartito foi incapaz de facer un plan de financiamento universitario, creándose múltiples conflitos cos equipos reitorais por falta de diálogo, e no que as taxas universitarias subían por riba do IPC, o Goberno do PPdeG situou a política universitaria no cerne da súa acción política porque entendía este ámbito como un mecanismo fundamental para a equidade social e para o desenvolvemento futuro do noso país.

En materia de taxas, logo de que durante o bipartito se subiran por enriba do IPC, a actual Xunta de Galicia conxelounas baixo a premisa de que ningún estudante galego fose excluído por razóns económicas do acceso ao ensino universitario. Ata tal punto que neste momento Galicia é a comunidade autónoma española coas taxas universitarias máis baixas.

A posta en marcha do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de xeito consensuado coas tres universidades galegas deu resposta á necesidade de financiamento do noso ensino universitario. Este plan marcou unha senda de consenso e de responsabilidade mutua que permite blindar os fondos para o ensino universitario galego, ao tempo que establece liñas de acción orientadas a unha maior eficiencia do noso sistema e a priorizar o financiamento polos resultados.

Este plan complementouse coa aprobación tamén de xeito consensuado do Decreto de Universidades orientado á racionalización da oferta educativa, completándose a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Con esta iniciativa, conseguimos evitar a duplicidade da oferta educativa e mellorar a cooperación entre as tres universidades.

A aposta pola calidade ten sido unha constante no traballo desenvolvido polo Goberno do PPdeG, e mostra delo é a prioridade que se lle concedeu á cooperación cos Campus de Excelencia da Saúde e do Mar.

Todo este traballo ten como colofón a elaboración da Lei de Universidades de Galicia, xa aprobada polo Consello da Xunta e que será remitida de inmediato na nova lexislatura ao Parlamento para a súa aprobación, que naceu do consenso coa comunidade universitaria e recibiu a aprobación do Consello de Universidades.

GRAOS UNIVERSITARIOS

- Unificación de graos universitarios que permitan optimizar a oferta educativa universitaria.
- O obxectivo é racionalizar a oferta de títulos universitarios no sistema universitario galego, transformar duplicidades en títulos compartidos e obter sinerxias ao compartir recursos humanos e materiais.

ESPECIALIZACIÓN DE CAMPUS

- Cada campus especializárase nunha ou varias liñas de actividade docente e investigadora que determinarán os futuros graos e másters.
- Mellorarase a competitividade e a internacionalización dos sete campus galegos, potenciando os puntos fortes de cada un.

OFERTA DE TITULACIÓN ON LINE

- Conseguir que as universidades galegas oferten **titulacións de graos virtuais**.
- Potenciará a **colaboración entre universidades** e permitirá competir nun mercado tradicionalmente abandonado polas universidades presenciais.
- Mellora da **igualdade de oportunidades** no acceso aos estudos universitarios, contribúe ao **equilibrio territorial para a formación da poboación galega** e impulsa o emprego das **novas tecnoloxías** no eido universitario.

PROGRAMA DE CAPTACIÓN DE TALENTOS

- Creación dun programa público dirixido pola Xunta para seleccionar persoal investigador de altas capacidades, que se porían a disposición do sistema conxunto universidade-empresa.
- Permitiría seleccionar as áreas e as liñas estratéxicas priorizadas pola Comunidade Autónoma.
- Conseguiríamos reter en Galicia aos investigadores galegos mellor formados, rendibilizar o investimento en I+D universitaria da Xunta de Galicia e atraer investigadores destacados de fóra de Galicia en áreas estratéxicas para o desenvolvemento económico da nosa comunidade.

NOVO PLAN DE FINANCIAMENTO DAS UNIVERSIDADES GALEGAS

- O actual plan extínguese en decembro de 2015 e o seguinte deberá asinarse antes desa data.
- Este novo plan contemplará mecanismos para asegurar a **sustentabilidade económica e social das universidades públicas galegas**, ao tempo que **manterá e ampliará a porcentaxe de financiamento que recibirán as universidades** pola mellora de resultados en docencia, investigación e transferencia de coñecemento á sociedade galega.
- O PPdeG manterá a súa aposta pola **universidade galega como pilar do investimento para a mellora da actividade económica e social** de futuro en Galicia.
- Consolidaremos un **sistema de financiamento que garanta unha achega estrutural ás universidades**, condicionando unha parte ao logro de obxectivos e á rendición de contas á sociedade galega.

ESTRATEGIA GALEGA DE INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA 2013-2017

- Elaboración dun documento director sobre a investigación universitaria no seguinte quinquenio, no que se establezan os retos e obxectivos, e se defina a estratexia e o plan de acción da investigación universitaria en Galicia.
- Fomentaremos a especialización e a internacionalización investigadora mellorando a colaboración interuniversitaria en investigación.



SANIDADE

O sistema sanitario é un dos grandes logros sociais que temos conseguido entre todos. O servizo de saúde é o servizo público máis valorado pola sociedade, polo que o PPdeG continuará traballando para blindalo, facéndoo solvente e viable non só para o presente senón tamén para o futuro.

O sistema é, e debe ser cada vez máis, xerador de valor: porque mantén ás persoas sans, porque permite que vivamos máis anos e en mellores condicións, e tamén porque é unha fonte de emprego cualificado e unha fonte de investigación e innovación das máis potentes.

Pero tamén é certo que o seu custe é considerable: neste momento, a sanidade representa practicamente a metade do gasto da Xunta de Galicia.

Os profesionais sanitarios galegos entenderon que se pode e se debe facer máis con menos. No difícil contexto que vivimos, foron quen de manter e mellorar os servizos que prestan aos cidadáns. Un exemplo evidente é o control do gasto farmacéutico, onde conseguimos situar a Galicia como unha comunidade punteira neste ámbito ao levar adiante esta redución antes e mellor que o resto de España.

Tamén conseguimos mellorar a actividade sanitaria, tanto cirúrxica como de consultas, tanto en atención primaria como nos hospitais. Neste sentido, modificamos a xestión das listas de espera para atender antes aos pacientes que necesitan unha atención máis rápida, deixando á marxe a xestión pola media ou o número e centrándonos en cada un dos pacientes e as súas necesidades.

A Xunta de Galicia afrontou o reto de mellorar a sanidade galega e demostrou que é posible. Fixéronse moitas cousas, pero temos que seguir mellorando tanto na calidade do servizo que reciben os cidadáns como na utilización máis eficiente dos recursos, poñendo sempre ao paciente como centro do sistema.

Neste momento, o Servizo Galego de Saúde é o máis solvente de España gracias ao esforzo de todos (profesionais, pacientes e administración) e ás medidas adoptadas durante os últimos catro anos.

De cara ao futuro, o PPdeG continuará traballando para mellorar as cousas e para isto propónse levar adiante as seguintes medidas:

Lei de Garantías de Prestacións Sanitarias

Este anteproxecto de lei xa está redactado e en condicións de ser aprobado polo Consello da Xunta. Ten como obxectivos principais:

- Outorgar as garantías necesarias aos usuarios do Sistema Público de Saúde de Galicia para o exercicio dos dereitos de atención sanitaria nos prazos establecidos;
- A libre elección de médico de familia, pediatra e de persoal de enfermaría, así como de centro hospitalario;
- A solicitude dunha segunda opinión médica;
- A formulación das instrucións previas e de información dos dereitos, deberes, servizos e programas do Sistema Público de Saúde de Galicia.

No caso da garantía de demoras máximas proponse:

- Ampliar a garantía ás consultas externas e probas diagnósticas e terapéuticas
- Diminuír a demora para a asistencia en intervencións cirúrxicas, pasando de 180 a 60 días naturais en función dos criterios de priorización establecidos.
- Establecer un tempo de demora máximo para as consultas externas e as probas diagnósticas e terapéuticas: 45 días naturais.
- Establecer un procedemento moito máis sinxelo que o existente na actualidade mediante o que o usuario pode facer uso da garantía de demora
- Elevar o rango xerárquico da norma na que se establece a garantía para maior seguridade dos usuarios.

No que se refire á garantía do dereito á libre elección:

- Ampliarase a **liberdade de elección á pediatría e ao persoal de enfermaría**.
- Establecerase o criterio do **exercicio individual do dereito**.
- Ampliarase a **liberdade de elección ao centro hospitalario no momento da derivación ou da petición de interconsulta**

Na **garantía do dereito á segunda opinión médica**, reduciranse **considerablemente os prazos** para a tramitación administrativa da solicitude da segunda opinión.

En relación ao **dereito á manifestación de instrucións previas**, propónse incorporar un **novo procedemento** aos existentes (ante Notario ou ante tres testemuñas), que será o do **outorgamento ante o persoal encargado do Rexistro**. Con esta incorporación facilitarase o exercicio do dereito polos usuarios e establecerase dunha forma similar ás comunidades autónomas que teñen máis desenvolvido este dereito.

Finalmente no que se refire ao **dereito de información sobre dereitos e deberes** establecerase:

- Presentar un **informe anual sobre a aplicación da Lei de Garantías ao Parlamento de Galicia**, previa aprobación polo Consello da Xunta.
- A **garantía de que os pacientes recibirán información personalizada sobre o tempo de resposta**.
- O **registro de pacientes en espera de Galicia con carácter único**.

Xestión Clínica: desenvolvemento normativo

Enténdense como áreas de xestión clínica aquelas estruturas organizativas multidisciplinares que incorporan e implican ao profesional sanitario na xestión eficiente dos recursos utilizados na súa práctica clínica e orientan a actividade ao proceso asistencial como elemento nuclear da atención sanitaria e centran a atención no paciente.

O modelo de xestión clínica que se propón terá como principios máis importantes:

- O deseño e implantación de procesos asistenciais integrados entre niveis e centros sanitarios.
- A constitución de equipos multidisciplinares,
- A introdución de mecanismos de participación dos profesionais
- A formación dos mesmos na utilización de diversas ferramentas de xestión,
- O fomento da xestión responsable e eficiente dos recursos
- A medición e avaliación continua dos resultados obtidos.

Tramitaremos e publicaremos o decreto que permita regular a estrutura, características e funcionamento das áreas de xestión clínica no sistema público de saúde de Galicia, para facer posible o seu desenvolvemento e implantación.

Decreto da OPE dos facultativos de medicina de familia e de persoal de enfermería

É unha clara aposta pola **estabilización dos profesionais**. Unha vez resolto o concurso de traslado, procederemos á Publicación da resolución das convocatorias das OPEs.

Lei para a autorización da Creación da Axencia Galega de Sangue e Tecidos

O PPdeG impulsará a aprobación da lei que autoriza a creación dunha axencia que xestionará o abastecemento de sangue e os seus derivados, a investigación biomédica, a coordinación de transplantes de órganos e o implante de órganos e tecidos.

Os fins que se perseguen coa creación da Axencia Galega de Sangue e Tecidos son:

- Acadar **doazóns voluntarias e altruístas de sangue** para cubrir todas as necesidades do sistema sanitario de Galicia.
- **Procesar todas as unidades de sangue obtidas.**

- Optimizar o autoabastecemento e subministro de compoñentes sanguíneos e medicamentos elaborados con plasma.
- Coordinar a política de doazón e transplante de órganos e tecidos de aplicación en humanos, garantindo os principios de eficiencia, obxectividade, equidade, cooperación e solidariedade; ao tempo que se promove e impulsa a doazón.
- Procesar, conservar e distribuír células e tecidos con fins terapéuticos segundo os máis altos estándares sanitarios.
- Desenvolver, manter, custodiar e analizar os datos dos rexistros de orixe, destino e seguimento dos órganos e tecidos obtidos coa finalidade de transplante, favorecendo a accesibilidade e publicidade dos resultados e garantindo a transparencia.
- Acadar unha organización viable, en rede, das distintas coleccións de tecidos dos hospitais do Servizo Galego de Saúde, asegurando un uso racional, eficaz, legal e ético das mostras de tecidos dispoñibles para a realización de traballos de investigación.
- Obter, preparar e almacenar mostras biolóxicas e datos asociados ás mesmas.
- Facilitar mostras biolóxicas á comunidade investigadora, asegurando un uso racional, eficaz, legal e ético.

Decreto de Estrutura de Xestión Integrada das Unidades Pendentes

Tradicionalmente o sistema sanitario estaba organizado por niveis asistenciais. Para superar esta organización e asegurar unha mellora da calidade é necesario introducir modelos de xestión e fórmulas organizativas cunha visión horizontal e integradora dos procesos asistenciais.

Estas fórmulas deben responder ás necesidades reais dos pacientes e facilitar a autonomía de xestión dos centros sanitarios, así como a implicación dos profesionais na xestión.

A introdución dos sistemas de xestión integrada no Servizo Galego de Saúde ten como obxectivos:

-
- Centrar a atención no paciente coa implicación de todos os profesionais na toma de decisións
 - Garantir a equidade, accesibilidade, continuidade, calidade e seguridade da atención, con priorización segundo os criterios de planificación, gravidade, urxencia e frecuencia establecidos
 - Minimizar a variabilidade clínica e eliminar a duplicidade de procedementos diagnósticos e terapéuticos
 - Garantir a transparencia e a autonomía de decisión dos pacientes establecida na lexislación vixente
 - Orientar a planificación dos procesos arredor dos problemas de saúde, e especialmente os priorizados polas directrices sanitarias da Consellería de Sanidade
 - Utilizar eficientemente todos os recursos mediante a promoción do traballo en equipo e a implicación dos profesionais na xestión

NO ÁMBITO DA ATENCIÓN AO PACIENTE

Plan Galego de Atención a Pacientes con Enfermidades Crónicas

Galicia ven desenvolvendo nos últimos anos un intenso labor no deseño e concreción de estratexias orientadas á atención integral e integrada dos pacientes con enfermidades crónicas dun xeito efectivo e eficiente.

Este conxunto de accións ten sido especialmente salientable en áreas como:

- A promoción da saúde e a prevención dos problemas crónicos de saúde.
- A transformación organizativa, mediante a creación e impulso de estruturas organizativas de xestión integrada, orientadas a garantir a continuidade asistencial interniveis.
- O desenvolvemento da Historia Clínica Electrónica única e compartida.
- O fomento da prescrición electrónica, o que permite a monitorización e a avaliación multidimensional da utilización de medicamentos e produtos sanitarios.
- A posta en marcha dun programa de polimedicados.
- O impulso aos autocoidados, a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns que ten realizado actividades formativas de diversa índole, orientadas todas elas á capacitación dos pacientes no automanexo efectivo da súa enfermidade.
- O estímulo da participación cidadá no deseño e implementación de políticas a través da creación do Consello Asesor de Pacientes
- O desenvolvemento da xestión por procesos, preferentemente nas patoloxías máis prevalentes, incluíndo unha especial atención aos procesos oncolóxicos, así como da xestión de casos.

Estas estratexias teñen colocado a [Galicia nunha posición privilexiada no conxunto do Estado](#), se ben deben ser complementadas con outras iniciativas

como poden ser:

- A estratificación poboacional por risco.
- Actuacións específicas sobre pacientes pluripatolóxicos e fráxiles.
- O fomento da atención non presencial apoiada nas TIC's.
- O impulso ao papel da Atención Primaria como elemento nuclear e vertebrador da asistencia, facendo especial fincapé no papel da Enfermería, no que atinxe fundamentalmente a aspectos relacionados coa promoción da saúde, o fomento do autocoidado e as actividades preventivas.
- A atención sociosanitaria.

Todas estas liñas de acción, presentes e futuras, darán lugar, tal e como se establece na Estratexia SERGAS 2014, a un [Plan Galego de Atención a Pacientes con Enfermidades Crónicas](#), que permitirá orientar a toda a organización, dun xeito explícito, na dirección correcta, ao tempo que permitirá a mellora continua mediante o seguimento e revisión dos indicadores definidos.

Reordenación asistencial

De cara á vindeira lexislatura, o Partido Popular comprométese a:

- Favorecer estratexias dirixidas a [facilitar a resolución dos problemas de saúde no punto máis próximo e accesible ao cidadán](#).
- Avanzar na [xestión integrada](#), especialmente no ámbito da asistencia sanitaria, en base á xestión por procesos e á xestión clínica.
- Reorientar a asistencia sanitaria cara a [xestión efectiva e eficiente das patoloxías crónicas](#) (plan galego de atención a pacientes con enfermidades crónicas).
- Incrementar a capacidade resolutiva da atención primaria [estendendo a accesibilidade a probas diagnósticas](#).
- Continuar avanzando na [xestión de pacientes segundo a súa prioridade clínica](#), facendo especial incidencia naqueles casos con alta sospeita de enfermidade neoplásica.

- Favorecer a posta en marcha de **accións e/ou dispositivos orientados á atención non presencial en todos os ámbitos asistenciais**, que permitan un contacto máis sinxelo e áxil do cidadán cos profesionais sanitarios ou que permita a estes facer un seguimento a distancia daqueles pacientes con patoloxías que así o poidan requirir (telemedicina, telemonitorización, teleasistencia).
- **Fomentar o uso das TIC** para mellorar a comunicación asistencial entre profesionais e os pacientes.
- Fortalecer o **papel da enfermería de atención primaria no seguimento e control dos pacientes con patoloxías crónicas**, promovendo o seu propio autocoidado, e tamén na promoción de estilos de vida saudables entre a poboación.
- Diseñar e implementar **estratexias asistenciais centradas no manexo dos pacientes pluripatolóxicos e de idade avanzada**.
- Integrar a **atención sociosanitaria como un elemento máis dos dispositivos asistenciais** e dentro das estruturas de xestión.
- Consolidar a **mellora da calidade da prescrición e o bo uso do medicamento**, en base a criterios de seguridade, efectividade e custo.

Prevenición do uso do alcohol en menores e doutras drogodependencias

Reforzaremos as **estratexias de intervención para a prevención do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias aditivas**, especialmente na adolescencia, buscando sinerxias con asociacións profesionais, sindicais ou cidadás, especialmente aquelas con maior implicación (hostalaría, venda minorista, produtores, etc).

Fomentarase tamén o **desenvolvemento de espectáculos dirixidos a mozos 'libres de alcohol'**, especialmente cando sexan organizados por entidades públicas.

Recoñeceranse publicamente todas aquelas accións emprendidas por mozos e mozas que sexan mostra do seu compromiso cunha vida libre de alcohol, tabaco e outras drogas.

Plan Galego contra a Obesidade Infantil

A obesidade infantil e xuvenil constitúe xa un importante problema de saúde pública en Galicia e en España. En Galicia, o estudo ALADINO indica que a obesidade é superior ao 23,8% en nenos e ao 12,2% en nenas, e que o exceso de peso (sobrepeso + obesidade) é superior ao 53,5% en nenos e ao 43,8% en nenas de 6 a 10 anos.

Está demostrado que a obesidade é un dos principais determinantes das enfermidades non transmisibles da nosa comunidade, como son distintos tipos de cánceres ou patoloxías isquémicas.

O PPdeG desenvolverá un **plan integral** no que participarán diversos estamentos públicos e privados para intentar, en primeiro lugar, **frear a escalada de incremento de obesidade e sobrepeso na poboación infantil** e en segundo termo reducila. Os efectos só se verán a medio prazo polo que a primeira edición do plan abranguerá o período 2013-2020.

A solución pasa por **promover hábitos de vida saudables**, especialmente fomentando o exercicio físico e unha nutrición equilibrada e saudable entre a poboación infantil e xuvenil. Uns obxectivos xa recollidos no “Plan Galicia Saudable”, aprobado polo Parlamento nesta lexislatura, e no que se encadra este Plan Galego contra a Obesidade Infantil.

A Xunta de Galicia coordinará a **execución deste plan cos concellos e distintas institucións**, que serán os actores destacados por parte da administración, colaborando, xunto con reputados expertos na materia, na elaboración do plan.

Tamén se buscará a **participación do sector privado**, incorporando os clústeres de saúde e alimentación e as principais compañías do sector de alimentación da comunidade galega.

O Plan incluírá actuacións de promoción e difusión dos hábitos de vida saudables a través de diferentes ámbitos, como poden ser o ambiente escolar e familiar ou o sanitario (a través da atención primaria), priorizando o uso das novas tecnoloxías e as redes sociais no espectro xuvenil.

Ademais, será prioritario o **fomento de programas e infraestruturas que faciliten a actividade física**.

Unha das actividades do plan será a **elaboración de enquisas periódicas de prevalencias na poboación infantil e xuvenil** para poder avaliar os resultados

do plan.

O plan incluirá ademais **desenvolvementos normativos** entorno á oferta de **alimentos saudables** para a poboación.

Programa Galego de cribado de cancro de colon

Para avanzar na prevención das enfermidades crónicas e no diagnóstico precoz, poremos en marcha un **programa de detección temperá de cancro de colon**.

Atención na saúde mental

Continuaremos coas liñas iniciadas de **mellora na atención da saúde mental e na loita contra a estigmatización**.

Impulsaremos as **liñas de colaboración coas institucións e asociacións de enfermos e familiares**, para mellorar os autocoidados e a calidade de vida destes pacientes e achegados.

Programa de dispensación de fármacos a residencias

Estenderemos a implantación da **dispensación personalizada dende os servizos de farmacia dos hospitais ás residencias e centros de día**, coa integración dos farmacéuticos de atención primaria neste programa. Continuaremos así, coa política de eficiencia e de boas prácticas de prescrición de medicamentos.

NO ÁMBITO DOS RECURSOS HUMANOS

Plan de Ordenación de Recursos Humanos

Para a consecución da eficacia na prestación da asistencia sanitaria no ámbito do Servizo Galego de Saúde, así como a eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles, é necesario que o organismo estea dotado dun instrumento básico que permita a planificación das necesidades de recursos humanos, a súa dimensión axeitada e a mellor distribución en función das necesidades asistenciais.

De acordo con iso, a orde do 8 de maio de 2012 aprobou o Plan de Ordenación de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, instrumento básico de planificación global, que especifica os obxectivos que se pretenden conseguir en materia de persoal, así como as medidas necesarias para acadar tales obxectivos.

Aprobado e publicado este Plan é necesario proceder ao seu desenvolvemento.

O Plan aprobado remata no 2013, polo que será necesaria a súa prórroga ou a aprobación dun novo plan.

Desenvolvemento de procesos en Recursos Humanos

- Desenvolver **concursos oposicións** para o persoal do Servizo Galego de Saúde.
- Favorecer a **mobilidade do persoal**.
- Renovar anualmente as **listas de contratación temporal**.

Deseño e desenvolvemento do Sistema galego de avaliación da excelencia profesional

Para conseguir profesionais motivados e identificados coas liñas estratéxicas dos servizos de saúde, deseñaremos e desenvolveremos un Sistema de Excelencia profesional, que **valore o mérito, a capacidade e a excelencia**.

Implantación do plan de apoio ás vítimas de violencia no ámbito laboral sanitario

No marco da política de [conseguir un entorno de traballo máis seguro](#) para os traballadores do Servizo Galego de Saúde, estenderemos o plan de apoio ás vítimas de violencia no ámbito laboral sanitario

NO ÁMBITO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS

Expediente-E

Un dos eixes de actuación do Goberno do PPdeG é impulsar a **modernización e a innovación tecnolóxica**, co obxecto de potenciar a mellora da calidade dos servizos ofrecidos aos cidadáns, convertendo a Xunta de Galicia nun **modelo de referencia para o desenvolvemento da Administración electrónica en todos os seus ámbitos**.

Neste contexto de modernización administrativa e de impulso das novas tecnoloxías, a Orde do 8 de maio de 2012 pola que se regula o contido, uso e acceso ao expediente persoal electrónico dos profesionais do sistema público de saúde de Galicia permitiu instaurar un procedemento aberto á súa utilización polos propios profesionais do sistema público de saúde de Galicia, presentes e futuros.

Esta ferramenta integra todos os seus datos curriculares nun contorno electrónico interoperativo e multidisciplinar, flexible, práctico, áxil e actualizable e que evita a tradicional necesidade de repetir a entrega de documentación para todos e cada un dos procesos de selección, provisión e desenvolvemento profesional do persoal do sistema público de saúde de Galicia xestionados polo Servizo Galego de Saúde

Os novos pasos que se afrontarán na vindeira legislatura son os seguintes:

- Sistema para a **captación de novos profesionais**, sobre todo de categorías deficitarias,
- **Dixitalización da documentación a aportar**, estandarización dos currículos en formato europeo para proxectos internacionais de investigación e integración con redes sociais.

Plan Integral de Eficiencia Enerxética (PIEE)

Os hospitais públicos son **grandes consumidores de enerxía** e a maior parte da que consumen procede de combustibles fósiles, un tipo de carburantes que constitúe un luxo cada vez máis difícil de soster e que provoca niveis de contaminación que deben ser reducidos.

Os hospitais van seguir demandando enerxía. Trátase de determinar qué fonte enerxética se debe utilizar para garantir o subministro da forma máis viable, ecolóxica e racional posible.

Utilizando como fonte de enerxía a biomasa forestal (resultante de limpar os bosques da propia Comunidade autónoma), os hospitais galegos poderían **converterse en impulsores dunha nova actividade produtiva revitalizadora da economía no ámbito rural**, ademais de lograr un notable aforro na súa factura enerxética.

A implantación da biomasa como fonte enerxética para os hospitais require de análises individualizadas nas que deben valorarse aspectos como a localización e accesibilidade dos centros, as posibilidades técnicas de aproveitamento dos equipamentos enerxéticos actuais, a coexistencia e compatibilidade con outras fontes de enerxía renovable e a viabilidade económica de cada un dos proxectos.

O compromiso do Partido Popular de Galicia de **impulsar o uso de biomasa forestal como fonte enerxética para os hospitais** é decidido e será fundamental a vontade da Administración Autonómica para apoiar e facilitar o desenvolvemento do proxecto.

Galicia ten a oportunidade de poñer en marcha un **proxecto enerxético innovador, con gran proxección exterior, que pode convertela nun referente a nivel estatal** pola súa capacidade para garantir de xeito eficaz o subministro enerxético a un sector de gran consumo como é o sanitario. Pola súa enorme riqueza forestal, esta comunidade pode actuar incluso como exportador de biomasa a outras áreas do territorio español.

Por iso, o PPdeG levará a cabo o desenvolvemento do **Plan Integral de eficiencia Enerxética nos centros sanitarios de Galicia**.

A estimación do aforro que suporá a implantación desta medida supera os **110 millóns de euros entre 2012 e 2019**.

Proxecto de tratamento integral dos residuos sanitarios

A Xunta de Galicia levou a cabo nos últimos anos unha proba piloto para avaliar unha nova máquina de tratamento integral dos residuos sanitarios, coa que **se conseguiu unha diminución no transporte de residuos, un tratamento máis limpo e respectuoso co medio ambiente e unha valorización do resto**.

Durante a vindeira lexislatura, empregaremos os resultados para elaborar os **futuros pregos de licitación e estender esta medida a outros centros sanitarios**.

Renovación tecnolóxica en Galicia: licitación alta tecnoloxía

Procederáse á publicación dos pregos de licitación da alta tecnoloxía, para poder **dispoñer da tecnoloxía máis avanzada nos centros sanitarios**.

Posta en marcha da rede de laboratorios de Galicia

Preténdese implantar un modelo de funcionamento en rede dos nosos laboratorios, para **optimizar o seu rendemento e mellorar a calidade dos servizos prestados**

Plataforma loxística

Trala licitación e adxudicación da plataforma loxística, a **construción desta infraestrutura rematará a finais do 2012 e empezará a funcionar no 2013**.

O aforro estimado ascende a 20 millóns de euros durante 10 anos.

Central de compras

Unha vez posta en funcionamento a plataforma loxística, iniciarase o proxecto da central de compras.

O obxectivo é **optimizar o consumo dos recursos, o control do gasto e o conseguinte aforro**, mantendo a equidade en tódalas xerencias, mediante a boa xestión económica.

Potenciación das estruturas de investigación

Impulsarase o **traballo en rede de todas as estruturas de investigación do Sistema Sanitario Público de Galicia**.

Desenvolveremos políticas e estratexias de xestión da investigación e innovación, co fin de **estruturar, consolidar e fortalecer con visión de futuro a**

investigación na nosa comunidade no ámbito da saúde.

Xestión do coñecemento: *Bibliosaúde*

Bibliosaude é a biblioteca virtual do Sistema Sanitario Público de Galicia, á que teñen acceso permanente todos os profesionais do sistema sanitario, tanto de hospitais como de centros de saúde, servizos periféricos ou departamentos territoriais provinciais, fundacións públicas e institutos técnicos asociados, así como os profesionais do Sergas xubilados.

Os seus obxectivos son:

- Facilitar, a través do seu portal *BiblioSaúde/Mergullador*, o [acceso aos recursos de información científica en Ciencias da Saúde a todos os profesionais](#) da Consellería de Sanidade e o Sergas.
- Contribuír ao [desenvolvemento da saúde en Galicia](#) por medio da promoción do uso da información científica especializada, actualizada e relevante.
- Difundir o [coñecemento baseado en evidencia que axude á toma de decisións clínicas e apoie o desenvolvemento da investigación científica e a docencia](#).

É necesario continuar desenvolvendo esta ferramenta que ten mostrada a súa importancia tanto dende o punto de vista da extensión do coñecemento a tódolos profesionais do sistema como do que se refire a eficiencia na xestión destes recursos, incrementando os accesos a revistas electrónicas de todas as especialidades, a libros electrónicos e a bases de datos virtuais, así como os servizos complementarios ofrecidos (petición de artigos, catálogo de libros, búsquedas bibliográficas...)

Creación do repositorio do Sistema Sanitario Público

O repositorio do Sistema Sanitario Público de Galicia constituirá un [punto único de información no que se reúna toda a produción clínica, científica, intelectual e docente](#) xerada polos profesionais do sistema sanitario, coa finalidade de garantir o seu acceso, difusión e preservación

Sistemas e tecnoloxías da información

A Administración Sanitaria Galega dispón dun amplo conxunto de infraestruturas de TICs para proporcionar os servizos asociados a Sistemas e Tecnoloxías da Información (TIC) á poboación galega, de case 2,8 millóns de cidadáns, e a máis de 38.000 profesionais sanitarios e non sanitarios distribuídos en 500 centros sanitarios.

A utilización e aproveitamento dos sistemas e tecnoloxías da información para a xestión das organizacións converteuse nun **obxectivo estratéxico necesario e fundamental** nos últimos anos, apoiado polo incremento nas posibilidades derivadas da súa evolución e o abaratamento dos seus custes que fixeron posible a súa introdución de forma masiva na administración e en particular nos centros sanitarios públicos.

Un dos retos das organizacións de saúde é o de dar resposta ás novas necesidades dos diferentes axentes que interveñen no sistema sanitario (pacientes, profesionais e xestores, principalmente), e onde o uso das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (TIC) identifícase como unha das claves para cumprir con estas necesidades.

Estes proxectos estratéxicos teñen un plan de actuación definido: [o Plan Director de Sistemas e Tecnoloxías da Información Sanitarias](#), que establece 9 liñas estratéxicas, 32 obxectivos, 70 accións e 99 indicadores. As nove liñas estratéxicas son:

- Accesibilidade do cidadán ó sistema a través do uso das TIC.
- Proporcionar a todos os profesionais ferramentas que permitan aumentar a eficiencia, a calidade e a capacitación no traballo.
- Adaptar os sistemas de información cara a xestión integral dos problemas de saúde, apoiando a optimización dos fluxos de pacientes, desde a óptica da eficiencia no uso de recursos, e os tempos de resposta no diagnóstico e tratamento.
- Seguridade do paciente.
- Facilitar a obtención e distribución da información dentro da organización sanitaria.
- Modernizar os sistemas de xestión económica e recursos humanos.

- Universalizar o acceso dos profesionais aos servizos TIC.
- Garantir a dispoñibilidade, seguridade e calidade da información sanitaria.
- Mellorar a eficiencia e sustentabilidade do sistema sanitario.

Ademais, debe terse en conta a execución dos proxectos InnovaSaúde/H-2050 e os plans de Innovación Sanitaria (que se executará ata 2015), cofinanciados nun 70% polos Fondos FEDER. Estes plans inclúen un conxunto de 17 subproxectos cun un alto grao de compoñente TIC, mediante os que se materializarán solucións innovadoras baseadas nas tecnoloxías da información e a comunicación que cubriran as necesidades asistenciais actuais e futuras:

- Central de imaxe médica
- Hospital na casa
- Produtos de teleasistencia multiespecialidade
- Fogar dixital asistencial
- Paciente experto 2.0
- Sistema intelixente de alertas multinivel
- Central de simulación médica avanzada
- Sistemas de diagnóstico asistido por ordenador
- Profesional 3.0
- Sistema integrado de información e xestión de datos clínicos e epidemiolóxicos
- Sistema integrado de dixitalización, indexación, custodia e xestión da información clínica
- Urxencias - Sistemas de xestión intelixente
- Trazabilidade integral de doentes e recursos
- Novo HIS 2050. Sistema Integral de Xestión de Pacientes

- Habitación intelixente
- Hospital dixital seguro
- Preservación da Información Clínica

Os beneficios na execución destes plans InnovaSaúde/H2050 no ámbito das TICs poden resumirse en:

- Asistencia sanitaria CENTRADA NO PACIENTE:

O modelo de medicina baseada en pacientes agudos deu paso nas últimas décadas a un modelo de medicina baseada en pacientes crónicos que requiren coidados máis continuados.

Os servizos asistenciais moveranse neste sentido, desenvolvendo **novas ferramentas deslocalizadas** (teleasistencia, telemonitorización, portais web 2.0 para pacientes, etc.) que axuden a evitar os episodios de agudización destas enfermidades. Desta forma **redúcese a necesidade de servizos baseados na hospitalización e ao mesmo tempo auméntase a comunicación e a accesibilidade por parte dos pacientes.**

- Atención sanitaria SEGURA E ÁXIL:

A asistencia sanitaria segura é aquela que aplica novas solucións tecnolóxicas para minimizar ao máximo o erro humano do profesional. Así, **mediante o desenvolvemento de sistemas de información e comunicación intelixente coa integración de novos procesos incrementárase a seguridade do paciente.**

Ao mesmo tempo, preténdese, mediante o desenvolvemento futuro de novos proxectos, deseñar e implantar tamén un **entorno seguro para os profesionais do sector.**

- Atención sanitaria INTELIXENTE:

O modelo convencional precisa **mellorar na súa eficiencia á hora de satisfacer as necesidades dos pacientes nos hospitais e reducir custos na atención sanitaria.** Resulta por iso fundamental un **cambio de estrutura dos servizos asistenciais** que faciliten unha óptima prestación de servizos en canto a calidade, seguridade e produtividade.

Innovación Aberta

Establécese con este proxecto un modelo de innovación aberta entre os diferentes axentes do sector sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia que permitirá transformar os seus coñecementos, capacidades e potencialidades en valor.

Buscaranse de forma sistemática e planificada **solucións innovadoras que respondan aos retos e necesidades presentes e futuras dos sistemas sanitarios.**

Xestionaranse os resultados dos proxectos dende a súa xénese, para asegurar que os seus resultados se implanten, beneficien ao maior número de pacientes e supoñan un aforro de custos.

Sistema Multicanle.

O sistema automático de recoñecemento de voz (IVR) do Servizo Galego de Saúde está a permitir asignar **máis de 19.000 citas de Atención Primaria á semana.** O PPdeG apostou por aproveitar as vantaxes das novas tecnoloxías para estender, uniformar e ampliar o servizo de cita de Atención Primaria a toda a poboación de Galicia; mellorar a eficiencia mediante sistemas que permitan automatizar os procesos de menor valor engadido mantendo a calidade; aproveitar ao máximo os recursos; e deixar aberta a posibilidade de poder xestionar no futuro novos servizos a través deste teléfono.

Este proxecto posibilita ofrecer unha **mellor cobertura aos cidadáns,** ao ampliar o servizo a 24 horas ao día, os sete días da semana a través dun único número: o 902 077 333. Este teléfono **xa é utilizado como número de cita previa polo 52% da poboación** e está conectado en cada provincia a un número de teléfono convencional que permite aproveitar as vantaxes da tarifa que cada cidadán teña contratada coa súa compañía telefónica.

Ademais, os galegos poderán seguir chamando ao seu centro de saúde no horario habitual establecido ou utilizar a páxina web do Sergas (<http://www.sergas.es>) para pedir cita.

Tras máis dun ano de funcionamento, vaise proceder á incluír **novos servizos na petición de cita,** a posibilidade de retrasar ou anular citas nos hospitais, e, no que se refire á atención telefónica por persoal sanitario, habilitarase a posibilidade de realizar consultas relacionadas coa saúde, como as que viñan realizando a través do 061.

Tamén se engadirá a **posibilidade de realizar trámites administrativos** (relacionados coa tarxeta sanitaria, listas de espera...), **servizos de información** (sobre prestacións, dereitos asistenciais, localizacións, horarios...), **consultas ao persoal sanitario** (sobre orientación clínica ao paciente) e **servizos de promoción da saúde** (relacionados coa vacinación, a prevención do tabaquismo, gripe...).

Escola Galega de Saúde para Cidadáns

A Escola Galega de Saúde para Cidadáns concíbese como unha liña estratéxica do Servizo Galego de Saúde e ten como obxectivo constituírse nun **foro de participación de pacientes, cidadáns e profesionais**, no que se xestiona o coñecemento de todos os actores para conseguir mellores niveis de saúde, prevención da enfermidade e participación cidadá nas políticas de saúde.

Conta co potencialidade de todos os profesionais sanitarios para impartir e compartir coñecementos e habilidades. A Escola **identifica necesidades dos pacientes e cidadáns e elabora o calendario anual de actividades**. Conta con pacientes e cidadáns formadores para realizar formación entre iguais e para compartir experiencias. **Utiliza as tecnoloxías da comunicación e información e comunícase a través da súa conta en Twitter**.

Este proxecto iniciouse en novembro de 2009. Nos anos 2010 e 2011 realizáronse 206 actividades formativas, con 591 horas de formación e preto de 5.639 alumnos, pacientes/cidadáns.

No ano 2011, constituíuse o Consello Asesor de Pacientes, integrado por asociacións de pacientes e que funciona como órgano consultivo da Xunta de Galicia e canle para escoitar a voz, para mellorar a calidade e seguridade dos pacientes, incrementar os seus niveis de participación e facerlles chegar a información necesaria para a toma de decisións así como outras informacións do seu interese.

Como accións de futuro propoñemos:

- **Incrementar a formación de pacientes expertos**, introducindo o factor de uso de novas tecnoloxías "Paciente experto 2.0".
- **Poñer en marcha actividades de formación de paciente a paciente en patoloxías crónicas máis prevalentes**, para contribuír a mellorar a atención á cronicidade.

- Incrementar o **uso das novas tecnoloxías**, a través da utilización de podcast.
- Incrementar a **programación de talleres online**.
- Apertura de **blogs** para pacientes e cidadáns.
- Realización de **vídeos e simuladores con contidos prácticos** de uso e manexo de dispositivos sanitarios e aplicacións web de simuladores de xestión de recursos.
- Formar parte da **Rede de Escolas de Cidadáns e Pacientes** do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Facturación a terceiros

No marco das políticas de xestión responsable e eficiente dos recursos, seguiremos apostando pola **detección activa de terceiros obrigados ao pagamento** para incrementar o control do acceso ao sistema público polos diferentes usuarios, co obxecto de detectar as responsabilidades de terceiros obrigados ao pagamento (compañías de seguros, mutuas...), dirixindo ou instrumentando as acción oportunas para detectar estes servizos e proceder a facilitar a súa facturación polo SERGAS.

NO ÁMBITO DAS INFRAESTRUTURAS

Novo Hospital Público de Vigo *Álvaro Cunqueiro*

Finalizaremos as obras do novo Hospital Público de Vigo, que estarán rematadas no último trimestre de 2013.

Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña

Finalizaremos as obras da fase II do Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, que suporán un investimento próximo aos 30 millóns de euros para modernizar o hospital e dispoñer dunha infraestrutura que responda mellor ás necesidades dos pacientes e cidadáns, e sexa un entorno de traballo máis adecuado e seguro.

Novo Hospital Público de Pontevedra

Continuaremos coa tramitación para a licitación do novo Hospital de Pontevedra, que suporá un investimento aproximado de 180 millóns de euros. Durante o primeiro semestre realizaranse os trámites de expropiación e elaborárase o Plan de viabilidade económico-financeira.

Ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. Fase de hospitalización

Licitada xa a fase 2.1 de hospitalización do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, cun investimento de 58 millóns de euros, o PPdeG comprométese a que o Complexo hospitalario de Ourense será un centro sanitario punteiro e innovador.

Ampliación do Hospital do Salnés

Unha vez licitado o anteproxecto e proxecto básico de ampliación do Hospital do Salnés, investiremos máis de 8 millóns de euros en mellorar esta infraestrutura, en canto se poñan a disposición da Xunta de Galicia os terreos necesarios.

Ampliación Hospital de Burela: Plan Funcional e proxecto de execución.

Procederáse á **redefinición do Plan funcional** do Hospital da Costa, para a súa reforma e ampliación e licitación do proxecto de execución da ampliación do Hospital de Burela. A ampliación deste hospital suporá un investimento de máis de 5 millóns de euros.

Proxectos H-2050 e Innovasaúde

No impulso á innovación no sistema sanitario, o PPdeG continuará co desenvolvemento dos proxectos Hospital 2050 e InnoVaSaúde, que supoñen un **investimento de 90 millóns de euros**. Estes proxectos **marcarán un antes e despois na prestación dos servizos de asistencia sanitaria**, e conseguirán acercar a atención aos pacientes a través das novas tecnoloxías.

Posta en funcionamento dos centros de saúde de Serantes e As Somozas

Logo de rematar as obras e dotación do equipamento, poranse en funcionamento os centros de saúde de Serantes e As Somozas. **O investimento superará os 2 millóns de euros**.

Construción de 15 novos centros de saúde

O Goberno do Partido Popular iniciará a construción de 15 novos centros de saúde no primeiro semestre de 2013, cun **investimento aproximado de 33,5 millóns de euros**.



EMIGRACIÓN

POLÍTICAS NA EMIGRACIÓN

(*) O Partido Popular centrará a súa actuación no ámbito da nosa emigración durante a vindeira lexislatura na **aprobación da Lei da Galeguidade**, para posteriormente proceder ao seu desenvolvemento regulamentario e aplicación nas comunidades e entidades galegas do exterior.

En concreto, está previsto o desenvolvemento dos decretos reguladores do Consello de Comunidades Galegas, da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas e do Rexistro da Galeguidade.

(*) A **promoción dos procesos de unión ou fusión** entre comunidades e entidades galegas será un eixo esencial de acción do goberno. Queremos **entidades unidas que fortalezan a galeguidade**, especialicen as súas accións, melloren a eficiencia económica da galeguidade, non dispersen os investimentos públicos a favor dos galegos residentes no exterior e axuden a mellorar o posicionamento da “marca Galicia” nos seus países de acollida.

Entre as medidas que nos propoñemos poñer en marcha na vindeira lexislatura figuran as seguintes:

- **Plan de comunicación orientado ás comunidades galegas e a sociedade galega residente nos países e comunidades autónomas** obxectivo desta política de promoción: Arxentina, Uruguai, Cuba, Suíza, Cataluña e Madrid.
- **Incentivar estes procesos a través das ordes de axuda e subvención.** Orientar o noso gasto medindo o **retorno efectivo das accións subvencionadas** nas comunidades galegas e apostando por aquelas **accións con maior impacto** sobre os galegos residentes nas sociedades de acollida das entidades solicitantes.
- O Partido Popular avoga polo mantemento das **políticas socioasistenciais** cara aos galegos residentes no exterior en situación de dificultade, con especial atención aos nosos maiores. Así mesmo, traballarase na **mellora da rede de atención socioasistencial** das propias comunidades galegas, optimizando a súa capacidade de sostibilidade económica, axudando na mellora dos seus procesos de

xestión que garantan o seu mantemento e orientándoas para a obtención de recursos externos á administración pública.

- Facer que os **programas de axuda socioasistencial**, tantos os de carácter individual como os orientados cara a entidades galegas ou españolas prestadoras destes servizos aos nosos paisanos **teñan carácter prioritario** na próxima lexislatura.
- **Plan interdepartamental para a mellora das entidades galegas no exterior** prestadoras de servizos socioasistenciais, baseado en:
 - i. Sostibilidade.
 - ii. Mellora da eficiencia na xestión.
 - iii. Xeración dunha rede de coñecemento entre as entidades galegas que traballan neste eido.
 - iv. Implicación das comunidades galegas no sostemento destas entidades.
- **Ampliar o número de entidades galegas** con convenio subscrito para xestionar a **Tarxeta “Galicia Saúde Exterior”**.
- Outra das accións dirixirase á **mellora das capacidades dos órganos asesores e consultivos das comunidades galegas** (Consello de Comunidades galegas e Comisión Delegada deste Consello), para dotalos de maior eficacia á hora de comunicar as accións cara á galegidade, mellorar a comunicación entre as entidades galegas e promover accións das comunidades galegas orientadas a mellorar o posicionamento exterior dos intereses de Galicia.
- O PPdeG procurará a apertura efectiva da galegidade á **participación da muller e da xuventude**, a través das seguintes medidas:
 - Realización de **Congresos de Xuventude en América e Europa**.
 - Promover a **integración efectiva dos mozos e mozas galegos nas entidades** a través da promoción de actividades orientadas e desenvolvidas pola xuventude.
 - Realización do **primeiro congreso da muller galega no exterior en América e Europa**.
 - Unha política activa para a integración efectiva da muller nos cargos de responsabilidade das entidades galegas co obxectivo de chegar a un 40% de mulleres ocupando postos directivos nas

entidades galegas para o ano 2016.

- Outro dos eixos de actuación será a elaboración **dun Plan de protección do patrimonio cultural galego no exterior**, xunto coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Consello da Cultura Galega. A través desta iniciativa, desenvolverase un proceso de catalogación, valoración e protección do patrimonio cultural, histórico e documental da emigración e das comunidades galegas no exterior.

Ademais, elaborárase un **decreto regulador da Lei da Galegitude** que obrigue ás comunidades galegas a sinalar nos seus estatutos a **cesión do seu patrimonio –ao menos o cultural– ao pobo de Galicia no caso da súa disolución.**

- **Xerar un “lobby” de galegos no exterior** que, en coordinación co Goberno galego e as administracións da nosa Comunidade, poida reforzar o noso posicionamento no exterior, axudar á internacionalización e proxección exterior da nosa economía e fixar unha “marca Galicia” no exterior.
 - Como complemento ás accións internacionalizadoras da Xunta de Galicia, promoverase a **xeración dunha rede de galegos no exterior con especiais contactos no mundo empresarial, político e social dos seus países de acollida.**
 - Esta rede **aportará coñecemento, experiencia e contactos ás iniciativas económicas, empresariais e políticas de Galicia.** Servirá de antena complementaria a posibilidades de negocio e captación de capitais no exterior e como recurso para posicionar a nosa Comunidade e as súas capacidades produtivas e de negocio no exterior.
- Seguir defendendo a **participación efectiva dos galegos residentes no exterior nos procesos electorais celebrados na nosa Comunidade** –agás nas eleccións locais– nas mesmas condicións que os galegos que residen dentro da nosa Comunidade.
 - Instar ao Goberno de España a promover no Parlamento español a **reforma da LOREG**, igualando a metodoloxía do voto nas mesmas condicións e coas mesmas garantías que para os electores censados dentro das fronteiras do Estado español.

- Solicitar a **depuración e actualización dos datos do Censo Electoral de Residentes Ausentes (CERA)**.
- **Solicitar ao Goberno de España que as Comunidades Autónomas dispoñan do Padrón de Españóis Residentes no Estranxeiro (PERE)** como forma eficaz de coñecer e traballar a favor dos galegos residentes no exterior.
- Extensión do uso das **tecnoloxías da información e comunicación (Tic's)** como ferramenta para mellorar a eficiencia e eficacia do traballo a favor dos galegos no exterior.
 - Desenvolver coa Secretaría Xeral de Modernización Tecnolóxica un **plan de tramitación telemática coa Galicia do Exterior** que facilite os procedementos administrativos cos nosos cidadáns do exterior e coas Comunidades Galegas.
 - **Utilizar os recursos tecnolóxicos** (de xeito esencial o portal Galiciaaberta.com) para **prestar servizos de carácter cultural e formativo** que, ata agora, se prestaban presencialmente (cursos de lingua, historia e cultura galega, biblioteca e-galegidade, etc...). Estas políticas suporán un aforro importante para a Administración galega.

POLÍTICAS DE RETORNO

Galicia xa ten un anteproxecto de Lei do retorno que define e regula a condición de galego retornado. O Goberno de España está a preparar unha normativa de rango estatal nesta materia.

O retorno leva consigo accións interdepartamentais por parte da Administración galega, **fomentarase un enfoque multidisciplinar e coordinado dos departamentos competentes en desenvolver accións a favor dos retornados.**

De cara á vindeira lexislatura, o PPdeG comprométese a:

- **Mantemento da convocatoria a emigrantes galegos retornados e os seus familiares**, potenciando a cobertura dos custos de viaxe derivados do retorno e reforzando a cobertura aos galegos/as retornados/as da terceira idade.
- **Potenciación do Plan de Formación no exterior en colaboración cos centros**, tendente a facilitar información de utilidade cara ao retorno tanto definitivo como temporal, utilizando a información facilitada polos distintos departamentos da Xunta de Galicia.
- **Adaptación da normativa estatal** de definición e regulación da figura do español retornado, aos cidadáns galegos.
- **Colaboración cos distintos departamentos da Xunta de Galicia** cara á inclusión nos distintos Plans de cada un deles, de medidas específicas destinadas aos cidadáns galegos retornados.

POLÍTICAS DE INMIGRACIÓN

A inmigración non ten en Galicia un impacto social semellante ao que sofren outras comunidades autónomas españolas. En Galicia, a maior parte dos inmigrantes son cidadáns de países da Unión Europea. A inmigración “irregular” tampouco alcanza os niveis da maioría da CC.AA. do Estado español.

As accións en materia de inmigración céntranse na **acollida, integración e formación laboral das persoas inmigrantes que o precisen**. En concreto, podemos citar as seguintes:

- **Mantemento e reforzamento da colaboración con entidades e institucións vinculadas co eido da inmigración**, tendente a elaborar o Plan de Formación cada ano.
- **Mantemento da acción laboral**, co obxectivo de incentivar o desenvolvemento de acción de formación laboral que contribúan a incrementar a participación das persoas inmigrantes e retornadas no mundo laboral.
- **Colaboración cos concellos galegos** para dar cumprimento ao Regulamento estatal e axilizar a **emisión dos informes de arraigo, vivenda e esforzo de integración** previstos na devandita norma.
- **Organización de accións formativas referidas ao programa de integración** previsto na normativa estatal, ao tempo que se acade unha sistematización dos contidos do devandito programa e eliminar disfuncións entre unhas organizacións e outras.
- **Garantía de atención sanitaria completa para os inmigrantes residentes en Galicia**, a través do programa galego de protección social da saúde pública recentemente implantado pola Xunta de Galicia.



DEPORTE

Continuando co labor realizado nestes anos polo Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, a política deportiva autonómica da próxima lexislatura deberá orientarse cara **o pleno aproveitamento de todas e cada unha das distintas potencialidades e funcionalidades do deporte**.

O deporte é moito máis que competición: o deporte é **saúde e calidade de vida**, é ferramenta de **cohesión social e de educación**, é peza importante da **economía**. O deporte, en definitiva, é un fenómeno social de primeira orde que pode e debe incidir en todas e cada unha das facetas da sociedade que se ven afectadas por el.

A realización desta política deportiva integradora de todas as funcionalidades do deporte xa se ven abordando nestes anos de goberno do PPdeG, conxugándose co fomento e a protección da máis tradicional das concepcións do feito deportivo, o **deporte de competición**, e tanto no ámbito da base como da alta competición, pivotado en ambos casos no traballo de deportistas, clubs e federacións de Galicia.

En definitiva, esta é a liña de actuación que se pretende seguir acometendo nos próximos anos e que, por tanto, terá como orientación estratéxica á realización dunha **política deportiva global, integradora do conxunto das funcionalidades e aproveitamentos do feito deportivo**:

➤ O deporte como ferramenta de **saúde e de calidade de vida**:

As evidencias científicas e os organismos e institucións nacionais e supranacionais (Organización Mundial da Saúde ou a Unión Europea) teñen constatado a estreita relación entre a actividade física e o deporte, e a saúde e a calidade de vida da cidadanía.

Os estudos conclúen que a inactividade física debe ser tratada xa como unha pandemia mundial, dado que provoca 5,3 millóns de mortes ao ano en todo o mundo (tantas como o tabaco), incidindo directamente nunha décima parte das mortes por enfermidades cardiovasculares, diabetes ou cancro.

Este escenario amosa, consecuentemente, unha segunda relación directa: a repercusión das consecuencias da inactividade física nos sistemas públicos de saúde e no gasto farmacéutico dos mesmos.

➤ O deporte como ferramenta de **cohesión social e de educación**:

O deporte é un espazo para a convivencia baseado en valores sociais, educativos e culturais esenciais. O deporte configúrase así como

un factor de inserción, de participación na sociedade, de tolerancia e de aceptación das diferenzas e de respecto ás normas.

Dende unha vertente individual, o deporte representa os valores do esforzo; a superación; a colaboración e o traballo en equipo; e o respecto ó contrario, mellorando, no ámbito escolar, o rendemento académico ao mellorar as capacidades de atención e concentración.

➤ O deporte como **xerador de riqueza:**

Segundo datos das Institucións comunitarias, o deporte representa directa ou indirectamente na Unión Europea uns 15 millóns de postos de traballo (5,4% da poboación activa), así como un valor engadido anual superior aos 400.000 millóns de euros (3,65 % do PIB europeo): o deporte contribúe desta forma á realización dos obxectivos da Estratexia Europa 2020.

Pero é que, ademais, son claras e constatadas as evidencias entre a íntima conexión entre actividade física e mellora da produtividade e diminución do absentismo nas empresas.

➤ O **deporte de competición:**

Tanto no ámbito da base como no concernente á alta competición, o deporte é un elemento clave no patrimonio e na cultura de Galicia.

Os nosos deportistas, clubs e federacións, principais fazedores deste patrimonio, así como as infraestruturas deportivas, continuarán a ser destinatarios preferentes na liña de actuación de fomento e protección da actividade deportiva.

Con esta orientación estratéxica global, **Galicia segue a senda marcada en Europa**, onde o deporte se ten convertido, trala entrada en vigor do Tratado de Lisboa, nun ámbito de competencia da Unión abordado dende unha perspectiva marcadamente integradora de todas as funcionalidades do deporte.

De cara á vindeira lexislatura, o Partido Popular de Galicia propónse abordar as seguintes medidas concretas:

➤ No ámbito da **saúde e da calidade de vida**

-
- Estenderemos o **Plan galego para o fomento da actividade física, Galicia Saudable**.

O Plan galego para o fomento da actividade física, *Galicia Saudable*, é un programa de actuación xurdido na pasada lexislatura co obxecto de **aproveitar a vertente da actividade física como ferramenta de saúde pública**.

Dende unha perspectiva interdepartamental (deportes, sanidade, educación, mobilidade, ...) e apoiada polo traballo da comunidade científica, colexial e académica, así como polas administracións públicas (especialmente os concellos) e privadas (empresas e asociacións), a Xunta de Galicia ofrece distintas ferramentas encamiñadas á xeneralización da actividade física entre todos os galegos con independencia, e complementando, do labor dos tradicionais axentes deportivos, cuxa actividade se circunscribe principalmente á tradicional faceta do deporte de competición.

Entre estas ferramentas de *Galicia Saudable* están a Rede de Actores do Plan (institucións e entidades comprometidas co Plan que estenden a súa mensaxe no seu ámbito de influencia), as unidades de promoción do exercicio (UPEs) situadas nos concellos ou as ferramentas informáticas (webs e aplicacións), entre outras.

➤ No ámbito da **cohesión social e da educación**:

- Deporte para **persoas con discapacidade**. Como elemento clave para a integración de todos os deportistas, impulsárase a creación dunha **única federación galega polideportiva para deporte adaptado**, que terá como principal obxectivo que os deportistas con algunha discapacidade desenvolvan a súa actividade deportiva nas federacións propias de cada deporte.
- Seguirase apostando polo **deporte feminino**, tanto no ámbito da competición como no da mera práctica de actividade física, con especial impulso das actividades máis demandadas.
- No **ámbito escolar**, seguiremos apostando pola promoción da actividade física entre os nosos escolares, así como polo aproveitamento por estes e a promoción nas escolas dos valores educativos do deporte, todo isto a través do noso programa **XOGADE**. En atención a este dobre obxectivo, XOGADE conxuga

diversas actividades que van dende a puramente competitiva, á lúdica ou á educativa, entre outras.

➤ No ámbito da **xeración de riqueza**:

- **Clúster do deporte galego**: impulsaremos o clúster do deporte de Galicia, que liderará o aproveitamento da funcionalidade do deporte como sector con peso específico na economía galega.

A Xunta de Galicia apoiará á asociación de empresas do deporte, e doutros sectores industriais e de negocio ligados a este ámbito, que veña a unir os intereses e as perspectivas da industria galega do deporte, co obxectivo de dinamizala e de posicionalala nos contextos nacional e internacional a través da innovación.

Ao mesmo tempo, contribuirase á visión europea de converter a economía, tamén a través do deporte, nunha economía do coñecemento máis competitiva e dinámica, capaz dun crecemento económico duradeiro e pivotado sobre a mellora do emprego e dunha maior cohesión social.

Neste clúster, serán sectores esenciais os ligados ós deportes náuticos (estratéxicos para Galicia), o do medio ambiente e o turismo, entre outros.

- **Deporte e Turismo**: en atención ás claras sinerxias existentes, desenvolveremos o **Plan Estratégico do Deporte e o Turismo de Galicia**, no obxectivo de incrementar a presenza de turistas que participen nas competicións deportivas organizadas en Galicia e, tamén, a dos turistas que escollan Galicia como destino ligado á práctica dunha actividade física ou deportiva.

➤ O **deporte de competición**

- Continuaremos coa **protección e fomento da actividade deportiva**, que xirará en torno a dous eixes principais:
 - 1.- O apoio aos **axentes deportivos**: Axudas a clubs (tanto no ámbito da base, como no relativo ó alto nivel de competición, a través de liñas de actuación ben diferenciadas), axudas ás federacións deportivas (a través dos convenios anuais onde se asenten as bases da mutua colaboración) e as axudas aos

deportistas de alto nivel de Galicia (axudas anuais, con especial atención aos ciclos olímpicos) serán as principais liñas que sustenten a actividade deportiva de Galicia nos próximos anos.

2.- **Protección da saúde do deportista:** asentada na entrada en vigor da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, procederase ó **desenvolvemento da política de protección da saúde do deportista a través da loita contra a dopaxe** no ámbito da actividade deportiva competitiva galega.

- **Infraestruturas:** as principais actuacións xirarán en torno a:

1.- Centros de tecnificación: Galicia conta con catro destes centros: o Centro de tecnificación deportiva en Pontevedra, o Centro de vela en Vilagarcía, o Centro de piragüismo en Berducido e o Centro de bádminton en A Estrada.

Continuarase coa **optimización dos centros, en consonancia coas modalidades deportivas estratéxicas marcadas pola política deportiva autonómica**, e sempre en colaboración coas respectivas federacións deportivas.

Asemade, desenvolverase un **Plan director para que o Centro de tecnificación deportiva en Pontevedra se converta no Centro de excelencia deportiva de Galicia.**

2.- **Instalacións non convencionais:** Galicia conta xa cunha axeitada dotación das tradicionais infraestruturas deportivas (campos de fútbol, pavillóns polideportivos e piscinas). Sen abandonar estes tradicionais espazos, e na liña da promoción da actividade física entre tódolos galegos, **continuarase na política iniciada esta lexislatura de abrir novas ubicacións onde, con independencia de concretas condicións dos usuarios, se poida practicar actividade física en clave de saúde.**

- **Desenvolvemento normativo:** logo da publicación da nova Lei do deporte de Galicia, Lei 3/2012 de 2 de abril, compre agora proceder ó concreto **desenvolvemento normativo dos aspectos da práctica competitiva do deporte galego**, ao fin de dotar a este de plena seguridade xurídica.
- No tocante á **formación deportiva**, **actualizaremos os títulos expedidos** en cursos anteriores ás formacións deportivas oficiais

actuais e realizaranse actividades e xornadas de formación avanzada cos mellores adestradores de Galicia.

- Asemade, e no campo da **regulación profesional**, implementaránse as medidas necesarias para que a realización dos servizos deportivos sexan asumidos por profesionais coas correspondentes titulacións.



IGUALDADE

Mulleres e homes deben ter as mesmas oportunidades de desenvolvemento do seu proxecto vital. Polo tanto, é necesario seguir removendo os obstáculos que impiden a plena compatibilización entre a vida laboral, persoal e familiar, encamiñándonos decididamente a unha racionalización dos horarios.

O compromiso do Partido Popular de Galicia coa sociedade pasa por favorecer a liberdade de elección de homes e mulleres no momento de xestionar as súas responsabilidades, porque son as familias, as persoas, as que deben decidir cómo organizar o seu tempo. Tendo en conta que son as administracións públicas as que deben poñer a disposición da cidadanía os recursos e servizos necesarios que faciliten esa libre elección.

A violencia de xénero é unha auténtica lacra social, continuaremos loitando de forma efectiva e sen descanso na súa erradicación, optimizando recursos e mellorando a coordinación de tódalas institucións implicadas.

Entre as medidas que abordaremos durante a vindeira lexislatura figuran as seguintes:

CAMBIO DE VALORES E MODELOS PARA A IGUALDADE

O obxectivo é remover os valores, actitudes e estereotipos que sustentan un clima social tolerante coa desigualdade entre mulleres e homes, así como con calquera acción ou inacción que teña como consecuencia un acto discriminatorio ou violento por razón de sexo, afianzando a toma de conciencia da sociedade sobre a necesidade de traballar na consolidación dun modelo social máis equitativo en xénero.

- Promover a **sensibilización a favor da igualdade efectiva** entre mulleres e homes en todos os ámbitos da vida persoal, social, laboral e familiar.
 - 1.- Realización de accións de sensibilización dirixidas a **promover a igualdade de xénero no ámbito familiar** e a participación de nais, pais, avós e avoas na difusión de valores libres de estereotipos sexistas.
 - 2.- Promoción da **concienciación e sensibilización a favor da igualdade efectiva** entre a mocidade no ámbito persoal, social e familiar.
 - 3.- Incorporación dunha **acción formativa específica sobre a igualdade de xénero no programa anual de formación do voluntariado**.
 - 4.- Reflexión e análise dos procesos que sustentan a **actividade de consumo** desde unha perspectiva de xénero como estímulo á mellora das actitudes de respecto aos dereitos das persoas.
 - 5.- Apoio á **realización de actividades de coeducación dende as entidades locais** dirixidas á poboación infantil e xuvenil.
 - 6.- Inclusión de contidos sobre igualdade entre mulleres e homes no marco das **accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas**.
 - 7.- Impulso á **realización e difusión de estudos e investigacións sobre cuestións de xénero e/ou que integren a perspectiva de xénero**.
 - 8.- Promoción e publicación preferente de **investigacións e estudos sobre os obstáculos que dificultan unha igualdade de xénero efectiva e real** entre mulleres e homes e as mellores medidas para resolvelo.

9.- Aumento da visibilidade dos fondos documentais e bibliográficos relacionados coas cuestións de xénero na Biblioteca e Arquivo de Galicia.

10.- Inclusión de contidos dirixidos a concienciar e promover a igualdade de xénero na formación desenvolvida para as galegas e os galegos residentes no exterior.

- Reforzar a **igualdade de xénero no ámbito da educación non universitaria e no desenvolvemento da orientación académica e profesional do alumnado.**

1. Formación do profesorado sobre a igualdade entre mulleres e homes como valor básico para a vida e a convivencia.

2. Realización de accións de formación e capacitación do profesorado de niveis non universitarios en xénero e igualdade nas que se aborde a coeducación dun xeito integral para a súa introdución no labor docente.

3. Lanzamento dunha liña de asesoramento online en materia de igualdade e coeducación.

4. Fomento e traballo en valores, actitudes e estereotipos que favorezan a igualdade de xénero nos centros de ensino non universitario mediante os Plans de Acción Titorial.

5. Desenvolvemento de accións de sensibilización e orientación dentro dos Plans de Orientación Académica e Profesional para promover actitudes e valores favorables á diversificación académica e profesional que non limiten o acceso aos estudos universitarios, nin ao mercado laboral por razón de xénero.

6. Impulso da coeducación e a igualdade de oportunidades entre nenos e nenas no desenvolvemento de programas de actividades físicas e deportivas dirixido á poboación escolar.

7. Introducción da igualdade de xénero como contido transversal a desenvolver nas escolas infantís a través de todo tipo de documentación que facilite e mellore o traballo que xa se ven realizando.

- Velar por unha **imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes nos medios de comunicación e na publicidade.**

1. Promoción de acordos cos principais medios de comunicación de ámbito galego para **garantir a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada** de mulleres e homes no tratamento das noticias e na publicidade.
2. Elaboración de ferramentas e asesoramento para **fomentar a eliminación do sexismo nas mensaxes publicitarias.**
3. Desenvolvemento de accións de formación para redactores/as, locutores/as e presentadores/as sobre o uso dunha comunicación inclusiva.
4. Estímulo da reflexión sobre a publicidade desde unha perspectiva de xénero e **creación dun espírito crítico en relación cos estereotipos sexistas** que se seguen a utilizar neste medio a través dos obradoiros de Linguaxe Publicitaria.

- Potenciar a **conciencia de xénero, a autonomía persoal das mulleres e a adopción de prácticas habituais de autocoidado.**

1. Desenvolvemento dun programa de actividades para **promover a autonomía persoal, a toma de conciencia de xénero e unha maior calidade de vida nas mulleres** coa colaboración do tecido asociativo.
2. Construción de redes para **potenciar a participación das mulleres na práctica da actividade física e no deporte.**
- 3.- Realización de accións de orientación e formación que contribúan á **mellora do coidado da saúde das mulleres.**
4. Elaboración de **materiais divulgativos en relación cos aspectos específicos da saúde das mulleres.**

APROVEITAMENTO DO TALENTO FEMININO

O PPdeG propónse potenciar unha participación máis ampla e diversa das mulleres no desenvolvemento económico e social de Galicia, aproveitando o talento, a experiencia e a visión deste valioso capital humano para aumentar as bases dun tecido produtivo máis innovador e competitivo e cada vez máis internacionalizado; fomentando ao mesmo tempo unha organización empresarial máis comprometida coa igualdade de xénero.

- Reforzar as **competencias das mulleres en relación cos requirimentos do mercado laboral e profesional** ao longo da vida activa no traballo.

1. Impulso ao desenvolvemento da **marca persoal como ferramenta para transmitir as competencias e os valores das mulleres no mercado de traballo e/ou na actividade empresarial.**
2. Creación dunha **comunidade virtual para mulleres profesionais e empresarias** dirixida a orientar e asesorar nos ámbitos relacionados coa mellora da competitividade.
3. Desenvolvemento dun **espazo anual de encontro de mulleres empresarias e profesionais**, aberto aos homes, para o recoñecemento mutuo dunha relación baseada na suma de capacidades en igualdade.
4. Creación dun **premio que estimule o desenvolvemento de ideas innovadoras e creativas** entre as alumnas de formación profesional.
5. Desenvolvemento dunha iniciativa orientada á **mellora da empregabilidade e á promoción das mulleres profesionais galegas**, potenciando o liderado feminino.
6. Celebración de **xornadas dirixidas a analizar a situación das mulleres nas empresas TIC** e propoñer solucións para as barreiras que dificultan a súa presenza en profesións relacionadas coas novas tecnoloxías

- Promover o **espírito emprendedor e a actividade empresarial das**

mulleres, cunha especial atención aos sectores vinculados á tecnoloxía, o coñecemento e a creatividade.

1. Estímulo da posta en marcha de iniciativas empresariais de mulleres e da creación de emprego feminino vinculado aos novos proxectos de empresa.
 2. Creación dun incentivo ao traballo cooperativo ou asociado entre as mulleres emprendedoras como estratexia para mellorar o acceso ao mercado de traballo nun contexto económico globalizado.
 3. Apoio á introdución de melloras innovadoras e creativas nos proxectos de desenvolvemento empresarial liderados por mulleres.
 4. Acompañamento en proxectos de renovación e relanzamento empresarial liderados por mulleres que estean orientados ao mantemento e promoción da competitividade.
 5. Promoción do asociacionismo e cooperativismo entre as mulleres emprendedoras mediante accións de sensibilización e a visibilidade de casos de éxito.
 6. Continuidade das medidas de fomento do emprendemento e do autoemprego entre as mulleres.
 7. Acreditación da implantación de plans de igualdade nas empresas para a verificación da idoneidade e da realización das actuacións previstas.
 8. Elaboración dunha guía de boas prácticas en materia de igualdade de trato e oportunidades para a negociación colectiva.
- Impulsar dexeito prioritario a **incorporación das mulleres nos ámbitos académico, científico, tecnolóxico, creativo e deportivo**, así como ás profesións nas que teñen unha menor presenza.

CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE E CALIDADE DE VIDA

O PPdeG comprométese a reforzar unha **asunción equilibrada** entre mulleres e homes dos tempos dedicados ás tarefas domésticas e familiares e dos tempos dedicados ao traballo remunerado e a formación, así como ao ocio e á vida social, de xeito que se reduza a fenda de xénero e se avance nun modelo de organización social que facilite unha boa calidade de vida para todas as persoas e unha maior produtividade e satisfacción respecto ao traballo.

- Poñer en valor as **tarefas doméstico-familiares e de coidado das persoas no marco dunha nova cultura dos traballos e da corresponsabilidade**.

1. Desenvolvemento de iniciativas de concienciación cidadá para visibilizar os **beneficios da convivencia familiar en igualdade e do reparto equitativo das tarefas domésticas e de coidado**.

2. Realización de accións de sensibilización dirixidas a **promover a corresponsabilidade dos homes no fogar**.

3. Lanzamento dun **programa integral de actividades para a posta en valor das tarefas doméstico-familiares** e para a promoción da autonomía persoal e da corresponsabilidade no ámbito privado.

4. Posta en marcha de **talleres de formación orientados a facilitar o desempeño do rol de pai coidador** que demandan os cambios sociais e culturais.


- Reforzar os **modelos de organización social corresponsable** que inclúan á racionalización de horarios e favorezan o equilibrio entre a vida profesional, familiar e persoal de mulleres e homes.

1. Recompilación e difusión de estudos, materiais ou boas prácticas para o **favorecemento da conciliación corresponsable no marco das relacións laborais**.

2. Organización de **actividades de sensibilización dirixidas ao empresariado** que visualicen o impacto dun contorno organizacional flexible en termos de produtividade e competitividade.

3. Elaboración e divulgación dun **acordo de conciliación tipo dirixido a microempresas e pequenas empresas** que recolla sistemas flexibles de organización de tempos e espazos adecuados ás súas dimensións e características.
 4. Recoñecemento das empresas que destaquen por boas prácticas na conciliación e na corresponsabilidade entre o seu persoal a través do *Premio Empresa a favor da Familia*.
 5. **Apoio á conciliación do exercicio profesional das mulleres emprendedoras e empresarias** coa vida persoal e familiar.
 6. Concesión de axudas económicas para **favorecer os permisos e medidas de conciliación que fomenten a corresponsabilidade por parte dos homes**.
 7. Estímulo á realización de **programas e medidas de conciliación desde as entidades locais**.
- Potenciar o **desenvolvemento e adecuación dos servizos sociocomunitarios que facilitan a conciliación** con especial atención ás situacións de vulnerabilidade.
1. Estímulo dun **nivel adecuado de servizos sociais de carácter público ou privado na planificación e ordenación das áreas empresariais**, principalmente de atención e coidado de nenos, nenas e persoas maiores.
 2. Desenvolvemento dun **plande adecuación e racionalización de horarios e prazas nas escolas infantís de 0 a 3 anos**.
 3. Apoio á organización de servizos, recursos e actividades complementarias que faciliten a **adecuación dos horarios escolares cos horarios laborais das familias**.
 4. Promoción de **programas e recursos complementarios de conciliación dirixidos a mulleres en situación de vulnerabilidade a través das entidades de iniciativa social**.
- Manter unha **organización territorial e de infraestruturas orientada a mellorar a calidade de vida da cidadanía cun enfoque de igualdade de xénero**, así como a elaboración de estudos

sobre a mobilidade feminina no medio rural en aras de promover a súa mellora.



VIOLENCIA DE XÉNERO

- Estimular a **observación e investigación para mellorar o coñecemento sobre a problemática da violencia de xénero** en todas as súas manifestacións e identificar boas prácticas e novas posibilidades de intervención.
 1. Desenvolvemento do **Observatorio Galego da Violencia de Xénero** para estimular o estudo, avaliación e seguimento das políticas contra a violencia de xénero en Galicia.
 2. Realización dun **estudo experimental sobre as características psicosociais xenéricas que se poden atopar nos agresores de violencia de xénero en Galicia** para planificar novas estratexias de prevención e intervención.
 3. Promoción de estudos e investigacións diversas que afonden no **coñecemento da violencia de xénero en todas as súas manifestacións e da súa magnitude** segundo as características das mulleres, así como na identificación e deseño de fórmulas de intervención así como o colectivo de mulleres con discapacidade.
 4. Realización de estudos e investigacións sobre a situación da **trata de persoas en Galicia**, con especial atención aos casos de mulleres e menores.
 5. Constitución dun grupo de traballo focalizado na análise, seguimento e avaliación dos recursos e programas existentes para **combater a violencia de xénero** e na elaboración de propostas de mellora.
 6. Creación dun foro de debate e reflexión entre as distintas administracións e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero para **fomentar o intercambio de información e boas prácticas** na intervención neste área, coa participación de profesionais expertos/as de referencia e forzas e corpos de seguridade.
 7. **Consolidación da operación estatística relativa á violencia de xénero** dentro do programa estatístico da Comunidade Autónoma.
 8. Elaboración e difusión anual dun **informe sobre a violencia de xénero en Galicia** coas achegas de todos os órganos da

Administración autonómica implicados na prevención e no tratamento desta problemática

- Mellorar a **formación das e dos profesionais implicados na prevención, atención e integración das mulleres vítimas de violencia de xénero.**

1. Realización de accións de formación e actualización de coñecementos en violencia de xénero dirixidas a profesionais dos servizos sociais e de atención ás mulleres, principalmente na modalidade virtual.
2. Organización de formación específica sobre o impacto que a violencia de xénero ten sobre nenos, nenas e adolescentes a través dun maior uso da modalidade virtual.
3. Organización de formación específica sobre a violencia sexual, o acoso sexual e o acoso por razón de sexo no ámbito laboral preferentemente na modalidade virtual.
4. Organización de formación específica sobre a trata de seres humanos, con especial fincapé na trata con fins de explotación sexual, a través dun maior uso da modalidade virtual.
5. Promoción de formación especializada sobre as necesidades específicas das mulleres con discapacidade que son vítimas de violencia de xénero.
6. Colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial na formación en violencia de xénero do persoal das carreiras xudicial e fiscal.
7. Promoción da formación das e dos profesionais do dereito que integran a quenda de oficio especializada en violencia de xénero.
8. Desenvolvemento de programas de formación en materia de tramitación dos procedementos de violencia de xénero e familiar.
9. Realización de cursos de formación en prevención e atención ás mulleres en situacións de violencia de xénero.
10. Organización de formación para a atención específica das mulleres vítimas de trata de persoas con fins de explotación sexual.

11. Desenvolvemento de accións de **prevención e tratamento do Síndrome de Bournout** para o persoal técnico que atende ás vítimas de violencia de xénero.

12. Mantemento do **programa de formación e actualización de coñecementos en violencia de xénero** para o conxunto do persoal ao servizo da Administración autonómica.

13. Elaboración de **guías de boas prácticas no tratamento e abordaxe da violencia de xénero**, dirixidas a profesionais das diversas áreas de intervención (servizos sociais, saúde, educación e medios de comunicación, entre outros).

- Impulsar a **prevención e detección precoz de situacións xeradoras de violencia de xénero** en todas as súas formas e ámbitos.

1. Elaboración, en distintos idiomas, de **materiais informativos que faciliten a identificación de situacións de violencia de xénero e proporcionen pautas de intervención**, principalmente mediante o uso de contidos dixitais.

2. Apoio ao desenvolvemento de **accións de información e orientación por parte da Administración local** que contribúan a aumentar a percepción e o rexeitamento social da violencia de xénero e a implicación da cidadanía na súa prevención e erradicación.

3. Fomento de iniciativas de **prevención de situacións de violencia de xénero desenvolvidas desde o tecido asociativo**.

4. Elaboración de **materiais informativos específicos sobre o acoso sexual e o acoso por razón de sexo no ámbito laboral** e as estratexias para a súa prevención.

5. **Recoñecemento público e visualización do compromiso firme e das boas prácticas desenvolvidas polo tecido social e empresarial galego con relación á erradicación da violencia de xénero e apoio ás vítimas**.

6. Elaboración de **materiais informativos específicos sobre agresións sexuais** con recomendacións para a súa identificación e prevención.

7. Estímulo para o desenvolvemento de programas nos centros educativos que se dirixan á identificación e prevención da violencia de xénero.

8. Atención especial ás persoas maiores ou con discapacidade vítimas de violencia de xénero.

9. Promover a participación das persoas con responsabilidades políticas en campañas e actividades contra a violencia de xénero, nas que se visibilice publicamente e a súa implicación e compromiso.

- Reforzar a **protección e a atención integral das mulleres vítimas de violencia de xénero e das persoas ao seu cargo** a través dunha rede de recursos especializados capaz de xerar unha resposta adecuada ás súas necesidades.

1. Implantación dun plan personalizado para a atención integral das mulleres vítimas da violencia de xénero e das súas fillas e fillos, en colaboración con todas as administracións implicadas.

2. Reforzamento do papel dos centros de información ás mulleres na prestación de servizos de orientación e asesoramento para as vítimas de violencia de xénero.

3. Divulgación da adaptación do teléfono de Información ás Mulleres para facilitar o acceso ás vítimas de violencia de xénero con dificultades auditivas ou persoas inmigrantes no seu propio idioma.

4. Reforzo do servizo de asesoramento xurídico virtual para as mulleres que sofren violencia de xénero.

5. Garantía no acceso das vítimas de violencia de xénero ás quendas de oficio especializadas para a asistencia letrada inmediata en dilixencias policiais e a tramitación da orde de protección e outros procedementos administrativos relacionados.

6. Reforzamento dos procedementos de actuación dos Puntos de Coordinación das Ordes de Protección para asegurar unha atención integral ás mulleres solicitantes.

7. Mellora das directrices de organización e funcionamento dos centros de acollida e estímulo de novos programas especializados

de intervención coas mulleres vítimas da violencia de xénero.

8. Colaboración entre as distintas institucións na **posta en funcionamento do novo Centro de Recuperación Integral para mulleres vítimas de violencia de xénero.**

9. Tratamento de urxencia dos casos de violencia de xénero a través dos recursos destinados a persoas maiores e persoas con discapacidade.

10. Prioridade dos casos de violencia de xénero na tramitación dos expedientes de dependencia.

11. Identificación das entidades que realizan programas de voluntariado para vítimas de violencia de xénero coa fin de promover os programas de acompañamento.

12. Impulso e aplicación dun **protocolo en Galicia para proceder de xeito unificado e baixo os mesmos criterios no proceso de derivación e mobilidade xeográfica das vítimas de violencia de xénero en casos nos que exista risco para a súa integridade físico e/ou psíquica.**

13. Elaboración dunha **guía informativa sobre os dereitos e recursos para as vítimas de violencia de xénero e recomendacións sobre o modo de actuación en situacións deste tipo.**

14. Perfeccionamento do **programa de atención psicolóxica ás vítimas de violencia de xénero, ás súas fillas e fillos e a outras persoas dependentes destas mulleres.**

15. Adopción de **medidas de atención educativa para o alumnado afectado por violencia de xénero.**

- Facilitar a **integración social e laboral e independencia económica das mulleres vítimas de violencia de xénero.**

1. Elaboración de **materiais informativos sobre os servizos e recursos existentes en Galicia para as vítimas de violencia de xénero, adaptados a mulleres con dificultades de tipo sensorial e en distintos idiomas e sobre a base dos novos soportes dixitais de comunicación e lectura.**

2. **Reforzamento das axudas económicas dirixidas ás mulleres**

vítimas de violencia de xénero.

3. Mellora do sistema de **seguimento das perceptoras das axudas económicas** dirixidas ás vítimas de violencia de xénero de cara a avaliar a eficacia na súa integración socio-laboral.

4. Mantemento de medidas de atención preferente para **facilitar o acceso á vivenda de promoción pública en aluguer** ás mulleres vítimas de violencia de xénero, con atención especial ás necesidades urxentes.

5. **Consideración preferente das mulleres vítimas de violencia de xénero na axuda para a adquisición de vivenda de protección autonómica** ou acollida ao sistema de financiamento para o primeiro acceso en propiedade.

6. Creación de **redes sociais e grupos de autoaxuda, intercambio e coñecemento** entre mulleres que teñan vivido e superado situacións de violencia de xénero.


- Aumentar a **coordinación de esforzos públicos** en aras dunha maior eficacia e a complementariedade dos recursos destinados a ofrecer unha intervención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero.

1. Creación dun sistema informático para contar cun **rexistro unificado de información** que permita un coñecemento integrado das mulleres que sofren violencia de xénero en Galicia e dos e das menores ao seu cargo, instando á participación e/ou coordinación dos diferentes órganos e administracións que traballan en favor deste colectivo.

2. Fomento e promoción da **colaboración da Xunta de Galicia e da Unidade de Policía Nacional adscrita á Comunidade Autónoma Galega, coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, a Policía Local e os servizos sociais** para unha correcta derivación e traslado das vítimas ao recurso máis axeitado.

3. **Participación nas comisións e grupos de traballo de ámbito estatal** que se creen en relación coa temática da violencia de xénero.

4. Establecemento de **canles de diálogo e colaboración con consulados, organizacións non gobernamentais e asociacións** coa fin de achegar información sobre a trata de seres humanos á poboación estranxeira residente en Galicia.



TERCERA PARTE

AUTOGOBERNO

O PPdeG é a forza política que mellor representa o sentir galeguista do noso pobo, un pobo no que a maioría dos galegos e galegas, sentímonos galegos, e por iso tamén nos sentimos españois e europeos. O PPdeG é a forza que mellor representa ese sentimento identitario porque o noso ideario e o balance do que levamos realizado durante os últimos 30 anos así o testemuñan, somos unha forza galeguista e reformista.

Os gobernos do PPdeG contribuíron decisivamente á estabilidade necesaria para a plena aceptación e consolidación entre a cidadanía galega das nosas institucións de autogoberno, e permitiron que Galicia fose un exemplo en toda España de entendemento e colaboración institucional co resto das administracións.

O PPdeG é unha forza política reformista, que cre no autogoberno e que as súas institucións poden ser melloradas continuamente, mediante reformas que lles den máis operatividade e que lles fagan gañar eficacia e eficiencia no cumprimento das súas funcións.

Hoxe reforzamos o noso discurso reformista, así a Xunta de Galicia apostou polas reformas na administración e en todas as institucións do autogoberno durante a última lexislatura e agora, dende a lealdade institucional, queremos seguir afondando nesas reformas tanto nas institucións de autogoberno previstas no Estatuto de Autonomía para Galicia de 1981, como nos mecanismos de cooperación entre as distintas administracións, contribuíndo de xeito decisivo á mellora do papel que cumpren no eido social e económico.



O AUTOGOBERNO

O PPdeG ten dabondo demostrado o seu compromiso co desenvolvemento e a consolidación do vixente Estatuto de Autonomía. Durante a lexislatura do anterior Goberno bipartito, consideramos que o actual Estatuto podía ser mellorado. A reforma frustrouse pero ao igual que entón, nós estamos dispostos a participar activamente nunha reforma constitucional da nosa norma institucional básica. En todo caso cremos que, dende o convencemento de que o vixente Estatuto é un instrumento útil para exercer plenamente o autogoberno dentro da Constitución Española, a súa reforma é unha cuestión importante pero que debe abordarse nun clima de consenso e respecto ao marco constitucional. De non darse, a reforma non pode ocupar totalmente a axenda e distraer do que realmente preocupa nestes momentos aos galegos e ás galegas, que é a loita contra a crise económica.

Gracias a un intenso traballo por parte da Xunta de Galicia e despois de que durante tres anos o goberno socialista en Madrid se negase a cumprir os compromisos contraídos no seo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2008, nestes momentos Galicia está a punto de acadar as competencias xa asinadas como as relativas a Museos e Bibliotecas de titularidade estatal. Ademais Galicia e a Xunta de Galicia abriron novos vieiros para a ampliación das nosas competencias en eidos variados; en materia de infraestruturas viarias coa demanda do traspaso da titularidade das autoestradas AP-9 e AP-53 en réxime de concesión cuxo itinerario discorre integramente polo territorio da Comunidade Autónoma, en materia de augas, pesca, investigación, ou os dominios públicos marítimo-terrestres, competencias todas elas que o PPdeG continuará demandando na vindeira lexislatura.

O PPdeG mantén como folla de ruta no eido do traspaso competencial o documento aprobado unanimemente polo Parlamento de Galicia. Pero o certo é que o proceso de transferencias está practicamente concluído e polo tanto o PPdeG cre que o traballo da Xunta de Galicia, debe ir dirixido nestes momentos non só na procura dunha ampliación competencial para Galicia, senón tamén na dirección dunha cooperación e colaboración entre as distintas administracións, e para iso:

(*) O PPdeG aposta por continuar negociando, durante a vindeira lexislatura, o [traspaso de competencias dacordo co pactado entre todas as forzas parlamentarias](#); así como traballar para avanzar en [fórmulas de coparticipación nas decisións e de coxestión no Estado das Autonomías](#).

(*) O PPdeG entende que en todo caso a asunción de calquera competencia debe estar correspondida coa necesaria [asignación orzamentaria](#) que faga fiable a prestación do correspondente servizo, polo tanto a demanda de traspasos de medios económicos e materiais ten unha gran importancia.

(*) Asemade os procesos de traspaso deben perseguir o obxectivo de [reducir a duplicación de competencias](#) entre administracións, como medio para optimizar os recursos públicos.



AS INSTITUCIONES DE AUTOGOBERNO

O PPdeG aspira a continuar afondando no proceso de reforma das institucións estatutarias para mellorar o seu funcionamento e abaratar o seu custe, sempre co obxectivo de reforzar as funcións esenciais que teñen encomendadas nos eidos político, económico e social de Galicia tanto no Estatuto como nas súas leis de desenvolvemento.

Como dixemos en 2009, e queremos reiterar, aspiramos a que as nosas institucións se perfeccionen para garantir que a súa actuación, e especialmente a do Goberno, se axuste realmente aos principios de transparencia, rigor no gasto e bo goberno, intensificando permanentemente os mecanismos de control.

O PARLAMENTO DE GALICIA

Vimos de pechar a lexislatura máis intensa no que a traballo se refire no Parlamento de Galicia, o que amosa sen dúbida o compromiso do PPdeG para facer da Cámara o auténtico centro da vida política na nosa Comunidade Autónoma.

As preto de 63.000 iniciativas rexistradas, e as 35.000 respostas contestadas aos grupos da oposición, máis que en todas as lexislaturas anteriores xuntas, ou as máis de 250 comparecencias realizadas polos membros do Goberno tanto en Comisión como en Pleno, reforzan a centralidade do Parlamento de Galicia no noso sistema institucional autonómico e dan mostra da transparencia na nosa acción de goberno e o respecto ao principio do control parlamentario.

A situación de crise que estamos a vivir non é allea á primeira institución de Galicia que, como tal, debe dar exemplo e servir de espello ante os cidadáns que elixen aos deputados e deputadas que os representan.

Polo tanto, o PPdeG ten claras as súas prioridades e os seus obxectivos, dirixidos, fundamentalmente, a:

- Reforzar a **centralidade do Parlamento de Galicia no sistema institucional** da Comunidade Autónoma e a súa significación.
- Fomentar o **achegamento dos cidadáns ao Parlamento**, favorecendo unha participación cada vez máis activa.
- Que a **austeridade** continúe impregnando todas as actuacións do Parlamento de Galicia. A institución non pode ser unha illa allea á situación económica e á sensibilidade social.

Como medidas específicas, o PPdeG comprométese a:

(*) **Reducir o número de deputados a 61**, na franxa baixa de representación prevista no artigo 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia (que fixa o número de escanos entre 60 e 80).

(*) Contribuir a xenerar, reforzar e poñer en valor o compromiso cos principios e valores que deben presidir o digno exercicio da actividade política, mediante un **compromiso dos nosos candidatos de actuar publicamente de acordo cos principios de integridade, responsabilidade, transparencia, exemplaridade e honradez**, e de que non existen conflitos de intereses, en caso de resultar electo, coa súa

persoa os intereses privados dos que é titular. A subscrición deste compromiso tamén se trasladará despois ás persoas que formen parte do goberno, continuando coa práctica que xa se levou adiante nesta lexislatura de xeito voluntario, de publicar a súa declaración de bens e actividades.

(*) Promoveremos reformas normativas para que a **publicación das declaracións** dos deputados e deputadas do Parlamento de Galicia e dos membros do goberno da Xunta de Galicia sexa obrigatoria.

(*) Continuar a liña de **axuste do salarios dos deputados/as** de acordo coa situación económica que atravesamos, axuste xa iniciado nesta última lexislatura.

(*) Afondar no proceso de **racionalización e redución do gasto de funcionamento da Cámara** a través de plans de austeridade (que, nesta última lexislatura, permitiron un aforro de preto de 6 millóns de euros)

(*) **Institucionalizar a figura do xefe da oposición**, recoñecendo a súa importancia representativa e fomentando a relación fluída entre o Goberno e a oposición.

(*) Dinamizar cada vez máis a vida parlamentaria a través do **uso intensivo das novas tecnoloxías**, dando así cumprimento do Plan Director das TIC, iniciado nesta última lexislatura para facilitar o traballo cotiá na Cámara lexislativa.

(*) Estudar a implantación de **novas vías de participación para a cidadanía**, que se engadan ás tradicionais. Neste senso propónse valorar a posibilidade de arbitrar un sistema que permita que os galegos e as galegas, a través das **novas tecnoloxías** poidan propoñer a inclusión dun asunto de relevancia no debate parlamentario. O uso intelixente destas novas posibilidades aumentará as bases de lexitimidade do sistema e o farán máis directamente participativo.

(*) Incidir na **transparencia** en todos os niveis, e no principio de portas abertas, xa iniciado, dado que a transparencia é unha garantía básica para o exercicio responsable do poder.

(*) Habilitar os mecanismos necesarios para que o Parlamento informe das persoas elixidas para ocupar postos nos órganos sobre os que a Cámara conta con capacidade de designación. Garantirase así a elección de **persoas solventes profesionalmente e independentes no seu criterio de actuación**.

(*) Implicar ao Parlamento na **colaboración coas Cortes Xerais e demais organizacións legislativas españolas**.

(*) Converter ao Parlamento en **protagonista da visualización da UE en Galicia** (alerta temperá, subsidiariedade, dereito de petición, defensor do pobo europeo) e colaboración coas asembleas legislativas rexionais europeas.

A XUNTA DE GALICIA

Nesta lexislatura o goberno da Xunta de Galicia aprobou a *Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público galego*, unha norma institucional básica que regula o funcionamento da administración e de todo o sector público autonómico en Galicia e que incorporou elementos organizativos que facilitan a aplicación dos principios de austeridade, eficacia e eficiencia e que ademais se converteu nun paraugas normativo para o conxunto das reformas que se acometeron na administración autonómica ao longo destes anos de goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo.

(*) O PPdeG quere continuar con este proceso aberto e aposta pola *reforma da Lei da Xunta e da súa Presidencia*, para que constitúa a norma institucional básica que regule a estrutura e actividade do goberno de Galicia, dándolle por primeira vez á Xunta de Galicia unha visión de conxunto estruturada e ordenada, e tratando de que sexa unha institución máis cercana ás necesidades e ao sentir da cidadanía e consolidando nunha norma con rango de lei o compromiso cos principios de austeridade, eficacia e eficiencia no deseño e funcionamento da Xunta de Galicia, e para iso:

- Regularanse as *competencias, elección, nomeamento e estatuto das persoas titulares dos cargos unipersoais da Xunta*, cunha regulación detallada do estatuto persoal do presidente ou presidenta, unha regulación detallada do nomeamento, cese, atribucións e estatuto persoal do vicepresidente/a ou vicepresidentes/as e conselleiros/as
- Regularanse as *competencias e funcionamento dos órganos colexiados*, como o Consello da Xunta ou as Comisións Delegadas.
- Regularanse as *relacións da Xunta de Galicia e o Parlamento de Galicia*.
- Regularanse os *límites da acción dos gobernos en funcións*, cubrindo un baleiro legal que remate con malas prácticas ou discrecionalidades neste eido.
- Establecerase unha regulamentación clara e transparente do *proceso de traspaso de poderes*, coa obriga do goberno saínte de proporcionar a documentación e a información necesaria

para garantir dende o primeiro momento o exercicio de goberno por un novo executivo.

- Establecerase unha regulación do funcionamento do persoal de gabinete e unha limitación sobre o número de asesores.

INSTITUCIÓNS AUTONÓMICAS

Durante a lexislatura que ven de rematar o goberno de Feijóo apostou por introducir criterios de racionalidade e austeridade no funcionamento de institucións estatutarias como o Valedor do Pobo e o PPdeG cre firmemente na necesidade de seguir impulsando a introdución deses principios noutras institucións, por iso:

(*) Facilitará a posta en marcha da [nova estrutura do Valedor do Pobo](#), prevista na *Lei 10/2012, do 3 de agosto, de modificación da estrutura do Valedor do Pobo*.

(*) Promoverá a [reforma da actual Lei do Consello Consultivo de Galicia](#), para:

- [Incrementar a súa representatividade](#), coa elección de parte dos conselleiros por unha maioría reforzada do Parlamento de Galicia e non exclusivamente a designación directa por parte do Presidente da Xunta de Galicia que está prevista na actualidade.
- [Dotalo de novas funcións](#) para aproveitar todos os seus recursos e posibilidades no exercicio das súas atribucións, abrindo a posibilidade de que a Xunta de Galicia poida encargar a este organismo a formación de comisións que redacten propostas lexislativas.

(*) Promoverá, buscando o máximo consenso cos grupos parlamentarios, axentes sociais e empresariais a [integración do Consello Galego da Competencia e o Instituto Galego de Consumo nun único ente](#), e a [integración do Consello Económico e Social e o Consello Galego de Relacións Laborais nun único ente](#)."

OS MEDIOS PÚBLICOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

Nesta lexislatura en relación coa CRTVG, o PPdeG cumpriu o seu compromiso fundamental coa aprobación polo Parlamento de Galicia no ano 2011 da Lei de Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, na que se recolle o nomeamento do director xeral por unha maioría parlamentaria de dous terzos e o reforzamento do carácter público da CRTVG.

Pero é que os esforzos teñen ido máis aló e a CRTVG, nun escenario orzamentario restritivo, apostou pola eficiencia mellorando notoriamente a súa situación económica, ao tempo que rematou coa inestabilidade e a precariedade laboral da Compañía abordando a reorganización dos servizos periféricos e cun proceso extraordinario de consolidación de emprego. A CRTVG cumpriu, por tanto, a súa misión de servizo público baixo os parámetros de calidade e pluralismo, e por iso goza do recoñecemento dos galegos e galegas, como amosan día a día os resultados de audiencias que acadan os servizos informativos dos medios públicos en Galicia.

En relación cos medios de comunicación, tamén cómpre destacar o salto cualitativo que deu Galicia ao pasar de ser no ano 2009 a última Comunidade Autónoma no grao de implantación da Televisión Dixital Terrestre, a situarse no 2010 nos postos de cabeza, grazas a un esforzo realizado pola Xunta de Galicia que executou un orzamento de case 18 millóns de euros.

O PPdeG fiel ao seu compromiso para garantir o servizo público dos medios de comunicación audiovisual na nosa Comunidade Autónoma, comprométese a:

(*) Impulsar a formación da [nova Corporación de Radio e Televisión de Galicia](#), nacida da Lei aprobada no ano 2011, e que resultará de unificar nunha soa sociedade ás tres entidades existentes na actualidade: Ente Público Compañía de Radio-Televisión de Galicia, Televisión de Galicia S.A, e Radiotelevisión de Galicia S.A.

(*) Defender, como o fixemos durante a pasada lexislatura, para a CRTVG o [estatus de independencia editorial e unha separación do poder político](#), para o que poñeremos as condicións necesarias para que nesta nova lexislatura e por primeira vez o Director Xeral da Corporación sexa elixido por unha maioría reforzada no Parlamento de Galicia.

(*) Manter e desenvolver unha radio e televisión de [titularidade pública](#) que se manteña fiel á súa misión de promoción e [desenvolvemento da nosa lingua e cultura](#), exercendo para iso o papel que ten asignado como principal

elemento de normalización do galego na nosa Comunidade Autónoma.

(*) Garantir que a CRTVG está suxeita ao principio de **eficiencia económica**, promovendo a elaboración dun Mandato Marco no que a Corporación estableza os seus parámetros básicos de xestión e servizo.

(*) Esixir á CRTVG, dentro da súa independencia, un compromiso como ferramenta de **dinamización da economía e da sociedade en Galicia**, cos seguintes obxectivos:

- Ser un axente privilexiado para a introdución en Galicia dos **novos usos e tendencias da comunicación audiovisual**, derivados do proceso de innovación tecnolóxica, da implantación de novos soportes e novos dispositivos de comunicación.
- Continuar sendo un **impulsor estratéxico da produción audiovisual** creada en ou dende Galicia, contribuíndo deste xeito a que o sector audiovisual galego sexa unha peza básica da industria cultural galega que xere contidos de información, divulgación e entretemento de calidade capaz de distribuír a súa oferta en Galicia e en España.
- Achegar á Comunidade Autónoma unha **perspectiva galega do que acontece no mundo**, pero tamén achegar fóra de Galicia unha **visión universal desta Comunidade**, a través das emisións internacionais, permitindo que as comunidades galegas no exterior manteñan os seus vínculos e contribuíndo a espallar no exterior a imaxe de Galicia.
- Converter a CRTVG nun **escaparate das empresas e dos produtos galegos**, especialmente os máis punteiros, atendendo moi de preto as manifestacións culturais que se producen no noso país, as tradicións e as novas tendencias e prestando especial atención para amosar o talento existente no país en todas as súas modalidades.
- Exercer un papel singular na **integración social**, favorecendo a presenza de minorías que, por razóns de diversa índole, normalmente non teñen facilidade para estar presentes nos medios de comunicación.

A XUSTIZA

O goberno de Feijóo traballou intensamente durante esta lexislatura para fortalecer e mellorar a xustiza na nosa Comunidade Autónoma, incrementando nun 60% as partidas orzamentarias adicadas a esta materia, aprobando un Plan de Infraestruturas Xudiciais, que contempla 64 actuacións prioritarias cun investimento global de 100 millóns de euros; ampliando a planta xudicial en Galicia con 22 novas unidades, e apostando claramente por garantir a asistencia xurídica gratuíta e pola mediación intraxudicial.

O PPdeG considera a Administración de Xustiza como un dos servizos públicos esenciais, de vertebración da nosa sociedade e que ten implicacións en todos os eidos, unha concepción que caracterizou a nosa acción de goberno durante estes anos, e que dende logo vai continuar marcando a nosa xestión, na que apostamos por blindar a política de rigor no investimento en xustiza a través dun intenso diálogo e planificación que fuxa de improvisacións.

O PPdeG comprométese a:

(*) Completar o ambicioso proxecto de [renovación das infraestruturas](#) na nosa Comunidade, previsto no Plan de Infraestruturas Xudiciais, e a súa finalización nos prazos inicialmente previstos para o que disporá os medios precisos. Así:

- Licitación e execución do Edificio da Fábrica de Tabacos da Coruña.
- Licitación e execución do novo edificio xudicial de A Parda (Pontevedra)
- Remate do novo edificio xudicial de Ourense, actualmente en construción.
- Posta en marcha do novo edificio xudicial de Santiago, xa rematado.
- Compromiso de construír o edificio da Cidade da Xustiza de Vigo, en canto o Concello de Vigo poña a disposición os terreos.

(*) Continuar coa [optimización do uso das infraestruturas existentes](#), e estender a todas as sedes xudiciais a [proba piloto de expurgo xudicial](#) que se iniciará na Audiencia Provincial de Pontevedra.

(*) Continuar apostando pola [mediación intraxudicial](#), como fórmula acaída para a redución da litioxidade:

- Difusión da mediación familiar como técnica para resolución de conflitos, para o que poñeremos en funcionamento

-
- gabinetes de mediación nos xulgados e tribunais de Galicia
 - Adopción das medidas legais precisas, no ámbito das nosas competencias, para estender a mediación aos asuntos civís e mercantís

(*) Potenciar [medidas alternativas ao cumprimento de penas de prisión](#), a través de traballos en beneficio da comunidade, despois dos primeiros pasos dados nesta lexislatura, e impulsar o desenvolvemento deste tipo de medidas mediante unha liña de colaboración coa FEGAMP e a sinatura de novos convenios cos organismos co obxectivo de poder incrementar o número de prazas e poder por tanto estender a aplicación destas medidas a todo o ámbito xeográfico galego.

(*) Potenciar as [Comisións Mixtas coa Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e coa Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma](#), consolidando as reunións periódicas e estables destas comisións e coa aprobación dun Protocolo de funcionamento.

(*) Continuar reclamando perante o Ministerio de Xustiza a [creación de novas unidades xudiciais](#) na nosa Comunidade.

(*) Despregar en Galicia o [novo modelo de organización da oficina fiscal](#), introducido na reforma da Lei 24/2007, do 9 de outubro, do Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal.

(*) Continuar apostando pola mellora da xustiza, coa [formación especializada do persoal ao servizo da Administración de xustiza](#), non só incidindo no indispensable coñecemento das labores do posto de traballo senón fomentando os coñecementos en materia de novas tecnoloxías.

(*) Continuar coa [introdución de medios tecnolóxicos](#) ao servizo da xustiza, continuando coa aplicación do Plan Senda 2010-2014, aprobado pola Xunta de Galicia nesta lexislatura

(*) Blindar os principios de [austeridade e racionalidade no gasto corrente](#) tamén neste eido, e nese senso implantar catálogos únicos para a adquisición de material ou de servizos asociados ao funcionamento da xustiza, como os de tradución, interpretación ou asistencia pericial.

RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

- Relacións co Estado e con outras comunidades autónomas

O PPdeG considera que para os nosos intereses as relacións co goberno do Estado teñen unha importancia capital e polo tanto merece unha valoración positiva que durante esta lexislatura e despois do cambio de goberno na Administración central, se teñan reactivado os mecanismos de colaboración institucional entre a Xunta de Galicia e o Estado.

De todos modos a trascendencia das relacións co goberno central, non nos pode levar a que se dilúa a importancia que tamén teñen as relacións entre as Comunidades Autónomas, e de feito durante a lexislatura que remata Galicia tamén exerceu a iniciativa neste eido ao acoller en Santiago de Compostela o Encontro entre Comunidades Autónomas, ou coa sinatura en xaneiro de 2010 entre o Presidente da Xunta de Galicia e o Presidente da Junta de Castilla y León dun Protocolo Xeral de Colaboración entre ambas administracións, ademais por suposto da colaboración existente no marco da Macrorrexión que estas dúas Comunidades comparten co Norte de Portugal.

Conscientes como dicimos da importancia da cooperación entre as distintas administracións, dende unha lealdade institucional, o PPdeG propón como eixos estratéxicos para os vindeiros anos neste eido:

(*) A intensificación das relacións bilaterais co Estado, no seo da [Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado – Comunidade Autónoma de Galicia](#), que é un instrumento esencial de cooperación e entendemento entre ambas administracións.

(*) O apoio aos [mecanismos de cooperación entre as Comunidades Autónomas e o Estado](#), particularmente a [Conferencia de Presidentes](#), como institución de encontro e procura de solucións conxuntas entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas, e lugar para impulsar a mellora e perfeccionamento da cooperación interinstitucional no Estado das Autonomías.

(*) A intensificación da [cooperación horizontal entre as Comunidades Autónomas](#). Ademais de continuar apoiando o debate da [reforma do](#)

Senado para convertela nunha cámara de representación territorial, o PPdeG considera fundamental que exista un mecanismo estable de encontro e intercambio de posicións entre as Comunidades Autónomas.

(*) A intensificación das **relacións de colaboración coas Comunidades Autónomas veciñas**, continuando a senda aberta para crear sinerxías, compartir servizos e desenvolver estratexias de futuro beneficiosas.

- **Galicia no exterior**

Fronte á crise non podemos illarnos, non tería sentido facelo, cando a Galicia moderna xurde tamén na nosa diáspora e Galicia se reafirma tamén no exterior. Debemos pois, sen ningunha dúbida, aproveitar a experiencia internacional para sacar partido das oportunidades da globalización.

O PPdeG aposta por afondar nas boas prácticas impulsadas estes anos, proxectando a Galicia no mundo.

- **Galicia en Europa**

A participación de Galicia nos asuntos europeos ten unha importancia capital, xa que moitas das políticas autonómicas están directamente afectadas polas decisións comunitarias. Galicia, por exemplo, dende o comezo da lexislatura ata hoxe en día, traballou intensamente nunha estratexia para reclamar á Unión Europea a aplicación a partir de 2014 dun período transitorio que actúe en favor das rexións que como a nosa abandonarán por primeira vez o obxectivo de converxencia, para o que lideramos a creación dunha rede de rexións, a CROWC (*Convergence Regions on the Way to Cohesion*).

A experiencia, por tanto, amosa que o noso obxectivo fundamental pasa por seguir exercendo un papel activo en Bruxelas, participando activamente en todos os mecanismos de decisión dos asuntos europeos, e para iso o PPdeG propón:

(*) **Interlocución no seo do Comité das Rexións**, cámara de representación territorial dos entes locais e rexionais en Europa e no que Galicia ten na actualidade un destacado liderado.

(*) Aproveitamento da **Fundación Galicia Europa** como eficaz instrumento tanto para a difusión dos temas europeos, como para a xestión

dos asuntos de interese para Galicia perante as institucións comunitarias.

(*) Intensificación do traballo e a acción política da Xunta de Galicia co **Parlamento Europeo**, única institución democrática elixida directamente polos cidadáns e que ten que representar por tanto aos pobos de Europa. Trataríase de **facer chegar aos eurodeputados documentación coa perspectiva galega e a nosa problemática concreta**, para que poida converterse en emendas ás propostas da Comisión, en Dictámenes, ou en Informes de Opinión ou de Iniciativa do propio Parlamento Europeo, como mecanismos clave para influír no proceso decisorio comunitario ex-ante. Neste senso cabe destacar que a Xunta de Galicia xa traballa nesta liña, por exemplo durante esta lexislatura en todo o relativo á reforma da Política Común de Pesca. Hai que ter en conta ademais a competencia exclusiva da Unión en materia de comercio internacional e a importancia decisiva, polo tanto, de tentar influír cando se trate de negociacións de Tratados Internacionais comerciais, ben de carácter multilateral ou bilateral (por exemplo, a problemática do atún no acordo UE-Papúa Nova Guinea).

(*) **Mellor integración nas infraestruturas do Estado e nos seus órganos especializados**, para ser máis eficaces e máis eficientes e influír máis e mellor na defensa dos nosos intereses perante as institucións comunitarias cando as propostas están no proceso de formación.

(*) Avanzar na **mellora da nosa presenza como Comunidade Autónoma na delegación española nos Consellos de Ministros da UE**, con iniciativas como a xa apoiada dende o propio Parlamento de Galicia nesta lexislatura para que nos Consellos de Ministros de Pesca da UE a rotación das CC.AA se realice exclusivamente entre as que son marítimas.

(*) Consolidación e ampliación do impacto da **Rede de Galeg@s en Bruxelas**, unha iniciativa coa que o goberno galego buscou a creación dunha rede ou “lobby” integrado por todos os galegos e galegas que traballan nas institucións comunitarias para a defensa dos nosos intereses perante a Unión Europea.

(*) Liderar dende Galicia a **creación dun Intergrupo sobre o desafío demográfico**, converténdonos no motor dun cambio necesario no que podemos contar con moitos aliados potenciais nas institucións europeas e noutros Estados membros, co obxectivo de que Europa invista mais e mellor na superación dunha situación grave para o conxunto da UE e que loxicamente afecta moi especialmente a España e a Galicia como unha das Comunidades Autónomas con máis dificultades neste ámbito.

(*) Adaptación da administración autonómica ao **novo marco dos Fondos Europeos**. Como xa destacamos a Xunta de Galicia liderou

en materia de fondos estruturais unha posición para o conxunto das rexións que abandonan a partir de 2013 o obxectivo de converxencia, e traballamos arreo para garantir a Galicia o mantemento dunha rede de seguridade financeira, unha proposta que agora proseguiremos para que sexa aprobada pola Unión Europea.

- **Cooperación transfronteriza e interrexional**

Nun contexto de crise económica e financeira como o actual a cooperación institucional e empresarial entre Galicia e Portugal aínda é mais prioritaria, por iso neste senso o PPdeG comprométese a:

(*) Apostar pola elaboración dun **Planeamento conxunto de financiamento europeo, que sirva como Plano Estratéxico da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal para o período 2014-2020**. Contarase para elo con todos os axentes da rexión, en particular, co Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular.

(*) Impulsar unha **Estratexia de Investigación e Innovación para a especialización intelixente**, co obxectivo de permitir que a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal enfoque os recursos públicos onde teña fortes vantaxes competitivas, integrando ademais institucións de base privada neste esforzo.

(*) Consolidar a **Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia – Norte de Portugal**, como ferramenta que permita desenvolver proxectos con financiamento europeo en moi diversos eidos.

(*) Utilizar a **Macrorrexión RESOE como proxecto dunha Macrorrexión Atlántica** que entre de cheo nas novas estratexias e que condicione o deseño das futuras políticas públicas europeas.

- **Delegacións no exterior**

A acción institucional da Xunta de Galicia en relación ao contacto coas comunidades galegas no exterior visibilízase de xeito máis intenso no traballo realizado polas Delegacións da Xunta en Bos Aires e Montevideo. O PPdeG continuará traballando para mellorar a carteira de servizos prestados á colectividade galega no exterior, incidindo na aplicación dos principios de racionalidade e eficiencia, como xa fixo durante esta lexislatura mediante o Convenio asinado entre o Presidente da Xunta de Galicia e o Ministro de Asuntos Exteriores para

a colaboración e posta en común dos medios materiais e persoais cos que conta o Estado. O noso compromiso nesta materia é:

(*) Continuar aplicando o [máximo aproveitamento dos recursos e a política de aforro nas Delegacións de Bos Aires e Montevideo](#) para poder destinar máis recursos á colectividade galega primando os contidos e actividades de promoción económica, comercial ou turística.

- Cooperación ao desenvolvemento

O contexto económico está a dificultar o apoio orzamentario que as administracións poden adicar á cooperación ao desenvolvemento, pero o PPdeG está convencido da necesidade da solidariedade e da contribución a todos os niveis para a loita contra a pobreza extrema e a fame, o que se ten traducido durante esta lexislatura na elaboración e aprobación do II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013, do que neste tempo se veñen dando cumprimento aos seus compromisos básicos. En relación coa cooperación para o desenvolvemento nos vindeiros anos, o PPdeG comprométese a:

(*) Iniciar o proceso de elaboración do [III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017](#), que teña un carácter estratéxico e que se baseará nos seguintes principios:

- Especialización da cooperación galega, aproveitando as nosas vantaxes comparativas e a nosa experiencia nalgúns eidos.
- Cooperación participativa.
- Aumento da eficacia e o impacto das actuacións de cooperación.
- Establecemento de prioridades xeográficas e sectoriais que permitan unha maior concentración das axudas.
- Coordinación e complementariedade con todas as administracións que traballan no eido da cooperación.
- Busca de fontes alternativas de financiamento.

A ADMINISTRACIÓN LOCAL GALEGA

Para o PPdeG os concellos de Galicia constitúen o primeiro nivel de proximidade aos cidadáns e conforman unha estrutura que ten un forte impacto na calidade de vida dos galegos e galegas. Partindo dun claro recoñecemento á fortaleza e vixencia dos valores da planta local galega, o certo é que os nosos concellos viven agora un momento histórico de cambio, que debe ser visto como unha oportunidade para abordar con éxito problemas estruturais, como a indefinición competencial, a insuficiencia das facendas locais ou os febles mecanismos de coordinación e cooperación entre concellos.

Nesta lexislatura, o Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo impulsou medidas orientadas a paliar estas debilidades e dirixidas a recuperar o protagonismo perdido dos asuntos locais na axenda política galega. Deste xeito, durante tres exercicios orzamentarios consecutivos inxectáronse partidas complementarias ao Fondo de Cooperación Local, un fondo que en 2012 medrou nun esforzo sen precedentes na situación actual, introducindo ademais cambios importantes na súa xestión para facilitar a liquidez dos concellos, cun libramento que agora se fai mes a mes.

En 2010, a Xunta de Galicia activou o Fondo de Compensación Ambiental, como unha nova vía de ingresos e o dereito dos concellos a beneficiarse da enerxía eólica. Impulsamos ao longo destes anos, os compromisos asumidos no marco do Pacto Local de Galicia e, respostando a unha demanda histórica do municipalismo galego, aprobamos o Decreto regulador das Subvencións para os concellos, no que se harmonizaron os requisitos para solicitar e xustificar unha subvención da Comunidade Autónoma.

O PPdeG cumpriu o seu compromiso de elaborar e aprobar na lexislatura, procurando o máximo consenso, unha Lei da Área Metropolitana de Vigo reclamada dende hai máis dunha década. Iniciouse ademais un decidido camiño para fomentar a cooperación intermunicipal, co apoio á primeira experiencia de fusión municipal en 50 anos, entre os concellos de Oza dos Ríos e Cesuras e a priorización nas liñas de subvención de experiencias de xestión compartida entre concellos.

Dende o PPdeG estamos convencidos de que malia os avances, é preciso incidir máis nas reformas dos entes locais, dende o pleno respecto á autonomía local pero dende o convencemento de que a cooperación intermunicipal é unha esixencia para a viabilidade dos nosos concellos e en coherencia propón as seguintes liñas estratéxicas en materia local:

(*) **Actualización do marco normativo da Administración e o Goberno Local en Galicia**, desenvolvendo o marco competencial en materia de réxime local e adaptando a normativa básica do estado ás particularidades da realidade local galega. Unha nova normativa que será pactada coa representación do municipalismo galego e que ademais de precisar o procedemento para as fusións entre concellos, determine un itinerario flexible para promover unha ambiciosa vía de coordinación e cooperación municipal.

(*) Dar continuidade aos traballos da **Comisión de Análise Local**, constituída pola Xunta de Galicia en 2012 dando cumprimento a un acordo parlamentario, que permitan establecer dende o máximo consenso de todos os actores implicados as liñas estratéxicas en torno á administración local galega e o seus retos de futuro.

(*) Fomento das **fórmulas intermunicipais de xestión de servizos**, continuando a primar nas convocatorias de axudas aos entes locais, as experiencias de xestión compartida de servizos, para o que cando menos o 50% das axudas e subvencións da Xunta se dirixan aos entes que prioricen esas actuacións conxuntas.

(*) Dar continuidade á liña xa iniciada de **apoio ás fusións municipais**, coa premisa inequívoca de que conorra a **libre vontade dos concellos** chamados a fusionarse. Para isto, daremos un impulso definitivo a unha política de incentivos e indución positiva e estímulo, para respaldar todas as iniciativas municipais que aposten por esta vía:

- **Prioridade no reparto dos fondos** outorgados pola administración autonómica a aqueles concellos que opten voluntariamente pola fusión municipal, alomenos durante os primeiros dez anos seguintes á fusión efectiva.
- Traballar en estreita **coordinación coa representación do municipalismo galego**, para a elaboración de propostas que camiñen nesta liña de reforma do mapa municipal galego, cunha vocación de máximo consenso, para o que ademais se terán en conta as achegas realizadas pola FEGAMP.

(*) Posta en marcha efectiva da **Área Metropolitana de Vigo**, a segunda área metropolitana de España.

(*) Apoio ás solucións específicas que satisfagan as demandas e necesidades de **coordinación de determinados servizos que se prestan nas áreas urbanas e periurbanas** conformadas en torno ás principais cidades de Galicia.

(*) Desenvolvemento dos contidos comprometidos no [Protocolo de Colaboración entre as catro Deputacións Provinciais e a Xunta de Galicia](#), asinado en 2012, que marca a folla de ruta da estratexia decidida de unificación de prioridades e a cooperación institucional en diversos campos de actuación.

(*) Aposta por unha [administración local galega máis moderna](#):

- O PPdeG prestará apoio ás entidades locais, coa posta en marcha dunha [administración única electrónica](#) que permita normalizar e reducir os procedementos administrativos.
- Abordar no [Estatuto do Empregado Público Galego a regulación do persoal ao servizo das entidades locais galegas](#), adoptando a normativa básica do Estado ás peculiaridades do mundo local na nosa Comunidade e facilitando a mobilidade deste persoal entre as distintas administracións.
- Reforzar a [cooperación interadministrativa para a selección e formación do persoal](#) ao servizo da administración local.

(*) Fomento das fórmulas que potencien a [transparencia dos gobernos locais](#), facilitando o acceso dos cidadáns á información sobre a administración local e reforzando os mecanismos de control.

(*) Promoverase a aplicación, en base á proposta que presente a FEGAMP, dun [baremo homoxéneo para a retribución dos cargos públicos municipais](#).

- Seguridade cidadá e policía autonómica

Galicia conta cun corpo policial como é a Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita (UPA) que dende o ano 1991 ven realizando a función de policía autonómica. Durante a lexislatura que vimos de pechar o goberno de Feijóo reclamou o reforzo desta unidade con novos efectivos, unha reclamación que só foi atendida co cambio de goberno na administración central o que permitiu recuperar a senda para potenciar esta unidade chegando aos 500 efectivos, unha ampliación do cadro de persoal que permitirá afrontar dun xeito máis operativo as funcións que a UPA ten asignadas, e constituír a base para o desenvolvemento futuro dunha Policía Autonómica. O PPdeG cre necesario profundizar nas seguintes accións:

(*) Creación de **grupos especializados en temas de especial sensibilidade para Galicia**, como ofurtivismo, os incendios ou o medio ambiente

(*) Fortalecemento de liñas de **colaboración con outros corpos de seguridade**, especialmente cos corpos de policía local de concellos onde sexa necesario reforzar determinadas actuacións ou servizos

(*) Desempeño de competencias, en colaboración con outros corpos policiais, en materia de **violencia de xénero**.

Ademais desta Unidade, outros corpos de policía cumpren tamén importantes funcións nos concellos galegos, tratase das **Policías Locais de Galicia**, e en relación a esta materia comprometémonos a:

(*) Regular os **medios técnicos das policía locais**

(*) Potenciar os instrumentos de **colaboración en materia de persoal**

(*) Impulsar as **canles de información recíproca** a través de programas informáticos

(*) Elaborar **protocolos de actuación común**

- Protección civil e emerxencias

A Xunta de Galicia realizou un importante esforzo para incrementar a calidade do servizo de atención de emerxencias 112 de Galicia, investindo ao longo destes anos case 9 millóns de euros, reforzando os medios dispoñibles e dando comezo á construción do novo Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 (CIAE112-Galicia).

Ademais puxéronse en marcha diferentes liñas de colaboración para reforzar a dotación de recursos humanos e medios materiais nas Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil e nos GRUMIR, e destináronse na lexislatura máis de 24 millóns de euros para o mantemento da rede galega de parques contra incendios e de salvamento, co logro da construción e o equipamento de cinco novos parques na provincia de Lugo e a previsión de posta en marcha doutro na provincia de Ourense.

O PPdeG cre necesario continuar levando a cabo un esforzo en materia de emerxencias, con propostas que permitan seguir aumentando a calidade deste servizo fundamental para a Comunidade Autónoma, e para iso propón:

(*) Estudar a posibilidade de [reordenar as competencias en materia de emerxencias e protección civil](#), que actualmente dependen da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, na Axencia Galega de Emerxencias, o que permitiría un tratamento uniforme e integrador neste ámbito de xestión.

(*) Posta en funcionamento do [novo CIAE112-Galicia](#) o que permitirá a futura integración operativa dos distintos servizos de urxencia/emergencia que operan en Galicia, acadando así unha xestión e coordinación integral.

(*) Implantación e desenvolvemento da [Plataforma Tecnolóxica para o futuro CIAE112-Galicia](#), pasando dun mero modelo de intermediación a unha xestión autenticamente integrada das emerxencias.

(*) Implantación de novas solucións tecnolóxicas, para garantir o [acceso de persoas con discapacidade ao 112](#).

(*) Potenciación da utilización de dispositivos móbiles conectados ao CAE 112 para o [seguimento e localización en tempo real dos axentes e medios que interveñen nas emerxencias](#)

(*) Consolidación do [Grupo de Apoio Loxístico á Intervención](#), para que en casos de que outras administracións o requiran poidan ser

utilizados e despregados os medios materiais dos que dispón a AXEGA.

(*) Establecemento de **novas ferramentas de comunicación de situacións de alerta ou emerxencias**, como a creación a través da rede dunha Canle de emerxencia 112 TV, ou a posta en marcha dun sistema de avisos a través da CRTVG.

(*) Creación dunha **aplicación informática para a xestión das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil** de Galicia, que permita unha mellor coordinación na mobilización e optimización dos recursos dispoñibles.

Durante esta lexislatura o goberno galego fixo un esforzo importante na formación e profesionalización dos servizos de seguridade pública e de prevención e xestión de situacións de emerxencia, na procura dun sistema integrado de protección civil e emerxencias baixo os principios de colaboración, coordinación e non duplicidade de competencias.

A isto contribuíu claramente a progresiva centralización na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) da formación de policía locais, policía nacional adscrita, bombeiros comarcais e municipais, agrupacións de voluntarios de protección civil e demais corpos de seguridade pública e emerxencias. Ademais, ampliáronse as competencias desta Academia coa acreditación da Academia para a formación en materia de seguridade privada e para a formación para o emprego en materia de socorrismo acuático.

Seguindo esta liña de traballo, expóñense a continuación os obxectivos a acadar na vindeira lexislatura:

(*) Potenciar a **formación homoxénea**, a través da AGASP.

(*) **Centralización dos procesos selectivos de ingreso e promoción nos corpos da policía local na AGASP** xunto coa elaboración do plan de carreira profesional da policía local galega, establecendo a actualización laboral con carácter obrigatorio.

(*) Converter a **AGASP nun referente para a formación especializada no sector da Seguridade Privada**, consolidando unha formación continua anual e novidosa.

(*) Realización dun **master en seguridade e emerxencias**.

(*) Potenciar a [labor investigadora e de asesoramento](#) da AGASP

- [Actividades recreativas e espectáculos públicos](#)

O PPdeG vai continuar a traballar para garantir aos usuarios de espectáculos públicos e actividades recreativas en Galicia unhas condicións de seguridade acordes coas súas necesidades reais, como xa o ven facendo durante estes anos de goberno, sempre dende a base dun consenso entre os distintos sectores implicados nestas actividades e os consumidores e usuarios. Dende esta perspectiva o PPdeG comprométese a:

(*) Continuar co proceso de elaboración dunha normativa autonómica reguladora dos procedementos en materia de espectáculos públicos, impulsando a aprobación da [Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia](#), logo das achegas dos distintos sectores implicados e dos órganos das distintas administracións con ámbitos competenciais nesa materia.

(*) Aprobar unha nova [Lei reguladora dos xogos e as apostas](#), así como as normas reguladoras das distintas modalidades de xogo. En todo caso o PPdeG aposta por levar a cabo unha coordinación coa Administración Xeral do Estado e coas restantes Comunidades Autónomas, para a aprobación deste tipo de normas e a súa aplicación.



LINGUA, CULTURA E PATRIMONIO

A LINGUA

O PPdeG concibe o idioma galego como mostra da nosa riqueza e como sinal de identidade e medio de expresión, comunicación e exemplo do noso talento e polo tanto temos que amalo e empregalo como canle de integración e respecto como marca permanente do noso pobo.

Precisamente dende esa concepción foi dende a que se abriu nesta lexislatura unha nova etapa na política lingüística en Galicia. A Xunta de Galicia cumpriu os seus compromisos adquiridos cos cidadáns no 2009, coa aprobación do Decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, coa creación da Rede de dinamización lingüística, unha iniciativa que busca avanzar na coordinación e impulso das actuacións en materia de dinamización do galego en colaboración estreita coas entidades municipais, ou apoiando a posta en marcha de distintas iniciativas por parte da Real Academia Galega a prol da promoción, difusión, coñecemento e dignificación da lingua galega.

Agora debemos continuar traballando para o seu impulso e dinamización no marco do máis absoluto respecto á convivencia. Faise preciso compatibilizar as riquezas lingüísticas da nosa pertenza a España, á nación común que despois de longos avatares, a finais do século XX, foi quen de dotarse dunha convivencia estable, harmoniosa e fecunda baixo o manto da Constitución, orixe da lexitimidade para a lingua que logo foi quen de ampliar o Estatuto de Autonomía de Galicia. Por iso o PPdeG propón as seguintes prioridades e obxectivos, coas súas correspondentes medidas específicas:

O valor da lingua como elemento de cohesión social

(*) Queremos proxectar o galego tendo como norte a busca do consenso necesario de todas as forzas sociais, pois así o esixe a súa condición de importantísimo patrimonio do noso pobo, que herdamos do pasado como un legado vivo que nos ha unir cun futuro que vai recibila de nós como legado da identidade común

(*) Comprometémonos a **impulsar o uso da lingua galega como principal referencia de identidade galega**, tal e como se mostra nos contidos da cultura que nos é propia. A inmensa riqueza que supón o posuír unha lingua de noso ten que valer para xunguir os esforzos de todas as galegas e galegos no labor de que o idioma gañe espazos de uso en moitos e novos ámbitos dun xeito continuo, cordial, próximo e amable.

(*) Imos seguir promovendo a lingua galega como **vínculo de unión**

entre todas e todos os galegos nunha sociedade que demanda de xeito maioritario, o uso pacífico, libre e sen confrontacións das dúas linguas oficiais tal e como se veu facendo na pasada lexislatura.

(*) A nosa acción de goberno vai buscar sempre a implicación dos sectores sociais máis representativos e dinamizadores da sociedade para implicalos no proceso de **consolidación e modernización do idioma**. Neste sentido, imos esforzarnos por que sexan tanto os actores de natureza política, sindical, económica, social, etc. os que avalen esta forma de entender a lingua e o idioma.

(*) A condición que temos os galegos/as de bilingües debe valer para que os cidadáns adquiramos **coñecementos en máis linguas a partires da nosa condición bilingüe**.

(*) Será obxecto de especial atención en canto a dinamización lingüística nos anos vindeiros, o **tecido asociativo galego**, por ser este un ámbito de especial interese para alcanzar unha normalidade de uso do idioma.

(*) Deseñaremos **campañas informativas** para que os cidadáns coñezan os seus dereitos lingüísticos

No eido do marco normativo

(*) Propoñémonos avanzar no **desenvolvemento de normas de protección e extensión da lingua galega**, tendo como base o ámbito normativo do que Galicia se dotou de xeito unánime, nomeadamente a Lei de normalización lingüística e o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG).

(*) Estableceremos liñas de **fomento do emprego do galego no ámbito xurídico e da administración** no seu conxunto, co fin de avanzar na implantación do idioma en ámbitos nos que historicamente se viu relegado a un plano distinto do que lle correspondería ocupar.

(*) Avanzaremos no proceso de **estudo, fixación e emprego da toponimia propia de Galicia** como ben inmaterial da nosa cultura.

(*) Poñeremos en marcha medidas positivas que reforcen a **presenza da nosa lingua en todo tipo de actividades vinculadas á acción da administración**.

No eido das administracións

Dende a Xunta de Galicia estivemos a impulsar e dirixir a promoción do idioma dende a colaboración das distintas administracións, e vimos demostrando como só dende o traballo e a disposición de recursos en común poderemos desenvolver políticas lingüísticas efectivas. Froito dese traballo en común que teñan un calado amplo na sociedade, tal e como demostra a posta en funcionamento dunha vella reivindicación para os sectores con máis implicación e responsabilidade en materia lingüística como é a Rede de Dinamización Lingüística. Neste senso:

(*) Imos establecer un proceso de coordinación amplo para **mellorar no cumprimento da normativa de uso e a calidade de lingua** consonte ao establecido no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.

(*) Reforzaremos a **opción galega dos documentos manexados nos soportes informáticos na Administración de xustiza**, así como a dotación de ferramentas de apoio para os profesionais desta administración.

(*) Incluiremos a **promoción do galego no concepto de servizo** que as distintas administracións deben cumprir.

(*) Facilitaremos o **uso do galego na Administración central do Estado**, mediante convenios que permitan verter ao galego programas informáticos e formularios de uso cotián en Galicia.

(*) Apoiaremos ás **administracións locais** que impulsen o uso do galego como obxectivo estratéxico dentro dos múltiples servizos que poñan en marcha preferentemente de xeito mancomunado. Este proceso debe estar apoiado tecnicamente polo establecementos de servizos lingüísticos no ámbito local.

(*) Promoveremos o uso do galego nas **xestorías e procuradorías** de Galicia.

No eido do ensino

A nosa lingua debe ser obxecto de elección por parte das familias baseándose o seu fomento na oferta positiva. Por iso:

(*) Estableceremos un **sistema de indicación de lingua materna** onde ademais da elección de galego ou castelán, se poidan establecer as opcións do carácter bilingüe dos alumnos/as coas opcións máis galego ou máis castelán.

(*) Reforzaremos a **producción e edición de materiais didácticos en galego**, prestando especial atención aos ciclos formativos e ao conxunto da formación profesional, pola prioridade deste ámbito dentro da formación así como pola cantidade de nova información que xera a cada vez maior amplitude de especialidades.

(*) Incrementaremos as posibilidades que da a capacidade de traballo dos **Equipos de Dinamización da Lingua Galega**.

(*) Poñeremos en marcha un **programa de formación en sociolingüística para docentes**.

(*) Complementaremos o **sistema de formación para adultos**, favorecendo o ensino en lingua galega de persoas que chegan ao noso entorno cultural dende o estranxeiro.

(*) Procederemos á **revisión da Orde que regula os cursos Celga**, para a súa adaptación á nova normativa vixente en materia de educación, así como a incorporación dun novo sistema de validacións.

(*) Procederemos á elaboración e posta en funcionamento dos **cursos Celga 2, 3 e 4 en liña**.

(*) Reformularemos as **peculiaridades dos estudantes galegos que cada vez con máis frecuencia se reincorporan ao noso sistema educativo despois de cursar estudos no estranxeiro**.

(*) Estableceremos, xa que se fai necesario, **novos cursos de galego específicos para profesionais da sanidade, sector financeiro e medios de comunicación**.

No eido da xuventude

Nesta materia perseguimos a consecución dos seguintes obxectivos:

(*) Impulso do **uso do galego por parte da mocidade**, con especial atención aos seus ámbitos de uso preferentes.

(*) Creación de hábitos de uso do galego nas **novas tecnoloxías**.

(*) Potenciación do uso do galego nas **redes sociais**.

(*) Fomento do uso da lingua no **deporte**, como actividade

aglutinadora da mocidade e impregnada de valores positivos.

(*) Promoción, de xeito especial, da mellora das actitudes respecto ao galego nos **ámbitos máis urbanos**.

(*) É preciso que sigamos avanzando na introdución do galego na **música e demais artes escénicas** de preferencia para a xuventude.

No eido das tecnoloxías da información e da comunicación

Actualmente o galego ocupa un lugar moi relevante no seu índice de uso no medio de todas as linguas do mundo, o cal nos dá unha idea da súa importancia mediática neste ámbito de comunicación especialmente interesante nas franxas de idade máis novas. Por iso:

(*) Faremos que o galego ocupe o **lugar que lle corresponde** no amplo abano de posibilidades de comunicación que dan as tecnoloxías da información e da comunicación.

(*) Incrementaremos o uso da lingua galega nas **redes sociais** como xa vimos facendo mediante o deseño e aplicación da campaña Redes Sociais en Galego.

(*) Impulsaremos gañar máis espazos de uso nas **TIC's**, coa creación de **software en galego**, así como deseño de contidos que favorezan a implantación do galego nas **novas tecnoloxías**.

(*) Apoiaremos da creación **audiovisual en galego**, como medio de comunicación de gran alcance.

(*) Prestaremos especial atención á **industria editorial** con produción en galego, como soporte fundamental da lingua.

No eido da economía, do comercio e a industria

Neste ámbito o PPdeG comprométese a:

(*) Mediante o establecemento dun **plan global de actuación coas empresas e entidades comerciais**, incrementaremos o uso do galego como lingua de traballo no sector industrial e nas relacións entre as distintas entidades de natureza económica.

(*) Prestar especial atención ás **Industrias Culturais** como vehículo de promoción e defensa da lingua galega.

(*) Fomentar o uso da lingua nos **intercambios comerciais** de todo tipo, con especial atención á tendencia crecente da compra e venda en **Internet**.

(*) Promover **foros e encontros especializados** no ámbito da empresa e lingua, con especial atención á **etiquetaxe de produtos** en galego.

(*) Impulsar a lingua galega no marco da **responsabilidade social empresarial** en Galicia.

No eido dos medios de comunicación

Neste eido as medidas específicas que levareos a cabo son as seguintes:

(*) Seguiremos apoiando a **edición e publicación de medios de comunicación en galego**.

(*) Redobraremos os esforzos para que os medios de comunicación existentes en Galicia, incorporen cada vez en maior medida o **galego á súa edición diaria**.

(*) Fomentaremos o emprego da lingua nos **medios de comunicación en soporte dixital**.

(*) Implicaremos á rede **de radios e televisións locais** no emprego, fomento e difusión dos coñecementos en materia de lingua.

(*) Implicaremos na dinamización lingüística aos **colexios e asociacións de xornalistas e profesionais dos medios de comunicación** en xeral.

No relativo á proxección da lingua cara o exterior

Queremos que o galego gañe posicións no exterior, pois cremos que a lingua de Galicia é unha das mellores tarxetas de presentación á hora de reforzar a nosa presenza no mundo.

(*) O noso idioma propio debe servir de **ferramenta de presentación para a nosa cultura propia no exterior**, así como de acollida aos procedentes de fóra que deciden fixar aquí a súa residencia.

(*) Proxectar o **galego como unha lingua moderna e vital chea de posibilidades** que nos permite ademais comunicarnos con máis de 270 millóns de persoas de países lusófonos en todo o mundo.

(*) Potenciar con medidas activas o **achegamento aos países da lusofonía**, grazas ás grandes oportunidades que nos brinda o portugués como lingua internacional intercomprensible co galego.

(*) Crear unha rede de **puntos de formación e asesoramento en lingua galega**, a partires das colectividades emigrantes e que impulsen a capacidade dos emprendedores e emprendedoras que cada vez máis internacionalizan as expectativas que como sociedade temos.

A CULTURA GALEGA E O PATRIMONIO

Galicia conta cunha cultura e lingua propias que son o gran patrimonio compartido e un potencial para a construción do futuro dos galegos e das galegas. A cultura representa un dos piares da nosa gobernanza, un elemento central do noso desenvolvemento social. A cultura é un foco de enerxía, un motor da sociedade do coñecemento e un pilar da proxección económica.

A cultura non é un luxo ou un aspecto secundario da nosa vida social ou económica, todo o contrario: é un soporte imprescindible para o avance de Galicia, de toda a cidadanía, que asegura a cohesión territorial e social. Os bens culturais deben protexerse, facilitarse e divulgarse.

Aínda que o sector cultural de Galicia é un ámbito cohesionado, dinámico e moderno, presenta realidades que merecen unha reflexión compartida entre todos.

En primeiro lugar, a crise económica e as transformacións nos formatos e nos soportes culturais (mundo dixital, redes sociais e internet, etc.) suscitan incertezas sobre as estratexias institucionais e empresariais máis acaídas, os modelos de negocio, a cuestión da propiedade intelectual etc.

En segundo lugar, a limitación dos recursos económicos públicos formula a necesidade de establecer claramente a máxima eficacia nas actividades apoiadas con fondos públicos a partir de prioridades previamente delimitadas.

E, en terceiro lugar, a excesiva atomización e fragmentación do tecido cultural galego, así como a ausencia de proxectos transversais que maximicen os recursos existentes, provocan unha importante merma nos resultados obtidos.

Compartimos moitas das preocupacións polas repercusións que o contexto socioeconómico actual poden supoñer para o tecido cultural galego. É neste contexto onde queremos transmitir unha mensaxe esperanzadora: entre todos podemos converter unha situación obxectivamente difícil nunha oportunidade de avance e transformación para as industrias culturais e creativas de Galicia.

Non se trata de que as administracións públicas eludan as súas responsabilidades. Ao contrario: se existe unha razón de ser dos órganos de goberno autonómicos esa é fundamentalmente a singularidade da nosa cultura, da nosa lingua, do noso territorio e da nosa historia social. Trátase de avanzarmos cara a unha maior implicación colectiva coa nosa propia construción de desenvolvemento cultural.

Por iso:

(*) Impulsaremos a elaboración no Parlamento dunha lei que, a partir da proposta realizada polo Consello da Cultura Galega, recoñeza o **Panteón de Galicia como un símbolo do pobo galego**, como un elemento singular da identidade de Galicia, Procurárase o consenso entre todas as institucións implicadas (Xunta de Galicia, Concello de Santiago, Arcebispado de Santiago, Consello da Cultura Galega); e dado o carácter simbólico deste espazo patrimonial será o Parlamento o encargado de regular a súa xestión, uso e conservación.

- **As políticas culturais para a cidadanía**

Un dos obxectivos das políticas públicas no ámbito cultural debe ser o de atender as necesidades culturais da cidadanía co máximo nivel de eficacia e de eficiencia, apostando pola atención ás necesidades e demandas da sociedade, polo diálogo permanente cos sectores implicados e pola colaboración fluída entre as administracións.

A limitación dos recursos públicos, a atomización do sector cultural galego e os cambios aos que se enfronta o ámbito cultural nestes momentos lévannos a propoñer:

(*) A necesidade de establecer un proceso de diálogo con todas as partes implicadas, que conduza a presentarlle á sociedade galega en 2013 o **Plan da Cultura**, un documento no que se recollan as prioridades no investimento cultural público para toda a lexislatura e onde se poidan desenvolver procesos de concentración, unión e colaboración entre todos os operadores e sectores culturais, co obxectivo de difundir a cultura galega e de asentar o tecido social e empresarial neste ámbito.

- **A cultura galega no marco das industrias culturais e creativas**

A industria cultural galega achega creatividade e capacidade de innovación, e é un potencial para a nosa economía. Agora é o momento de que Galicia afiance a relación entre a economía e a cultura. É un reto social e económico urxente. A **imbricación da cultura no tecido empresarial** ten que ser unha estratexia compartida na que cómpre traballar conxuntamente para logramos avanzar no noso desenvolvemento social e económico.

As novas formas de relación cultura-empresa ofrecen múltiples beneficios: novas vías de financiamento, reforzo da imaxe de marca empresarial, tamén reforzo de marca Galicia, sentimento de identificación dos traballadores das empresas, acceso a novas redes de clientes e mercados para a cultura, novas opcións de intercambios de produtos e servizos, entradas en novas áreas xeográficas, cooperación, creación de novos vínculos das empresas coa sociedade.

- Mecenado, patrocinio e participación social na cultura

(*) Impulsaremos un **pacto polo mecenado da cultura galega**: acordaremos coas principais institucións económicas e sociais a súa participación no financiamento de investimentos no ámbito do patrimonio cultural, no funcionamento das estruturas culturais, no apoio aos creadores e na programación cultural.

(*) Promoveremos o **voluntariado cultural**, baseado na participación en proxectos como lecturas a domicilio para invidentes, persoas maiores ou enfermos, tanto nos seus fogares como en hospitais ou residencias; acompañamento de grupos de persoas maiores, nenos, mozos, a espectáculos culturais, museos etc.

- Accesibilidade á produción cultural

(*) Apoiaremos aos **novos creadores/as** mediante a posta en marcha de políticas de estímulo para que poidan perfeccionar, expoñer e traballar en centros culturais de alto nivel en España ou fóra; e a apertura de salas de exposicións para artistas novos, noveis ou promesas, a través de convenios coa salas de exposicións.

(*) Facilitaremos as manifestacións e creacións artísticas das **persoas con minusvalías físicas ou psíquicas** e/ou posibilitaremos que a creación sexa parte dunha terapia integradora das persoas

- Internacionalización da cultura galega

Todo o esforzo que se está a realizar para impulsar a nosa cultura como valor social e económico ten que ir necesariamente acompañado dunha estratexia transversal que nos permita avanzar na súa proxección exterior. Por iso, outro dos retos fundamentais nos que imos avanzar é na internacionalización das nosas industrias culturais.

É necesario proxectar a produción creativa, buscar novas oportunidades nun mercado globalizado no que podemos achegar unha ollada diferenciada, onde o valor engadido que ofrecemos é precisamente o feito de elaborar produtos xenuínos na música, no audiovisual, na literatura etc, por iso:

(*) Crearemos unha **imaxe de marca da “Cultura de Galicia”** baixo a que se acollerá toda a creación cultural que se realiza por galegos, estean ou non en Galicia, co fin de potenciar a través da súa creación a nosa imaxe como comunidade. Trátase de aproveitar os creadores galegos de calquera disciplina cultural para proxectar Galicia no exterior.

(*) Tamén potenciaremos **a colaboración e o intercambio con Europa, Latinoamérica e os países do ámbito lingüístico lusófono** e asentaremos a colaboración co Instituto Cervantes e co Instituto Camões para a promoción e divulgación da cultura e lingua galegas na súa rede de centros espallados por todo o mundo.

- Apoio a proxectos culturais singulares

(*) Apoiaremos novas liñas de actuación arredor do **turismo cultural**, coa finalidade de desenvolver iniciativas que poñan en valor o importante patrimonio cultural galego en todas as súas vertentes mediante proxectos que se vinculen coa actividade turística e económica.

- A lectura e o libro

Nestes catro anos levouse a cabo unha importante aposta por favorecer o acceso aos libros do conxunto da cidadanía, como base para a democratización da cultura e do coñecemento, iniciativas todas elas destinadas a consolidar a industria editorial e libreira galega, a facer das bibliotecas un espazo de información, de formación e de dinamización da lectura e gañar máis lectores para o libro galego e, particularmente, en galego.

A través de iniciativas como a declaración do ano 2010 como Ano da Lectura en Galicia, conseguiuase mobilizar a todos os sectores implicados no obxectivo do fomento da lectura e do libro.

Polo tanto, ademais de manter as liñas institucionais, administrativas e sociais de actividade que redunden no obxectivo político de asentar e ampliar o traballo en prol do libro e da lectura en Galicia, incluimos os seguintes aspectos para desenvolver na próxima lexislatura:

(*) Elaboración e aplicación, de acordo con todas as partes do sector, dun **plan director** que actualice as prioridades da Lei 17/2006, de 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia no tocante ao afianzamento do sector editorial e libreiro, e á proxección internacional.

(*) Deseño e posta en marcha de **actividades e estratexias dinamizadoras da lectura e do libro en galego** en redes sociais, medios de comunicación e na sociedade en xeral, co obxectivo de facer accesible e visible o libro e mais a lectura.

(*) Promoción da **presenza do libro galego, dos autores/as e da industria editorial dentro e fóra de Galicia**, a través de feiras, mercados e acontecementos internacionais, co obxectivo de abrilo aos mercados exteriores e de visibilizar a nosa cultura noutros contextos culturais.

(*) Desenvolvemento dun **plan específico de apoio á produción e difusión do libro electrónico en galego**.

(*) Posta en marcha das previsións normativas **da nova Lei de Bibliotecas de Galicia**, aprobada en maio de 2012.

(*) Impulso da **mellora dos servizos da Rede de Bibliotecas de Galicia**, co desenvolvemento das novas tecnoloxías de acceso ás publicacións electrónicas, redes sociais e modernización de servizos en xeral.

(*) Continuación do proxecto da **Biblioteca de Galicia**, no marco da Cidade da Cultura de Galicia e do seu Plan Estratéxico, como cabeceira do sistema bibliotecario galego.

- **Museos e arquivos**

A calidade e diversidade dos equipamentos museísticos xestionados pola Xunta de Galicia fai razoable formular un obxectivo principal: traballar para o desenvolvemento dunha política museística coordinada, é dicir, para establecer liñas de actividade compartidas que faciliten a coprodución de proxectos expositivos.

Daquela procuraremos nesta lexislatura:

(*) **Apoio aos novos creadores galegos e galegas para a súa promoción no resto de España e no estranxeiro**, buscando a colaboración para iso entre museos de Galicia e de fóra de Galicia.

(*) Políticas de [captación de novos públicos](#) e medidas para [facilitar a accesibilidade física e tecnolóxica aos museos](#).

(*) Desenvolvemento dunha [nova plataforma web](#) de museos de Galicia.

A xestión do patrimonio documental, é dicir, a preservación, posta en valor e difusión do patrimonio documental galego, é un obxectivo no que a Xunta debe seguir traballando nesta lexislatura, desenvolvendo as previsións normativas axeitadas que regulen a conservación, organización e acceso á documentación, adaptándose aos novos retos da dixitalización documental e establecendo as novas oportunidades de formación de públicos e de especialistas

Por iso queremos pór en marcha na vindeira lexislatura:

(*) A [nova Lei de arquivos de Galicia](#), que se atopaba en fase de elaboración.

(*) Continuación do proxecto do [Arquivo de Galicia](#) no marco da Cidade da Cultura de Galicia e do seu Plan Estratéxico.

- [Patrimonio cultural](#)

O patrimonio galego constitúe un legado cultural precioso, abundante e único en moitos aspectos.

Protexelo, conservalo, difundilo e acrecentalo, garantindo a súa transmisión ás xeracións vindeiras, é un mandato constitucional e estatutario co que o PPdeG está firmemente comprometido.

Cómpre protexer, conservar, manter o patrimonio cultural agardando o tempo no que sexa posible restauralo, poñelo en valor, amosalo nas mellores condicións posibles, utilízalo e rehabilitalo para convertelo no fito de referencia dunha vila, dunha cidade, dunha comarca ou da nosa comunidade, recuperando de forma lexítima e respectuosa coa herdanza histórica, os beneficios e réditos culturais, sociais e económicos que, sen dúbida, é quen de proporcionar ao pobo de Galicia.

É prioritario garantir a súa permanencia e potenciación como elemento do valor identitario e económico. A situación económica actual obriga a deseñar unha liña de actuación xeral que persiga a racionalización dos gastos e procure o maior beneficio para o patrimonio cultural.

Marco normativo

En relación co marco normativo que afecta ao patrimonio cultural na nosa Comunidade Autónoma, o PPdeG comprométese a:

(*) Elaboración dunha **nova lei que adapte o marco normativo do patrimonio cultural**, tras máis de 15 anos de vixencia da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia (lei 8/1995), para adecualo ás necesidades actuais e de cara a súa mellor defensa, protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento, promovendo unha maior integración das políticas de protección do patrimonio cultural coas de urbanismo e ordenación do territorio, facenda (incentivos, beneficios fiscais), turismo e educación.

En materia de conservación

A liña de actuación prioritaria nesta materia poderíase resumir nun único plan que englobe todas as actuacións:

(*) **Plan de conservación de urxencia do patrimonio cultural.**

Dentro deste gran Plan, irían incluídas diferentes liñas de actuación coas que se seguirá traballando como se fixo nos últimos catro anos:

- Plan de Catedrais
- Plan de Castelos, Fortalezas e Estruturas Defensivas.
- Plan de Conventos, Abadías e Mosteiros.
- Plan de Arquitectura Civil
- Plan de Pontes Históricas
- Plan de Arquitectura Tradicional e Etnografía
- Plan de Conservación de Pinturas Murais e Retablos
- Plan de Investigación e Estudo do Patrimonio Cultural
- Plan de posta en valor do patrimonio arqueolóxico e Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico

Entre elas, é **prioritaria a conservación do patrimonio catedralicio de Galicia**, no marco do Plan de Catedrais.

Continuar co **Plan de conservación dos espazos públicos dos camiños** que se veu desenvolvendo durante esta lexislatura con notable éxito. Proponse ampliar esta liña de actuación, estendéndoa a outros camiños ademais do Camiño Francés

Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico

Está previsto que a Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico conte con catro Parques Arqueolóxicos e Centros de Interpretación que desenvolvan distintos aspectos desde o punto de vista histórico e territorial, que buscan o equilibrio entre o rural e o urbano.

O parque da Arte Rupestre de Campo Lameiro xa está funcionando e o da Cultura Castrexa de San Cibrao de Las, nos concellos de San Amaro e Punxín, está previsto ao longo do ano 2013.

Seguirase traballando para que os outros dous proxectos sexan unha realidade nesta próxima lexislatura : o do [Mundo Romano da cidade de Lugo](#) e o do [Megalitismo da Costa da Morte \(A Coruña\)](#)

Patrimonio Mundial

Outra liña senlleira de actuación proposta é a relacionada co Patrimonio Mundial. Neste club selecto de bens Patrimonio da Humanidade encóntranse xa o [Camiño Francés a Santiago de Compostela](#), a [cidade vella de Santiago de Compostela](#), a [Muralla Romana de Lugo](#) e a [Torre de Hércules da Coruña](#).

Seguiremos traballando para continuar nesta liña apoiando e colaborando coas entidades e comunidades promotoras dos proxectos dos nosos bens que deben formar parte dese patrimonio mundial: [O Ferrol da Ilustración](#), [os Camiños do Norte e Primitivo](#), [a Ribeira Sacra](#) e [a Irmandade dos tres pobos colombinos](#) de Baiona con Palos de la Frontera (Huelva) e Santa Fé (Granada)

No eido do patrimonio mundial a Muralla Romana de Lugo representa un ben singular, no que se seguirá traballando na súa conservación, restauración, potenciación turística e cultural e investigación arqueolóxica e de actuacións destinadas a mellorar as súas condicións de utilización, accesibilidade e difusión dos seus valores culturais. Para a cidade de Lugo, e para a Comunidade Autónoma, a Muralla Romana está chamada a ser un fito cultural de referencia con capacidade de atracción demostrada que cómpre potenciar e desenvolver.

En materia de protección

• Camiño de Santiago

O PPdeG segue comprometido con este itinerario cultural, Patrimonio da Humanidade e quere perseverar na súa conservación e valorización, por iso propón como medidas:

(*) A **delimitación dos restantes camiños de Santiago con recoñecemento legal**, despois de que en novembro de 2011 a Xunta de Galicia aprobou por primeira vez na historia da nosa Comunidade a delimitación oficial do trazado do Camiño Francés, agora a actuación vai encamiñada a:

- o No ano 2013 teranse delimitados o Camiño Inglés, o Camiño Portugués e o Camiño do Norte.
- o Entre o 2014 e 2015 teranse aprobadas as delimitacións do Camiño de Fisterra, Ruta da Prata e Ruta do mar de Arousa e río Ulla.

(*) Elaboración da **Guía de boas prácticas** relacionadas coa protección do Camiño de Santiago.

Acadar unha eficiente protección, conservación e dinamización das rutas xacobeas pasa por difundir de xeito accesible a todos, aqueles modos de intervención para a restauración, rehabilitación, recuperación e posta en valor dos bens inmobles asociados ao Camiño de Santiago que sexan compatibles coa preservación dos seus valores culturais materiais e inmateriais e contribúan á mellora do territorio histórico e a paisaxe circundante.

(*) Aprobación do **Plan Especial de Protección do Camiño de Santiago Francés**.

• Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia

O inventario de patrimonio cultural é, por definición, o primeiro instrumento de coñecemento, descrición e protección preventiva do patrimonio; constitúe unha ferramenta fundamental para coñecer os datos básicos dos bens con valor patrimonial e

poder deseñar políticas eficaces de protección, conservación, sensibilización e difusión do patrimonio cultural.

O Plan de actuación neste senso, seguindo a mesma liña que ata o de agora, é o seguinte:

(*) **Actualización, dixitalización e carga de datos dos bens patrimoniais na aplicación do inventario**

(*) **Incorporación, unha vez completado, do inventario de bens mobles da Igrexa Católica**

(*) **Incorporación, unha vez elaborado, do censo de elementos integrantes do patrimonio inmaterial**

Difusión do noso Patrimonio

(*) **Levarase a cabo a través dun xeoportall, do patrimonio construído protexido**

(*) **Continuaremos co inventario de bens mobles da Igrexa Católica**

(*) **Difundirase a través dun censo de bens de patrimonio inmaterial e plan de salvagarda**

- Industrias culturais

Sen perder a súa función principal, a cultura ten un papel económico, é dicir, é unha industria. Por elo, hai que recoñecer a importancia fundamental que o sector das industrias culturais ten en xeral para a xeración de riqueza e emprego en Galicia.

As industrias culturais presentan unha dobre faceta: por un lado, son sectores produtivos que comparten características semellantes ao resto de sectores industriais, e, por outro, posúen un trazo fundamental que as diferencia do resto, que é a súa especificidade cultural.

Esta indisoluble dualidade cultural e económica das industrias culturais esténdese obrigatoriamente aos seus produtos, que, por esa mesma razón, non poden ser considerados como meras mercancías de consumo ou entretemento.

Todo isto esixe abordalas cun dobre enfoque: por unha banda, aproveitando o seu potencial para contribuír ao desenvolvemento da

economía, e, por outra, para que este afianzamento económico propio favoreza as expectativas e intereses culturais dos membros dunha sociedade. O PPdeG propón as seguintes liñas estratéxicas:

Aposta polo binomio cultura-industria cultural

Aínda que son dous conceptos con unha clara interrelación, compre delimitar o eido de actuación da Axencia ás Industrias Culturais á Industria, remarcando o seu carácter empresarial e xerador de riqueza e emprego.

(*) Valorizar a **tradición como un elemento distintivo**. Como complemento da creatividade. A tradición e a herdanza cultural son valores distintivos que deben ser postos en valor, tanto interna como externamente. A tradición non debe contemplarse como un lastre, senón como unha fortaleza a explotar.

(*) Potenciar a figura de **embaixadores da cultura galega**. Asociando á cultura galega o seu carácter destacable, mellorando así o posicionamento da marca e orixe "Galicia".

(*) Facilitar as condicións para unha **nova cultura galega**. A actividade da axencia debe ter un carácter eminentemente facilitador, sendo o elemento nuclear do sector das industrias culturais ás súas empresas. Agadic debe apostar por facilitar o acceso á dixitalización de contidos así como á creación de apps para a nosa industria cultural..

Acadar un sector baseado nos contidos e non nas infraestruturas, así como no coñecemento

Os contidos deben ser o centro de actuación do sector, fomentando a súa distribución. As infraestruturas, aínda que son importantes, non deben centralizar a política cultural polo seu carácter "inmóbil".

Por iso o PPdeG propón:

(*) Crear unha **rede rexional de coñecemento**, interrelacionando aos centros universitarios e de formación superior co armazón das industrias culturais galegas. Creación de redes formais e informais entre o sector e Universidades e

institutos tecnolóxicos, fomentando a investigación en formatos, materiais, formatos de produción ecolóxica, e eficiencia enerxética e medioambiental na produción de eventos.

(*) Consolidar o [Laboratorio Permanente de Industrias Culturais \(LAPIC\)](#) e os seus [encontros INDCREA](#), como [fonte de ideas \(think tank\)](#). O LAPIC está concibido como un foro de discusión permanente onde estean representados os axentes sociais e se analicen as distintas necesidades do sector, e leven a cabo valoracións que sirvan á AGADIC para a o deseño e aplicación das distintas políticas sectoriais.

(*) Favorecer o [acceso á formación e o coñecemento, así como a súa transferencia](#). O obxectivo é que os cadros directivos e os persoais teñan os instrumentos de xestión empresarial e xestión de tarefas máis adecuados. Capturar talento interno e externo. Achegar a Galicia a expertos doutros lugares para que nos proporcionen os elementos de coñecemento que non posuímos.

Coñecer a importancia e o impacto na economía e na sociedade en xeral das Industrias Culturais

As industrias creativas teñen un grande impacto na economía e na sociedade de Galicia, comunidade rica en tradición e manifestacións culturais. Non obstante, existe un déficit de estatísticas e indicadores no relativo a produción da industria e ao emprego xerado, que deben ser elaborados. Neste senso propónse:

(*) Recoñecemento das Industrias Culturais como un [Sector Estratéxico para a economía galega](#). O conxunto das Industrias Culturais son un sector estratéxico para Galicia, e, polo tanto, debe articular unha política de apoio transversal ao sector, que implique a todos os actores públicos dos eidos laborais, formativos e de fomento da actividade económica. Estes apoios parten de dúas ideas:

As industrias culturais son unha industria, e como tal, os apoios a axudas aos sectores produtivos son perfectamente válidos para o seu desenvolvemento, pero deben ser modulados tendo en conta a atomización do sector, que é un sector que, como industria, é moi novo e, por último, que presentar unhas especiais dificultades para o acceso á financiación.

As industrias culturais teñen unas externalidades positivas no relativo ao posicionamento de marca-país, na redución da fenda dixital, na difusión das novas tecnoloxías e no fomento da creatividade do tecido produtivo.

(*) Incrementar a **vinculación entre o sector das industrias culturais e outros sectores, especialmente o turismo**. As industrias culturais son importantes catalizadoras de innovación e motor de creatividade. Ao tempo, teñen importantes complementariedades con sectores estratéxicos como o turismo, onde conceptos como turismo cultural facilitan a renovación do sector turístico, ao tempo que fomentan a desestacionalización.

(*) **Fortalecemento e dinamización do tecido empresarial do sector**. O tecido empresarial das industrias culturais de Galicia atópase, polo xeral, moi atomizado, con dificultades para atopar financiamento polas vías tradicionais e, polo xeral, carecen dun plan de negocio sostible a medio prazo, baseando as súas actuacións en proxectos “estrela” e no talento individual. Para avanzar no fortalecemento do tecido produtivo das Industrias Culturais, cómpre fomentar a **adquisición de coñecemento en dirección e xestión empresarial**, apoiando a profesionalización e mellora da xestión empresarial.

(*) Fomentar un **sector aberto ao traballo intersectorial e plurirrexional**. O sector non debe traballar illadamente, débense potenciar as relacións e colaboracións con outros sectores e empresas do exterior de Galicia. As complementariedades con outros sectores, como o turismo, deben ser explotadas ao máximo, así como as alianzas para expandirse polo resto de España.

(*) Fortalecer o tecido industrial da cultura. Fomentando a **mentalidade empresarial, a asunción de riscos e o deseño de plans de negocio viables e rendibles**. A idea poderíase resumir en que a Administración debe facer a autoestrada. O vehículo polo que transítala é cousa do empresario.

(*) Dirixir as **empresas cara a estándares de calidade**. Promover e promocionar o cumprimento de normas de calidade, co obxectivo posto na excelencia.

(*) Integración do **produto cultural galego nos paquetes turísticos**.

(*) Apoio ao **evento cultural integrado co turismo do seu entorno**: Apoio á creación de ferramentas de comunicación/integración do produto turístico na oferta do evento cultural.

(*) Selección de **países obxectivo de penetración** para o establecemento de acordos institucionais e a creación de oficinas - lobby para o posicionamento da cultura de Galicia e a exportación cultural.

(*) Implementar **ferramentas de comunicación e internacionalización coordinadas**. No terreo da expansión das empresas máis aló das fronteiras de Galicia, faise necesario que sexan capaces de estruturarse para competir globalmente, pasando da presenza meramente residual a ser verdadeiros competidores. A empresa galega debe estar preparada para exportar propostas galegas, pero tamén ser capaz de traballar con propostas culturais foráneas. Resulta paradigmático que, para contratar un artista portugués haxa que pasar por empresas radicadas no País Vasco, Cataluña ou Madrid; ningún gran proxecto cultural internacional accede ao mercado español a través de Galicia.

(*) Impulso do **Modelo de Coprodución de espectáculos co CDG e o CCG**. A colaboración co sector privado fomentando as coproducións coas empresas do sector permitirá un fortalecemento do sector, aumentar a calidade das producións e a posibilidade mantemento de espectáculos con programacións máis longas.

(*) Política de **patrocinios e mecenado**. Os patrocinios son e serán fundamentais para a consecución de proxectos viables. Debe ser prioritario, neste sentido, a acción de Agadic de colaborar con aquelas empresas que queiran apostar polo patrocinio e mecenado dentro das industrias culturais.

(*) Importancia dos ingresos (taquillas, comercialización, etc...). A Agadic debe apostar cada vez mais, por **medidas adicionais de ingresos** para as empresas culturais, apostando polos incentivos que animen ás mesmas a ir a taquilla. Ademais, o valor da taquilla xera un valor mais importante para o público.

Apoio á internacionalización das empresas e á mobilidade de creadores e artistas

Fomentar a mobilidade e internacionalización, facilitando a creación e dispoñibilidade de mapas exteriores, convenios con outros países, guías de destino, misións culturais e comerciais, estudos de mercados culturais, etc. Como dedidas específicas neste eido:

(*) Fomento da **marca Galicia- España- UE**. Aproveitar a localización privilexiada de Galicia na UE e adoptar as medidas axeitadas baseadas nunha marca clara de localización, pero sen minusvalorar ningunha das marcas de orixe dentro das posibilidades existentes.

(*) **Misións culturais inversas**. Facilitar a compra en orixe de contidos e programacións culturais galegas, facilitando o contacto e visita a Galicia de operadores estranxeiros, con misións culturais inversas, que ofrezan, por exemplo, *showcases*.

Aposta por elementos vangardistas que incentiven o consumo

(*) Creación da **tarxeta cultura-turismo** que incentive o consumo de produto cultural e turístico galego: puntos-descontos-agasallos, etc.

(*) Apoio ás **novas tendencias atraedoras de público** (novo circo, etc...) e á **mestura de disciplinas**, pintura e teatro, audiovisual y danza, a través de coprodución. O sector debe estar aberto ás novas tendencias, de xeito que se potencien as novas disciplinas de maior actualidade e con máis capacidade de atracción de público, sendo as coproducións unha ferramenta a empregar na mestura de disciplinas

(*) Reformulación das **políticas de axudas e subvencións**, definindo criterios obxectivos de apoio institucional. Cómpre mellorar e reorientar as axudas da Axencia, para incrementar a súa eficacia como elemento dinamizador da actividade do sector e de fomento da distribución, establecendo criterios obxectivos tanto de valoración como de cálculo da intensidade.

(*) Fomento da **colaboración público-privada**. Aínda que o núcleo do sector das Industrias Culturais é a iniciativa privada, debe potenciarse a colaboración co sector público para poder levar a cabo proxectos de interese que, polas súas características, non sexan viables unicamente con participación privada.

(*) **Proxectos Faro**. Posta en valor da cultura galega a través de aqueles proxectos que teñen unha maior aceptación no exterior, caracterizados por un alto valor simbólico e/ou un forte retorno económico.

- **Cidade da Cultura de Galicia**

O PPdeG introduciu a racionalidade e o rigor na xestión do proxecto da Cidade da Cultura. Deste xeito impulsouse o remate dos catro edificios que actualmente están en servizo, acordouse a suspensión da construción dos dous edificios restantes e definiuse unha planificación estratéxica que permita sacar o máximo rendemento a este complexo.

A Cidade da Cultura de Galicia está a dar os seus primeiros pasos como un espazo cultural de referencia. Con catro edificios rematados constitúese xa como un complexo único tanto a nivel estatal como europeo e mundial. Esta singularidade ven dada pola súa concepción orixinal, pola súa dimensión espacial, e pola amplitude de usos e posibilidades.

O día 21 de xuño de 2012 aprobouse no Consello da Xunta de Galicia o Plan Estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia 2012-2018. Mediante o desenvolvemento deste Plan, deberase acadar o cumprimento de catro obxectivos estratéxicos. Estes fan referencia aos aspectos fundamentais da misión da Cidade da Cultura de Galicia.

Os obxectivos estratéxicos da Cidade da Cultura de Galicia son:

- Ofertarlle á cidadanía unha actividade e programación de calidade.
- Constituírse como o espazo natural de desenvolvemento, proxección e fomento da innovación do sistema cultural galego.
- Converterse nun polo de desenvolvemento que contribúa á dinamización do tecido produtivo, ao incremento dos niveis de renda e emprego e á mellora da competitividade do territorio.
- Converterse nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible.

Para o cumprimento de cada un dos obxectivos estratéxicos, establécense tres obxectivos operativos e trinta e dous plans de actuacións. As principais propostas en relación coa Cidade da Cultura son as seguintes:

(*) **Execución do Plan Gaiás** orientado prioritariamente a ofertar unha programación cultural de calidade e á rendibilidade do complexo.

(*) Transformar a Cidade da Cultura de Galicia nun **polo de desenvolvemento**, nun centro especializado na **incubación de empresas culturais e creativas galegas** e, polo tanto, **xerador de ingresos e de emprego**.

(*) Construción urxente do **enlace da Cidade da Cultura coa autoestrada AP-9**.

(*) Colaboración do Ministerio de Cultura e das institucións europeas no **financiamento da programación cultural** da CDC.

(*) Elaborar un **proxecto paisaxístico integral** para o outeiro do Gaiás, arranxando a súa vexetación e percorrido para as persoas co fin de alcanzar un novo espazo para a realización de actividades.

(*) Alcanzar a condición de **centro xestor de fondos FEDER**.